

PROGRAMA DO DEPARTAMENTO DE CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

Curso 2010-2011

Profesores membros do Departamento

JOSÉ FERNÁNDEZ MANEIRO, Profesor Ensino Secundario e Xefe de departamento

FRANCISCO JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Profesor de Ensino Secundario

MARÍA DEL PILAR PAREDES MIRÁS, Profesora de Ensino Secundario

CLAUDIO RODIÑO, Profesor de Ensino Secundario

LUCILA CALVIÑO FERNÁNDEZ, Profesora Primeiro Ciclo ESO.

Relación de Libros de Texto

1º ESO: Xeografía e Historia 1º Ciclo. Editorial VICENS VIVES.

2º ESO: Xeografía e Historia 1º Ciclo. Editorial VICENS VIVES.

3º ESO: A Xeografía 2º Ciclo. Editorial ANAYA.

4º ESO: A Historia 2º Ciclo. Editorial VICENS VIVES.

1º BACHARELATO: Hª do Mundo Contemporáneo. Editorial ANAYA.

2º BACHARELATO: Hª de España. Editorial VICENS VIVES.

2º BACHARELATO: Xeografía. Editorial ANAYA.

2º BACHARELATO: Historia da Arte, Edit. Vicens Vives

ÍNDICE

*** OBXECTIVOS DE TRABALLO DO DEPARTAMENTO**

PARTE I PROGRAMACIÓN DE CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA NA ESO

Introducción.

I- PRIMEIRO CURSO ESO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA.

- 1.1 Contribución da materia ás competencias básicas. Xeneralidades.**
- 1.2 Obxectivos didácticos xerais da materia.**
- 1.3 Contidos e Temporalización.**
- 1.4 Contidos, Competencias Básicas e Criterios para avalialas por Unidade Didáctica.**
- 1.5 Criterios de avaliación.**
- 1.6 Contidos mínimos esixibles.**
- 1.7 Criterios de cualificación.**
- 1.8 Procedementos e Instrumentos de avaliación.**
- 1.9 Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes.**
- 1.10 Alumnos con materias Pendentes: contidos esixibles, actividades de avaliación e criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.**
- 1.11 Metodoloxías e estratexias didácticas.**
- 1.12 Materiais e recursos didácticos.**
- 1.13 Programación de temas transversais.**
- 1.14 Medidas de atención á diversidade.**
- 1.15 Actividades complementarias e extraescolares previstas.**
- 1.16 Tratamento do fomento da lectura e das TICs.**

II- SEGUNDO CURSO ESO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA.

- 2.1 Contribución da materia ás competencias básicas. Xeneralidades.**
- 2.2 Obxectivos didácticos xerais da materia.**
- 2.3 Contidos e Temporalización.**
- 2.4 Contidos, Competencias Básicas e Criterios para avalialas por Unidade Didáctica.**
- 2.5 Criterios de avaliación.**
- 2.6 Contidos mínimos esixibles.**
- 2.7 Criterios de cualificación.**
- 2.8 Procedementos e Instrumentos de avaliación.**
- 2.9 Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes.**
- 2.10 Alumnos con materias Pendentes: contidos esixibles, actividades de avaliación e criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.**
- 2.11 Metodoloxías e estratexias didácticas.**
- 2.12 Materiais e recursos didácticos.**
- 2.13 Programación de temas transversais.**
- 2.14 Medidas de atención á diversidade.**
- 2.15 Actividades complementarias e extraescolares previstas.**
- 2.16 Tratamento do fomento da lectura e das TICs.**

III- TERCEIRO CURSO ESO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA.

- 3.1 Contribución da materia ás competencias básicas. Xeneralidades.**
- 3.2 Obxectivos didácticos xerais da materia.**
- 3.3 Contidos e Temporalización.**
- 3.4 Contidos, Competencias Básicas e Criterios para avalialas por Unidade Didáctica.**
- 3.5 Criterios de avaliación.**
- 3.6 Contidos mínimos esixibles.**
- 3.7 Criterios de cualificación.**
- 3.8 Procedementos e Instrumentos de avaliación.**
- 3.9 Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes.**
- 3.10 Alumnos Pendentes: contidos esixibles, actividades de avaliación e criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.**
- 3.11 Metodoloxías e estratexias didácticas.**
- 3.12 Materiais e recursos didácticos.**
- 3.13 Programación de temas transversais.**
- 3.14 Medidas de atención á diversidade.**
- 3.15 Actividades complementarias e extraescolares previstas.**
- 3.16 Tratamento do fomento da lectura e das TICs.**

IV- CUARTO CURSO ESO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA.

- 4.1 Contribución da materia ás competencias básicas. Xeneralidades.**
- 4.2 Obxectivos didácticos xerais da materia.**
- 4.3 Contidos e Temporalización.**
- 4.4 Contidos, Competencias Básicas e Criterios para avalialas por Unidade Didáctica.**
- 4.5 Criterios de avaliación.**
- 4.6 Contidos mínimos esixibles.**
- 4.7 Criterios de cualificación.**
- 4.8 Procedementos e Instrumentos de avaliación.**
- 4.9 Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes.**
- 4.10 Alumnos con materias Pendentes: contidos esixibles, actividades de avaliación e criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.**
- 4.11 Metodoloxías e estratexias didácticas.**
- 4.12 Materiais e recursos didácticos.**
- 4.13 Programación de temas transversais.**
- 4.14 Medidas de atención á diversidade.**
- 4.15 Actividades complementarias e extraescolares previstas.**

PARTE II
PROGRAMACIÓN DE CIENCIAS SOCIAIS: XEOGRAFÍA, HISTORIA E ARTE
EN BACHARELATO

I- PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO.

- 1.1 Introdución.**
- 1.2 Obxectivos didácticos xerais.**
- 1.3 Programa de Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato e Temporalización de contidos.**
 - 1.3.1 Contidos e Temporalización**
 - 1.3.2 Contidos Mínimos Exixibles**
- 1.4 Estratexias e metodoloxías didácticas**
- 1.5 Criterios e instrumentos de avaliación**
- 1.6 Criterios de cualificación**
- 1.7 Actividades e reforzos para lograr a recuperación.**
- 1.8 Materiais e recursos didácticos.**
- 1.9 Programación de temas transversais**
- 1.10 Actividades complementarias e extraescolares**

II- SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DE ESPAÑA.

- 2.1 Introdución.**
- 2.2 Obxectivos xerais**
- 2.3 Programación de Hª de España. Contidos e Temporalización**
 - 2.3.1 Contidos e Temporalización.**
 - 2.3.2 Actitudes, valores e normas**
 - 2.3.3 Contidos Mínimos**
 - 2.3.4 Contidos procedimentais.**
 - 2.3.5 Contidos actitudinais.**
- 2.4 Estratexias e metodoloxías didácticas**
- 2.5 Criterios de Avaliación.**
- 2.6 Criterios de Cualificación**
- 2.7 Actividades e reforzos para lograr a recuperación.**
- 2.8 Actividades para superar as materias pendentes.**
- 2.9 Materiais e recursos didácticos.**
- 2.10 Actividades complementarias e extraescolares.**

III- SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO: XEOGRAFÍA DE ESPAÑA.

3.1 Introducción

3.2 Obxectivos xerais.

3.3 Programación de Xeografía de España de 2º bacharelato

3.3.1 Contidos e Temporalización.

3.3.2 Contidos Mínimos.

3.3.3 Contidos procedimentais.

3.3.4 Contidos actitudinais.

3.4 Estratexias e metodoloxías didácticas.

3.5 Criterios de Avaliación.

3.6 Criterios de Cualificación

3.7 Actividades e reforzos para lograr a recuperación.

3.8 Materiais e recursos didácticos.

3.9 Actividades complementarias e extraescolares.

IV- SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DA ARTE.

4.1 Introducción.

4.2 Obxectivos xerais.

4.3 Programa de Historia da Arte

4.3.1 Contidos e Temporalización.

4.3.2 Contidos procedimentais.

4.3.3 Contidos actitudinais.

4.4 Estratexias e metodoloxías didácticas.

4.5 Criterios de avaliación.

4.6 Criterios de cualificación.

4.7 Actividades e reforzos para lograr a recuperación.

4.8 Materiais e recursos didácticos

4.9 Actividades complementarias e extraescolares.

*** PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN**

*** Programación do Módulo formativo de carácter xeral: sociedade e cidadanía.**

1 Obxectivos.

2 Contidos.

3 Criterios de avaliación.

OBXECTIVOS DE TRABALLO DO DEPARTAMENTO

Antes de desenvolver todos os aspectos relacionados coa programación didáctica deste departamento, faremos unha referencia a unha serie de puntos propostos na memoria do curso 2009-10 e que están encamiñados a mellorar os resultados desde o traballo coordinado dos docentes das CC.SS. , Xeografía e Historia deste centro educativo.

Así mesmo, debemos propoñer todas aquelas actividades que este departamento organizará e que terán relación non só co desenrolo das programacións e actividades didácticas, senon tamén coa vida académica do centro.

Durante as sesións de reunións periódicas, traballarase sobre:

- **Mellora das Programacións didácticas de ESO:**
 - o **Temporalización e Niveis de concreción de contidos:** os currículos son moi amplos e practicamente inabarcables, polo que se traballará sobre o nivel de concreción de todos aqueles contidos propostos polo currículo de ESO (Decreto 133/2007) e sobre a distribución temporal dos diferentes bloques de contido.
 - o **Avaliación:** traballar nos procesos avaliativos **por competencias básicas.**
 - o **Coordinación e colaboración con outras áreas** ca fin de:
 - Evitar solapamento de contidos.
 - Traballar conxuntamente no logro satisfactorio de competencias comúns (lingüística, matemática...).
- **Traballo en estratexias:** Tratarase de identificar procesos básicos de aprendizaxe e traballo comúns no departamento desde os niveis máis baixos, que podemos resumir en:
 - o Traballo sobre as competencias básicas
 - o Localización espacio-temporal.
 - o Análise e interpretación de documentos:
 - Escritos.
 - Cartográficos.
 - Iconográficos.
 - Estadísticos.
 - Gráficos.
 - o Vocabulario, conceptos.
 - o Técnicas de traballo-estudio:
 - Resumes
 - Esquemas
 - Mapas conceptuais
 - Toma de Notas
 - Búsqueda e Tratamento da información.
 - o Expresión oral e escrita.
 - o TICs

- **Estación meteorolóxica:** posta en marcha e control periódico dunha estación meteorolóxica, en colaboración co departamento de Naturais.
- **Unha imaxe , unha historia:** continuar no traballo neste proxecto, en colaboración co ENDL.
- **II Xornadas de Xeografía e Historia do Barbanza:**organización no marco da semana cultural do centro.
- **Biclioteca:** seguirase coa labor comenzada o curso pasado na posta ó día dos fondos bibliográficos do departamento.

PARTE I

PROGRAMACIÓN DE CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA NA ESO

Introducción:

Posto que nas novas programacións de Educación Secundaria Obrigatoria ten especial relevancia o concepto de “**Competencia Básica**”, que pasa a ser un referente para os contidos, obxectivos da materia, criterios de avaliación, etc., que compoñen a Programación do Departamento, compre en primeiro lugar facer unhas consideracións previas e recordar que o Decreto 133/2007 de 5 de Xullo de 2007 define a “**Competencia Básica**” como a *“capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe, tanto os saberes, como as habilidades e as actitudes, e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar”*.

A incorporación de competencias básicas no currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico.

A inclusión das competencias básicas no currículo ten como finalidades: integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas as diferentes áreas ou materias, coma as informais e non formais; permitir a todo o alumnado integrar as súas aprendizaxes, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilízalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos, e orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe, á metodoloxía, á organización dos centros educativos, as relacións persoais e á participación de toda a comunidade educativa.

As materias de Xeografía e Historia de ESO han de contribuír, na súa parte alícuota, para que o alumnado alcance os obxectivos educativos e, consecuentemente, adquira as Competencias Básicas. Pero como di o propio decreto: *“ non existe unha relación unívoca entre o ensino de determinadas materias e o desenvolvemento de certas competencias. Cada unha delas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, pola súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzarase como consecuencia do traballo en varias materias. Ao seren as competencias un elemento organizador van ter influencia, non so nos contidos e na avaliación, senón tamén na metodoloxía”*.

O Decreto antes citado identifica oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal.

No desenvolvemento da programación das materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia en cada un dos cursos de ESO, desglosaremos aquelas

interaccións mais pertinentes entre aquelas competencias básicas mais directamente relacionadas cos contidos e metodoloxía propias das materias de Xeografía e Historia. Pero eso farémolo mais adiante.

Por outra banda, e xa no que se refire ás materias propias do noso Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, cabe tamén recordar que esta ten unha recoñecida especificidade nas últimas construcións curriculares e resulta innegable que constitúe unha contribución fundamental para a formación do alumnado na Educación Secundaria Obligatoria.

Coas materias desta área preténdese profundar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

A atención particular que se concede á Xeografía e á Historia como referentes da área, queda xustificada polo seu acusado carácter integrador e globalizador e pola súa sensibilidade ao interpretar o espacio natural e social e a súa evolución a través do tempo. Por outra parte, a complexidade das sociedades actuais e a aparición de novas temáticas -educación ambiental, cívica, para o consumo, a paz ou o lecer-, recomendan a incorporación de contidos procedentes doutras disciplinas como a Socioloxía, a Antropoloxía, a Economía, ou a Ecoloxía, que ofrecen perspectivas de análise diferentes para lograr o obxectivo común, que é o coñecemento da realidade social.

Para a análise da dimensión espacial resulta axeitado o enfoque ecoxeográfico, que permite tomar en consideración as múltiples variables -naturais e antrópicas- que conforman un espacio e, ademais, atende o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións. A paisaxe, como unidade espacial de análise, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas a que a xeografía debe dar reposta.

A Historia débelle proporcionar ao alumnado un coñecemento global que resulta necesario para entender o presente e para mellorar o futuro. É preciso tamén facer emerxer no seu estudio suxeitos históricos ata hai pouco moi silenciados, como as mulleres, a clase obreira, os pobres... dándolles o papel que lles corresponde e que vai permitir unha renovación do discurso histórico.

En ambas as dúas materias non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilízalo e xeneralizalo correctamente.

Por outra parte, as dúas materias permiten desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato e o afastado, o propio e o alleo, o máis concreto e o máis abstracto, xustificando así a importancia que no currículo debe concederse aos aspectos da xeografía, a historia e a cultura de Galicia.

Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

I- PRIMEIRO CURSO ESO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA.

1.1 Contribución da materia as competencias básicas.

As dúas materias básicas que se imparten no 1º Curso de ESO, Xeografía e Historia, teñen a particularidade de engadir ó carácter instructivo propio de cada materia, o carácter contextualizador, axudando a centrar información dentro dunha perspectiva social global.

En primeiro lugar as materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia xogan un papel moi importante no desenvolvemento da **Competencia de comunicación lingüística**, e neste sentido hai que recordar que estas materias son tradicionalmente cualificadas como “*de letras*”, e polo tanto están directamente relacionadas con un correcto ler e escribir, e que ademais a lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, etc. Pero, por outra banda, as propias materias de Xeografía e Historia teñen a súa propia linguaxe técnica, con termos e expresións que lle son específicos – relevo, chaira, precipitación, civilización, aristocracia, sistema feudal, etc., por exemplo-, e que é preciso utilizar para aplicar os principios de pertinencia e precisión. Por iso o profesorado prestará especial atención ó uso correcto e preciso, tanto dunha linguaxe apropiada, como duns termos técnicos elementais propios dos nosos saberes, con fin de que a linguaxe oral e escrita cumpra o seu papel de “*instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento...*”, e se converta en ferramenta de comprensión e representación da realidade.

Buscamos, en definitiva, tamén nas nosas disciplinas, que o alumno se achegue ó dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

Na **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** as contribucións das materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia son relevantes e permiten relacións interdisciplinares e incluso de complementariedade coas materias das Ciencias Naturais. Neste sentido cumpre recordar que a Xeografía –e as súas diferentes ramas- ten por obxecto o estudo das interrelacións entre home e medio físico no que se desenvolve. Por esas razóns os contidos de orde xeográfica permitirán “*a comprensión de sucesos, a predicción de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos*”.

Así os contidos e métodos da Xeografía permitirán a adecuada percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a grande escala, como no contorno inmediato, e as interaccións entre home e espazo derivadas dos asentamentos humanos, actividades económicas e as modificacións introducidas polo home e as paisaxes resultantes.

En definitiva, interactuar co mundo físico, tanto no que ten de espazo natural como na medida en que o transforma a acción humana, é un aspecto esencial no coñecemento social, en canto permite comprender mellor o que sucede, as consecuencias dun proceso determinado e as condicións de vida de homes e mulleres, que son os suxeitos dos asuntos sociais.

Contribúese á adquisición desta competencia na medida en que se asegure

que a dimensión espacial impregna a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo particular importancia o desenvolvemento de procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes e a súa representación cartográfica.

A área de Ciencias Sociais resulta tamén fundamental para o desenvolvemento da **Competencia social e cidadá**, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social.

É ben coñecido o papel que as Ciencias Sociais xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

A **Competencia cultural e artística** supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilízalas para o enriquecemento persoal e estímolas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar.

A contribución da área concrétese facilitando a selección e coñecemento de obras de arte relevantes, ben polo seu significado na caracterización de estilos e artistas.

No mundo actual é innegable a importancia que ten a **Competencia no tratamento da información e competencia** dixital para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área.

En todo caso, debe insistirse en que a información é preciso saber utilízala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, é necesario comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible.

A **Competencia para aprender a aprender** supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas.

Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias.

1.2 Obxectivos didácticos xerais da materia

1.2.1 Desenvolver a capacidade crítica e a creatividade dos alumnos mediante o fomento do procesamento autónomo da información, evitando as meras repeticións de coñecementos elaborados previamente.

1.2.2 Fomentar a capacidade de relacionar, de ir alén dunha simple acumulación memorística de información: relaciona-la multicausalmente, sintetízala, selecciona-la, reelabora-la, comprender os problemas estruturalmente e non de forma illada, é dicir, como realidades orgánicas interdependentes, algo así como "ecosistemas históricos" (como os ecosistemas nas Ciencias Naturais). Se buscará que se interprete a evolución das civilizacións como un proceso de cambio globalizador, que afecta a tódalas facetas da vida humana -económicas, sociais, culturais, políticas, etc. -, e que se desenvolve diacrónicamente en diferentes lugares do planeta.

1.2.3 Utilizar as diferentes formas de medición cronolóxica e contrastar a distinta utilidade das mesmas (as cronoloxías na Xeoloxía, as diferentes formas de medir o tempo na Prehistoria, na Idade Moderna, na actualidade, etc.). A representación gráfica das formas de medición.

1.2.4 Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de fontes diversas, incluídas as que corresponden ao contorno físico e social, aos medios de comunicación e as tecnoloxías da información. Aprender a trátala de xeito autónomo e crítico de acordo co fin perseguido, e comunícala aos demais de maneira organizada e intelixible.

Para eso será necesario instruír ós alumnos nas destrezas metodolóxicas básicas para poder abordar a realización das prácticas con mapas, gráficos, táboas estatísticas, fotografías, diapositivas, e demais documentos propios da Xeografía, que complementen os coñecementos teóricos impartidos na aula.

1.2.5 Fomentar o desenvolvemento da capacidade de expresión: insistiremos no aprendizaxe e na utilización sistemática dun vocabulario histórico e xeográfico básico e dun aparato conceptual -propios da linguaxe dos historiadores e dos xeógrafos- que permita unha expresión rigorosa das ideas, e que se incorporará correctamente a comunicacións escritas, orais e mesmo a conversas espontáneas, e insistiremos tamén na importancia da lectura na consecución deste obxectivo. Neste sentido poñeremos especial empeño en evitar algo, desafortunadamente tan frecuente, como que os alumnos entendan pero logo non sexan capaces de expresar o que saben, de dar saída a esa comprensión previa.

1.2.6 Fomentar o desenvolvemento dunha serie de valores humanos: respecto como necesidade para a convivencia, apertura ó diálogo e ó intercambio, a cooperación e o apoio mutuo -a pesar de estar inmersos nunha sociedade que valora tanto a competitividade-, a curiosidade e o interese polo saber para ser mais libres, etc.

1.2.7 Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais, utilizando este coñecemento para comprender o pasado e as sociedades actuais; asumir que estas son o resultado de longos procesos de cambio e dunha pluralidade de causas, e, o papel que xogan nelas os homes e as mulleres e, así mesmo, analizar os problemas máis relevantes que se deducen dese estudio.

1.2.8 Fomentar e planificar a realización de actividades en equipo, ponderando

as distintas aportacións dos compoñentes do grupo, inducendo a os seus membros a establecer normas de funcionamento, apoiando con nosos consellos o traballo en común, e tamén respectando as normas e acordos de grupo.

1.2.9 Promover o sentimento de pertenza á comunidade galega, e ás outras entidades políticas, sociais e culturais nas que se integra, e comprender a singularidade do patrimonio natural, histórico, cultural e lingüístico galego, participando activamente na súa conservación e mellora.

1.2.10 Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espazo e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental destas.

1.2.11 Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xeoconómicas e os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galicia.

1.2.12 Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos máis relevantes na historia do mundo, de Europa, de España e de Galicia, identificando as súas causas e consecuencia, para adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade, e para conseguir ser capaces de elaborar unha interpretación dinámica desta que permita comprender a pluralidade de comunidades en que se distribúen os seres humanos e, de xeito particular, a propia.

1.2.13 Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da revolución industrial e a maneira en que inflúen na organización das paisaxes rurais e urbanas.

1.2.14 Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade socio-cultural, para aprender así a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.

1.2.15 Procurar a comprensión da realidade social galega actual como unha realidade dinámica e cambiante que se constrúe continuamente en contacto con outras sociedades e culturas. Asumir a necesidade de ordenación do territorio desde criterios sustentables, respectando o patrimonio natural e construído e recollendo, así mesmo, o panorama futuro que pode ofrecerse tras a análise destes presupostos.

1.3 Contidos e Temporalización.

Contidos comúns ás tres avaliacións

* Lectura e interpretación de imaxes e mapas de diferentes escalas e características. Percepción da realidade xeográfica mediante a observación directa ou indirecta. Interpretación de gráficos e elaboración destes a partir de datos.

* Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.

* Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Representación gráfica de secuencias temporais.

* Identificación de causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio relacionándoos cos factores que os orixinaron.

* Coñecemento dos elementos básicos que caracterizan as manifestacións

artísticas máis relevantes, contextualizándoas na súa época. Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico, particularmente o propio, como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.

* Realización de debates sobre temas de actualidade que poidan ter referentes na antigüidade ou nos contidos xeográficos.

* Elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima e/ ou o patrimonio arqueolóxico do contorno.

Contidos específicos por avaliación. (Previsión á que procuraremos axustarnos o máis posible)

1ª Avaliación Os contidos desenvolveranse desde o mes de **Setembro** a **Decembro** e abarcarán os seguintes temas de Xeografía:

UNIDADE 1:

A Terra

- Astros. Agrupación de astros: galaxias, sistema solar.
- O planeta Terra: tamaño e forma
- Movementos de rotación e translación. Consecuencias: os fusos horarios
- Equinoccios e solsticios, tempo de insolación.
- * Estructura interna da Terra. Tectónica de placas. Axentes naturais da formación do relevo: erosión. Cambios bruscos no relevo: volcáns e terremotos.

A representación da Terra. Aplicación de técnicas de orientación e localización xeográfica.

- A esfera terrestre e os distintos tipos de proxeccións cartográficas.
- As coordenadas xeográficas, necesidade e utilidade.
- Escala e tipos de escala.
- Lenda dos mapas. O mapa topográfico.

UNIDADE 2:

Principais formas de relevo de América

O relevo de África, Asia, Europa, España e Galicia introducirase nas unidades posteriores, tratando un continente ó mesmo tempo que se estudia cada unha das seguintes unidades.

UNIDADE 3:

Ríos e mares

- A hidrosfera. Composición.
- A auga doce: os ríos e lagos; augas subterráneas; o ciclo da auga.
- O problema da auga doce. Aproveitamento.
- A dinámica oceánica. Recursos de mares e océanos.

Xeografía física de África

2ª Avaliación Os contidos desenvolveranse desde **Xaneiro a Marzo**, período no que se concluirán os temas de Xeografía e se iniciarán os de Historia.

UNIDADE 4:

Tempo e clima

- Definición de tempo e clima. Diferenciar o contexto en que se debe usar cada un.
- A atmosfera, capas e composición.
- Principais elementos do clima e factores que inflúen.

Climas e paisaxes

- Zonas climáticas da Terra.
- Principais climas de cada zona climática.

- Características, fauna e flora.

Xeografía física de Asia

UNIDADE 5:

A prehistoria

- Os primeiros seres humanos.
- O Paleolítico: a caza e a recolección.
- O Neolítico: a produción de alimentos.
- A Idade dos Metais

Xeografía física de España

UNIDADE 6:

As primeiras civilizacións ó lado dos grandes ríos: Mesopotamia e Exipto.

- Primeiros imperios, organización social, orixe e tipo de escritura.
- O poder político, a relixión e a arte: templos e tumbas.
- Os grupos sociais non privilexiados.

Repaso da xeografía física de América, África e Asia.

UNIDADE 7:

O mundo grego

- O nacemento do mundo grego. Territorio distinto, trazos comúns.
- As polis gregas. Organización política. Evolución cara a democracia. A democracia ateniense.
- O esplendor de Atenas e a súa decadencia.

A cultura clásica grega

- Pensamento racional, filosofía e teatro.
- Relixión, oráculos e deporte.
- Arquitectura e escultura. Obras literarias.
- Comentar mitoloxía.

Xeografía física de Europa

3ª Avaliación:. Os contidos desenvolveranse entre o mes de **Marzo e Xuño**, e abarcarán os seguintes temas de Historia:

UNIDADE 8:

Roma. O Imperio Romano.

- Orixes. Monarquía, República. As Guerra Púnicas: loita pola supremacía.
- Institucións políticas durante a República. Loita de clases.
- Crise da República.
- Roma conquista o Mediterráneo: O Imperio. Organización política e clases sociais.
- A guerra como forma de conquista e carreira política dos patricios.

Economía e riqueza durante o Imperio.

- Desenvolvemento agrícola. Relacións comerciais. Man de obra escrava.
- Desenvolvemento das obras públicas. Urbanismo. Luxo nas clases altas.
- Crise do Imperio no século III. Ser cidadán romano xa non é un privilexio.

Relixión romana politeísta

- Deuses, heroes.. Culto privado e culto público. Auspicios, agoiros, oráculos e pitonisas, superstición.

A expansión do cristianismo polo imperio.

- Intransixencia, persecución, tolerancia, e imposición da relixión cristiá.

Cultura romana

- Arte: arquitectura, escultura, pintura e mosaico.
- Lingua e literatura: discursos políticos, obras de Historia e Xeografía, fábulas,

comedias, tratados de agricultura.

- As leis: O dereito romano: lexislación para todo. Dereito público e privado; para cidadáns e non cidadáns: herdanzas, contratos de compravenda, adopcións, liberación de escravos...

UNIDADE 9:

Hispania romana

- Invasións e colonizacións de fenicios, gregos e cartaxineses.
- Os pobos prerromanos: iberos e celtas
- A conquista romana de Hispania
- Hispania romana. O legado de Roma.

1.4 Contidos, Competencias Básicas e Criterios para avalialas por Unidade Didáctica en 1º de ESO.

XEOGRAFIA

UNIDADE 1

CONTIDOS:

A Terra. A representación da Terra

COMPETENCIAS BÁSICAS

Comunicación lingüística

- Definir conceptos básicos da unidade.
- Seleccionar a palabra adecuada para completar unha definición.

Tratamento da información e competencia dixital

- Establecer comparacións e diferencias, observando unha táboa de datos, entre os distintos planetas do sistema solar.
- Obter información de mapas con distintas proxeccións.

Competencia matemática

- Obter datos dunha gráfica sobre os planetas.
- Calcular a diferenza horaria entre lugares da Terra.
- Localizar puntos da Terra dadas as coordenadas xeográficas e viceversa.
- Reforzar conceptos matemáticos e xeométricos necesarios como: unidades de lonxitude, concepto de proporción, diámetro, ángulo, esfera...
- Resolución de problemas de escala, calculando distancias reais.

Aprender a aprender

- Buscar estratexias para non confundir conceptos con definición semellante como latitude e lonxitude.
- Completar mapas conceptuais.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Comprender a importancia das zonas horarias para as transaccións comerciais e o transporte.
- Valorar a utilidade e necesidade das coordenadas xeográficas para a navegación marítima e aérea, así como para a localización por GPS.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece os astros do sistema solar.
- Diferencia entre movemento de rotación e translación.
- Calcula a hora observando un mapa de fusos horarios.
- Identifica a proxección máis adecuada para representar un continente.
- Define cada unha das coordenadas.

- Distingue escala gráfica e numérica.
- Calcula distancias reais con mapas de diferentes escalas.

UNIDADE 2

CONTIDOS:

As formas da Terra

Principais formas de relevo de América

COMPETENCIAS BÁSICAS

Comunicación lingüística

- Saber expresar con corrección o vocabulario específico do tema.
- Saber completar un mapa conceptual do tema.
- Discernir entre varias definicións a adecuada para unha forma de relevo dada.
- Expoñer por escrito os conceptos aprendidos.

Competencia matemática

- Localizar puntos da xeografía de América, dadas as súas coordenadas.
- Calcular distancias reais no mapa de América, coa escala gráfica ou coa numérica.
- Extraer dun gráfico de sectores a información pertinente sobre o tamaño dos continentes e océanos e comprobar os datos con operacións matemáticas.

Aprender a aprender

- Explicar as estratexias que se seguiron para aprender o relevo de América, para que sirvan de referencia nos estudos dos outros continentes e territorios.

Autonomía e iniciativa persoal

- Buscar información sobre algún terremoto ou maremoto con consecuencias graves para a poboación e de gran impacto nos medios de comunicación no pasado recente ou na actualidade de producirse. Citar as fontes ou axuda.

Competencia social e cidadá

- Valorar a necesidade da nosa cooperación ante catástrofes como os terremotos ou maremotos de grande magnitude, polas enormes carencias que provocan na poboación afectada.
- Valorar a importancia das asociacións ecoloxistas e da participación cidadá, como contrapunto ós intereses económicos ante o gran impacto medioambiental de certas infraestructuras.
- Recoñecer o gran labor dos medios comunicación e dos compoñentes de ONGs e de outros organismos que prestan axuda in situ.

Competencia cultural e artística

- Comentar as fotografías do relevo que se atopan no texto, valorando a súa calidade artística, o enfoque, desde onde foron tomadas e se representan adecuadamente o que se pretende.
- Debuxar un volcán e poñerlle nome ás súas partes, e unha paisaxe que amose efectos dos terremotos.
- Calcar con precisión e colorear os mapas de relevo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece a evolución da forma de continentes e océanos e a súa relación coa teoría da deriva continental.
- Identifica a relación entre a teoría da tectónica de placas e as áreas máis inestables da Terra, zonas sísmicas e de vulcanismo activo.

- Identifica ós seres humanos como grandes transformadores da paisaxe en pouco tempo.
- Sitúa no mapa de América as principais cadeas montañosas, chairas, depresións, cuncas, grandes lagos, ríos e accidentes costeiros. A medida que se vaia avanzando no estudio das restantes unidades, farase o mesmo con África, Asia, Oceanía, Europa, España e Galicia.
- Sabe o vocabulario relativo ó relevo que se trata no tema.

UNIDADE 3

CONTIDOS:

Ríos e mares

Xeografía física de África

COMPETENCIAS BÁSICAS

Comunicación lingüística

- Adquirir o vocabulario adecuado sobre o tema.

Competencia matemática

- Explicar diversos gráficos sobre a auga: porcentaxe de auga salgada e doce, evolución do consumo de auga doce e irregularidade das precipitacións nos últimos anos.
- Problemas de escala sobre o mapa de Asia e tamén actividades con coordenadas.

Aprender a aprender

- Completar un mapa conceptual sobre o tema.
- Obter información de mapas e gráficos sobre a desigual distribución das precipitacións en España e sacar conclusións.
- Aprender que o estudio non é unha actividade de lecer, senón un traballo.

Competencia social e cidadá

- Recoñecer como imprescindibles os traballos con menor recoñecemento social: reparación de sumidoiros, traballo en depuradoras de augas.
- Valorar as campañas publicitarias sobre aforro de auga como unha maneira de concienciar á sociedade para facer un bo uso dos recursos.
- Coñecer algúns organismos encargados da regulación do uso da auga como acordos internacionais sobre os ríos, confederacións hidrográficas dos ríos, as quendas de rega ...

Traballaranse as mesmas competencias no referente a África física que no tema de América.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece o ciclo da auga e sabe explicalo por escrito e verbalmente.
- Identifica e sabe definir o vocabulario referente á auga.
- Explica o problema da auga doce no mundo.
- Identifica España con un país con escasos recursos hídricos.
- Asocia o clima da Galicia costeira coa corrente do Golfo.
- Entende que axentes provocan os distintos movementos das augas do mar e pode definilos.
- Coñece que tratamentos necesita a auga doce para o consumo humano e como se “recicla” unha vez usada.
- Identifica o mar como unha gran fonte de riqueza e sabe que proveito se lle

quita na nosa bisbarra.

- Respecto a África física, os mesmos criterios que para América.

UNIDADE 4

CONTIDOS:

Tempo e clima

Climas e paisaxes

Xeografía física de Asia

COMPETENCIAS BÁSICAS

Aprender a aprender

- Empezar a traballar a técnica de resume, a fondo. Primeiro con axuda, por medio de preguntas que lles faciliten saber que é o importante que hai que aprender, ata que aprendan a facelo de forma autónoma.
- Iniciar a elaboración dun mapa conceptual sobre o clima.

Comunicación lingüística

- Exposición verbal sobre un tema proposto.
- Extraer dun texto a información que se pide de forma resumida e con elaboración propia.
- Memorizar algúns termos específicos.

Competencia matemática

- Elaborar climogramas e extraer información deles.
- Interpretar climogramas e intentar identificar o clima ó que pertencen.

Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar mapas do tempo en xornais ou na internet e comentalos.
- Estudiar a xeografía física de Asia con mapas flash interactivos na rede.
- Elaborar traballos individuais sobre un clima concreto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identifica troposfera, capa de ozono.
- Coñece cales son os principais elementos do clima e os factores que os modifican.
- Interpreta mapas climáticos con isóbaras, isohietas e isothermas.
- Interpreta un mapa do tempo; identificar os símbolos e facer prediccións tendo en conta todos os elementos do clima.
- Redacta textos explicando preguntas relativas ó tema.
- Identifica os principais aparellos: pluviómetro, barómetro, termómetro, cataventos, anemómetro.
- Relaciona o aprendido sobre as correntes mariñas co clima dunha zona.
- Identifica ventos constantes e ventos estacionais con especial referencia ós monzóns.
- Recoñece que entendemos por cambio climático, entende que a Terra ten sufrido cambios climáticos desde a súa orixe e que temos que facer o posible por non empeorar as nosas condicións de vida.
- Sitúa nun mapamundi as zonas climáticas, e en cada zona climática os climas que lle corresponden.
- Asocia precipitacións e temperatura con flora e fauna dun lugar.
- Coñece os climas que hai en Europa, España e Galicia.
- Fai unha aproximación ó tipo de clima dun lugar tendo en conta a forma de ocupación humana, o tipo de vivenda, a vestimenta; sacar conclusións pola

vexetación natural ou polos cultivos.

HISTORIA

UNIDADE 5

CONTIDOS:

A Prehistoria

Xeografía física de España

COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia lingüística

- Aprender vocabulario específico.
- Elaborar textos sobre distintos aspectos da vida na Prehistoria.
- Elaborar un mapa conceptual coas etapas da Prehistoria

Competencia matemática

- Coñecer as agrupacións de anos en idade, era, milenio, século...
- Recordar a numeración romana.

Competencia social e cidadá

- Investigar formas de vida de sociedades prehistóricas na actualidade.
- Recoñecer os problemas que teñen esas sociedades e como reivindican os seus dereitos.
- Comprender as formas de organización social máis pequenas, tribo, grupo, poboado, etc.

Competencia cultural e artística

- Valorar a diversidade de estruturas sociais e o enriquecemento cultural que supón.
- Entender a arte prehistórica como unha forma de transmisión de coñecemento e como unha manifestación artística.
- Facer útiles ou arte prehistórico.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Darse conta de que é preciso actualizar os nosos coñecementos constantemente debido a que se producen descubrimentos que nos permiten avanzar na reconstrución do pasado.
- Investigar as ciencias que teñen que ver coa investigación prehistórica.
- Visitar un xacemento arqueolóxico e un centro de interpretación prehistórico.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Obtén información dun mapa histórico sobre a orixe e expansión humana.
- Interpreta un eixe cronolóxico da Historia da Humanidade.
- Explica os principais homínidos e as fases da evolución.
- Coñece a medida do tempo como unha necesidade en Historia.
- Identifica as principais formas de vida do Paleolítico e o tipo de útiles e instrumentos.
- Diferencia as características da vida nómade e da vida sedentaria e relaciona esta coa produción de alimentos e cos inicios da especialización no traballo.
- Aprecia o gran desenvolvemento tecnolóxico que foi acadando a humanidade, gracias á facultade de aprender e transmitir o coñecemento.
- Comprende a necesidade de estruturas sociais básicas e a súa ampliación cara outras organizacións máis complexas: poboados, cidades...
- Recoñece o comercio como unha forma de explotación dos recursos e de desenvolvemento económico, pero tamén de diferencias sociais.

- Obtén información de fontes escritas e gráficas.
- Coñece que a arte vai unida ó ser humano e as primeiras manifestacións artísticas.
- Identifica os restos prehistóricos como fonte de riqueza pola atracción turística.
- Analiza os problemas para reconstruír feitos e formas de vida pola falla de documentación escrita.

UNIDADE 6

CONTIDOS:

As primeiras civilizacións ó lado dos grandes ríos: Mesopotamia e Exipto.
Repaso da xeografía física de América, África e Asia.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia lingüística

- Adquirir vocabulario específico da unidade.
- Elaborar textos de maior extensión coas informacións recibidas.

Competencia matemática

- Traballar con eixes cronolóxicos os milenios e os séculos.

Competencia dixital

- Investigar na rede sobre as medidas de capacidade, peso e lonxitude dos exipcios.
- Investigar sobre o cálculo matemático en Exipto e sobre os coñecementos de xeometría.
- Buscar información sobre a escravitude.

Autonomía e iniciativa persoal

- Intercambiar información de xogos interactivos que coñezan sobre Exipto ou Mesopotamia.
- Suxerir propostas sobre posibles actividades a realizar

Competencia social e cidadá

- Comentar algúns apartados do Código de Hammurabi e facer unha valoración tendo en conta o sistema legal vixente no noso país.
- Entender que en cada sociedade e en cada tempo histórico son distintos os usos e costumes e que non debemos xulgalos desde a nosa perspectiva.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Situar as primeiras civilizacións nun mapa histórico e identificar os Estados que actualmente se asentan neses territorios.
- Entender que as relacións entre civilizacións eran naquel momento moi difíciles por a dificultade de idioma e de medios de comunicación.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Localiza as rexións onde se situaron as primeiras civilizacións históricas.
- Extrae información dun eixo cronolóxico coas civilizacións exipcia e mesopotámica.
- Comprende que estas civilizacións son coetáneas, pero distintas en moitos aspectos.
- Compara a organización social nestas culturas.
- Coñece por que se fixo necesaria a escritura nestas civilizacións.
- Entende a razón de que os escribas fosen privilexiados.
- Explica a relación entre a relixión e o poder político.

- Relaciona o medio físico coa forma de vida.
- Comprende as difíciles condicións de vida dos grupos sociais non privilexiados.
- Coñece os avances técnicos que se produciron e como influíu neles o comercio.
- Identifica aspectos da relixión en Mesopotamia e en Exipto.
- Pode argumentar sobre a importancia da relixión en Exipto.
- Diferencia as principais características da pintura, escultura e gravado destas civilizacións.

UNIDADE 7

CONTIDOS:

O mundo grego

A cultura clásica grega

Xeografía física de Europa

COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia lingüística

- Buscar no diccionario de galego palabras cuxo significado coñezas que deriven do grego.
- Iniciarase no comentario de textos históricos.
- Sintetizar o tema da relixión grega relacionándoo co poder político e coas diferencias dos filósofos.
- Discernir prefixos e sufixos de orixe grega e comprobar como con eles se poden formar moitos palabras cuxo significado se pode deducir.

Aprender a aprender

- Manexar un diccionario buscando só a información que nos interesa, neste caso a etimoloxía.
- Relacionar o aprendido en Xeografía no tocante o relevo, riqueza dos mares e clima coas coa expansión do mundo grego mediante a fundación de colonias.

Competencia matemática e dixital

- Busca información empregando as TICS sobre os pesos e medidas das armas ofensivas e defensivas que levaba un hoplita.
- Buscar información sobre matemáticos gregos e sobre os principios ou teoremas que descubriron, verás como te sorprendes.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Investigar cantos filósofos gregos se estudian agora en bacharelato e aprender algo sobre as súas ideas.
- Buscar títulos de libros que teñan no seu título o nome dalgún filósofo grego da antigüidade.
- Buscar fotografías dunhas pistas de atletismo e compáraas coas dun estadio grego.

Cultural e artística

- Comparar un templo grego cun templo exipcio e con un templo de Mesopotamia e establecer as diferencias en canto a tamaño e elementos empregados.
- Observar a gran calidade da perspectiva e o profundo coñecemento da anatomía humana a partir das esculturas gregas, incluso na época arcaica.

Competencia social e cidadá

- Valorar a forma de vida vosa coa dos nenos en Grecia, en Esparta.
- Valorar a liberdade da que gozamos na nosa democracia comparándoa coa democracia grega
- Valorar as migracións actuais por motivos económicos, comparándoa coa grega.
- Realizar un traballo en equipo sobre a mitoloxía grega.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Compara eixes cronolóxicos das primeiras civilizacións coa grega.
- Identifica sobre que territorios actuais se asentou a civilización grega e en que territorios fundou colonias.
- Coñece de que maneira condiciona o medio físico as actividades das persoas: colonizacións e migracións.
- Explica que eran as polis gregas e cales eran as diferencias coa organización política dunha cidade exipcia ou de Mesopotamia.
- Define conceptos básicos do tema.
- Razona a importancia dos portos gregos.
- Comprende e argumenta por que se fala da democracia ateniense e compáraa coa nosa.
- Identifica as guerras que mantiveron as polis contra os invasores, as causas de que se xeneralizasen, consecuencias que se derivaron e últimas consecuencias da súa alta belicosidade.
- Coñece como se produciu a expansión da cultura grega cara Asia e quen foi o personaxe que a propiciou e por que non transmitiu a súa cultura, senón a grega.
- Recoñece a evolución da arte grega no tocante á escultura e a súa influencia na cultura occidental.
- Relata algunha historia sobre mitoloxía grega moi coñecida e nomea algún deus/a ou semideus/a.
- Coñece os oráculos e di se na actualidade na nosa cultura se seguen empregando e baixo que formas.
- Elabora un eixe cronolóxico sobre a cultura grega e sitúa nel os períodos que se indiquen.
- Coñece a forma de vida dos escravos, das mulleres e dos estranxeiros.
- Practica comentario de textos históricos.
- Traballa en equipo buscando información sobre o labirinto, a tea de Penélope, o fío de Ariadna, os ciclopes, o cabalo de Troia, o talón de Aquiles...

UNIDADE 8

CONTIDOS:

Roma. O Imperio Romano.
Economía e riqueza durante o Imperio.
Relixión romana politeísta
A expansión do cristianismo polo imperio.
Cultura romana
Ruptura do imperio e invasións xermánicas.

COMPETENCIAS BÁSICAS

Comunicación lingüística

- Definir conceptos do tema usando vocabulario específico.
- Comentario de textos históricos.

- Expoñer verbalmente argumentos.

Competencia matemática

- Entender os conceptos antes e despois de Cristo e ordenar datas e feitos.
- Recoñecer a necesidade de uso da escala para a elaboración de maquetas.

Aprender a aprender

- Practicar a técnica de mapa conceptual máis complexo.
- Obter información das fotografías e debuxos, mediante observación detallada.
- Comentar textos e mapas históricos como fonte de aprendizaxe de conceptos.
- Sintetizar información baseándose en dous textos.
- Confrontar textos históricos da mesma época con distinto punto de vista e tirar conclusións.
- Observar mapas de fluxos e aprender a interpretalos.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Coñecer mostras de enxeñería e arte romana e identificar o seu emprazamento.
- Coñecer que ríos serviron de fronteira do Imperio.
- Comparar un mapa do Imperio con un mapa de Europa actual e identificar países.

Competencia social e cidadá

- Valorar a paz e a liberdade e o benestar.
- Entender que, aínda que temos moitos dereitos, tamén temos deberes.
- Recoñecer as asociacións pacíficas e o diálogo como un medio de conseguir obxectivos comúns.

Tratamento da información e competencia dixital

- Extraer información de documentais e maquetas.
- Buscar en internet información sobre os tipos de vivenda en Roma, sobre a vestimenta, a alimentación, etc. e elaborala para expoñela en equipo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Localiza nun mapa temático os territorios onde xurdiu a civilización romana e que países actuais formaron parte do seu imperio.
- Sitúa Cartago
- Coñece as principais formas de goberno de Roma e as principais institución e cargos políticos.
- Saca conclusións sobre causas e consecuencias dos feitos históricos.
- Elabora textos secuenciados sobre urbanismo e enxeñería, e loita de clases.
- Comenta textos históricos, fontes primarias, e elixe a resposta correcta cando hai varias opcións.
- Identifica as características económicas e políticas dunha época de esplendor e dunha crise.
- Pode argumentar baseándose en determinados aspectos da vida política.
- Analiza a influencia que ten o pobo conquistador sobre os pobos dominados e razoa as causas.
- Coñece a evolución da relixión pública en Roma e as formas supersticiosas da relixión.
- Recoñece o dereito romano como un gran logro e fonte na que se inspiraron as leis europeas.
- Compara a escultura grega da época clásica e helenística co escultura romana.
- Distingue mitoloxía de feito histórico.

- Entende as vantaxes que supón as vías de comunicación para o control político, desenvolvemento económico e difusión das ideas.
- Emprega o vocabulario específico do tema nos textos que elabora.
- Recoñece que a mentalidade social cambia pero hai elementos que permanecen.
- É capaz de resumir sen axuda.
- Traballo en equipo sobre un aspecto que lles interese da vida en Roma.

UNIDADE 9

CONTIDOS:

Hispania romana

COMPETENCIAS BÁSICAS

Autonomía e iniciativa persoal

- Elaborar e comentar textos históricos de forma máis autónoma.
- Interpretar un plano e plantexar problemas e cuestións relativas á escala.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Analizar a importancia das vías de comunicación para o desenvolvemento económico e social.
- Coñecer as principais pegadas arquitectónicas romanas en España e Galicia en particular.

Tratamento da información

- Buscar información en internet sobre Lucus Augusta e as súas murallas.

Competencia matemática

- Interpretar e elaborar eixes cronolóxicos.
- Interpretar o plano dunha cidade romana a escala.

Competencia lingüística

- Manexar con soltura o dicionario para buscar a etimoloxía latina de algunhas palabras.
- Resumir e expoñer verbalmente e por escrito aspectos do tema.
- Enriquecer o vocabulario activo."

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Define vocabulario específico do tema e emprégao nos textos que elabora.
- Interpreta mapas históricos.
- Fai comentarios de texto sobre fontes primarias escritas.
- Extrae información de debuxos, fotografías e diversos documentos.
- Coñece a influencia da cultura grega e romana na España actual.
- Identifica os principais monumentos da Península.
- Analiza as vías de comunicación e abastecemento de auga das cidades que fundou Roma.
- Coñece que moitos dos restos da romanización son unha fonte de riqueza económica e cultural e sabe cales son Patrimonio da Humanidade.

1.5 Criterios globais de avaliación.

Na avaliación o alumnado deberá amosar:

- 1) Si selecciona, comprende e asimila conceptos e procesos propios das materias de Xeografía e Historia, e si os utilizan de xeito coherente e adecuado.
- 2) Si aplica as técnicas e métodos de traballo axeitados para estudar materiais

proprios das nosas disciplinas, como documentos, restos históricos, edificios (pazos, igrexas, mosteiros, etc.), fotografías, diapositivas, mapas topográficos e temáticos, ou a propia paisaxe do entorno, coa finalidade de obter información, interpreta-la e avalía-la.

3) Si expresa correctamente e de forma precisa as ideas e conceptos obtidos no proceso de aprendizaxe, utilizando a terminoloxía axeitada.

4) Si manifesta capacidade (creatividade) para relacionar, sintetizar, seleccionar e reelaborar a información e comprender problemas e procesos de forma estrutural.

A avaliación realizarase a dous niveis: traballo individual e traballo de grupo.

Na avaliación do traballo individual teranse en conta aspectos como a capacidade de descrición, de relación e de análise dos problemas históricos - sociais, económicos, políticos, etc.-, a comprensión e expresión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, os conceptos e expresións específicos da historia e o desenvolvemento de actitudes de cara á materia. En Xeografía se procederá de forma similar valorando estas mesmas capacidades pero referidas agora a elementos e procesos da xeografía, comprensión e expresión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, conceptos específicos das disciplinas xeográficas e actitudes positivas cara á materia.

Na avaliación do traballo en grupo se valorará tanto o funcionamento do pequeno grupo como os aportes individuais de cada alumno e alumna no mesmo, como a participación e o rigor nos debates e nas postas en común.

E ademais teranse tamén en conta como criterios de avaliación os mencionados no epígrafe correspondente do citado Decreto 133/2007. Son os seguintes:

“1.4.1 Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e da simboloxía. Elaborar mapas sinxelos iniciándose no emprego de recursos informáticos.

Trátase de comprobar se o alumnado é capaz de identificar as liñas básicas da orientación xeográfica e situar lugares no mapa mediante a lonxitude e a latitude. Así mesmo, permite avaliar se sabe descodificar información simbólica, e interprétala para describir o contido da información expresada nun mapa.

1.4.2 Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de España e de Galicia, caracterizando os trazos que predominan nun espazo concreto.

Trátase de avaliar que o alumno coñece o mapa físico do mundo nos seus trazos básicos e en particular de Galicia e España, que é quen de localizar espacialmente os seus elementos e de salientar aqueles que predominan en cada territorio.

1.4.3 Comparar os trazos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, con especial referencia a Galicia, localizándoos no espazo representado e analizando exemplos das paisaxes que resultan da actividade humana.

Trátase de avaliar que se é capaz de recoñecer e localizar no espazo os principais medios naturais do mundo, de caracterízalos e distinguilos en función

da interacción dos trazos físicos predominantes para conformar paisaxes xeográficas diferenciadas, véndoas en relación coas formas de vida que posibilitan.

1.4.4 Interpretar a paisaxe do seu contorno, identificando os seus trazos característicos e relacionando elementos físicos, recursos e formas de asentamento rurais ou urbanos.

Trátase de avaliar a capacidade de transferir os coñecementos adquiridos de cara á análise e interpretación dun espazo concreto e próximo, e comprender as interaccións que nel se producen, como a especificidade da paisaxe rural galega, as formas tradicionais de consunción e asentamento ou as áreas urbanas.

1.4.5 Identificar e explicar exemplos de riscos e de impactos que a acción humana ten sobre o medio, analizando as súas causas e efectos, e proporcionando medidas e condutas para prevelos e limítalos, facendo unha especial referencia ao ámbito galego.

Trátase de avaliar se o alumnado coñece os principais problemas ambientais da actualidade, se os relaciona coas súas causas e os seus posibles efectos, así como se é capaz de expoñer accións que poden contribuír á súa mellora, a través da ciencia, da tecnoloxía, do consumo responsable, etc.

1.4.6 Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio, aplicándoas a feitos e procesos referidos á prehistoria e historia antiga do mundo, da Península Ibérica e de Galicia.

Trátase de avaliar se os alumnos usan como referencia temporal na localización de feitos e procesos históricos a periodización e datación correcta, e se teñen capacidade para identificar, en procesos referidos as sociedades na Prehistoria e na Antigüidade, elementos de permanencia e de cambio. Deberán quedar claras as diferencias entre tempo cronolóxico e histórico.

1.4.7 Identificar e expoñer os cambios que supuxo a revolución neolítica na evolución da humanidade e valorar a súa importancia e as súas consecuencias ao compáralos cos elementos que conformaron as sociedades cazadoras e recolectoras.

Trátase de comprobar que se identifican os elementos básicos que conformaron as principais sociedades depredadoras e os cambios que acompañaron a revolución neolítica, constatando as consecuencias que esta ten na evolución da humanidade. Valorarase a importancia cultural da arte rupestre e do megalitismo atlántico.

1.4.8 Diferenciar os trazos que caracterizan algunha das primeiras civilizacións urbanas e a civilización grega, identificando os elementos orixinais desta última e valorando aspectos relevantes da súa contribución á civilización occidental.

Trátase de comprobar que se é capaz de localizar no tempo e no espazo as civilizacións de Exipto e/ou Mesopotamia e de Grecia, e caracterizar os elementos básicos que as conformaron -esclavismo, patriarcado...- e as diferencias existentes na súa organización

política -teocracia e democracia-. Así mesmo, de verificar se os alumnos son capaces de recoñecer os elementos relevantes da contribución de Grecia á civilización occidental.

1.4.9 Comprender os trazos característicos da cultura castrexa, a área xeográfica en que se desenvolveu e a súa particular forma de ocupación do territorio.

Trátase de avaliar a capacidade para percibir a influencia do pasado no

asentamento, comparando o espacio ocupado polos castrexos e os límites actuais de Galicia, sen esquecer unha análise dos elementos sociais e artísticos máis elementais desta cultura. Parase fincapé nas relacións coas culturas urbanas mediterráneas e atlánticas.

1.4.10 Caracterizar os trazos da organización política, económica e social da civilización romana na súa época de expansión, valorando a transcendencia da romanización na Hispania e na Gallaecia e a pervivencia do seu legado.

Preténdese comprobar se o alumnado coñece a herdanza da civilización romana, con especial atención á organización político-administrativa, social, económica e cultural, e identifica, no patrimonio artístico e noutros trazos actuais, o legado desa civilización no noso país. Así mesmo, procuraranse desenvolver algunhas ideas sobre o significado do cristianismo e os novos asentamentos que se producen no mundo tardorromano: suevo e visigodo.

1.4.11 Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

Con este criterio trátase de avaliar que se len de forma comprensiva diferentes fontes de información tanto arqueolóxicas como escritas, obtendo as ideas principais que conteñen e relacionándoas con outras para formar esquemas explicativos, sendo capaz de comunicalas utilizando correctamente a expresión escrita”.

1.6 Contidos mínimos esixibles.

A Terra

- Astros e galaxias. O sistema solar.
- Tamaño e forma da Terra.
- Movementos de rotación e translación. Solsticios e equinoccios.
- Estructura interna da Terra.
- A formación do relevo: a teoría da Tectónica de placas.
- A erosión. Cambios bruscos no relevo: volcáns e terremotos.

A representación da Terra. Orientación e localización xeográfica.

- A esfera terrestre e os distintos tipos de proxeccións cartográficas.
- As coordenadas xeográficas. A Escala. Lenda dos mapas. O mapa topográfico.

Ríos e mares

- A hidrosfera. Composición.
- Mares e océanos.
- Ríos, lagos e augas subterráneas.
- O ciclo da auga. O problema da auga doce. Aproveitamento.

Tempo e clima

- Definición de tempo e clima.
- A atmosfera, capas e composición.
- Principais factores e elementos do clima.

Climas e paisaxes

- Zonas climáticas da Terra.
- Principais climas. Características, fauna e flora.

A Xeografía Física e Política de Europa, América, África, Asia e Oceanía: relevo, ríos, lagos, países, capitais, etc.

A Xeografía Física e Administrativa de España: relevo, ríos, lagos, comunidades autónomas, provincias e capitais autonómicas.

A Prehistoria

- Os primeiros seres humanos.
- O Paleolítico: a caza e a recolección.
- O Neolítico: a produción de alimentos.
- A Idade dos Metais

Mesopotamia e Exipto.

- Primeiros imperios, organización social.
- O poder político, a relixión e a arte: templos e tumbas.
- Os grupos sociais.

Grecia

- O nacemento do mundo grego. Os trazos comúns.
- As polis gregas. Organización política. Evolución cara a democracia. A democracia ateniense.
- O esplendor e decadencia de Atenas.
- Pensamento racional, filosofía e teatro.
- Relixión, oráculos e deporte.
- Arquitectura e escultura.

Roma

- As orixes. Monarquía, República. As Guerra Púnicas.
- Institucións políticas durante a República.
- Crise da República.
- A conquista do Mediterráneo: O Imperio. Organización política e clases sociais.
- Agricultura e comercio. Man de obra escrava.
- As obras públicas e o urbanismo.
- Crise do Imperio no século III.
- Deuses e heroes. Culto privado e culto público.
- A expansión do cristianismo polo imperio: da persecución á imposición da relixión cristiá.
- Arte: arquitectura, escultura, pintura e mosaico.
- Lingua e literatura latinas.
- O dereito romano público e privado.

Hispania romana

- Invasións e colonizacións de fenicios, gregos e cartaxineses.
- Os pobos prerromanos: iberos e celtas
- A conquista romana de Hispania
- Hispania romana. O legado de Roma.

1.7 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación que se están a aplicar polos profesores deste Departamento nas materias de Ciencias Sociais Xeografía e Historia de 1º de ESO son os seguintes:

- 1) Os contidos conceptuais e o rigor na expresión conceptual avalíanse mediante exames convencionais, e computan un 70% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
- 2) Os contidos procedimentais avalíanse tendo en conta o traballo individual de cada alumno coa revisión periódica dos cadernos e coa valoración dos pequenos traballos de grupo, tendo en conta o “saber facer “ e computan un 15% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
- 3) Os contidos actitudinais se avalían mediante intervencións dos alumnos nas

tarefas de clase, etc. no día a día na aula, e computan un 15% nas notas das tres avaliacións e na nota final.

1.8 Procedementos e instrumentos de avaliación

As actividades, procedementos ou instrumentos de avaliación, dentro desta planificación serán:

1.8.1 Observación na aula: nos permitirá comprobar o ritmo de adquisición de contidos conceptuais, de técnicas e metodoloxía de indagación, e de actitudes do alumnado, como o interese pola materia ou actitudes sociais relevantes como a convivencia, tolerancia, solidariedade, etc.

1.8.2 Traballos de clase individuais e de grupo.

1.8.3 As probas: controles e exames. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase mediante explicación do profesor ou exposición de traballos e debates protagonizados polos alumnos. Orientaranse os exames non como unha repetición de conceptos ou ideas expostas previamente na aula, senón cara a unha demostración de comprensión dos contidos, das capacidades de interrelación multicausal, de capacidades de sínteses, capacidades de expresións, razoamento con exemplificacións que concreten eses coñecementos, etc.

1.8.4 As probas serán fundamentalmente escritas. En cada avaliación faránse probas parciais que servirán para facer a media da avaliación. Non se farán medias con notas inferiores a 3. Haberá recuperación dos temas pendentes a final de curso.

1.9 Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes.

Neste Centro non están contemplados nos horarios dos profesores ningunha actividade destinada a este fin, a pesar de que sería posible porque así o permite a carga lectiva da maior parte do profesorado deste Departamento.

Por este motivo, o profesorado vese obrigado a limitarse a elaborar materiais e demais contidos mínimos esixibles, que son os que despois servirán de base para a súa avaliación nos correspondentes exames de pendentes, que teñen sempre unha parte teórica e outra parte de traballos prácticos.

1.10 Alumnos con materias pendentes: contidos esixibles, actividades de avaliación e criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.

É obvio que en primeiro de ESO non pode haber alumnos con materias pendentes que requiran de actividades e criterios de avaliación.

1.11 Metodoloxías e estratexias didácticas.

1.11.1 Estratexias expositivas: nas exposicións explicativas dos diferentes aspectos a estudar, o profesorado intentará impulsar a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva dos contidos impartidos na aula. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor. Fomentará as preguntas aclaratorias e a participación procurando erradicar temores, medos (ao ridículo por exemplo), receos, etc.

1.11.2 Estratexias referenciais: O profesor terá unha relación constante coa realidade inmediata. Nas materias de Historia aproveitará a existencia de restos arqueolóxicos de diversas épocas, vivendas, mosteiros, igrexas, ou outros edificios significativos da historia comarcal e local, etc., para posibilitar

unha memorización mais comprensiva e aprendizaxes mais significativos. Nas materias de Xeografía as referencias poden ser: os caracteres mais destacados da xeografía local, paisaxes agrarios existentes na bisbarra, características urbanas mais destacables da vila, a xeografía industrial da Pobra do Caramiñal que presenta unhas facetas moi definidas, etc..-. Trátase, tanto en Historia como en Xeografía, de partir das realidades mais concretas e inmediatas para chegar ó estudio das mais xerais e universais, e se outorgará un destacado papel ás actividades prácticas.

1.11.3 Estratexias de indagación para a asimilación de contidos procedimentais e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudio: pequenos traballos de síntese mais que de investigación (con bibliografía variada), comentarios de textos que mais tarde se exporán conxuntamente, comentarios de mapas históricos e gráficos, traballos sobre mapas topográficos e planos catastrais locais, consulta da prensa diaria para a selección de novas relacionadas cos contidos da materia (aspectos ecolóxicos, arqueolóxicos ou museísticos, etc.), xogos de localización como a Busca do Tesouro (a partir de coordenadas cartográficas e con planos a gran escala), clasificación dos tipos de industria existentes na localidade con exemplos concretos,

1.11.4 Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, comentario de filmes, pequenas dramatizacións, xogos de simulación, saídas ao entorno mais próximo, etc..

1.11.5 Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de tódolos aspectos que caracterizan cada civilización -económicos, sociais, culturais e políticos fronte a unha visión excesivamente especializada e marcada polos acontecementos.

1.12 Materiais e recursos didácticos.

Libro de Texto: 1º ESO: Xeografía e Historia 1º Ciclo. Editorial Vicens Vives.

Diapositivas:

*PÉREZ ALBERTI, A.: A Xeografía en imaxe. Edit. Xunta de Galicia.

*PÉREZ ALBERTI, A.: O relevo da costa. Editorial Bahía.

* Diapositivas de Ciencias Sociais. Editorial Áncora

Mapas Murais da Editorial VICENS VIVES:

* Antigas Civilizacións

* O Imperio Exipcio

* Grecia e Roma

* Mapamundi Físico e Político

* Mapas Continentais Físicos e Políticos de: Europa, Asia, África, América e Oceanía.

* Globos terráqueos.

* Textos históricos seleccionados do libro de texto oficial e os das editoriais Vicens Vives e Oxford.

* Plano topográfico 1:25.000 de Pobra do Caramiñal.

* Diapositivas:

- "Geografía", Edit. Hiares.

- Historia Universal del Arte y de la cultura. Editorial Hiares.

- Historia del Arte Español. Editorial Hiares

* Enderezos de Internet:

- www.go.to/imperioromano

1.13 Programación de temas transversais

* Desenvolvemento do tema “A muller na Historia”. Trátase en tódolos temas de Historia deste 1º Ciclo de ESO (grupos de 1º e 2º), en cada tema referido ás diferentes civilizacións: Prehistoria, Antigas civilizacións do Próximo Oriente, da Época Clásica e dos pobos xermánicos.

Tamén se incide nesta transversalidade en certos capítulos da Xeografía, a estrutura laboral (a muller no mundo do traballo), as migracións, os problemas do déficit de natalidade, o aumento da natalidade coa aporte dos inmigrantes no mundo occidental, a diferenza de salarios, etc.

* A pobreza e as desigualdades sociais no mundo, esperanza de vida, escolarización, etc., mediante estatísticas e debates.

* As ONGs e as asociacións: o papel destas organizacións tendo en conta a actualidade: noticias dos medios de comunicación.

* O respecto entre iguais, a necesidade de normas para que funcionen as sociedades.

1.14 Medidas de atención á diversidade

No presente curso , no nivel de 1ºESO haberá 8 Adaptación Curriculares, que se realizarán en colaboración co Departamento de Orientación.

1.15 Actividades complementarias e extraescolares previstas.

* Visita didáctica ó Centro de interpretación arqueolóxica do Barbanza no concello de Boiro.

1.16 Tratamento do fomento da lectura e das TICs.

En canto ó tratamento do fomento da lectura, o Departamento, colaborará co equipo de biblioteca en todas aquelas actividades que este propoña.

En canto ó tratamento das TICs, o departamento adquiriu dous mini-ordenadores portátiles xunto cunha unidade exterior de DVD co fin de aproveitar o proxecto de posta en marcha de canóns fixos nas aulas.

Por outra parte, participárase no proxecto Abalar.

II- SEGUNDO CURSO DE ESO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA.

2.1 Contribución da materia as competencias básicas.

As dúas materias básicas que se imparten no 2º Curso de ESO, Xeografía e Historia, teñen a particularidade de engadir ó carácter instructivo propio de cada materia, o carácter contextualizador, axudando a centrar información dentro dunha perspectiva social global.

En primeiro lugar as materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia xogan un papel moi importante no desenvolvemento da **Competencia de comunicación lingüística**, e neste sentido hai que recordar que estas materias son tradicionalmente cualificadas como “*de letras*”, e polo tanto están directamente relacionadas cun correcto ler e escribir, e que ademais a lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, etc.

Pero, por outra banda, as propias materias de Xeografía e Historia teñen a súa propia linguaxe técnica, con termos e expresións que lle son específicos – relevo, chaira, precipitación, civilización, aristocracia, sistema feudal, etc., por exemplo-, e que é preciso utilizar para aplicar os principios de pertinencia e precisión. Por iso o profesorado prestará especial atención ó uso correcto e preciso, tanto dunha linguaxe apropiada, como duns termos técnicos elementais propios dos nosos saberes, co fin de que a linguaxe oral e escrita cumpra o seu papel de “*instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento...*”, e se converta en ferramenta de comprensión e representación da realidade.

Buscamos, en definitiva, tamén nas nosas disciplinas, que o alumno se achegue ó dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

Na **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** as contribucións das materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia son relevantes e permiten relacións interdisciplinares e incluso de complementariedade coas materias das Ciencias Naturais. Neste sentido cumpre recordar que a Xeografía –e as súas diferentes ramas- ten por obxecto o estudo das interrelacións entre home e medio físico no que se desenvolve. Por esas razóns os contidos de orde xeográfica permitirán “*a comprensión de sucesos, a predicción de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos*”.

Así os contidos e métodos da Xeografía permitirán a adecuada percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a grande escala, como no contorno inmediato, e as interaccións entre home e espazo derivadas dos asentamentos humanos, actividades económicas e as modificacións introducidas polo home e as paisaxes resultantes.

En definitiva, interactuar co mundo físico, tanto no que ten de espazo natural como na medida en que o transforma a acción humana, é un aspecto esencial no coñecemento social, en canto permite comprender mellor o que sucede, as consecuencias dun proceso determinado e as condicións de vida de homes e

mulleres, que son os suxeitos dos asuntos sociais.

Contribúese á adquisición desta competencia na medida en que se asegure que a dimensión espacial impregna a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo particular importancia o desenvolvemento de procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes e a súa representación cartográfica.

A área de Ciencias Sociais resulta tamén fundamental para o desenvolvemento da **Competencia social e cidadá**, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social.

É ben coñecido o papel que as Ciencias Sociais xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

A **Competencia cultural e artística** supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilízalas para o enriquecemento persoal e estímalas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar.

A contribución da área concrétese facilitando a selección e coñecemento de obras de arte relevantes, ben polo seu significado na caracterización de estilos e artistas.

No mundo actual é innegable a importancia que ten a **Competencia no tratamento da información e competencia** dixital para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área.

En todo caso, debe insistirse en que a información é preciso saber utilizala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, é necesario comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible.

A **Competencia para aprender a aprender** supón iniciarse na aprendizaxe e continuala dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar respostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas.

Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias.

2.2 Obxectivos didácticos xerais e actitudinais das materias.

2.1.1 Desenvolver a capacidade crítica e a creatividade dos alumnos mediante o fomento do procesamento autónomo da información, evitando as meras repeticións de coñecementos elaborados previamente.

2.1.2 Fomentar a capacidade de relacionar, de ir alén dunha simple acumulación memorística de información: relacionala multicausalmente, sintetizala, seleccionala, reelaborala, comprender os problemas estruturalmente e non de forma illada, é dicir, como realidades orgánicas interdependentes, algo así como "ecosistemas históricos" (como os ecosistemas nas Ciencias Naturais). Se buscará que se interprete a evolución das civilizacións como un proceso de cambio globalizador, que afecta a tódalas facetas da vida humana -económicas, sociais, culturais, políticas e ideolóxicas, e que se desenrola diacrónicamente en diferentes lugares do planeta.

2.1.3 Utilizar as diferentes formas de medición cronolóxica e contrastar a distinta utilidade das mesmas (as cronoloxías nas Ciencias Xeomorfolóxicas, as diferentes formas de medir o tempo na Prehistoria, na Idade Moderna, na actualidade, etc.). A representación gráfica das formas de medición.

2.1.4 Dotar ós alumnos das destrezas técnicas imprescindibles para poder abordar comentarios de textos (a un nivel moi elemental), manexo de mapas, gráficos, diapositivas, e dicir, dos documentos propios da Historia.

2.1.5 Fomentar o desenvolvemento da capacidade de expresión: insistiremos no aprendizaxe e na utilización sistemática dun vocabulario histórico e xeográfico básico e dun aparato conceptual -proprios da linguaxe dos historiadores e dos xeógrafos- que permita unha expresión rigorosa das ideas, e que se incorporará correctamente a comunicacións escritas, orais e mesmo a conversas espontáneas, e insistiremos tamén na importancia da lectura na consecución deste obxectivo. Neste sentido poñeremos especial empeño en evitar algo, desafortunadamente tan frecuente, como que os alumnos entendan pero logo non sexan capaces de expresar o que saben, de dar saída a esa comprensión previa.

2.1.6 Que se comprenda que a Historia, como ciencia social, en absoluto significa un conxunto de lembranzas do pasado, senón, sobre de todo, unha posibilidade de comprendernos como comunidade social desde as nosas orixes de proxectarnos no futuro. En definitiva, que se interprete como algo vivo, que forma parte da nosa vida cotiá, e que serve para enraizarnos con mais firmeza no noso medio sociocultural.

2.1.7 Fomentar o desenvolvemento dunha serie de valores humanos: respecto como necesidade para a convivencia, apertura ó diálogo e ó intercambio, a cooperación e o apoio mutuo -a pesar de estar inmersos nunha sociedade que valora tanto a competitividade-, a curiosidade e o interese polo saber para ser mais libres, etc.

2.1.8 Tratar de inculcar a idea de que os espazos -rexións- xeográficos son o resultado de variados condicionantes permanentemente interrelacinados que impón a Natureza, pero sobre todo, son fundamentalmente creacións de diversas sociedades portadoras de técnicas, tradicións, organizacións sociais, políticas, culturais, etc., propias, de aí a importancia das capacidades de relacionar.

2.1.9 Dotar ós alumnos das destrezas metodolóxicas básicas para poder abordar a realización das prácticas oportunas a partir de mapas, gráficos, táboas estatísticas, fotografías, diapositivas, e demais documentos propios da

Xeografía, que complementen os coñecementos teóricos impartidos na aula.

2.1.10 Fomentar e planificar a realización de actividades en equipo, ponderando as distintas aportacións dos compoñentes do grupo, inducendo a os seus membros a establecer normas de funcionamento, apoiando cos nosos consellos o traballo en común, e tamén respectando as normas e acordos de grupo.

2.3 Contidos e Temporalización.

Temporalización da 1ª Avaliación : se desenvolverá entre os meses de Setembro e Decembro e abarcará os contidos seguintes de Xeografía:

Tema 13 “Os habitantes do Planeta”

Contidos:

- A distribución da poboación.
- Estudio da densidade mundial con axuda dun mapa e datos cuantitativos.
- A evolución da poboación nos países ricos.
- A evolución da poboación nos países pobres.
- A desaceleración do crecemento da poboación.
- A dinámica da poboación nos países ricos.
- A dinámica da poboación nos países pobres.
- O crecemento natural ou vexetativo.
- A taxa de natalidade.
- A taxa de mortalidade.
- O saldo migratorio e as súas consecuencias.
- As migracións na actualidade.
- Interpretación dunha pirámide de poboación.
- A poboación activa e a poboación non activa.
- Os sectores productivos e a desigualdade entre os países.
- O problema do paro.

Tema 14 “A Poboación de España e de Galicia”

Contidos:

- O modelo de transición demográfico español.
- Interpretación de pirámides de poboación.
- A esperanza de vida da poboación española.
- As taxas de natalidade e fecundidade da poboación española.
- A taxa de mortalidade da poboación española.
- O crecemento vexetativo de España.
- Distribución da poboación no territorio español.
- O poboamento rural e urbano en España.
- A poboación e o traballo en España.
- Recoñecemento dos lugares de destino da emigración española desde a segunda metade do século XIX e identificación das súas causas.
- Estudio das razóns da inmigración estranxeira en España, clasificación pola súa orixe e composición así como valoración do fenómeno.
- A distribución da poboación en Galicia.

- A evolución demográfica de Galicia ao longo do século XX.
- A inmigración en Galicia.
- As minorías étnicas en Galicia.

Tema 15 “A Cidade e o Urbano”

Contidos:

- O concepto de cidade.
- As funcións urbanas: función político-militar, función comercial e financeira, función industrial, función cultural-artística e función residencial.
- A morfoloxía urbana: o casco antigo, o ensanche e os barrios periféricos.
- As etapas do crecemento de urbanización: a cidade preindustrial, a cidade industrial e a cidade postindustrial.
- As características das grandes cidades no mundo actual.
- A xerarquía urbana: metrópoles globais, metrópoles mundiais, metrópoles nacionais e centros rexionais e comarcais.
- A cidade como un ecosistema humano.
- A xerarquía das cidades españolas: metrópoles nacionais, metrópoles rexionais, metrópoles subrexionais, centros subrexionais e capitais comarcais.
- Os eixes do sistema urbano español.
- As cidades de Galicia.
- Identificación do crecemento urbano a través da análise de planos urbanos.
- Identificación do tipo de plano urbano que se corresponde coas diversas modalidades da morfoloxía urbana.
- Observación e análise dun mapamundi que mostra as aglomeracións urbanas do planeta.

Tema 16 “As Sociedades Humanas”

Contidos:

- A organización da sociedade humana.
- A evolución da sociedade humana: as sociedades tradicionais, as sociedades modernas e as sociedades postmodernas.
- A sociedade europea.
- Observación e análise da esperanza de vida nos países da Unión Europea.
- Estudio do Índice do Desenvolvemento Humano dos países europeos.
- A sociedade española e a galega.
- Explicación do nivel de benestar social de Galicia e comparación do Índice de Benestar social co resto de comunidades autónomas.
- A inmigración mundial.
- A cultura e a diversidade cultural.
- Recoñecemento da diversidade social e rexeitamento da discriminación por razón por etnia, relixión, sexualidade, estética, idade ou nivel económico.

- Valoración da diversidade lingüística en Europa.
- Comparación da esperanza de vida dos países da Unión Europea.

Temporización da 2ª Avaliación : se desenvolverá entre os meses de Xaneiro e Marzo e abarcará os contidos seguintes de Historia:

Introdución: “As invasións bárbaras”

A modo de contextualización e introdución aos tempos medievais faremos unha moi breve referencia ao tema indicado, en atención a que non puido ser abordado no curso precedente. Parécenos unha referencia fundamental e obrigada para facer comprensible ao alumnado o cambio de estruturas sociais, económicas e políticas que supuxeron a caída do Imperio Romano e a chegada de novos poboadores a Europa cos seus aportes culturais.

-A irrupción violenta dos xermanos no Imperio Romano como elemento acelerador da súa caída.

-Os pobos xermanos e o seu asentamento nos territorios do Imperio.

-O proceso de ruralización.

-Os suevos e os visigodos na Península Ibérica.

Tema 1 “O Islám e Al-Andalus”

As orixes do Islam.

- Características da relixión e as sociedades islámicas.
- Descrición dos elementos e lugares propios da sociedade e a relixión islámica.
- A expansión do Islam.
- Análise e interpretación de mapas e información cartográfica.
- Caracterización da sociedade islámica a partir da análise de diferentes pinturas.
- A conquista musulmana da Península e a formación de Al-Andalus.
- Lectura e interpretación de textos históricos da civilización andalusí.
- O califato de Córdoba e os reinos de taifas.
- As actividades económicas e a organización social en Al-Andalus.
- Explicación da vida palaciana e urbana en Al-Andalus a partir da observación e interpretación de debuxos.
- A cultura e a arte islámicas en Al-Andalus.
- Identificación dos principais restos de época andalusí existentes na Península Ibérica.
- Interese por coñecer e preservar o patrimonio cultural de época andalusí.
- Elaboración dun mapa conceptual sobre o Islam e Al-Andalus.
- Investigación sobre o mundo islámico na actualidade.

Tema 2 “A Europa Feudal”

- As orixes do feudalismo.
- A sociedade feudal.
- O rei e os seus vasallos. A nobreza guerreira.
- Os castelos medievais.
- Os campesiños no mundo feudal.
- A Igrexa cristiá: os cregos.

- As cruzadas.
- Os mosteiros medievais.
- A arquitectura románica.
- A pintura e a escultura románicas.
- Análise do contexto histórico que propiciou a aparición do feudalismo: a fragmentación do Imperio carolinxio.

Tema 3 “A Cidade Medieval”

- A recuperación da vida urbana.
- Análise da evolución demográfica desde o ano 500 ata o 1.300.
- Descrición das innovacións técnicas introducidas a partir do século XI.
- Comentario das cidades medievais.
- A artesanía e os gremios.
- O comercio: feiras, mercados e as grandes rutas comerciais.
- Identificación dos grandes centros mercantís europeos da Idade Media.
- A sociedade urbana.
- Descrición dunha casa-obradoiro e unha casa da burguesía.
- O apoio da burguesía ao poder real.
- As Cortes e os Parlamentos.
- A crise da Baixa Idade Media (séculos XIV e XV).
- A arquitectura gótica.
- A escultura e a pintura góticas.
- Lectura e interpretación de fontes primarias.

Tema 4 “Formación e Expansión dos reinos peninsulares”.

- A orixe dos reinos cantábricos: o reino de Asturias, o reino de León e a formación do reino de Castela.
- Os primeiros condados e os reinos pirenaicos.
- A expansión territorial dos séculos XI e XII.
- A repoboación dos territorios conquistados.
- O Camiño de Santiago.
- A interacción cultural entre cristiáns, musulmáns e xudeus.
- As comunidades xudeas.
- Os mozárabes e os mudéxares.
- O Románico na Península Ibérica.

Tema 5 “Os grandes reinos peninsulares”

- A consolidación dos reinos hispánicos.
- A Reconquista dos reinos de Castela, Portugal e a Coroa de Aragón durante o século XIII.
- A Repoboación.
- As institucións de goberno: a Monarquía, as Cortes e os Municipios.
- A economía do reino de Castela: a gandería, as rutas da lã e o Honrado Concello da Mesta.
- O poder da nobreza no reino de Castela.

- A economía e as rutas comerciais da Coroa de Aragón.
- As conquistas militares da Coroa de Aragón.
- A sociedade da Coroa de Aragón.
- A crise económica e social durante a Baixa Idade Media.
- Os enfrontamentos nobiliarios na Coroa de Castela.
- Os conflitos sociais na Coroa de Aragón.
- O Gótico na Península Ibérica: arquitectura, escultura e pintura.

Tema 6 “Galicia na Idade Media”

- A invasión musulmana.
- A integración no reino astur-leonés.
- A independencia e posterior unión de Galicia con León.
- A arte mozárabe.
- A feudalización de Galicia.
- Galicia: señores e campesiños.
- Os mosteiros galegos.
- As actividades económicas nos séculos XII e XIII.
- O Camiño de Santiago.
- Os conflitos sociais en Galicia ao final da Idade Media.
- A arte románica en Galicia.
- A arte gótica en Galicia.

Temporización da 3ª Avaliación : se desenvolverá entre os meses de Abril e Xuño e abarcará os contidos seguintes:

Tema 7 “Renacemento e Reforma”

- O Humanismo.
- Explicación da novidade introducida pola imprenta de Gutenberg e a súa contribución á difusión do Humanismo.
- A Reforma relixiosa.
- Localización nun mapa da difusión da Reforma.
- Comparación da doutrina, o culto e a organización dos católicos, luteranos, calvinistas e anglicanos.
- Exposición das razóns para o restablecemento da Inquisición española en relación coa loita contra os protestantes.
- Enumeración das medidas disciplinarias adoptadas no Concilio de Trento.
- A difusión da Contrarreforma.
- Os cortesáns e os mecenas.
- A concepción da arte do Renacemento.
- O Quattrocento.
- O Cinquecento.
- A difusión do Renacemento en Flandres, Alemaña e Francia.
- Observación e análise das obras do Renacemento italiano.

Tema 8 “A Monarquía Autoritaria: Os Reis Católicos”

- A Europa do século XV: o crecemento demográfico e económico, o ascenso da burguesía e o fortalecemento da monarquía.
- Explicación da influencia dos banqueiros na Europa do século XV.
- A unión de Castela e Aragón coa monarquía dos Reis Católicos.
- A expansión territorial baixo os Reis Católicos.
- A política exterior dos Reis Católicos.
- A articulación da nova monarquía.
- Identificación das institucións de goberno da Monarquía.
- A organización económica e social.
- A solución ao conflito de Remensa.
- O Humanismo español.
- A arquitectura do Renacemento español: plateresco, clasicista e herreriano.
- A escultura e a pintura renacentistas en España.
- Lectura, comentario e interpretación de textos históricos.
- Observación e análise de obras representativas do Renacemento español.
- Estudio das composicións pictóricas de O Greco.

Tema 9 “Os Grandes Descubrimentos Xeográficos”

- Os obxectivos das grandes viaxes.
- As expedicións portuguesas.
- O progreso da navegación.
- O proxecto de Colón.
- As catro viaxes colombianas.
- A repartición entre España e Portugal: o Tratado de Tordesillas.
- Exposición dos coñecementos achegados polas grandes expedicións do século XVI.
- Os pobos precolombianos: os maias, os aztecas e os incas.
- A conquista do Imperio americano.
- A organización dos territorios conquistados.
- A explotación dos recursos americanos.
- O comercio americano.
- A sociedade colonial: españois, amerindios, crioulos e poboación negra.

Tema 10 “O Imperio dos Austria”

- A herdanza imperial herdada por Carlos V.
- A revolta das Comunidades e as Xermanías.
- Os conflitos exteriores durante o reinado de Carlos V.
- O goberno de Filipe II.
- Explicación da política de Filipe II para a defensa da ortodoxia católica: as leis en defensa do catolicismo, a Inquisición e a persecución dos mouriscos.
- Descrición do armamento e vestiario dos tercios.
- A política exterior de Filipe II.

- A economía no século XVI.
- A demografía no século XVI.
- A sociedade no século XVI.
- A vida cotiá na época dos Austria.
- Filipe III: o goberno dos validos.
- Filipe IV: a fin da hexemonía en Europa.
- Análise dun mapa coas perdas territoriais impostas pola Paz de Westfalia.
- Carlos II: o solpor da Monarquía dos Austria.
- A crise demográfica e económica do século XVII.
- Os problemas sociais do século XVII.

Tema 11 “O Século do Barroco”

- A evolución demográfica e a sociedade europea do século XVII.
- A economía de Europa no século XVII: o comercio internacional, as manufacturas estatais e o sistema económico do mercantilismo.
- Localización das rutas comerciais europeas do século XVII.
- Os cambios políticos e relixiosos da Europa do absolutismo.
- Análise do mapa político de Europa tras a Paz de Westfalia.
- As características da monarquía absoluta.
- Descrición da política de Luís XIV como paradigma de monarca absoluto.
- Definición do concepto *Barroco* e análise do novo movemento cultural: estética, relixión e poder político.
- Descrición do Pazo de Versalles.
- A arquitectura, a escultura e a pintura barroca.
- O Barroco español.
- A filosofía e a ciencia no século XVII.

Tema 12 “Galicia na Idade Moderna”

- Os conflitos de finais da Idade Media.
- A guerra con Portugal (1640-1668).
- Galicia e os descubrimentos.
- As institucións de goberno da Monarquía Hispánica en Galicia durante os séculos XVI e XVII.
- A Xunta: unha institución propia de Galicia.
- O voto galego nas Cortes.
- A crise demográfica do século XVI en Galicia.
- A economía de Galicia nos séculos XVI e XVII.
- A estrutura social de Galicia durante os séculos XVI e XVII.
- A orixinalidade do Barroco galego.
- Outros edificios barrocos: as igrexas, os mosteiros e os pazos.
- O Barroco compostelán.

2.4 Contidos, Competencias Básicas e Criterios para avalialas por unidade didáctica.

Tema 1 “O Islám e Al-Andalus”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá:

- Garantese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico:

- Recoñecer xeograficamente o lugar de orixe do Islam e os territorios polos que se expandiu con posterioridade. (Páx. 5, *Investiga*; Páx. 9, *Observa o mapa*; Páx 19, Act. 3)
- Identificar espazos nos que se desenvolve a vida cotiá dunha sociedade histórica. (Páx. 7, *Descobre*; Páx. 13, *Observa o debuxo*; Páx. 15, *Observa a cidade*).
- Localizar xeograficamente a conquista musulmana da Península e as divisións administrativas en Al-Andalus. (Páx. 11, *Observa o mapa*; Páx. 12 *O califato de Córdoba...* e *Os principais reinos...*)

Competencia cultural e artística:

- Apreciar o valor estético das fontes primarias e a información que nos permite coñecer as raíces culturais das sociedades. (Páx. 4, Act. 1, Páx. 8, Act. 1).
- Caracterizar unha obra de arte e os elementos que a compoñen relacionándoa co seu contexto cultural. (Páx. 7, *Descobre*; Páx. 13, *Observa o debuxo*; Páx. 17, Acts. 1 e 2)

Tratamento da información e competencia dixital

- Interpretar mapas, gráficos e fontes primarias. (Páx. 5, *Investiga*, Páx. 9, *Observa o mapa*; Páx. 10, *A derrota do...* e *Pactos de...*; Páx. 11, *Observa o mapa*; Páx 19 , Act. 3).
- Buscar información en Internet ou outras fontes de información para ampliar os contidos. (Páx. 4, *Zon@web*; Páx. 15, Act. 2)

Competencia en comunicación lingüística

- Elaborar textos de diversa tipoloxía co vocabulario axeitado. (Páx. 7, Act. 2; Páx. 11, Act. 4; Páx. 15, Acts. 1 a 4; Páx. 17, Acts. 1 e 2; Páx. 18, *Sintetiza*)

Competencia matemática

- Situar cronoloxicamente o proceso de expansión do Islam no mundo e na Península Ibérica. (Páx. 19, Act. 3)

Competencia para aprender a aprender

- Analizar, sintetizar e relacionar as principais ideas. (Páx. 5, Acts. 1 a 3; Páx. 7, Acts. 3 e 4; Páx. 9, Acts. 4 a 6; Páx. 13, Acts. 3 e 4; Páx. 15, Acts. 3 e 4; Páx. 17, Acts. 1 e 2, Páx. 18, Act. 1 e *Sintetiza*)

Autonomía e iniciativa persoal

- Realizar pequenas investigacións, reflexionar sobre unha cultura diferente á propia e argumentar os puntos de vista persoais. (Páx. 7, Acts. 1 e 2; Páx 18, Act. 2).

Obxectivos didácticos:

- Describir as principais características do Islam e a súa influencia na organización social das sociedades islámicas.
- Coñecer os lugares sagrados do Islam e as súas principais manifestacións culturais.
- Explicar o proceso de expansión do Islam no mundo e en Al-Andalus.

- Caracterizar a sociedade e as diferentes formas de goberno existentes en Al-Andalus ao longo dos séculos.
- Valorar a riqueza da cultura islámica en Al-Andalus e recoñecer a importancia da herdanza musulmana na nosa cultura e patrimonio.
- Coñecer os monumentos de época andalusí que se conservan no noso territorio.
- Resolver as cuestións formuladas a partir da información obtida en debuxos, mapas e textos históricos.

Criterios de avaliación:

- Verificar que definen algúns dos conceptos básicos da relixión islámica.
- Constatar que explican a influencia da relixión na organización social, económica e política da sociedade islámica.
- Observar se completan oracións con información sobre a expansión do Islam.
- Ver se identifican a veracidade ou falsidade de afirmacións sobre a conquista de Hispania e o período dos Emiratos.
- Comprobar que relacionan períodos históricos de Al-Andalus con sucesos e personaxes históricos.
- Asegurarse de que caracterizan a economía e a sociedade andalusí a partir da lectura dun texto.
- Ver si describen as características xerais máis relevantes da arte islámica

Tema 2 “A Europa Feudal”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Recoñecer os edificios e os espazos máis característicos nos que se desenvolveu a vida dos homes e mulleres da Idade Media.
- Identificar a extensión territorial do Imperio carolinxio e a procedencia dos pobos invasores con axuda dun mapa de Europa.
- Identificar o percorrido das cruzadas mediante o recoñecemento das cidades polas que transitaba.

Competencia cultural e artística

- Observar, valorar e analizar de maneira técnica a arquitectura, a pintura e a escultura románica.
- Explicar cerimoniais que conforman a cultura política da Idade Media.

Tratamento da información e competencia dixital

- Interpretar mapas, gráficos e fontes primarias.
- Obter información, seleccionar a máis axeitada e expoñela por escrito.

Competencia en comunicación lingüística

- Elaborar textos de diversa tipoloxía utilizando o vocabulario adecuado.

Competencia matemática

- Coñecer o desenvolvemento das cruzadas con axuda das referencias cronolóxicas da lenda dun mapa e percibir a escala na que está representado.

Competencia para aprender a aprender

- Analizar, sintetizar e relacionar as principais ideas.
- Buscar explicacións multicausais aos problemas formulados.

Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar pequenas investigacións.
- Comparar os obxectivos previstos cos acadados e extraer conclusións.

Obxectivos didácticos:

- Identificar os factores que propiciaron a aparición e o desenvolvemento do feudalismo tras a morte de Carlomagno.
- Entender os pactos de fidelidade e vasalaxe dos distintos grupos sociais que integraban o sistema feudal.
- Explicar a composición dos estamentos da sociedade medieval.
- Comprender as funcións da monarquía feudal e da *Curia Rexia*.
- Coñecer os trazos distintivos do estamento nobiliario, a súa dedicación á guerra e o armamento que utilizaba.
- Describir como era un castelo medieval e como vivían os seus habitantes, facendo especial fincapé nas actividades que realizaba o señor do castelo.
- Saber como vivían os campesiños durante a Idade Media, e que tipo de relacións mantiñan cos señores feudais.
- Recoñecer a importancia da Igrexa e os mosteiros na Idade Media.
- Analizar a arquitectura, a pintura e a escultura románica

Criterios de avaliación:

- Ver se son quen de identificar os factores que propiciaron a aparición do feudalismo tras a morte de Carlomagno.
- Constatar que explican satisfactoriamente as funcións da monarquía feudal e da *Curia Rexia* durante a Idade Media.
- Confirmar que saben explicar en que consistían os pactos de fidelidade e de vasalaxe e que coñecen o ritual que acompañaba a cerimonia de armar a un cabaleiro.
- Observar se recoñecen a composición e as formas de vida dos distintos estamentos da sociedade medieval: nobres, eclesiásticos e campesiños.
- Coñecer as condicións de traballo dos campesiños da Idade Media; explicar o funcionamento dun feudo e o sistema de rotación dos cultivos.
- Comprobar que describen os edificios característicos da sociedade medieval: un castelo, unha vivenda campesiña, un mosteiro medieval e unha igrexa.
- Ver se explican a organización da Igrexa e a súa relevancia na vida política e social.
- Constatar que analizan obras da arquitectura, pintura e escultura románicas.

Tema 3 “A Cidade Medieval”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Perfeccionar o coñecemento da xeografía física de Europa a través do estudio de mapas históricos.
- Coñecer a distribución dos elementos máis significativos da cidade medieval.
- Recoñecer a xeografía política da Europa occidental na Idade Media e comparala coa actual.

Competencia cultural e artística

- Observar, valorar e analizar de maneira técnica a arquitectura, a pintura e a escultura gótica.

Tratamento da información e competencia dixital

- Comprender os datos ofrecidos en diversos soportes: mapas, táboas e gráficos.
- Buscar información, procesala e expoñer a que se considere máis relevante.

Competencia en comunicación lingüística

- Elaborar textos das diversas variantes do discurso utilizando o vocabulario preciso.
- Ler e comprender o significado de textos da Idade Media.

Competencia matemática

- Comparar os datos numéricos presentados nunha táboa que comprende unha evolución cronolóxica.
- Explicar a evolución dun valor representado nun gráfico.

Competencia para aprender a aprender

- Expor os principais contidos estudados.
- Desenvolver estratexias para organizar e memorizar a información.

Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar pequenas investigacións.
- Idear unha conclusión persoal e expor unha xustificación.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer as razóns da revitalización ou a orixe da cidade medieval.
- Recoñecer os grandes centros mercantís e as rutas comerciais da Idade Media.
- Coñecer a composición e o funcionamento dos gremios na cidade medieval.
- Entender a función do obradoiro medieval a partir da observación dunha casa-obradoiro dun mestre artesán.
- Identificar aos grupos sociais que habitaban a cidade medieval.
- Explicar o aumento do poder real co apoio da burguesía.
- Identificar os principais espazos da cidade medieval.
- Analizar as revoltas e os conflitos urbanos que tiñan lugar na cidade medieval.
- Describir tecnicamente unha catedral gótica indicando os seus elementos característicos.

- Comentar obras representativas da pintura gótica e recoñecer as características da escultura gótica.

Criterios de avaliación:

- Comprobar que saben explicar as orixes ou a revitalización da cidade medieval.
- Verificar que recoñecen o xurdimento da primeira gran ruta comercial mediterránea e dos principais centros mercantís europeos.
- Pescudar se saben analizar a organización e as funcións dos artesáns, os obradoiros e os gremios nas cidades da Idade Media.
- Confirmar que coñecen os diferentes grupos sociais que habitaban a cidade medieval: burguesía, clero urbano, artesáns, comerciantes, mendigos, etc.
- Ver se saben explicar as estratexias que seguiron os monarcas para afianzar o poder real.
- Constatar que explican as revoltas campesiñas e urbanas da Baixa Idade Media.
- Observar se analizan correctamente as obras representativas da arquitectura, a escultura e a pintura gótica.

Tema 4 “Formación e Expansión dos reinos peninsulares”.

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Recoñecer o espazo xeográfico e a organización territorial dos reinos cristiáns.
- Identificar os recursos materiais utilizados na Idade Media para mellorar a explotación económica dos campos.
- Detallar as localidades polas que transcorre o Camiño de Santiago.

Competencia cultural e artística

- Valorar positivamente a interrelación cultural entre as diversas culturas e relixións.
- Observar e analizar obras representativas do Románico.

Tratamento da información e competencia dixital

- Comprender os datos ofrecidos en soportes de diversa natureza: mapas, unha árbore xenealóxica e ilustracións.
- Obter información a través das tecnoloxías da comunicación.

Competencia en comunicación lingüística

- Redactar textos que cumpran as regras ortográficas e sexan claros.
- Ampliar o vocabulario mediante a definición dalgúns termos.

Competencia matemática

- Utilizar os números romanos como criterio de expresión dos séculos.

Competencia para aprender a aprender

- Sintetizar os principais contidos e establecer as relacións entre eles.
- Desenvolver estratexias para organizar e memorizar a información co fin de facilitar a súa asimilación e estudo.

Autonomía e iniciativa persoal

- Xustificar unha afirmación individualmente e de forma razoada.
- Planificar a busca de información.

Obxectivos didácticos:

- Identificar a evolución das fronteiras entre o mundo cristián e musulmán na Península Ibérica nos inicios do século X.
- Coñecer a creación e a evolución do primeiro reino independente aparecido dentro do dominio islámico: o reino de Asturias.
- Expor o desenvolvemento do reino de León e do reino de Castela.
- Recoñecer a función da Marca Hispánica.
- Coñecer a creación e a evolución do reino de Navarra, o condado de Aragón e os condados cataláns.
- Expor a ofensiva dos reinos cristiáns entre os séculos XI e XII e a reacción islámica coa entrada dos almorávides e almohades.
- Comprender o que eran as repoboacións, como se realizaron e evolucionaron.
- Coñecer a base da economía dos reinos cristiáns.
- Entender a importancia do Camiño de Santiago na Idade Media como un medio de intercambio cultural e económico.
- Analizar a arte románica da Península Ibérica.
- Recoñecer a achega cultural e artística que realizaron na Península diversas comunidades: cristiáns, xudeus e musulmáns.

Criterios de avaliación:

- Confirmar que entenden a evolución do reino de Asturias, o desenvolvemento do reino de León, as orixes do reino de Castela e a constitución da Marca Hispánica.
- Observar se saben explicar os trazos xerais da evolución de Navarra, Aragón e os condados cataláns.
- Ver se recoñecen as ofensivas dos reinos cristiáns entre os séculos XI e XII, así como a reacción dos monarcas islámicos.
- Verificar que coñecen as actividades económicas dos primeiros reinos cristiáns.
- Comprobar que coñecen como se produciu a repoboación e diferencian as repoboacións libres das municipais e as monásticas.
- Valorar se comprenden a importancia do Camiño de Santiago na Idade Media tanto na revitalización da economía como na penetración de ideas.
- Comprobar que identifican as comunidades que conviviron na Península.
- Ver se saben caracterizar a arte románica.

Tema 5 “Os grandes reinos peninsulares”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Identificar as rutas comerciais e a organización territorial da Península Ibérica.
- Localizar as cidades que conformaban a expansión comercial e política de Castela e a Coroa de Aragón no Atlántico e o Mediterráneo.

Competencia cultural e artística

- Valorar as obras artísticas como fonte de coñecemento histórico.
- Observar e describir de xeito técnico obras representativas do Gótico español.

Tratamento da información e competencia dixital

- Entender o contido expresado en mapas, eixes cronolóxicos e esquemas.
- Obter información en recursos alternativos ao libro e expor os resultados.

Competencia en comunicación lingüística

- Ler e comprender fontes primarias.
- Elaborar redaccións nas diversas modalidades do discurso expresándose coa terminoloxía estudada.

Competencia matemática

- Establecer unha cronoloxía dos acontecementos utilizando a linguaxe matemática.
- Comparar valores segundo un criterio cronolóxico e territorial.

Competencia para aprender a aprender

- Sintetizar as principais ideas e expoñelas por escrito.
- Obter información e organizala de xeito que se facilite a súa memorización

Autonomía e iniciativa persoal

- Idear a procura de información para resolver cuestións que requiren unha reflexión individual así como unha xustificación razoada.
- Realizar actividades individuais en que se revise o feito e se compare cos obxectivos formulados.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer a evolución e a consolidación dos reinos hispánicos.
- Localizar nun mapa o desenvolvemento da Reconquista dos reinos de Castela, Portugal e a Coroa de Aragón no século XIII.
- Describir a forma en que se levou a cabo a repoboación dos territorios conquistados polos reinos cristiáns, e comparar o trato que se lle deu á poboación islamizada.
- Explicar a organización do poder e as institucións de goberno dos reinos de Castela, Navarra e a Coroa de Aragón.
- Analizar a produción agrícola, o comercio da Coroa de Castela e a súa expansión territorial polo Atlántico.
- Coñecer a expansión comercial da Coroa de Aragón polo Mediterráneo, así como as súas conquistas militares na zona.
- Analizar as consecuencias da crise económica, social e política que tivo lugar na Baixa Idade Media.
- Coñecer as principais características da arte gótica peninsular.

Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen a consolidación dos reinos hispánicos.

- Verificar que localizan nun mapa as principais etapas da Reconquista nos séculos XII e XIII, e explican o distinto proceso de repoboación en Castela e Aragón.
- Ver se determinan satisfactoriamente as institucións de goberno dos reinos peninsulares e establecen as súas diferencias políticas.
- Constatar que explican adecuadamente o proceso de expansión política e económica da Coroa de Aragón e da Coroa de Castela.
- Avaliar se son quen de caracterizar a crise da Baixa Idade Media.
- Comprobar que recoñecen obras e artistas do Gótico na Península Ibérica.
- Descubrir se interpretan correctamente as fontes históricas traballadas, así como os debuxos, mapas, textos e eixes cronolóxicos do tema.

Tema 6 “Galicia na Idade Media”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Identificar as localidades e as comunidades actuais por onde transcorre o Camiño de Santiago.
- Explicar o desenvolvemento urbano en Galicia na Idade Media e identificar as localidades.

Competencia cultural e artística

- Identificar os elementos decorativos dos mosteiros galegos.
- Observar e analizar obras representativas do románico e gótico en Galicia.

Tratamento da información e competencia dixital

- Comprender os datos presentados en documentos cartográficos.
- Recuperar información, analízala e extraer conclusións.

Competencia en comunicación lingüística

- Redactar textos descritivos e explicativos servíndose do vocabulario axeitado.
- Perfeccionar a comprensión lectora de textos da Idade Media.

Competencia matemática

- Expresar a orde cronolóxica de acontecementos mediante o uso de números romanos para identificar os séculos.

Competencia para aprender a aprender

- Sintetizar as principais ideas expostas no tema e relacionalas entre si.
- Recolla, clasificación e análise da información obtida por diversos medios.

Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar a realización dun traballo individual, comparar os obxectivos previstos cos alcanzados e tirar conclusións.

Obxectivos didácticos:

- Detallar a chegada dos musulmáns e as razóns da súa breve presenza en Galicia.
- Explicar a anexión de Galicia ao reino astur-leonés.

- Especificar o que é a arte mozárabe e recoñecer as súas principais manifestacións en Galicia.
- Desenvolver a evolución política de Galicia ao longo do século X e XI.
- Explicar en que consistiu a feudalización de Castela.
- Comprender a organización social da Galicia feudal.
- Detallar as actividades económicas desenvolvidas durante os séculos XII ao XIII.
- Coñecer o Camiño de Santiago, as razóns da peregrinación e a súa relevancia para o intercambio comercial e intelectual.
- Recoñecer a crise dos séculos XIV e XV.
- Identificar os conflitos sociais de Galicia a finais da Idade Media e expor as causas destes enfrontamentos.
- Expor os trazos da arte románica en Galicia.
- Describir as principais mostras de arte gótica en Galicia.

Criterios de avaliación:

- Asegurarse de que explican a chegada dos musulmáns aos territorios galegos.
- Ver se coñecen como se produciu a anexión de Galicia ao reino astur-leonés e as consecuencias que diso se derivaron.
- Verificar que identifican a evolución política de Galicia desde os séculos X ao XIII.
- Avaliar se explican correctamente en que consistiu a feudalización de Galicia e a relacionan cos grupos sociais da Idade Media.
- Comprobar que detallan as principais actividades económicas en Galicia nos séculos XII e XIII.
- Confirmar que valoran a contribución do Camiño de Santiago á economía e cultura de Galicia.
- Constatar que recoñecen os conflitos sociais do final da Idade Media en Galicia.
- Pescudar se analizan correctamente o Románico e mais o Gótico en Galicia.

Tema 7 “Renacemento e Reforma”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Percibir e localizar o espazo físico no que se difundiu a Reforma.
- Describir os edificios representativos do Renacemento.

Competencia cultural e artística

- Entender o cambio na mentalidade artística e cultural achegados polo Humanismo e o Renacemento.
- Observar e estudar as obras artísticas do Quattrocento e o Cinquecento.

Tratamento da información e competencia dixital

- Comprender os datos que se presentan en diversos formatos: mapas, táboas e pinturas.
- Buscar información en fontes alternativas ao libro, seleccionala e expoñela.

Competencia en comunicación lingüística

- Ler e comentar fragmentos de textos literarios.
- Definir algúns vocábulos específicos da materia para ampliar o vocabulario tanto no seu uso académico como habitual.

Competencia matemática

- Aplicar o recoñecemento de formas xeométricas para entender o principio da perspectiva utilizado na arte renacentista.

Competencia para aprender a aprender

- Recompilar e analizar información destacando os principais contidos estudiados co fin de facilitar o estudio.

Autonomía e iniciativa persoal

- Expoñer unha hipótese sobre o significado de obras artísticas e xustificala.
- Planificar a busca de información.

Obxectivos didácticos:

- Comprender as orixes, as principais características e a evolución do pensamento humanista.
- Explicar a importancia da invención da imprenta de Gutenberg na difusión do Humanismo así como a contribución das academias e as universidades.
- Entender as causas da reforma eclesiástica protestante.
- Expoñer os principios básicos nos que se fundamenta a Reforma luterana.
- Diferenciar os principais aspectos das diferentes doutrinas reformistas.
- Analizar a reacción da Igrexa católica e o proceso de Contrarreforma relixiosa.
- Recoñecer a concepción da arte renacentista.
- Comentar obras artísticas representativas do Quattrocento e o Cinquecento.
- Identificar obras significativas do Renacemento en Flandres, Alemaña e Francia.
- Aprender a utilizar con precisión o vocabulario introducido neste tema.

Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen as características máis importantes do pensamento humanista.
- Comprobar que recoñecen as causas que desencadearon a Reforma eclesiástica protestante e a súa posterior difusión .
- Confirmar que coñecen as diferencias entre as doutrinas reformistas.
- Ver se analizan axeitadamente a reacción da Igrexa católica fronte á Reforma.
- Constatar que recoñecen a inspiración clásica da arte renacentista e que identifican a algúns dos seus máis destacados representantes.

- Verificar que recoñecen e analizan algunhas obras representativas do Quattrocento e do Cinquecento.
- Comprobar que identifican as obras renacentistas de Flandres, Alemaña e Francia.

Tema 8 “A Monarquía Autoritaria: Os Reis Católicos”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Entender a interacción entre as actividades humanas e o medio físico a través do comentario da importancia dos portos.
- Coñecer o ámbito xeográfico polo que se estendeu a monarquía dos Reis Católicos.

Competencia cultural e artística

- Establecer as peculiaridades do humanismo español.
- Observar e analizar obras artísticas do Renacemento representativas do patrimonio artístico e cultural español.

Tratamento da información e competencia dixital

- Obter datos e procesalos así como entender a información disposta nun organigrama.
- Acceder a recursos educativos a través de Internet.

Competencia en comunicación lingüística

- Redactar textos de diversa tipoloxía.
- Ler e comprender textos de diversa tipoloxía.

Competencia matemática

- Recoñecer a cronoloxía duns acontecementos con axuda das datas e relacionalos coa súa situación espacial.

Competencia para aprender a aprender

- Aplicar razoamentos de distintos tipos.
- Buscar explicacións complexas que comprendan máis dunha causa.

Autonomía e iniciativa persoal

- Analizar obras artísticas e xustificar de maneira razoada as respostas.
- Planificar a busca de información.

Obxectivos didácticos:

- Analizar as transformacións demográficas, económicas e sociais que tiveron lugar en Europa no século XV.
- Saber como se articulou a unificación política da Península Ibérica durante o reinado dos Reis Católicos.
- Recoñecer a expansión territorial e a política exterior dos Reis Católicos.
- Describir as institucións da Monarquía autoritaria en Castela e relacionalas co afianzamento do poder real.
- Explicar como se produciu a uniformidade relixiosa.
- Coñecer a organización económica e social durante o reinado dos Reis Católicos.
- Identificar os principais humanistas españois e valorar a súa contribución á cultura española.

- Diferenciar os estilos arquitectónicos da arquitectura do Renacemento español.
- Utilizar correctamente o vocabulario específico para este período histórico.
- Interpretar criticamente a información contida en textos e mapas históricos.

Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen as transformacións demográficas, económicas e sociais que tiveron lugar en Europa durante o século XV.
- Verificar que saben explicar como se articulou a unificación política da Península Ibérica durante o reinado dos Reis Católicos.
- Ver se coñecen como se organizou a monarquía autoritaria dos Reis Católicos.
- Pescudar se explican as bases da economía de Castela e a Coroa de Aragón.
- Constatar que diferencian os grupos sociais en época dos Reis Católicos.
- Comprobar que identifican e analizan correctamente as obras representativas do Renacemento español.

Tema 9 “Os Grandes Descubrimentos Xeográficos”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Identificar as rutas que percorreron as diversas expedicións dos séculos XV e XVI e reflexionar sobre os coñecementos xeográficos nesta época.
- Localizar con axuda dun atlas os estados actuais nos que se desenvolveron as civilizacións precolombianas.

Competencia cultural e artística

- Describir mostras artísticas da civilización precolombiana.

Tratamento da información e competencia dixital

- Obter información coa consulta en fontes alternativas ao libro, utilizando se é o caso as novas tecnoloxías, e seleccionar a máis pertinente.
- Analizar a información presentada en atlas históricos comprendendo os códigos establecidos na lenda.

Competencia en comunicación lingüística

- Ler, comprender e expoñer de maneira clara e ordenada as principais ideas dun texto coetáneo aos grandes descubrimentos.
- Redactar textos explicativos e descritivos utilizando o vocabulario específico.

Competencia matemática

- Comprender a evolución temporal dos acontecementos estudados mediante a sinalización das referencias cronolóxicas.

Competencia para aprender a aprender

- Sintetizar os principais contidos e relacionalos entre si.
- Exercitar a busca de información como un recurso necesario para ampliar os coñecementos adquiridos.

Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar decisións entre diversas alternativas tras unha reflexión razoada.
- Planificar a busca de información sopesando o recurso máis conveniente segundo a natureza da investigación.

Obxectivos didácticos:

- Expoñer os obxectivos das grandes viaxes.
- Identificar as expedicións portuguesas.
- Recoñecer os descubrimentos científicos e técnicos que permitiron as grandes expedicións.
- Explicar como se produciu o descubrimento do continente americano.
- Detallar os erros sobre os que se asentou o proxecto de Colón.
- Coñecer a traxectoria da primeira volta ao mundo, data-la e identificar aos seus protagonistas.
- Identificar e localizar nun mapa as civilizacións precolombianas.
- Entender as grandes expedicións do Imperio americano e relacionalas cos principais conquistadores.
- Especificar as institucións nas que se organizou o Imperio americano.
- Detallar o modo en que se explotaron os recursos da América española.
- Coñecer as principais características da sociedade colonial.
- Analizar criticamente a información contida en textos e mapas históricos.

Criterios de avaliación:

- Constatar que expoñen os obxectivos das grandes viaxes marítimas.
- Verificar que explican correctamente como se produciu o descubrimento do novo continente.
- Ver se recoñecen o traxecto da primeira volta ao mundo.
- Constatar que identifican as principais civilizacións precolombianas e as sitúan no seu ámbito xeográfico.
- Pescudar se desenvolven como se produciu a conquista de México e Perú.
- Comprobar que comprenden a organización institucional do Imperio americano.
- Confirmar que coñecen como se explotaba a man de obra indíxena e identifican os recursos que se extraían da América española.
- Ver se identifican os grupos que constituían a sociedade colonial.

Tema 10 “O Imperio dos Austria”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Recoñecer a extensión territorial europea do Imperio de Carlos V.
- Identificar os cambios no mapa europeo tras a Paz de Westfalia.

Competencia cultural e artística

- Recoñecer e apreciar as manifestacións artísticas e culturais que se celebraban na época dos Austria.
- Comentar obras pictóricas representativas da historia da arte española e universal.

Tratamento da información e competencia dixital

- Obter e comprender os contidos presentados en diversos formatos e seleccionar os que se consideren máis interesantes.
- Coñecer o significado de información presentada en mapas, gráficos, esquemas, debuxos e táboas.

Competencia en comunicación lingüística

- Entender o significado dunha serie de textos de diversa tipoloxía.
- Redactar textos explicativos e descritivos co vocabulario estudado.

Competencia matemática

- Comparar cantidades expresadas en números absolutos e porcentaxes.

Competencia para aprender a aprender

- Elaborar resumos cos contidos máis relevantes do tema.
- Obter información e organizala de maneira que se facilite a súa memorización.

Autonomía e iniciativa persoal

- Desenvolver iniciativas de planificación na busca de información.
- Realizar actividades individuais que requiren analizar, actuar e revisar o feito.

Obxectivos didácticos:

- Expoñer os conflitos internos e externos do reinado de Carlos V.
- Identificar os territorios que conformaban o Imperio europeo de Carlos V.
- Coñecer os órganos de goberno e as institucións da monarquía dos Austria.
- Especificar as razóns que explican a política interior e exterior de Filipe II.
- Recoñecer as principais actividades económicas desenvolvidas no século XVI.
- Diferenciar os grupos da sociedade hispánica do século XVI.
- Entender como era a vida cotiá na época dos Austria.
- Explicar en que consistía o goberno dos validos.
- Comprender as razóns tanto exteriores como interiores que explican a fin da hexemonía de España en Europa.
- Detallar as razóns que explican a crise social e económica do século XVII.

Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen a extensión do Imperio europeo de Carlos V e especifican os conflitos internos e exteriores aos que fixo fronte.
- Verificar que especifican o sistema de goberno establecido por Filipe II.
- Ver se recoñecen as repercusións da chegada de ouro e prata americanos e as actividades económicas na España do século XVI.
- Constatar que identifican os grupos da sociedade hispánica no século XVI.

- Avaliar se explican as causas do declive do Imperio dos Austria acontecido no século XVII.
- Comprobar que comprenden as razóns da crise social e económica do século XVII.
- Confirmar que se expresan utilizando de maneira axeitada o vocabulario específico.

Tema 11 “O Século do Barroco”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántease a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Recoñecer os cambios no mapa político europeo no século XVII.
- Identificar a relación comercial dos principais centros comerciais e industriais europeos co resto do mundo.

Competencia cultural e artística

- Coñecer as principais características estéticas da arte barroca e as peculiaridades nacionais que presenta.
- Observar e analizar obras representativas do Barroco.

Tratamento da información e competencia dixital

- Interpretar información ofrecida en mapas, debuxos e esquemas.
- Analizar formalmente a información dunha obra artística.

Competencia en comunicación lingüística

- Elaborar descrições utilizando a terminoloxía exposta na explicación.
- Comprender textos do século XVII que incorporan o vocabulario político da época.

Competencia matemática

- Observar e comentar a representación gráfica de diversos valores expostos nun eixe cronolóxico.

Competencia para aprender a aprender

- Sintetizar as principais ideas expostas no tema e relacionalas entre si co fin de alcanzar unha comprensión global dos contidos traballados.
- Recolla, clasificación e análise da información obtida por diversos medios.

Autonomía e iniciativa persoal

- Extraer conclusións a través da observación directa dos obxectos de estudio.
- Expresar a opinión persoal sobre unha obra artística apreciando o seu valor estético.

Obxectivos didácticos:

- Analizar a evolución demográfica europea ao longo do século XVII.
- Explicar as características da economía e a sociedade do século XVII.
- Identificar os aspectos máis significativos da Europa do absolutismo.
- Comprender os principios da monarquía absoluta e como se organiza o poder.
- Coñecer os novos valores estéticos introducidos polo Barroco.
- Explicar o contexto político e relixioso en que se inscribe o Barroco.
- Analizar o Pazo de Versalles.

- Especificar as características da escultura e a arquitectura barrocas.
- Describir os elementos comúns da pintura barroca e as singularidades da escola italiana e as variantes flamenga e holandesa.
- Expor as características da arquitectura e a escultura do Barroco español.
- Identificar os pintores máis representativos do Século de Ouro da pintura española con especial atención á obra de Diego Velázquez.
- Recoñecer a importancia da revolución científica e a filosofía do século XVII.

Criterios de avaliación:

- Pescudar se explican as características da economía e a sociedade do século XVII.
- Ver se recoñecen os cambios políticos e relixiosos que se produciron no século XVII.
- Verificar que coñecen as bases sobre as que se asentaba a monarquía absoluta e identifican a organización do goberno absoluto.
- Avaliar se enumeran os novos valores estéticos do Barroco.
- Comprobar que coñecen as características xerais da escultura e a arquitectura barrocas, e se identifican os seus artistas máis importantes.
- Confirmar que recoñecen os aspectos máis destacados da pintura barroca e as súas variantes italiana, flamenga e holandesa.
- Constatar que caracterizan a arquitectura e a escultura barroca española.
- Pescudar se analizan correctamente pinturas de Diego de Velázquez.

Tema 12 “Galicia na Idade Moderna”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Recoñecer sobre un mapa a distribución administrativa do espacio galego durante a Idade Moderna.
- Perfeccionar o coñecemento da paisaxe urbana de Galicia a través do estudio de edificios significativos do Barroco.

Competencia cultural e artística

- Recoñecer as características específicas do Barroco en Galicia.
- Identificar artistas así como observar e describir de xeito técnico as obras máis salientadas do Barroco en Galicia.

Tratamento da información e competencia dixital

- Recompilar información e organizala nun esquema de xeito que quede clasificada e se facilite a súa rápida consulta.
- Buscar información en fontes alternativas ao libro, procesala e expor os resultados obtidos.

Competencia en comunicación lingüística

- Comprender textos de diversa natureza destacando as súas principais ideas.
- Elaborar textos de diversa tipoloxía respectando as normas ortográficas e facendo uso do vocabulario específico estudiado no tema.

Competencia matemática

- Estudiar a evolución dun valor entre dúas datas para chegar a conclusións cuantitativas aplicadas ás ciencias sociais.

Competencia para aprender a aprender

- Recuperar a información, clasificala nun esquema para facilitar a súa análise indicando as relacións entre os contidos estudados.
- Sintetizar os contidos máis relevantes para facilitar a súa asimilación.

Autonomía e iniciativa persoal

- Analizar os contidos e revisar as respostas individuais.
- Razoar de xeito convincente un argumento.

Obxectivos didácticos:

- Expor os conflitos acontecidos en Galicia durante os séculos XIV e XV, e mais as razóns destes enfrontamentos.
- Destacar as vantaxes que para Galicia supuxo a unión de España e Portugal.
- Coñecer as repercusións que para Galicia significou a guerra con Portugal.
- Identificar as institucións de goberno creadas polos Reis Católicos para gobernar Galicia e especificar as funcións de cada unha delas.
- Explicar o sistema de voto nas Cortes.
- Coñecer as provincias en que foi dividida Galicia nos comezos da Idade Moderna.
- Detectar o declive demográfico de Galicia no século XVI, a súa incidencia por cidades e expor as causas que explican esta crise.
- Detallar as principais actividades comerciais e industriais que se desenvolven en Galicia durante os séculos XVI e XVII.
- Valorar a achega á agricultura da introducción do millo e da pataca.
- Identificar a estrutura social de Galicia nos séculos XVI e XVII, e razoar as diferencias entre os privilexiados e mais o resto da sociedade.
- Especificar as peculiaridades do Barroco en Galicia.
- Enumerar e analizar obras barrocas de Galicia e, sobre todo, de Compostela.

Criterios de avaliación:

- Confirmar que coñecen as repercusións para Galicia da guerra entre España e Portugal (1640-1668).
- Valorar se identifican as institucións creadas polos Reis Católicos para levar a cabo a súa política centralizadora e a función da Xunta na Idade Moderna.
- Pescudar se explican as razóns do descenso demográfico do século XVI en Galicia.
- Constatar que especifican a estrutura social de Galicia na Idade Moderna.
- Observar se expoñen correctamente as peculiaridades do Barroco galego.
- Comprobar que identifican obras representativas do Barroco en Galicia.

- Ver se clasifican os principais artistas do Barroco compostelán segundo a xeración á que corresponden.

Tema 13 “Os habitantes do Planeta”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Percibir o espazo mundial a través da observación do mapa do mundo e diferenciar os países segundo as súas características demográficas.
- Relacionar as actividades económicas coas condicións do medio.

Competencia cultural e artística

- Estimar a riqueza e diversidade cultural achegada polos inmigrantes nas sociedades de acollida.

Tratamento da información e competencia dixital

- Analizar datos presentados en diversos formatos: mapas, táboas, gráficos e pirámides de poboación.
- Obter información, seleccionala e expoñela.

Competencia en comunicación lingüística

- Definir conceptos específicos dos factores demográficos.
- Redactar textos de diversa tipoloxía utilizando o vocabulario axeitado.

Competencia matemática

- Coñecer o modo de calcular os factores demográficos e comparar valores expresados tanto en porcentaxes como en números absolutos.
- Interpretar a representación gráfica de valores expresados en porcentaxes.

Competencia para aprender a aprender

- Sintetizar e relacionar os principais contidos estudados.
- Buscar información e organizala para facilitar o seu estudio e memorización.

Autonomía e iniciativa persoal

- Idear a xustificación razoada a unha aseveración.
- Realizar un debate cos compañeiros.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer os distintos factores que condicionan a distribución da poboación na superficie da Terra.
- Definir o concepto de *densidade de poboación*.
- Detallar a evolución da poboación mundial.
- Recoñecer as causas da desigual dinámica da poboación nos países ricos e nos países pobres.
- Entender os conceptos de *taxa de natalidade*, *taxa de fecundidade* e *taxa de mortalidade* e saber como se calculan.
- Analizar as consecuencias que xeran os movementos migratorios nos territorios cun saldo migratorio negativo ou positivo.
- Identificar os principais fluxos migratorios a escala planetaria.
- Interpretar unha pirámide de poboación.
- Saber como se reparte a poboación mundial segundo a actividade económica.

- Participar en discusións e debates cunha actitude constructiva, crítica e tolerante.

Criterios de avaliación:

- Pescudar se coñecen os factores da distribución da poboación no mundo.
- Verificar que diferencian a evolución da poboación nos países ricos e pobres.
- Ver se son quen de interpretar unha pirámide de poboación.
- Constatar que utilizan correctamente os factores demográficos ao referirse á dinámica da poboación mundial.
- Pescudar se identifican os fluxos migratorios na actualidade.
- Comprobar que recoñecen as características da poboación e o traballo en relación co grao de desenvolvemento dun país.
- Confirmar que comprenden o problema do paro

Tema 14 “A Poboación de España e de Galicia”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Identificar a distribución demográfica na xeografía española e galega.
- Recoñecer os focos de emisión e recepción dos movementos migratorios tanto interiores como exteriores.

Competencia cultural e artística

- Estimar a achega do fenómeno migratorio á diversidade cultural da sociedade española e galega.

Tratamento da información e competencia dixital

- Interpretar información ofrecida en diversos formatos: gráficos, mapas e pirámides de poboación.
- Obter información a través da consulta das tecnoloxías da información.

Competencia en comunicación lingüística

- Definir o significado de determinados conceptos demográficos.
- Elaborar textos de diversa tipoloxía expresándose coa terminoloxía propia do estudio demográfico.

Competencia matemática

- Tirar conclusións cuantitativas do estudio dunha representación gráfica que mostra a evolución dun valor durante un período de tempo determinado.
- Comparar cantidades expresadas en porcentaxes.

Competencia para aprender a aprender

- Sintetizar e relacionar os conceptos estudados.
- Recuperar os datos ofrecidos na explicación e organizalos co fin de facilitar a súa comprensión e asimilación.

Autonomía e iniciativa persoal

- Expresar e defender de maneira razoada a opinión sobre contidos estudados.
- Realizar clasificacións nas que se exerciten a toma de decisións para seleccionar entre diversas alternativas dunha maneira xustificada.

Obxectivos didácticos:

- Localizar a distribución da poboación española e galega no territorio.
- Definir as características da poboación española: os índices de natalidade e fecundidade, a esperanza de vida e a taxa de mortalidade.
- Analizar a procedencia da poboación inmigrante de Galicia e de España.
- Valorar a achega económica e cultural da inmigración.
- Diferenciar o poboamento rural e o poboamento urbano en España.
- Clasificar a poboación activa en España por sectores económicos.
- Valorar a incorporación da muller ao mundo laboral en España.
- Explicar as causas da emigración no pasado e identificar os lugares de destino.
- Explicar a evolución demográfica galega no século XX.
- Valorar a achega das minorías étnicas de Galicia.

Criterios de avaliación:

- Pescudar se establecen as características do modelo de transición demográfica en España e indican a cronoloxía desta evolución.
- Verificar que recoñecen as características da poboación española.
- Ver se identifican a distribución demográfica tanto en España como en Galicia.
- Comprobar que saben elaborar e interpretar adecuadamente unha pirámide de poboación e que identifican as características da poboación dunha sociedade a través do modelo de pirámide correspondente.
- Constatar que coñecen as diferencias entre o poboamento rural e urbano en España.
- Avaliar se saben a distribución da poboación activa de España por sectores económicos e comentan a evolución do paro.
- Comprobar que coñecen a emigración histórica dos españois e lles prestan especial atención á dos galegos.
- Asegurarse de que distinguen os grupos de inmigrantes que encontramos en España e Galicia en función da súa orixe e composición.

Tema 15 “A Cidade e o Urbano”**Competencias básicas:****Competencia social e cidadá:**

- Garantirse a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Diferenciar a morfoloxía urbana e relacionala coas actividades económicas.
- Establecer a xerarquía de cidades do mundo, España e Galicia.

Competencia cultural e artística

- Apreciar a función cultural dos centros urbanos.

Tratamento da información e competencia dixital

- Coñecer os diferentes tipos de planos urbanos que representan a morfoloxía urbana.

- Comprender o significado de mapas mediante a aplicación dunha diversidade de códigos sinalados na lenda.

Competencia en comunicación lingüística

- Definir vocábulos e expresións propias do urbanismo.
- Comprender as explicacións e elaborar redaccións utilizando a terminoloxía propia da materia.

Competencia matemática

- Realizar cálculos e deducir conclusións sobre eles.
- Comparar valores expresados en números enteiros e porcentaxes.

Competencia para aprender a aprender

- Sintetizar os contidos traballados.
- Predicir efectos dos fenómenos sociais.

Autonomía e iniciativa persoal

- Reflexión e xustificar determinadas aseveracións.
- Indagar sobre o contorno inmediato.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer os factores que definen a cidade.
- Establecer as distintas funcións urbanas.
- Recoñecer a utilidade do plano urbano para caracterizar as diversas morfoloxías urbanas.
- Diferenciar as etapas do crecemento urbano ao longo do tempo.
- Comprender as características das grandes cidades do mundo.
- Establecer os catro niveis básicos da xerarquía urbana.
- Entender a cidade como un ecosistema humano.
- Expor a estrutura do sistema urbano español.
- Especificar as particularidades das cidades de Galicia.

Criterios de avaliación:

- Pescudar se explican correctamente as diversas funcións que poden desempeñar as cidades.
- Verificar que diferencian o caso antigo, os ensanches e os barrios periféricos segundo o plano urbano.
- Ver se caracterizan cada unha das etapas do proceso de urbanización .
- Verificar que coñecen as características das grandes cidades do mundo.
- Constatar que clasifican diversas cidades na xerarquía que lles corresponde.
- Comprobar que establecen a xerarquía das cidades españolas.
- Ver se localizan nun mapa os eixes do sistema urbano español.
- Avaliar se explican correctamente as características das cidades galegas.

Tema 16 “As Sociedades Humanas”

Competencias básicas:

Competencia social e cidadá:

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Percibir mediante a observación de mapas a xeografía política europea en relación con indicadores económicos, sociais e culturais.

Competencia cultural e artística

- Enumerar os elementos constitutivos da cultura.
- Respetar e valorar a heteroxeneidade cultural mediante a identificación dos trazos culturais de diversas comunidades.

Tratamento da información e competencia dixital

- Comprender o contido de datos expresados en mapas e táboas.
- Obter información, procesala e expor os resultados.

Competencia en comunicación lingüística

- Definir termos referentes ás sociedades humanas.
- Exercitar a comprensión lectora e elaborar textos de diversa tipoloxía.

Competencia matemática

- Comparar valores expresados en índices.
- Comparar valores expresados en números absolutos e porcentaxes

Competencia para aprender a aprender

- Recoller e clasificar a información.
- Reflexionar sobre os contidos estudados e propor diversas solucións a problemas formulados.

Autonomía e iniciativa persoal

- Determinar os aspectos que se consideren positivos ou negativos acerca dunha realidade estudada.
- Expresar unha opinión, xustificala de maneira convincente con argumentos propios e comparala coa dos compañeiros.

Obxectivos didácticos:

- Entender as variables que organizan unha sociedade e valorar a diversidade social rexeitando a discriminación racial, sexual, relixiosa, económica etc.
- Diferenciar as sociedades tradicionais, modernas e posmodernas.
- Recoñecer as políticas sociais de Europa que permiten unha sociedade do benestar.
- Valorar o Estado de dereito, a democracia, o pluralismo político, o respecto e a tolerancia para a diversidade co fin de fomentar a convivencia.
- Entender o que é o Índice de Benestar Social e recoñecer as variables que se teñen en conta para a súa elaboración.
- Enumerar os factores que explican o alto nivel de benestar social español.
- Explicar os cambios máis significativos ocorridos na sociedade española e na estrutura familiar e laboral.
- Entender os cambios culturais e as dificultades de integración da inmigración.
- Definir a cultura e especificar os factores que contribuíron á cultura de masas.

Criterios de avaliación:

- Pescudar se explican as principais variables que interveñen na organización social e valoran a diversidade rexeitando calquera tipo de discriminación.
- Verificar que diferencian as características propias dos tres tipos de sociedades na evolución histórica da sociedade.
- Avaliar se recoñecen as políticas da sociedade do benestar que permiten a igualdade e a convivencia en Europa respectando a diversidade.
- Verificar que explican o nivel de benestar social de Galicia, o razoan e relacionan cos indicativos do Índice de Benestar Social.
- Constatar que detectan os factores do alto nivel de benestar social español.
- Comprobar que explican os cambios máis significativos da sociedade española desde a metade do século XX ata a actualidade.
- Ver se respectan a diversidade cultural e enumeran os factores que definen a cultura.

2.5 Criterios globais de avaliación.

Na avaliación o alumnado deberá amosar:

- 1) Si selecciona, comprende e asimila conceptos e procesos propios das materias de Xeografía e Historia, e si os utilizan de xeito coherente e adecuado.
- 2) Si aplica as técnicas e métodos de traballo axeitados para estudar materiais propios das nosas disciplinas, como documentos, restos históricos, edificios (pazos, igrexas, mosteiros, etc.), fotografías, diapositivas, mapas topográficos e temáticos, ou a propia paisaxe do entorno, coa finalidade de obter información, interpretala e avaliala.
- 3) Si expresa correctamente e de forma precisa as ideas e conceptos obtidos no proceso de aprendizaxe, utilizando a terminoloxía axeitada.
- 4) Si manifesta capacidade (creatividade) para relacionar, sintetizar, seleccionar e reelaborar a información e comprender problemas e procesos de forma estrutural.

A avaliación realizarase a dous niveis: traballo individual e traballo de grupo.

Na avaliación do traballo individual teranse en conta aspectos como a capacidade de descrición, de relación e de análise dos problemas históricos - sociais, económicos, políticos, etc.-, a comprensión e expresión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, os conceptos e expresións específicos da historia e o desenvolvemento de actitudes de cara á materia. En Xeografía se procederá de forma similar valorando estas mesmas capacidades pero referidas agora a elementos e procesos da xeografía, comprensión e expresión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, conceptos específicos das disciplinas xeográficas e actitudes positivas cara á materia.

Na avaliación do traballo en grupo se valorará tanto o funcionamento do pequeno grupo como os aportes individuais de cada alumno e alumna no mesmo, como a participación e o rigor nos debates e nas postas en común.

E ademais teranse tamén en conta como criterios de avaliación os mencionados no epígrafe correspondente do Decreto 133/2007.

2.6 Contidos mínimos esixibles.

Tema 1 “O Islám e Al-Andalus”

As orixes do Islam.

- Nacemento e expansión do Islam.
- A relixión de Mahoma e as sociedades islámicas.
- A conquista musulmana da Península: Al-Andalus.
- O califato de Córdoba e os reinos de taifas.
- As actividades económicas e a organización social en Al-Andalus.
- A cultura e a arte islámicas en Al-Andalus.

–

Tema 2 “A Europa Feudal”

- A fragmentación do Imperio Carolinxio. As orixes do feudalismo.
- A sociedade feudal: nobres, campesiños e cregos.
- A economía feudal.
- As cruzadas.
- Os mosteiros medievais.
- A arte románica: arquitectura, pintura e escultura.

Tema 3 “A Cidade Medieval”

- A recuperación da vida urbana: as cidades medievais.
- A evolución demográfica na Idade Media.
- As innovacións agrarias desde o século XI.
- A artesanía e os gremios.
- O comercio: feiras, mercados e as grandes rutas comerciais.
- Os grandes centros mercantís europeos da Idade Media.
- A sociedade urbana.
- As Cortes e os Parlamentos.
- A crise da Baixa Idade Media (séculos XIV e XV).
- A arte gótica: arquitectura, escultura e pintura.

Tema 4 “Formación e Expansión dos reinos peninsulares”.

- A orixe dos reinos cantábricos: Asturias, León e Castela.
- Os primeiros condados e os reinos pirenaicos: Navarra, Aragón e Cataluña.
- Expansión territorial e repoboación nos séculos XI a XIII.
- O Camiño de Santiago.
- A interacción cultural entre cristiáns, musulmáns e xudeus.
- O Románico na Península Ibérica.

Tema 5 “Os grandes reinos peninsulares”

- A consolidación dos reinos hispánicos.
- As institucións: Monarquía, Cortes e Municipios.

- A economía de Castela: a gandería, comercio da lã e Honrado Concello da Mesta. O poder da nobreza no reino de Castela.
- A economía e as rutas comerciais da Coroa de Aragón. As conquistas militares. Sociedade da Coroa de Aragón.
- A crise económica e social durante a Baixa Idade Media.
- Os enfrontamentos nobiliarios na Coroa de Castela.
- Os conflitos sociais na Coroa de Aragón.
- O Gótico na Península Ibérica: arquitectura, escultura e pintura.

Tema 6 “Galicia na Idade Media”

- A integración no reino astur-leonés.
- A independencia e posterior integración en León.
- A feudalización de Galicia. Señores e campesiños.
- Os mosteiros galegos.
- As actividades económicas.
- Os conflitos sociais en Galicia ao final da Idade Media.
- As artes románica e gótica en Galicia.

Tema 7 “Renacemento e Reforma”

- O Humanismo. A imprenta de Gutenberg e a súa contribución á difusión do Humanismo.
- A Reforma relixiosa e a súa difusión.
- A Inquisición en España e a loita contra o protestantismo.
- O Concilio de Trento e a Contrarreforma.
- A arte do Renacemento: Quattrocento e Cinquecento. O Renacemento en Flandres, Alemaña e Francia.

Tema 8 “A Monarquía Autoritaria: Os Reis Católicos”

- A Europa do século XV: crecemento demográfico e económico, ascenso da burguesía e fortalecemento da monarquía.
- A unión de Castela e Aragón coa monarquía dos Reis Católicos. A expansión territorial baixo os Reis Católicos.
- A política exterior dos Reis Católicos.
- A organización da nova monarquía. As institucións de goberno.
- Economía e sociedade.
- O Humanismo español.
- A arte do Renacemento español: arquitectura plateresca, clasicista e herreriana; escultura e pintura.

Tema 9 “Os Grandes Descubrimentos Xeográficos”

- Os obxectivos das grandes viaxes.
- As expedicións portuguesas.
- Os progresos da navegación.
- O proxecto de Colón.

- As catro viaxes colombianos.
- A repartición entre España e Portugal: o Tratado de Tordesillas.
- Conquista e organización dos territorios conquistados: o Imperio.
- O comercio americano.

Tema 10 “O Imperio dos Austria”

- A herdanza imperial de Carlos I.
- A revolta das Comunidades e as Xermanías.
- Os conflitos exteriores durante o reinado de Carlos I.
- O goberno de Filipe II.
- A política exterior de Filipe II.
- A economía no século XVI.
- A demografía no século XVI.
- A sociedade no século XVI.
- Filipe III: o goberno dos validos.
- Filipe IV: a fin da hexemonía en Europa.
- Carlos II: o solpor da Monarquía dos Austria.
- A crise demográfica e económica do século XVII.
- Os problemas sociais do século XVII.

Tema 11 “O Século do Barroco”

- A economía de Europa no século XVII: o comercio internacional, as manufacturas estatais e o sistema económico do mercantilismo.
- Os cambios políticos e relixiosos da Europa do absolutismo.
- O mapa político de Europa tras a Paz de Westfalia.
- As características da monarquía absoluta: Luís XIV como paradigma de monarca absoluto.
- A arquitectura, a escultura e a pintura barroca. O Barroco español.

Tema 12 “Galicia na Idade Moderna”

- As institucións de goberno da Monarquía Hispánica en Galicia durante os séculos XVI e XVII. A Xunta e a Real Audiencia de Galicia. O voto galego nas Cortes.
- A orixinalidade do Barroco galego. Igrexas, Mosteiros e Pazos.

Tema 13 “Os habitantes do Planeta”

- A distribución da poboación: as densidades.
- A evolución da poboación.
- Taxas de Natalidade e Mortalidade. Crecemento natural ou vexetativo.
- As migracións na actualidade. O saldo migratorio.
- As pirámides de poboación.
- A poboación activa e non activa. Os sectores productivos e a desigualdade entre os países.

Tema 14 “A Poboación de España e de Galicia”

- O modelo de transición demográfico español e galego.
- A esperanza de vida da poboación española e galega.
- Taxas de Natalidade, Fecundidade e Mortalidade en España: Crecemento natural ou vexetativo de España.
- Distribución da poboación en España e Galicia.
- O poboamento rural e urbano en España e Galicia.
- A emigración española e galega desde a segunda metade do século XIX.
- A inmigración actual en España e Galicia.

Tema 15 “A Cidade e o Urbano”

- O concepto de cidade.
- As funcións urbanas.
- A morfoloxía urbana: casco antigo, ensanches e barrios periféricos.
- A cidade preindustrial, a cidade industrial e a cidade postindustrial.
- As características das grandes cidades no mundo actual.
- A xerarquía urbana: metrópoles globais, metrópoles mundiais, metrópoles nacionais e centros rexionais e comarcais.
- A xerarquía das cidades españolas: metrópoles nacionais, rexionais, subrexionais e capitais comarcais. Os eixes do sistema urbano español.
- As cidades de Galicia.

Tema 16 “As Sociedades Humanas”

- A evolución das sociedades humanas: sociedades tradicionais e modernas. A sociedade europea.
- O Índice do Desenvolvemento Humano dos países europeos.
- Valoración da diversidade lingüística en Europa.
- A esperanza de vida nos países da Unión Europea.
- A sociedade española e a galega.
- O nivel de benestar social en Galicia e no resto de comunidades autónomas.
- A inmigración mundial.

2.7 Criterios de cualificación.

Os criterios de cualificación que se están a aplicar polos profesores deste Departamento na materia de Ciencias Sociais Xeografía e Historia de 2º de ESO son os seguintes:

- 1 Os contidos conceptuais e o rigor na expresión conceptual se avalían mediante exames convencionais, e computan un 70% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
- 2 Os contidos procedimentais se avalían mediante traballos complementarios, o coidado do caderno e a realización do traballo diario na aula, e computan un 15% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
- 3 Os contidos actitudinais se avalían mediante debates, intervencións dos alumnos nas tarefas de clase, etc. no día a día na aula, e computan un 15% nas notas das tres avaliacións e na nota final.

2.8 Procedementos e instrumentos de avaliación

As actividades, procedementos ou instrumentos de avaliación, dentro desta planificación serán:

1.8.1 Observación na aula: nos permitirá comprobar o ritmo de adquisición de contidos conceptuais, de técnicas e metodoloxía de indagación, e de actitudes do alumnado, como o interese pola materia ou actitudes sociais relevantes como a convivencia, tolerancia, solidariedade, etc.

1.8.2 Traballos de clase individuais e de grupo.

1.8.3 As probas: controles e exames. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase mediante explicación do profesor ou exposición de traballos e debates protagonizados polos alumnos. Orientaranse os exames non como unha repetición de conceptos ou ideas expostas previamente na aula, senón cara a unha demostración de comprensión dos contidos, das capacidades de interrelación multicausal, de capacidades de sínteses, capacidades de expresións, razoamento con exemplificacións que concreten eses coñecementos, etc.

1.8.4 As probas serán fundamentalmente escritas, pero poderán realizarse tamén algunhas de tipo oral. En cada avaliación faránse probas parciais que servirán para facer a media da avaliación. Non se farán medias con notas inferiores a 3'5. Haberá unha recuperación por avaliación, que poderá facerse antes ou despois da mesma, en función da marcha do curso. Dentro de cada bloque de contidos poderá facerse unha proba de conxunto a modo de repaso e para cumprir os obxectivos da avaliación continua.

De darse a situación, procurarase celebrar as probas en horario lectivo que vaia seguido ou precedido dalgún dos recreos, para dar a posibilidade ao alumnado que o precise de aproveitar ese tempo, co gaio de completar satisfactoriamente o exame. No caso de precedencia do recreo será preceptivo que todo o alumnado estea presente na aula para dar comezo á proba.

1.8.5 A asistencia aos exames é obrigada nas datas e horas indicadas. Só por razón moi grave e debidamente xustificada disculparase a falta de asistencia aos mesmos; noutro caso, perderase a opción do exame correspondente, tendo que pasar á proba de recuperación.

A hora do exame é única e exclusivamente para a realización do mesmo. Non se permitirá en ningún caso a realización doutras tarefas mesmo cando o alumno/a diga ter rematado. O alumno/a tampouco poderá saír da aula mentras non remate o tempo destinado á realización do exame.

1.8.6 Aqueles alumnos/as que, chegado o remate do curso, teñan unha única avaliación suspensa, terán dereito a recuperala antes do final do curso. Aqueles que cheguen ao final con dúas avaliacións suspensas, despois de terse realizado as correspondentes probas de recuperación, deberán pasar a recuperar na proba de setembro.

2.9 Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes.

Levaranse a cabo exames de recuperación de cada avaliación, ou no seu caso, un final de toda a materia. Seguiranse os contidos mínimos esixibles especificados no apartado 3.7.

Os criterios de cualificación serán os seguintes: un 70% da nota será a dos exames e o 30% restante dos traballos de recuperación que lle facilitará o profesor e que terán que presentar de xeito claro e ordenado antes da ecada

exame.

Os procedementos e instrumentos de avaliación seguirán estes dous apartados: a correcta realización, tanto dos traballos coma dos exames. Os dous puntuaranse sobre 10 e farase a ponderación que se propón nos criterios de avaliación antes descritos, tendo que obter o alumno un mínimo de 5 puntos para aprobar.

2.10 Alumnos con materias pendentes: Contidos esixibles, Actividades de Avaliación e Criterios para superar as materias pendentes mediante avaliación continua.

2.10.1 Contidos Mínimos esixibles de CCSS 1º ESO Pendente.

- 1- Coñecer o planeta terra: forma, dimensións e condicións esenciais que fan posible a vida.
- 2- Utilizar distintos tipos de imaxes e outras representacións do espazo terrestre. Localizar en mapas, lugares, e espazos concretos. Coñecer a distribución das placas continentais, océanos e Estados. Orientarse e calcular distancias. Elaborar esbozos e gráficos.
- 3- Identificar e localizar os trazos físicos mais destacados: relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos que configuran os grandes medios naturais do planeta con especial referencia aos de Galicia, España e Europa, analizando algúns exemplos representativos das paisaxes naturais e das transformadas pola actividade humana.
- 4- Distinguir os distintos tipos de medios segundo as súas posibilidades de transformación pola acción humana.
- 5- Identificar os problemas ambientais mais graves de Galicia, España, Europa e o mundo (deforestación, lixos urbanos e industriais, incendios forestais, construcións e infraestructuras públicas e privadas, etc.) e valorar os riscos que supoñen.
- 6- Comprender o proceso de humanización e a evolución cultural da humanidade ata a aparición da escritura e analizar os cambios radicais que acompañan a revolución neolítica.
- 7- Identificar e situar cronolóxicamente e xeograficamente os principais pobos, sociedades e culturas que se desenvolveron na Península Ibérica na antigüidade.
- 8- Coñecer os trazos esenciais das primeiras civilizacións históricas e identificar os aspectos orixinais da civilización grega, así como as súas contribucións á civilización occidental.
- 9- Caracterizar os trazos da civilización romana e valorar a transcendencia da romanización e a pervivencia do seu legado no noso país (España e Galicia).
- 10- Facer un esquema de comprensión básica do período visigodo como ponte entre a Hispania Romana e a época medieval.
- 11- Obter información a partir de diferentes fontes: documentos escritos, obxectos materiais, imaxes, obras de Arte, gráficos, mapas, etc.; interpretar e analizar os cambios experimentados e a súa transcendencia.
- 12- Identificar e situar cronoloxicamente os vestixios existentes relacionándoos cos pobos ou sociedades que os produciron para comprender mellor as orixes e identidade de Galicia e de España, así como a necesidade de defender o seu patrimonio cultural.
- 13- Participar en debates e discusións, empregando argumentacións razoadas con actitude crítica e tolerante.

2.10.2 Criterios, procedimientos e instrumentos de avaliación.

As actividades, procedimientos ou instrumentos de avaliación, dentro desta planificación serán os exames que se aterán sempre a contidos desenvolvidos na clase no seu día. Eses contidos serán coñecidos polos alumnos por estar fixados nos taboleiros de anuncios de cada aula e no taboleiro xeral do centro, ademais de ser lembrados periodicamente polo profesorado que lles impartiu ditas materias.

En canto ós tipos de probas, os contidos están desglosados en exercicios teórico-prácticos parciais de varias cuestións plantexadas segundo a filosofía recollida no capítulo titulado “Criterios de Avaliación”, e outro exercicio final para aqueles alumnos que non superasen os dous primeiros. Estes exercicios versan sobre os contidos mínimos, preparados previamente polos profesores mediante fichas feitas ex profeso e probas modelo de exercicios.

2.11 Metodoloxías e Estratexias Didácticas.

2.11.1 Estratexias expositivas: nas exposicións explicativas dos diferentes aspectos a estudar, o profesorado intentará impulsar a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva dos contidos impartidos na aula. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor. Fomentará as preguntas aclaratorias e a participación procurando erradicar temores, medos (ao ridículo por exemplo), receos, etc.

2.11.2 Estratexias referenciais: O profesor terá unha relación constante coa realidade inmediata. Nas materias de Historia aproveitará a existencia de restos arqueolóxicos de diversas épocas, vivendas, mosteiros, igrexas, e ou outros edificios significativos da historia comarcal e local, etc., para posibilitar unha memorización mais comprensiva e aprendizaxes mais significativos. Nas materias de Xeografía as referencias poden ser: os trazos mais destacados da xeografía local, paisaxes agrarios existentes na bisbarra, características urbanas mais destacables da vila, a xeografía industrial da Pobra do Caramiñal que presenta unhas facetas moi definidas, etc.-. Trátase, tanto en Historia como en Xeografía, de partir das realidades mais concretas e inmediatas para chegar ó estudio das mais xerais e universais, e se outorgará un destacado papel ás actividades prácticas.

2.11.3 Estratexias de indagación para a asimilación de contidos procedimentais e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: pequenos traballos de síntese mais que de investigación (con bibliografía variada), comentarios de textos que mais tarde se exporán conxuntamente, comentarios de mapas históricos e gráficos, traballos sobre mapas topográficos e planos catastrais locais, xogos de localización como a Busca do Tesouro (a partir de coordenadas cartográficas e con planos a gran escala), confección de pirámides demográficas, clasificación dos tipos de industria existentes na localidade con exemplos concretos, etc. Trataremos de fomentar no alumnado a consulta da prensa diaria para a selección de novas relacionadas cos contidos da materia (aspectos ecolóxicos, arqueolóxicos ou museísticos, etc.).

2.11.4 Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, comentario de filmes, pequenas dramatizacións, xogos de simulación, saídas ao entorno mais próximo, etc..

2.11.5 Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de tódolos

aspectos que caracterizan cada civilización -económicos, sociais, culturais e políticos-, fronte a unha visión excesivamente especializada e marcada polos acontecementos.

2.12 Materiais e recursos didácticos

Libro de Texto: 2º ESO: Xeografía e Historia 1º Ciclo. Editorial Vicens Vives.

Diapositivas:

*PÉREZ ALBERTI, A.: A Xeografía en imaxe. Edit. Xunta de Galicia.

*PÉREZ ALBERTI, A.: O relevo da costa. Editorial Bahía.

* Diapositivas de Ciencias Sociais. Editorial Áncora

* Diapositivas Proxecto Terra. Arquitectura Popular.

*CASTRO, A.: A pintura do século XX. Edit. Xunta de Galicia.

Mapas Murais da Editorial ECIR:

* Europa na Alta IDADE Media

* Europa na Baixa IDADE Media

* Mapamundi Físico e Político

* Mapas Continentais Físicos e Políticos de: Europa, Asia, África, América e Oceanía.

* Mapa Físico e Político de España

* Textos históricos seleccionados do libro de texto oficial e os das editoriais Vicens Vives e Oxford.

* Plano topográfico 1:25.000 de Pobra do Caramiñal.

* Diapositivas: "Geografía". Editorial Hiares.

2.13 Programación de temas transversais.

Os temas transversais son continuación dos iniciados nos primeiro ciclo:

* Desenvolvemento do tema "A muller na Historia". Trátase en tódolos temas de Historia deste 1º Ciclo de ESO (grupos de 1º e 2º), en cada tema referido ás diferentes civilizacións: Prehistoria, Antigas civilizacións do Próximo Oriente, da Época Clásica e da Idade Media.

Tamén se incide nesta transversalidade en certos capítulos da Xeografía, como a estrutura da poboación por idades e sexos, a estrutura laboral (a muller no mundo do traballo), as migracións, os problemas do déficit de natalidade coa incorporación da muller ó traballo, o aumento da natalidade coa aportación dos inmigrantes no mundo occidental, a diferenza de salarios, etc.

* A pobreza e as desigualdades sociais no mundo: o diálogo Norte-Sur, os diferentes PIBs, IDH, Esperanza de vida, escolarización, etc., todo isto mediante estatísticas e debates.

* As ONGs: o papel destas organizacións no mundo actual a nivel sanitario, dereitos humanos e medio ambiente, sobre todo centrados en tres: Cruz e Media Lúa Vermella, Amnistía Internacional e Greenpeace.

* Temas de actualidade: noticias que saen nos medios de comunicación e que se tratan normalmente a proposta dos propios alumnos, como o terrorismo, o maltrato á muller, catástrofes naturais, abandono e maltrato de nenos, etc.

2.14 Medidas de atención á diversidade.

Non hai alumnos en Segundo curso de ESO que requiran unha atención personalizada. A medida que en sucesivos cursos escolares xurdan grupos de este tipo, farémola correspondente programación.

En todo caso, e cando se dea esa circunstancia, intentarase facer un esforzo

para atender a cada alumno ou alumna da forma mais personalizada posible, tendo en conta o nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as motivacións, o ritmo de aprendizaxe, etc.

Naquelas ocasións en que sexa necesario, realizaranse adaptacións curriculares, modificando material escolar ou utilizando material escolar específico de adaptación, actividades, método diferentes, grupos de traballo, alterando tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, e aplicándoos de forma individualizada.

2.15 Actividades complementarias e extraescolares.

As visitas didácticas constitúen unha prolongación da aula fóra do recinto escolar, e esixirán igualmente do alumnado unha actitude de traballo e de corrección no seu comportamento. Os alumnos e alumnas deberán acudir a elas co material que a profesora indique e elaborar a posteriori da visita o traballo que a docente determine, para avaliar o aproveitamento da saída por parte do alumnado.

Aqueles alumnos e alumnas que manteñan unha actitude disruptiva na aula ou manifesten coa súa falta de traballo un desinterese absoluto pola materia, poderán seren excluídos das saídas. Estas saídas non poderán seren entendidas en ningún caso polo alumnado como momentos de recreo ou vacación.

Será en calquera caso a marcha do curso a que determine a posibilidade de realización dalgunha saída, que terá por obxecto sempre aproveitar exposicións, museos, ou espazos artísticos, históricos ou naturais directamente relacionados cos contidos que traballaremos neste curso (Ex.: saída na propia vila da Pobra para analizar in situ unha igrexa medieval, visita a Santiago de Compostela...).

2.16 Tratamento do fomento da lectura e das TICs.

En canto ó tratamento do fomento da lectura, o Departamento, colaborará co equipo de biblioteca en topas aquelas actividades que este propoña.

En canto ó tratamento das TICs, o departamento adquiriu dous mini-ordenadores portátiles xunto cunha unidade exterior de DVD co fin de aproveitar o proxecto de posta en marcha de canóns fixos nas aulas

III- TERCEIRO CURSO ESO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA.

3.1 Contribución da materia ás competencias básicas. Xeneralidades.

A materia que se imparte no 3º Curso de ESO, Xeografía, ten a particularidade de engadir ó carácter instructivo propio de cada materia, o carácter contextualizador, axudando a centrar información dentro dunha perspectiva socioeconómica global.

A materia de Xeografía xoga un papel moi importante no desenvolvemento da **Competencia de Comunicación lingüística**. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, etc.

Pero ademais as propias materias de Xeografía e Historia teñen a súa propia linguaxe técnica, con termos e expresións que lle son específicos –relevo, chaira, precipitación, civilización, aristocracia, sistema feudal, etc., por exemplo-, que é preciso utilizar para aplicar os principios de pertinencia e precisión. Por iso o profesorado prestará especial atención ó uso correcto e preciso, tanto dunha linguaxe apropiada, como duns termos técnicos elementais propios do noso saber, con fin de que a linguaxe oral e escrita cumpra o seu papel de *“instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento...”*, e se converta en ferramenta de comprensión e representación da realidade.

Buscamos, en definitiva, tamén na nosa disciplina, que o alumno se achegue ó dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

Na **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** a contribución da materia de Xeografía é tamén relevante e permite relacións interdisciplinares e incluso de complementariedade con outras materias como as Ciencias Naturais. Neste sentido cumpre recordar que a Xeografía –e as súas diferentes ramas- ten por obxecto o estudo das interrelacións entre home e medio físico no que se desenvolve. Por esas razóns os contidos de orde xeográfica permitirán *“a comprensión de sucesos, a predicción de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos”*.

Así os contidos e métodos da Xeografía permitirá a adecuada percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a grande escala, como no contorno inmediato, e as interaccións entre home e espazo derivadas dos asentamentos humanos, actividades económicas e as modificacións introducidas polo home e as paisaxes resultantes.

En definitiva, interactuar co mundo físico, tanto no que ten de espazo natural como na medida en que o transforma a acción humana, é un aspecto esencial no coñecemento social, en canto permite comprender mellor o que sucede, as consecuencias dun proceso determinado e as condicións de vida de homes e mulleres, que son os suxeitos dos asuntos sociais.

Contribúese á adquisición desta competencia na medida en que se asegure que a dimensión espacial impregne a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo particular importancia o desenvolvemento de procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes e

a súa representación cartográfica.

A materia de Xeografía resulta tamén fundamental para o desenvolvemento da **Competencia social e cidadá**, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social.

É ben coñecido o papel que as ciencias sociais, e xa que logo tamén a Xeografía, xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espacio social permiten a construción de tempo e espacio persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

A **Competencia cultural** supón apreciar, comprender e valorar o patrimonio natural e as diferentes manifestacións culturais que teñen deixado pegada nas paisaxes actuais, utilízalas para o enriquecemento persoal e estímolas como elementos do patrimonio de que dispoñemos e que resulta necesario preservar. No mundo actual é innegable a importancia que ten a **Competencia no tratamento da información e a competencia dixital** para a comprensión dos fenómenos de interese xeográfica. Poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transfórmala en coñecemento. As TICs resultan instrumentos imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta materia.

A **Competencia para aprender a aprender** supón iniciarse na aprendizaxe e continuála dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas.

Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias.

3.2 Obxectivos didácticos xerais da materia.

3.2.1 Desenvolver a capacidade crítica e a creatividade dos alumnos mediante o fomento do procesamento autónomo da información, evitando as meras repeticións de coñecementos elaborados previamente.

3.2.2 Fomentar a capacidade de relacionar, de ir mais aló dunha simple acumulación memorística de información: relacionala multicausalmente, sintetizala, seleccionala, reelaborala, comprender os problemas estruturalmente e non de xeito illado, é dicir, como realidades orgánicas interdependentes.

Tratar de inculcar a idea de que os espazos -rexións- xeográficos son o resultado de variados condicionantes permanentemente interrelacionados que

impón a Natureza, pero sobre todo, son fundamentalmente creacións de diversas sociedades portadoras de técnicas, tradicións, organizacións sociais, políticas, culturais, etc., propias, de aí a importancia das capacidades de relacionar, por outra parte tan pertinentes á propia natureza da materia da Xeografía.

3.2.3 Dotar ós alumnos das destrezas metodolóxicas básicas para poder abordar a realización das prácticas oportunas a partir de mapas, gráficos, táboas estatísticas, fotografías, diapositivas, e demais documentos propios desta disciplina, que complementen os coñecementos teóricos impartidos na aula.

3.2.4 Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de fontes diversas, incluídas as que corresponden ao contorno físico e social, aos medios de comunicación e as tecnoloxías da información. Aprender a trátala de xeito autónomo e crítico de acordo co fin perseguido, e comunícala aos demais de maneira organizada e intelixible.

Para eso será necesario instruír ós alumnos nas destrezas metodolóxicas básicas para poder abordar a realización das prácticas con mapas, gráficos, táboas estatísticas, fotografías, diapositivas, e demais documentos propios da Xeografía, que complementen os coñecementos teóricos impartidos na aula.

3.2.5 Fomentar o desenvolvemento da capacidade de expresión: insistiremos no aprendizaxe e na utilización sistemática dun vocabulario básico propio da Xeografía e dun aparato conceptual -propios da linguaxe dos xeógrafos- que permita unha expresión rigorosa das ideas, e que se incorporará correctamente a comunicacións escritas, orais e mesmo a conversas espontáneas, e insistiremos tamén na importancia da lectura na consecución deste obxectivo. Neste sentido poñeremos especial empeño en evitar algo, desafortunadamente tan frecuente, como que os alumnos entendan pero logo non sexan capaces de expresar o que saben, de dar saída a esa comprensión previa.

3.2.6 Fomentar o desenvolvemento dunha serie de valores humanos: respecto como necesidade para a convivencia, apertura ó diálogo e ó intercambio, a cooperación e o apoio mutuo -a pesar de estar inmersos nunha sociedade competitiva-, a curiosidade e o interese polo saber para ser máis libres, etc.

3.2.7 Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais, utilizando este coñecemento para comprender o pasado e as sociedades actuais; asumir que estas son o resultado de longos procesos de cambio e dunha pluralidade de causas, e, o papel que xogan nelas os homes e as mulleres e, así mesmo, analizar os problemas máis relevantes que se deducen dese estudo.

3.2.8 Fomentar e planificar a realización de actividades en equipo, ponderando as distintas aportacións dos compoñentes do grupo, inducendo a os seus membros a establecer normas de funcionamento, apoiando con nosos consellos o traballo en común, e tamén respectando as normas e acordos de grupo.

3.2.9 Promover o sentimento de pertenza á comunidade galega, e ás outras entidades políticas, sociais e culturais nas que se integra, e comprender a singularidade do patrimonio natural, cultural e lingüístico galego, participando activamente na súa conservación e mellora.

3.2.10 Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do

medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espacio e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental destas.

3.2.11 Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xeoconómicas e os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galicia.

3.2.12 Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da revolución industrial e a maneira en que inflúen na organización das paisaxes rurais e urbanas.

3.2.13 Procurar a comprensión da realidade social galega actual como unha realidade dinámica e cambiante que se constrúe continuamente en contacto con outras sociedades e culturas. Asumir a necesidade de ordenación do territorio desde criterios sustentables, respectando o patrimonio natural e construído e recollendo, así mesmo, o panorama futuro que pode ofrecerse tras a análise destes presupostos.

3.3 Contidos e Temporalización.

Iª Avaliación: se desenvolverá entre os meses de Setembro e Decembro (35 sesións de clase) e incluírá os contidos da Avaliación Inicial previa, e a *Unidade Didáctica 1*

Avaliación Inicial.

Indagación e avaliación inicial sobre os coñecementos que o alumnado ten sobre a xeografía en xeral: planeta Terra, cartografía e localización xeográfica, o relevo, climatoloxía, demografía, economía, ...

Unidade Didáctica 1: A Xeografía Física .

O planeta Terra: localización xeográfica. Océanos e continentes.

O relevo terrestre: orixe do modelado. Formas principais: chairas, montañas, mesetas e depresións. Principais unidades do relevo terrestre.

O tempo e o clima. Elementos: presión atmosférica, temperaturas e precipitacións. Factores. Tipos de climas e características. Elaboración, análise e interpretación dos climogramas. O cambio climático.

A Biosfera. A vexetación da terra. Comentario de ilustracións sobre os distintos tipos de vexetación. As augas interiores e os cinco océanos da Terra.

A Xeografía Física de Europa, España e Galicia.

Europa:

O medio Físico. Principais trazos do relevo.

O clima: tipos e trazos principais.

A vexetación e as augas.

España:

O Medio Físico. Situación, extensión e territorios. As unidades do relevo peninsular, insular e costeiro.

O clima: tipos de climas e trazos principais.

As augas: vertentes hidrográficas españolas.

Galicia:

O medio físico. Trazos principais do medio físico: relevo, clima e ríos galegos.

IIª Avaliación: se desenvolverá entre os meses de Xaneiro e Abril(35 sesións) , e incluíra as *Unidades Didácticas* 2 e 3 .

Unidade Didáctica 2: A demografía. A cidade.

Conceptos básicos de demografía.

Movimentos naturais e migratorios.

Distribución da poboación.

Principais problemas da poboación mundial e a súa relación co desenvolvemento económico.

A vila e a cidade coma resultado da relación entre variables xeográficas e naturais, económicas, sociais, históricas e demográficas. O caso da Pobra do Caramiñal.

Unidade Didáctica 3: A Actividade Económica.

A Actividade Económica.

Clasificación de necesidades básicas e non básicas. Bens e servizos.

Os Axentes Económicos. Empresas, consumidores e Estado.

Factores produtivos: recursos naturais, traballo, capital e tecnoloxía.

Os sistemas económicos. O sistema socialista ou de economía planificada. O sistema capitalista ou de economía de mercado.

A Economía de mercado. Elementos básicos da economía de mercado: oferta, demanda e intervención do Estado na economía. A lei da oferta e da demanda.

As empresas. Tipos de empresas. As multinacionais.

Os sectores económicos.

Actividade agraria. Espazo rural e agrario. Paisaxes agrarias. Factores da actividade agraria. Elementos da paisaxe agraria: parcelas, usos agrícolas, usos gandeiros, usos forestais (os incendios), poboamento rural. Paisaxes agrarias tradicionais e evolucionadas.

Actividade pesqueira. Tipos. Problemas. Acuicultura.

O sector secundario. Materias primas e fontes de enerxía.

Actividade industrial. Industria artesanal e moderna. Tipos de industria: de base, de equipo, de uso e consumo. Distribución mundial da industria.

Os servizos: transporte, actividade comercial, turismo, servizos financeiros, turismo, servizos sociais.

As actividades económicas no mundo. España e Galicia.

Desenvolvemento económico e sustentabilidade. Recursos, consumo, problemas ambientais e desenvolvemento humano.

IIIª Avaliación : se desenvolverá entre os meses de Abril e Xuño (25 sesións) e incluíra as *Unidades Didácticas* 4 e 5.

Unidade Didáctica 4: Globalización e Desenvolvemento desigual.

Interdependencia e globalización. Movimentos antiglobalización.

Desenvolvemento humano desigual: indicadores e evolución recente. As diferencias no desenvolvemento. As relacións centro-periferia. Políticas e

organismos de cooperación.

Tendencias, causas e consecuencias dos grandes desprazamentos de poboación no mundo actual. As políticas de control da inmigración.

Análise da situación en Galicia, en España e en Europa.

Unidade Didáctica 5: Organización política e espazo xeográfico.

A organización política das sociedades.

Diferentes tipos de réximes políticos. Identificación dos principios e institucións dos réximes democráticos e as dificultades da súa implantación en Latinoamérica, Asia e África. Os sistemas autoritarios. As relacións entre estados. A ONU.

O mapa político actual. Países e capitais.

O espazo xeográfico europeo.

A Formación da UE: etapas e países ata os 27 actuais Organización política e administrativa da Unión Europea. Funcionamento das institucións. A política rexional europea. A condición periférica de Galicia e repercusión das políticas europeas. A eurrrexión atlántica Galicia-Norte de Portugal.

O proceso de configuración territorial do Estado español.

A organización política, administrativa e territorial de España. As Provincias. As Comunidades Autónomas e as súas capitais. Institucións estatais e autonómicas. Diversidade xeográfica e desequilibrios rexionais.

A Organización Política e Territorial de Galicia.

Aldeas, parroquias, vilas e áreas urbanas. Comarcas e parroquias. Os desequilibrios espaciais. As Institucións galegas e as súas funcións.

As grandes áreas xeopolíticas e xoeconómicas.

Localización e caracterización dos grandes ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais do mundo. Potencias mundiais e rexionais. *As áreas dependentes.*

3.4 Competencias Básicas e Criterios para avalialas por Unidade Didáctica.

Unidade Didáctica 1: A Xeografía Física.

Competencias Básicas

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Comunicar ós demais as influencias dos elementos físicos, climatolóxicos, biolóxicos ou hidrográficos na vida vexetal, animal e humana, así coma as consecuencias dos posibles cambios neses elementos.

Comprender o espazo físico europeo, español e galego a partir da localización nun mapa de unidades do relevo.

Autonomía e iniciativa persoal

- Investigar sobre determinados aspectos do cambio climático e expoñelo nun pequeno traballo.

Comunicación lingüística

- Definir conceptos xeográficos esenciais.

- Adquirir e usar vocabulario xeográfico específico.

Tratamento da información e competencia dixital

- Elaborar en grupo unha pequena investigación en forma de webquest.

Aprender a aprender

- Usar estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información

Competencia matemática

- Elaborar e interpretar climogramas.

Criterios e actividades de Avaliación:

- Coñece a orixe do relevo e os axentes externos que o modelan.
- Recoñece, as distintas formas do relevo terrestre.
- Define os conceptos de tempo e clima.
- Diferencia os climas da Terra e explica climogramas representativos.
- Distingue as formacións vexetais da Terra e recoñece imaxes representativas de cada unha.
- Sabe distinguir as diferentes augas da Terra.
- Coñece a situación e extensión de Europa, e diferencia as principais unidades do seu relevo.
- Comprende a variedade climática e de vexetación do continente europeo e cita e localiza os principais ríos e mares que o rodean.
- Localiza a Península Ibérica, e comprende a diversidade do relevo español.
- Diferencia os elementos e os factores do clima e a súa variedades climática e de vexetación.
- Saca conclusións sobre os ríos españois e pon exemplos.
- Comprende os trazos básicos do medio físico de Galicia: relevo, clima, vexetación e augas.

Unidade Didáctica 2. A Demografía. A cidade.

Competencias Básicas

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Coñecer o mapa da vila Da Pobra do C., interpretalo e orientarsae espacialmente con el.

Autonomía e iniciativa persoal

- Investigar aspectos urbanos da vila a través da comunicación cos seus avós e coa recollida de información gráfica.

Comunicación lingüística

- Definir conceptos xeográficos esenciais.
- Adquirir e usar vocabulario xeográfico específico.

Tratamento da información e competencia dixital

- Organizar a información recollida e presentala de xeito dixital e informatizado.

Aprender a aprender

- Elaborar un traballo coa información recopilada.

Competencia matemática

- Calcular distancias na elaboración de rutas pola vila.
- Realiza correctamente cálculos de taxas de poboación (natalidade, mortalidade, ...)

Criterios e actividades de Avaliación:

- Coñece e usa correctamente o vocabulario propio do tema.
- Relaciona conceptos do tema coa realidade socioeconómica mundial.
- Constrúe e fai un sinxelo comentario de pirámides de poboación.
- Localiza nun mapa a distribución demográfica mundial, coñecendo as zonas máis e menos poboadas.

- Coñece os aspectos básicos da trama urbana da Pobra do Caramiñal e relaciona os aspectos histórico e socio-económico.

Unidade Didáctica 3: A Actividade Económica

Competencias Básicas

- Comunicación lingüística

- Adquirir vocabulario específico.
- Explicar con argumentos e ideas.

- Tratamento da información e competencia dixital

- Comprender informacións gráficas, relacionadas coa actividade económica.
- Búsqueda e interpretación de gráficas e datos sobre a actividade económica na rede.

- Social e cidadá

- Comprender a realidade económico-social máis próxima, como o estado de benestar.

- Aprender a aprender

- Organizar e asumir a información, como a síntese.

- Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar medidas a partir do coñecemento da propia pegada ecolóxica.

Criterios de Avaliación:

- Comprende e explica conceptos relacionados coa actividade económica e os recursos e bens económicos.
- Relaciona os termos produción e consumo cos distintos axentes económicos.
- Discrimina os sistemas de economía planificada e de mercado, e explica o funcionamento da economía de mercado.
- Saca conclusións sobre a variada tipoloxía empresarial, e pon exemplos concretos de concentración empresarial.
- Diferencia os mercados laborais primario e secundario, e define conceptos relacionados coas condicións laborais.
- Comprende a globalización da economía e as súas consecuencias.
- Recoñece as actividades económicas do sector primario e diferencia conceptos esenciais.
- Saca conclusións sobre os condicionantes físicos e humanos que inflúen na actividade agraria.
- Identifica os trazos característicos das paisaxes agrarias tradicionais.
- Diferencia as paisaxes agrarias evolucionadas e explica modelos significativos
- Coñece os tipos de pesca e os problemas dos caladoiros
- Coñece os conceptos de materia prima e fonte de enerxía, e diferencia os seus principais tipos.
- Distingue as vantaxes, os inconvenientes e os principais aproveitamentos das fontes de enerxías tradicionais.
- Explica as fontes de enerxía alternativas, sinalando as súas vantaxes e inconvenientes.
- Identifica os caracteres diferenciais das industrias artesanal e moderna.
- Coñece as paisaxes industriais actuais.
- Identifica e localiza a distribución mundial da industria.
- Identifica as actividades do sector terciario.
- Comprende conceptos básicos relacionados cos sistemas de transporte, e os

inconvenientes do transporte por estrada e por ferrocarril.

- Coñece os avances das comunicacións e as diferencias existentes entre os países da Terra.
- Identifica os conceptos de comercio e mercado e diferencia os tipos de mercado e de comercio interior.
- Explica o comercio exterior, as súas características actuais e as súas áreas representativas.
- Comprende os tipos de turismo e localiza os principais espazos turísticos da Terra
- Diferencia os servizos financeiros e sociais.
- *Coñece os aspectos básicos da actividade económica e Europa, España e Galicia.*

Unidade Didáctica 4: Globalización e Desenvolvemento desigual.

Competencias Básicas

- **Coñecemento e interacción co mundo físico**
- Localizar nun mapamundi os países desenvolvidos e subdesenvolvidos.
- **Matemática**
- Calcular un gráfico sobre o traballo infantil
- **Comunicación lingüística**
- Definir conceptos sobre a globalización.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
- Buscar información sobre a os escravos do mundo do S XXI
- **Social e cidadá**
- Mostrar a adquisición da capacidade de empatía cos desfavorecidos
- **Aprender a aprender**
- Desenvolver estratexias para organizar a información
- **Autonomía e iniciativa persoal**
- Tomar iniciativas para axudar os máis desfavorecidos

Criterios de Avaliación

- Explica as causas da globalización económica
- Contrapón os caracteres dos países ricos e pobres, utiliza indicadores de desenvolvemento e explica as causas internas e externas da desigualdade.
- Diferencia os trazos definitorios dos países do Norte e dos países do Sur
- Localiza nun mapamundi os espazos centrais, semiperiféricos e periféricos e cita países representativos de cada área.
- Coñece e explica os desprazamentos de poboación no mundo actual e as súas consecuencias.
- Coñece os obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Unidade Didáctica 5: Organización política e espazo xeográfico.

Competencias Básicas

- **Coñecemento e interacción co mundo físico.**
- Situar nun mapa de España as provincias, as comunidades e as capitais autonómicas.
- Localizar nun mapa os 27 estados da UE e as súas capitais.
- Localiza nun mapamundi potencias mundiais.
- Utiliza o atlas para situar países nun mapa.

-Coñecer o espacio onde se localizan as áreas de pobreza.

- **Matemática.**

- Realizar cronoloxías coas datas dos tratados fundacionais da UE.
- Explicar distribucións a partir da análise de gráficos de barras.

- **Comunicación lingüística**

- Adquirir e utilizar vocabulario específico.
- Definir conceptos utilizando vocabulario específico.
- Adquirir vocabulario específico a partir da definición conceptual.

- **Tratamento da información e competencia dixital.**

- Obter informacións de fontes escritas e gráficas.
- Utilización das TIC para acceder as novas informacións.
- Buscar en internet información sobre as guerras en curso no mundo e localizalas xeograficamente.

- **Social e cidadá**

- Comprender características da sociedade actual.
- Avaliar informacións periódicas de actualidade sobre o tema e emitir unha opinión.
- Comprender a realidade social a partir da súa pluralidade.

- **Aprender a aprender**

- Aplicar razoamentos e busca explicacións da información proporcionada por fontes escritas.
- Completar un cadro resumo sobre as consecuencias do desenvolvemento.
- Buscar explicacións multicausais ás situacións de pobreza.

- **Autonomía e iniciativa persoal.**

- Facer pequenos dossiers sobre guerras, pobos indíxenas e sobre a diversidade no mundo actual.

Criterios de Avaliación

- Define o concepto de Estado, e diferencia os poderes lexislativo, executivo e xudicial.
- Diferencia entre monarquía e república, e distingue as principais formas de goberno.
- Infíre a importancia da ONU como organismos internacional, e explica os seus principios, obxectivos e órganos.
- Distingue as principais institucións da UE e explica as súas funcións.
- Explica as institucións do Estado español, e interpreta a organización territorial en municipios, provincias e comunidades autónomas.
- Resume a organización política e territorial de España.
- Coñece as institucións de Galicia.
- Diferencia e localiza as grandes potencias mundiais, as potencias rexionais e as áreas dependentes
- Coñece as zonas das áreas dependentes e as características que as diferencian (sociais, culturais, económicas,...) .

3.5 Criterios Xerais de avaliación.

1. Comprender os trazos básicos do medio físico: Europa, España, Galicia.

Con este criterio preténdese avaliar se coñecen conceptos básicos sobre a Xeografía Física e aplícalos a Europa, España e Galicia.

2. Identificar os principais axentes e institucións económicas así como as funcións que desempeñan no marco dunha economía cada vez máis interdependente, e aplicar este coñecemento á análise e valoración crítica dalgunhas realidades actuais.

Con este criterio preténdese avaliar se os alumnos coñecen o funcionamento básico da economía e se dispoñen, polo tanto, das claves imprescindibles para analizar algúns dos feitos e problemas que lles afectan a eles ou as súas familias (inflación, custo da vida, mercado laboral, consumo, etc.) ou que caracterizan a actual globalización da economía.

3. Caracterizar os principais sistemas de explotación agraria e pesqueira existentes no mundo, e as paisaxes a que dan lugar, localizando algúns exemplos representativos destes, e utilizar esa caracterización para analizar algúns problemas do campo e da pesca españois e galegos, identificando as súas orixes históricas.

Avaliarase se o alumnado sabe recoñecer os trazos dos principais sistemas agrarios e as súas paisaxes, así como as transformacións técnicas e socioeconómicas do mundo rural. Tamén comprobar se utilizan estes conceptos ao analizar os problemas máis destacados do mundo agrario actual, en particular o galego. Igualmente, se son quen de analizar os principais problemas vinculados á actividade pesqueira.

4. Comprender e describir as transformacións que nos campos das tecnoloxías, da organización empresarial e da localización se están producindo nas actividades, espazos e paisaxes industriais, localizando e caracterizando os principais centros de produción no mundo, España e Galicia, e analizando as relacións de intercambio desigual.

Trátase de avaliar se as alumnas e os alumnos coñecen os principais tipos de industrias, se identifican as actuais formas de produción e as novas paisaxes industriais e se localizan as zonas produtoras máis destacadas, comprendendo os factores que explican tal distribución. Igualmente, se os alumnos recoñecen as correntes de intercambio que xeran a produción e o consumo, nun contexto de relacións desiguais, analizando a situación actual da industria galega.

5. Identificar o desenvolvemento e a transformación recente das actividades terciarias, para entender os cambios que se están producindo tanto nas relacións económicas como sociais, e analizar as súas diversas repercusións espaciais, en particular no ámbito galego.

Con este criterio trátase de avaliar que se coñece o progresivo proceso de terciarización da economía actual, así como o papel que teñen os transportes e as comunicacións no artellamento do espazo, utilizando este coñecemento para explicar a extensión de novas formas e procesos urbanos a partir da análise da realidade galega.

6. Describir algún caso, con preferencia do ámbito galego, que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais e colectivos, recoñecendo as formas de desenvolvemento sustentable e ofrecendo algún exemplo de medidas correctoras, así como de acordos e políticas para frear a deterioración do ambiente.

Trátase de comprobar se o alumnado toma conciencia dos problemas que a ocupación e explotación do espazo pode xerar. Igualmente, que coñeza posturas e políticas de defensa do ambiente, suxerindo actuacións e medidas concretas que melloren a calidade ambiental e colaboren na busca dun desenvolvemento sustentable.

7. Identificar e localizar os principais países e áreas xeoeconómicas e culturais do mundo, os estados europeos, e as comunidades autónomas de España, coñecendo a estrutura da Unión Europea e a organización político-administrativa e territorial galega e española.

Preténdese avaliar o grao de comprensión da realidade político-territorial como unha consunción ao longo do tempo, localizando os estados europeos, os grandes países e áreas xeoeconómicas do mundo, e as comunidades autónomas españolas. Tamén a capacidade de analizar a situación de Galicia en Europa, valorando as repercusións das políticas comunitarias e as posibilidades de cooperación para superar as desvantaxes dunha posición excéntrica.

8. Comprender os trazos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o territorio español e galego, e explicar as causas da súa diferente organización e os contrastes internos a partir do papel dos principais centros e eixes de actividade económica e de comunicación, en canto vertebradores do espazo.

Trátase de avaliar a comprensión da organización espacial nestes dous ámbitos, integrando o medio físico, a ocupación humana do territorio e a actividade económica, para explicar os contrastes e desequilibrios internos, analizando a súa natureza, causas, consecuencias e interrelacións.

9. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países para comprender os conceptos de desenvolvemento humano e de estado de benestar, e recoñecer desequilibrios na súa distribución e a dos recursos, explicando algunhas das súas causas e consecuencias, e amosando sensibilidade ante as desigualdades.

Avaliarase se os alumnos comprenden a información estatística, expoñendo as súas conclusións, identificando diferencias no grao de desenvolvemento e benestar entre países e dentro deles. Ademais, se deducen consecuencias, amosando rexeitamento cara as desigualdades, e valorando de xeito crítico o papel que desempeñan organismos e institucións na loita contra elas.

10. Analizar algún exemplo representativo das tendencias migratorias na actualidade, identificando as súas causas e relacionándoas co proceso de globalización, así como as consecuencias para os países receptores e emisores, e manifestando actitudes de solidariedade no axuízamento deste fenómeno.

Preténdese avaliar que se saben utilizar os coñecementos sobre as tendencias do crecemento demográfico e de desenvolvemento económico -en particular a división mundial do traballo- para explicar os fluxos migratorios predominantes. Valorarase a capacidade para emitir un xuízo razoado desde o respecto pola diversidade cultural e o rexeitamento das situacións de explotación e dos comportamentos xenófobos e racistas.

11. Diferenciar e localiza-las grandes potencias mundiais, rexionais e as áreas dependentes e sacar conclusións sobre as causas e as consecuencias desta situación.

Preténdese avaliar o coñecemento sobre estas situacións que provocan unha gran desigualdade en tódolos ámbitos creando un marco de dependencia que a

día de hoxe está moi lonxe de erradicarse. Tamén a concienciación da necesidade de cambio destas situacións.

12. Utilizar fontes diversas para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para isto as posibilidades que ofrecen as TIC.

Avalíase o manexo correcto dos instrumentos gráficos e cartográficos. Trátase de comprobar si se utilizan as posibilidades que proporcionan as ferramentas informáticas básicas.

13. Participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumnado, argumentando as propias opinións e manifestando actitudes de solidariedade.

Con este criterio preténdese comprobar a sensibilidade ante problemas do mundo actual, tales como a existencia de situacións de racismo, sexismo, deterioración ambiental, actitudes consumistas,... Por outra banda, avaliar o uso axeitado da linguaxe oral e da argumentación, así como a aceptación das normas que rexen o diálogo e a intervención en grupo.

3.6 Contidos mínimos esixibles.

*- O espazo físico: o medio natural.

Relevo terrestre. Tempo e clima. Características e elementos. Zonas climáticas.

A biosfera.

O medio físico de Europa, España e Galicia.

*Imprescindible a localización das principais referencias de xeografía física: relevo climas, ríos e paisaxes.

*-Xeografía económica.

A actividade económica. Axentes e sistemas económicos. A economía de mercado.

As actividades agrarias e as transformacións do mundo rural. A actividade pesqueira.

A actividade industrial. Materias primas. Fontes de enerxía . Paisaxes industriais.

As actividades terciarias: diversidade e importancia dos servizos na economía actual.

Localización, caracterización e dinamismo dos principais eixes da actividade económica en Europa, España, e territorio galego.

O impacto da actividade económica: riscos e problemas ambientais.

*O espazo mundo e os problemas globais na actualidade.

Organización política das sociedades. Tipos de Estado. Organización política de UE.

Organización política e territorial de España e Galicia.

Interdependencia e globalización. Desenvolvemento desigual.

As migracións: causas e consecuencias.

Os grandes ámbitos xoeconómicos. As potencias mundiais.

Os grandes ámbitos xoeconómicos. As áreas dependentes.

3.7 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación na materia de Xeografía de 3º de ESO son os seguintes:

- 1 Os contidos conceptuais e o rigor na expresión conceptual se avalían mediante exames convencionais, e computan un 70% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
- 2 Os contidos procedimentais se avalían mediante traballos complementarios (de levalos a cabo) e computan un 20% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
- 3 Os contidos actitudinais se avalían mediante debates, intervencións dos alumnos nas tarefas de clase, etc. no día a día na aula, e computan un 10% nas notas das tres avaliacións e na nota final.

No caso de que nalgunha avaliación nos se leven a cabo traballos complementarios , os exames computarán un 80% da nota e as tarefas de clase, actitude do alumno, ... un 20%.

3.8 Procedementos e instrumentos de avaliación.

As actividades ou instrumentos de avaliación, dentro desta planificación serán:

3.8.1 Observación na aula: nos permitirá comprobar o ritmo de adquisición de contidos conceptuais, de técnicas e metodoloxía de indagación, e de actitudes do alumnado, como o interese pola materia ou actitudes sociais relevantes como a convivencia, tolerancia, solidariedade, etc.

3.8.2 Traballos de clase individuais e de grupo.

3.8.3 As probas: exames. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase mediante explicación do profesor ou exposición de traballos e debates entre os propios alumnos. O plantexamento dos exames se orientará non como unha repetición de conceptos ou ideas expostas previamente na aula, senón cara a unha demostración de comprensión dos contidos, das capacidades de interrelación multicausal, de capacidades de sínteses, capacidades de expresións, razoamento con exemplificacións que concreten eses coñecementos, etc.

3.9 Programa de reforzo para recuperación de materias pendentes.

Levaranse a cabo exames de recuperación de cada avaliación, ou no seu caso, un final de toda a materia. Seguiranse os contidos mínimos esixibles especificados no apartado 3.7.

3.10 Alumnos Pendentes: contidos esixibles, actividades de avaliación e criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.

3.10.1 Contidos Mínimos esixibles de CCSS 2º ESO Pendente.

1- Coñecer a distribución da poboación no mundo, diferenciando rexións e Estados, pola densidade de poboación, a súa dinámica e estrutura, aplicando os conceptos de superpoboación, migración e envellecemento a distintas escalas.

2- Interpretar mapas temáticos demográficos e elaborar e interpretar gráficos sobre feitos demográficos.

3- Coñecer e diferenciar a través da análise de exemplos concretos o

funcionamento da actividade económica, os seus mecanismos básicos e os seus axentes.

4- Caracterizar e localizar os principais sistemas económicos e analizar os problemas mais significativos en Galicia, España e Europa. Elaborar e interpretar gráficos e mapas temáticos.

5- Identificar, analizar e valorar a división técnica e social do traballo e as súas consecuencias socioeconómicas. Coñecer a dinámica da sociedade e a organización do mundo laboral con especial referencia a Europa e a España.

6- Analizar a situación de violación dos dereitos humanos: pobreza, violencia, discriminación, desigualdade e explotación.

7- Identificar e localizar as comunidades autónomas españolas, os Estados da Unión europea e os estados do mundo. Interpretar mapas políticos.

8- Coñecer a organización político-administrativa do Estado español, as súas institucións, as normas que as rexen e as distintas formas de participación cidadá, aplicando ese coñecemento en debates sobre feitos da actualidade e en comportamentos ou actitudes cotiás.

9- Coñecer os principios e fundamentos que rexen as sociedades democráticas e valorar os dereitos humanos como unha conquista irrenunciable da humanidade.

10- Destacar a transcendencia da ruptura da unidade do mundo mediterráneo e a configuración de tres modelos de civilización distintos: Bizancio, o Islam e a Cristiandade latina.

11- Identificar e describir os aspectos socioeconómicos, políticos e ideolóxicos da Europa feudal e a súa evolución ata a aparición do Estado Moderno.

12- Distinguir e situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que se sucederon ou coexistiron na Península Ibérica durante a época medieval, analizando os aspectos comúns e as súas peculiaridades.

13- Percibir a transcendencia dos aspectos culturais da época medieval e a súa contribución á riqueza do noso patrimonio histórico-artístico.

3.10.2 Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación (ver punto 3.9)

As actividades, procedementos ou instrumentos de avaliación, dentro desta planificación serán os exames que se aterán sempre a contidos desenvolvidos na clase no seu día. Eses contidos serán coñecidos polos alumnos por estar fixados nos taboleiros de anuncios de cada aula e no xeral do centro, ademais de ser lembrados periodicamente polo profesorado que lles impartiu ditas materias.

En canto ós tipos de probas, os contidos están desglosados en exercicios teórico-prácticos parciais de varias cuestións plantexadas segundo filosofía recollida no capítulo titulado criterios de avaliación, e outro exercicio final para aqueles alumnos que non superasen os dous primeiros. Estes exercicios versan sobre os contidos mínimos, preparados previamente polos profesores mediante fichas feitas ex profeso e probas modelo de exercicios.

Os criterios de cualificación serán os seguintes: un 70% da nota será a dos exames e o 30% restante dos traballos de recuperación que lle facilitará o profesor e que terán que presentar de xeito claro e ordenado antes de cada exame.

Os procedementos e instrumentos de avaliación seguirán estes dous apartados: a correcta realización, tanto dos traballos coma dos exames. Os

dous puntuaranse sobre 10 e farase a ponderación que se propón nos criterios de avaliación antes descritos, tendo que obter o alumno un mínimo de 5 puntos para aprobar.

3.11 Metodoloxías e estratexias didácticas.

3.11.1 Estratexias expositivas: nas exposicións explicativas dos diferentes aspectos a estudar, o profesorado intentará impulsar a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva dos contidos impartidos na aula. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor. Fomentarán as preguntas aclaratorias e a participación procurando erradicar temores, medos (ao ridículo por exemplo), receos, etc.

3.11.2 Estratexias referenciais: O profesor terá unha relación constante coa realidade inmediata. Nesta materia de Xeografía as referencias poden ser: os trazos mais destacados da xeografía local, paisaxes agrarios existentes na bisbarra, características urbanas mais destacables da vila, a xeografía industrial da Pobra do Caramiñal que presenta unhas facetas moi definidas, etc. Trátase de partir das realidades mais concretas e inmediatas para chegar ó estudio das mais xerais e universais, e se outorgará un destacado papel ás actividades prácticas.

Neste aspecto, levarase a cabo unha unidade didáctica sobre a xeografía urbana da Pobra do Caramiñal, e a súa relación cos aspectos socioeconómicos e históricos. A partires deste traballo, motivarase ó alumnado a participar no proxecto Unha imaxe, unha historia (máis información en imaxehistoria.wordpress.com)

3.11.3 Estratexias de indagación para a asimilación de contidos procedimentais e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudio: webquest, pequenas buscas do tesouro e búsqueda de información en internet, confección da táboas, gráficas diversas, mapas,... a partires de datos (ofrecidos polo profesor ou extraídos a partires de investigacións propias,....

3.11.4 Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, comentario de diapositivas, saídas ao contorno mais próximo, etc..

3.11.5 Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de tódolos aspectos que caracterizan unha rexión xeográfica.

3.12 Materiais e recursos didácticos.

- Libro de Texto: 3º ESO: A Xeografía 2º Ciclo. Editorial ANAYA.
- Materiais propios elaborados polo profesor da materia que pon á disposición do alumnado no Blog do profesor viaxeaitaca.blogaliza.org.
- Clase virtual na páxina web do centro.
- Blogue do proxecto Unha imaxe , unha historia: imaxehistoria.wordpress.com
- Cartografía diversa.
- Prensa diaria.
- Materiais do proxecto Climántica.
- Divesas páxinas web de información xeográfica.

3.13 Programación de temas transversais

1 Educación ambiental.

Sobre os contidos que lles presentamos nas diferentes unidades, trataremos de fomentar unha actitude de respecto ó medio natural, que é un dos criterios directrices desta disciplina. O impacto do ser humano sobre a natureza non debe alcanzar proporcións que ameacen a conservación dun patrimonio que pertence á humanidade. Debemos favorecer unha actitude de respecto cara ó medio físico como parte esencial do contorno humano.

O coñecemento da diversidade do planeta debe servir, ademais, para comprender a existencia de formas de vida diferentes que teñen que resolver problemas distintos ós nosos pero igual de importantes. Tamén para respectar as diferentes formacións naturais da terra porque forman parte dun proceso evolutivo que nós non debemos obstaculizar, xa que contribúen ó seu equilibrio.

Os recursos do planeta son limitados e que, por iso, non podemos utilizar arbitrariamente. Se non somos conscientes de que o medio natural sofre continuamente a nosa falta de planificación, axiña acabaremos cunha herdanza que non nos corresponde dilapidar. O consumo moderado dos recursos ten consecuencias proveitosas en tódolos países e beneficia especialmente ós que mais o necesitan. O alumnado debe concienciarse dos problemas ambientais: esgotamento de acuíferos e modificación do ciclo hidrolóxico, o vertido de augas residuais, o efecto invernadoiro, a contaminación acústica, os lixos e os residuos urbanos non reciclados que contaminan e degradan a vexetación, etc.

En definitiva, intentaremos analizar os posibles efectos que a actividade humana ten sobre a natureza, apuntando coma tema central o cambio climático. Deste xeito, poñeremos en relación o modelo actual de actividade económica, de consumo enerxético e de recursos naturais, coa sostibilidade do sistema. E, pos suposto, nunca esqueceremos a pregunta: ¿e eu que podo facer?

2 Educación para a paz.

Analizaremos as distintas realidades xeográficas que permiten traballar na aula o ámbito da solidariedade entre as distintas nacións que constitúen a nosa realidade política.

Debateremos sobre o desigual comportamento demográfico do mundo actual que xera unhas tensións que son un reflexo das diferencias entre riqueza e pobreza. Debemos favorecer a solidariedade cos mais necesitados, pis, actuando con xustiza social, reduciremos tensións e propiciaremos a existencia dun mundo favorable para a convivencia harmónica de todos.

Así mesmo neste mesmo tema debemos referirnos ás migracións como fenómeno masivo e ós graves problemas que xera: marxinação, abusos no mundo

laboral, dificultades de integración dos inmigrantes, etc. Hai millóns de persoas que viven fora das fronteiras do seu país de nacemento, e por iso é necesario fomentar actitudes de rexeitamento á intolerancia e á xenofobia.

Debaterase sobre os conceptos Norte e Sur, e cómo as diferencias entre o Norte e o Sur agrándanse e debemos tomar conciencia de que a paz futura depende da nosa actitude presente. Debemos estreitar os vínculos de solidariedade e tolerancia entre países ricos e países pobres, como un medio

para construír un mundo no que a paz estea garantida.

3 Educación para o consumo.

Intentaremos sensibilizar ó alumnado sobre a necesidade dun consumo moderado, os problemas do esgotamento dos recursos enerxéticos e naturais (agrícolas, mineiros, pesqueiros) e a problemática en torno ós cultivos transxénicos.

Tamén abordaremos aspectos relacionados, como o exceso de consumismo das sociedades desenvolvidas.

Insistiremos nas reflexións de que, mentres nos países ricos se consumen mais calorías das necesarias, nos países pobres hai moitas persoas que morren de fame e de desnutrición. Debemos favorecer un consumo moderado de alimentos e facer unha mellor distribución dos recursos que non nos resultan imprescindibles.

3.14 Medidas de atención á diversidade.

No agrupamento específico de terceiro de ESO teranse en conta os obxectivos e criterios mínimos esixibles contemplados nesta programación, sempre atendendo ás circunstancias especiais que poda amosar este grupo de alumnos.

Os obxectivos e contidos do grupo de PDC ateranse ós mínimos esixibles en cada un dos ámbitos (lingüístico e social) que as programacións de cada departamento ten contempladas

3.15 Actividades complementarias e extraescolares a realizar.

- Visita Didáctica unha fábrica de conservas.
- Ruta pola vila da Pobra do Caramiñal.
- Actividades relacionadas co Proxecto Terra.
- Posta en funcionamento e seguemento dunha estación meteorolóxica en colaboración co Departamento de Naturais.
- Participación no proxecto Unha imaxe, unha historia

3.16 Tratamento do fomento da lectura e das TICs.

En canto ó tratamento do fomento da lectura, o Departamento, colaborará co equipo de biblioteca en topas aquelas actividades que este propoña.

En canto ó tratamento das TICs:

- Dous mini-ordenadores portátiles xunto cunha unidade exterior de DVD co fin de aproveitar a posta en marcha de canóns fixos en cada aula de 3º de ESO, elaborando material propio para tal fin.
- Utilizarase un blog de profesor (viaxeaitaca.blogaliza.org) no cal se poñerán a disposición do alumnado materiais relacionados coa asignatura, tanto sexan de traballo específico da mesma, coma transversais e complementarios.
- Fomentaranse blogues, tanto persoais coma de clase,. con temática relacionada coa xeografía.
- Aula virtual moodle a través da páxina web do centro.
- Fomentarase o uso da rede internet coma instrumento de búsqueda de información, investigación,... a través de webquest e cazas do tesouro.
- Uso diario de internet como apoio diario nas clases.

IV- CUARTO CURSO ESO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA.

4.1 Contribución da materia as competencias básicas.

A materia de Historia que se imparte no 4º Curso de ESO ten a particularidade de engadir ó carácter instructivo propio da materia, o carácter contextualizador, axudando a centrar a información dentro dunha perspectiva social global.

En primeiro lugar a materia de Historia xoga un papel moi importante no desenvolvemento da **Competencia de comunicación lingüística**, e neste sentido hai que recordar que esta materia é tradicionalmente cualificada como “*de letras*”, e polo tanto está directamente relacionada con un correcto ler e escribir, e que ademais a lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, etc.

Pero, por outra banda, a materia de Historia ten a súa propia linguaxe técnica, con termos e expresións que lle son específicos – monarquía, civilización, aristocracia, sistema feudal, etc., por exemplo-, e que é preciso utilizar para aplicar os principios de pertinencia e precisión. Por iso o profesorado prestará especial atención ó uso correcto e preciso, tanto dunha linguaxe apropiada, como duns termos técnicos elementais, con fin de que a linguaxe oral e escrita cumpra o seu papel de “*instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento...*”, e se converta en ferramenta de comprensión e representación da realidade.

Buscamos, en definitiva, tamén na nosa disciplina, que o alumno se achegue ó dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

Na **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** as contribucións da materia de Historia son relevantes e permiten relacións interdisciplinares, xa que a Historia de cada pobo se desenvolve nun espazo territorial determinado onde se producen todas as formas de cultura e civilización que lle son propias e o identifican dos demais.

A área de Ciencias Sociais resulta tamén fundamental para o desenvolvemento da **Competencia social e cidadá**, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social.

É ben coñecido o papel que as Ciencias Sociais xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

A **Competencia cultural e artística** supón apreciar, comprender e valorar as

diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilízalas para o enriquecemento persoal e estímolas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar.

A contribución da área concéntrase facilitando a selección e coñecemento de obras de arte relevantes, ben polo seu significado na caracterización de estilos e artistas.

No mundo actual é innegable a importancia que ten a **Competencia no tratamento da información e competencia dixital** para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transfórmla en coñecemento. As TICs resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área.

En todo caso, debe insistirse en que a información é preciso saber utilízala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, é necesario compréndela e intégrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible.

A **Competencia para aprender a aprender** supón iniciarse na aprendizaxe e continuála dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas.

Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias.

4.2 Obxectivos Didácticos xerais de Historia de 4º de ESO.

4.2.1 Desenvolver a capacidade crítica e a creatividade dos alumnos mediante o fomento do procesamento autónomo da información, evitando as meras repeticións de coñecementos elaborados previamente.

4.2.2 Fomentar a capacidade de relacionar, de ir alén dunha simple acumulación memorística de información: relaciona-la multicausalmente, sintetízala, selecciona-la, reelabora-la, comprender os problemas estruturalmente e non de forma illada, é dicir, como realidades orgánicas interdependentes, algo así como "ecosistemas históricos" (como os ecosistemas nas Ciencias Naturais). Se buscará que se interprete a evolución das civilizacións como un proceso de cambio globalizador, que afecta a tódalas facetas da vida humana -económicas, sociais, culturais, políticas e ideolóxicas-, e que se desenrola diacrónicamente en diferentes lugares do planeta.

4.2.3 Utilizar as diferentes formas de medición cronolóxica e contrastar a diferente utilidade das mesmas (as cronoloxías nas Ciencias Xeomorfolóxicas, as diferentes formas de medir o tempo na Prehistoria, na Idade Moderna, na actualidade, etc.). A representación gráfica das formas de medición.

4.2.4 Dotar ós alumnos das destrezas técnicas imprescindibles para poder abordar comentarios de textos (a un nivel moi elemental), manexo de mapas, gráficos, diapositivas, e dicir, dos documentos propios desta disciplina.

4.2.5 Fomentar o desenvolvemento da capacidade de expresión: insistiremos no aprendizaxe e na utilización sistemática dun vocabulario histórico básico e dun aparato conceptual -propio da linguaxe dos historiadores- que permita unha expresión rigorosa das ideas, e que se incorporará correctamente a comunicacións escritas, orais e mesmo a conversas espontáneas, e insistiremos tamén na importancia da lectura na consecución deste obxectivo. Neste sentido poñeremos especial empeño en evitar algo, desafortunadamente tan frecuente, como que os alumnos entendan pero logo non sexan capaces de expresar o que saben, de dar saída a esa comprensión previa.

4.2.6 Que se comprenda que a Historia, como ciencia social, en absoluto significa un conxunto de lembranzas do pasado, senón, sobre todo, unha posibilidade de comprendernos como comunidade social desde os nosos orixes e de proxectarnos no futuro. En definitiva, que se interprete como algo vivo, que forma parte da nosa vida cotiá, e que serve para enraizarnos con maior firmeza no noso medio sociocultural.

4.2.7 Fomentar o desenvolvemento dunha serie de valores humanos: respecto como necesidade para a convivencia, apertura ó diálogo e ó intercambio, a cooperación e o apoio mutuo -a pesar de estar inmersos nunha sociedade que valora tanto a competitividade-, a curiosidade e o interese polo saber, para ser máis libres, etc.

4.3 Contidos e Temporalización.

Temporalización da 1ª Avaliación: se desenvolverá entre os meses de Setembro e Decembro e incluírá os contidos seguintes:

Tema Preliminar: Unha visión panorámica da Idade Moderna europea, española e galega.

Tema 1 “A Crise do Antigo Réxime”

- A agricultura señorial e a monarquía absoluta
- O crecemento económico da Europa do século XVIII.
- O comercio colonial e o tráfico de escravos.
- A sociedade estamental: os privilexiados e os non privilexiados.
- Identificación dos pensadores ilustrados máis importantes e síntese das principais ideas do seu pensamento. A crítica do Antigo Réxime e do Absolutismo. Xustificación das súas teorías.
- A quebra da monarquía absoluta no século XVIII: o despotismo ilustrado e o parlamentarismo inglés.
- A revolución americana: a independencia das trece colonias e a constitución de EE.UU.
- A guerra de Sucesión e o absolutismo borbónico do século XVIII.
- Análise da poboación e a economía de Galicia no século XVIII.
- O Reformismo Borbónico en España e América. O caso galego. Mapa da configuración administrativa da Monarquía Hispánica no século XVIII. As particularidades da ilustración galega.

Tema 2 “Liberalismo e Nacionalismo”

- As causas da Revolución Francesa.
- O estalo da Revolución Francesa: convocatoria dos Estados Xerais, a Asemblea Nacional e a fin do Antigo Réxime.

- As etapas da Revolución Francesa: a monarquía constitucional (1789-1792), a república democrática (1792-1794) e a república burguesa (1794-1799).
- As mulleres e a Revolución Francesa.
- Explicación do Imperio napoleónico e as causas da súa caída.
- Análise e interpretación dun mapa de Europa en 1811 para estudar a expansión dos exércitos franceses dirixidos por Napoleón.
- Descrición dos cambios territoriais impostos polo Congreso de Viena mediante o comentario dun mapa da Europa de 1815.
- Definición dos conceptos: liberalismo e nacionalismo.
- Comentario dos obxectivos de cada unha das revolucións liberais.
- Explicación e comparación das unificacións italiana e alemá.

Tema 3 “A Industrialización das Sociedades europeas”

- A evolución da poboación dos estados europeos e do mundo.
- Os avances agrícolas do século XVIII.
- As principais innovacións tecnolóxicas e as novas materias primas que conduciron á Revolución Industrial.
- As innovacións no sector dos transportes, con especial atención aos ferrocarrís e ao barco de vapor, así como as súas consecuencias comerciais.
- Explicación dos principais conceptos do liberalismo económico.
- Exposición do papel desenvolvido polos bancos e as sociedades anónimas na conformación do capitalismo industrial.
- Principais novidades nas fontes de enerxía, industrias e organización industrial que conduciron á segunda fase da industrialización.
- As condicións de vida das dúas clases sociais.
- As primeiras asociacións obreiras.
- A cidade industrial: causas do crecemento e distribución urbanística.
- As diferentes correntes do pensamento obreiro do século XIX: marxismo, anarquismo e internacionalismo.

Tema 4 “A España do século XIX: A construción dun Réxime Liberal”

- As Cortes de Cádiz.
- O enfrontamento entre absolutismo e liberalismo. A quebra do absolutismo.
- Galicia no século XIX. A Guerra da Independencia.
- Análise das causas e a evolución da Guerra da Independencia.
- Análise dos grupos enfrontados nas guerras carlistas e as causas que conduciron ao seu estalido.
- O carlismo galego e o caciquismo.
- A revolución liberal.
- As reformas progresistas e a rexencia de Espartero.
- A etapa isabelina: o liberalismo moderado.
- O Sexenio Democrático: a revolución de 1868, a monarquía democrática (1870-1873) e a primeira República (1873-1874).
- O sistema canovista. As causas da irrupción dos nacionalismos durante a Restauración.

- O provincialismo e o rexionalismo. Identificación das principais figuras intelectuais, políticas ou culturais, de Galicia ao longo do século XIX.

Tema 5 “Industrialización e Sociedade na España do Século XIX”

- A evolución da poboación española no século XIX: crecemento e os movementos migratorios para os núcleos urbanos españois e o exterior.
- As características máis importantes da reforma agraria liberal e análise dos problemas agrarios do campo español.
- A agricultura española durante o século XIX.
- A industrialización española: siderurxia, industria téxtil, minería e construcións ferroviarias no século XIX.
- As novas enerxías e industrias de finais do século XIX.
- A economía e a sociedade na Galicia do século XIX.
- Estudio da sociedade española e da sociedade galega do século XIX.
- O desenvolvemento do movemento obreiro: anarquismo e socialismo.

Temporalización da 2ª Avaliación: se desenvolverá entre os meses de Xaneiro e Marzo, e incluírá os contidos seguintes:

Tema 6 “A Época do Imperialismo”

- As causas que conduciron ao imperialismo.
- Diferentes tipos de colonias.
- Os grandes imperios coloniais.
- As repercusións económicas e sociais da explotación colonial.
- As causas da Primeira Guerra Mundial.
- Os bloques enfrontados no conflito e configuración das alianzas.
- As etapas da Gran Guerra: a guerra de movementos, a guerra de trincheiras, a crise de 1917 e a fin da guerra.
- As repercusións económicas e sociais da Primeira Guerra Mundial.
- A nova configuración territorial de Europa despois da guerra.
- A organización da paz: as condicións impostas no tratado de Versalles e a Sociedade de Nacións.

Tema 7 “A Arte do Século XIX”

- Os antecedentes artísticos: o século XVIII. A permanencia do Barroco.
- A evolución artística do Rococó ó Neoclásico.
- A obra de Francisco de Goya.
- O movemento romántico. O romanticismo pictórico e os seus pintores.
- O realismo. O estilo pictórico realista.
- A evolución da escultura do século XIX.
- A evolución da arquitectura do século XIX. Arte e técnica do século XIX.
- O Impresionismo. Principais obras e artistas impresionistas.
- O modernismo. O arquitecto Antonio Gaudí.

Tema 8 “O Período de Entreguerras 1919-1939”

- As causas do proceso revolucionario ruso: da aristocracia tsarista á revolución do Outubro.
- A guerra civil (1918-1921) e a creación da URSS.
- Os aspectos máis significativos do estalinismo.
- A prosperidade económica de Estados Unidos na década dos anos vinte.

- O *crack* da Bolsa en 1929 e a Gran Depresión.
- O *New Deal*.
- As causas que permitiron o ascenso do fascismo.
- A ideoloxía do fascismo italiano.
- A instauración do nazismo en Alemaña: da república de Weimar ao ascenso do nazismo ao poder.

Tema 9 “Tempos de Confrontación en España 1902-1939”

- O declive da quenda dinástica (1898-1917).
- A crise da Restauración e a dictadura de Primo de Rivera (1917-1931).
- A República. O goberno provisorio, a constitución de 1931 e o voto feminino.
- O Bienio Reformista (1931-1933) e a oposición ás reformas.
- O Bienio Conservador e a Fronte Popular (1933-1936).
- A Guerra civil. O desenvolvemento do conflito, a sociedade en guerra e o exilio.
- A Segunda República e a Guerra Civil en Galicia.
- O nacionalismo galego.

Tema 10 “A II Guerra Mundial e as súas Consecuencias”

- As causas e os contendentes na Segunda Guerra Mundial.
- O desenvolvemento do conflito (1939-45).
- O Holocausto. O campo de concentración de Mauthausen.
- As consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- A formación de bloques antagónicos.
- A Guerra Fría e a coexistencia pacífica.
- A fin dos imperios coloniais e o conflito de Oriente Medio.
- A descolonización e o xurdimento do Terceiro Mundo.

Temporalización da 3ª Avaliación : se desenvolverá entre os meses de Abril e Xuño e incluírá os contidos seguintes

Tema 11 “Un Mundo Bipolar”

- Estados Unidos, líder do mundo capitalista.
- A Europa occidental (1945-1973).
- Xapón, unha potencia asiática.
- A Unión Soviética, unha gran potencia.
- A expansión do comunismo no mundo.
- A revolución chinesa.
- A crise económica e política nos países industrializados.
- O afundimento do comunismo.

Tema 12 “España durante o Franquismo”

- O franquismo: unha dictadura militar.
- A posguerra, miseria e autarquía.
- A muller baixo o franquismo.
- A época do desenvolvementismo e a modernización da sociedade española.
- A represión franquista e as forzas políticas da oposición.
- Os últimos anos do franquismo e a transición á democracia.

Tema 13 “España en Democracia”

- A instauración da democracia, o primeiro goberno de UCD e a Constitución de 1978.
- Os primeiros estatutos de autonomía e a consolidación do mapa autonómico.
- A crise do goberno de UCD e o golpe de Estado do 23-F.
- A etapa socialista (1982-1996).
- Os gobernos do Partido Popular (1996-2004) e o retorno do PSOE.
- A sociedade española no cambio de século e a nova inmigración.

Tema 14 “A Unión Europea”

- A Comunidade Económica Europea.
- A creación da Unión Europea.
- As institucións europeas na actualidade.
- As políticas comúns da Unión Europea.
- A Unión Europea na actualidade e os retos de futuro.
- A integración de España na Comunidade Europea.
- As consecuencias da incorporación de España á Unión Europea.
- Galicia na Unión Europea.
- Os países que forman a Unión Europea na actualidade e as distintas fases do proceso de creación da UE.
- As principais institucións da Unión Europea.
- Os fondos estruturais da Unión Europea.

Tema 15 “O Mundo Actual”

- A nova orde internacional: o liderado de Estados Unidos.
- Os conflitos no mundo actual: as guerras e o fundamentalismo islámico.
- A globalización e o fenómeno da mundialización.
- As desigualdades no mundo actual: centro e periferia.
- A sociedade do século XXI: o novo papel da muller e os novos modelos sociais.
- A situación das mulleres no Terceiro Mundo.
- Os cambios científicos e técnicos; e a era das comunicacións.
- Os retos do mundo actual: o crecemento sostible e a xustiza social.

Tema 16 “A Arte do Século XX”

- A ruptura artística do século XX.
- A nova arquitectura: o funcionalismo, o organicismo e as últimas tendencias.
- As primeiras vangardas do século XX: fauvismo, cubismo, futurismo, expresionismo, dadaísmo e surrealismo.
- As tendencias abstractas: a arte minimalista, o op-art e o informalismo.
- As últimas tendencias: pop-art, hiperrealismo e outras tendencias.
- A escultura: a rotura co naturalismo, Calder e Moore.
- As vangardas en España: arquitectura, pintura e escultura.
- Pablo Picasso, un grande intérprete do século XX.
- A arte galega do século XX.

4.4 Contidos, Competencias Básicas e Criterios para avalialas por

Unidade Didáctica.

Tema 1 “A Crise do Antigo Réxime”

Competencias Básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Recoñecer os ámbitos xeopolíticos e económicos en que se enmarcan os feitos estudados. (Páx. 7, Acts. 1 a 3, *Europa no século...*; Páx. 9, Act. 1; Páx. 23, Act. 4).
- Recoñecer o espazo máis inmediato do poder real, o pazo. (Páx. 19, Acts. 1 e 2)

Competencia cultural e artística

- Apreciar o valor estético das fontes primarias. (Páx. 9, Act. 2; Páx. 16, Act. 1; Páx. 17).
- Identificar o estilo dunha obra arquitectónica e valorar as expresións estéticas do século XVIII (Páx. 11, Acts. 1 a 3; Páx. 12, Act. 1; Páx. 15, Act. 1; Páx. 19, Acts. 1 e 2)

Tratamento da información e competencia dixital

- Interpretar mapas e gráficos. (Páx. 7, Act. 1 a 3, Acts. 1 e 2, *Europa...*; Páx. 9, Act. 1; Páx. 11, Act. 1; Páx. 13, Act. 1; Páx. 14, Acts. 1 e 2; Páx. 21, Acts. 1 e 2; Páx 22, Act.1).
- Buscar información en diversos formatos e mais en internet para ampliar os contidos. (Páx.7, Acts. 1 e 2, *Europa no século...*; Páx. 16, Act. 1; Páx. 25, *Zon@web*).

Competencia en comunicación lingüística

- Elaborar textos de diversa tipoloxía co vocabulario axeitado. (Páx. 7, Act. 3; Páx. 9, Act. 2; Páx. 10, Acts. 1 a 4; Páx. 13, Act. 6; Páx. 16, Acts. 1 a 3; Páx. 22; Páxs. 24, Act. 2).
- Exercitar a comprensión lectora. (Páx. 18, Acts. *Decreto...*; Páx. 21, Acts. 1 a 5)

Competencia matemática

- Ordenar países segundo os seus valores e comparar o crecemento. (Páx. 7, Act. 2).
- Indicar o período de goberno dos monarcas do século XVIII. (Páx. 24, Act. 3)

Competencia para aprender a aprender

- Analizar, sintetizar e relacionar as principais ideas. (Páx. 7, Act. 3; Páx. 13, Acts. 4 a 6; Páx. 16, Acts. 1 a 3; Páx. 19, Acts. 3 e 4; Páx. 21, Acts. 3 a 5; Páx. 23; Páx. 24, Act. 2).
- Expor os principais contidos do tema para autoavaliarse. (Páx.15, Acts. 2 e 3)

Autonomía e iniciativa persoal

- Argumentar os puntos de vista. (Páx. 9, Act. 3; Páx. 13, Acts. 2 e 3; Páx. 14, Act. 3).
- Escolmar os contidos máis relevantes segundo un criterio obxectivo. (Páx. 11, Act. 4; Páx. 16, Act. 1; Páx. 21, Acts. 1 e 2; Páx. 25, Act. 5).

Obxectivos didácticos

- Identificar ós principais pensadores da Ilustración e as súas propostas.
- Entender a formación e o desenvolvemento da Ilustración e o Despotismo Ilustrado.

- Coñecer a importancia histórica pola limitación do poder real da división de poderes e a Declaración de Dereitos da Inglaterra do século XVII.
- Saber como se produciu a independencia das colonias americanas e valorar a importancia histórica da Constitución americana.
- Coñecer os feitos que desencadearon a Guerra de Sucesión ao trono español.
- Recoñecer os principais aspectos do Despotismo Ilustrado.
- Comprender o proceso de centralización do poder político da monarquía absoluta de Filipe V e analizar as consecuencias dos decretos de Nova Planta.
- Explicar a evolución demográfica e económica de Galicia no século XVIII.

Criterios de avaliación

- Pescudar se detallan correctamente as principais ideas do pensamento ilustrado.
- Ver se son quen de describir as características do Antigo Réxime.
- Verificar que explican as razóns que conduciron á Guerra de Sucesión.
- Confirmar que saben explicar a sociedade estamental e recoñecer os membros de cada grupo social.
- Asegurarse de que relacionan correctamente a definición política co estado ao que mellor se refire.
- Ver se interpretan as ideas económicas dunha fonte primaria do réxime borbónico.
- Pescudar se saben describir as características da sociedade e a economía de Galicia no século XVIII.
- Observar se son capaces de identificar as principais ideas de Ilustración española e o programa reformista de Carlos III.

Tema 2 “Liberalismo e Nacionalismo”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Mellorar o coñecemento de Europa con análise das transformacións políticas ao longo do século XIX. (Páx. 36, Acts. 1 e 2; Páx. 41, Acts. 1 a 3; Páx. 43, Acts. 1 a 3).
- Determinar os cambios de fronteiras dos países europeos. (Páx. 38, Act. 1).

Competencia cultural e artística

- Analizar unha obra pictórica. (Páx. 29, Acts. 1 a 3; Páx. 40, Acts. 1 a 3).
- Valorar culturalmente as fontes literarias e pictóricas. (Páx. 32, Act. *A igualdad social*; Páx. 37, Acts. 1 e 2; Páx. 39, Acts. 1 a 3; Páx. 43, Acts. *A unificación alemana*)

Tratamento da información e competencia dixital

- Interpretar un esquema e un mapa (Páx. 30, Act. 1; Páx. 43, Acts. 1 a 3).
- Buscar información en diversos formatos para ampliar información. (Páx. 35, Act. 1; Páx. 37, Acts. 6; Páx. 39, Act. 3; Páx. 45, Act. *Zon@web*)

Competencia en comunicación lingüística

- Elaborar textos para mellorar a expresión e a comprensión lectora. (Páx. 29, Acts. 1 a 6; Páx. 35, Acts. 2 a 4; Páx. 37, Acts. 1 a 6; Páx. 44, Acts. 1 a 3; Páx. 45, Act. 4).
- Adoptar o vocabulario preciso para o contexto histórico que se estudia mediante definicións. (Páx. 30, Act. 1; Páx. 33, Act. 1; Páx. 39, Act. 6; Páx. 41, Act. 5)

Competencia matemática

- Apreciar a diferenza entre gastos e ingresos nun orzamento. (Páx. 28, Act. 1).
- Escribir a cronoloxía dun acontecemento histórico co fin de apreciar a escala temporal utilizada para estudar este período. (Páx. 31, Act. 1; Páx. 33, Act. 1)

Competencia para aprender a aprender

- Analizar, sintetizar e relacionar as principais ideas. (Páx. 29, Acts. 4 a 6; Páx. 31, Acts. 1 e 2; Páx. 33, Acts. 1 a 4; Páx. 43, Acts. 4 a 6; Páx. 44, Acts. 2 e 3).
- Expor por escrito os contidos traballados para autoavaliar a súa comprensión. (Páx. 35, Acts. 1 a 5; Páx. 37, Acts. 2 a 6; Páx. 41, Acts. 3 a 5)

Autonomía e iniciativa persoal

- Reflexionar para xustificar as propias respostas. (Páx. 29, Act. 6; Páx. 32, Act. *A igualdade social*; Páx. 39, Act. 2; Páx. 45, Act. 4).
- Escribir unha redacción persoal exercitando os contidos. (Páx. 35, Act. 5).

Obxectivos didácticos

- Coñecer e describir os principais acontecementos da Revolución Francesa e as causas que a impulsaron.
- Describir o paso da Constitución de 1791 ao Imperio napoleónico, diferenciando as posturas e intereses dos diversos sectores sociais.
- Recoñecer a participación das mulleres na Revolución Francesa e adoptar unha actitude crítica cara á súa discriminación en relación coa ideoloxía.
- Analizar o contexto político e económico da Europa da Restauración; así como as diversas medidas levadas a cabo para restablecer o Antigo Réxime.
- Coñecer o contido ideolóxico e político do liberalismo e o nacionalismo.
- Diferenciar as características das distintas revolucións liberais.
- Entender os procesos de unificación política de Alemaña e Italia.

Criterios de avaliación

- Pescudar se son quen de ordenar cronoloxicamente os episodios do estalido da Revolución Francesa.
- Confirmar que identifican as etapas da Revolución Francesa e especifican as características de cada unha delas.
- Ver se explican o desenvolvemento e o significado do Imperio napoleónico.
- Verificar que recoñecen os principais conceptos da Europa da Restauración.
- Asegurarse de que describen as principais características do liberalismo.
- Observar se definen os termos relativos ao nacionalismo e ao liberalismo.

- Ver se son capaces de explicar as revolucións liberais do século XIX.

Tema 3 “A Industrialización das Sociedades europeas”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Estudiar o espazo da fábrica e a extensión territorial da industrialización. (Páx. 51, Act. 1; Páx. 55, Acts. 1 a 3, *A industrialización*; Páx. 65, Act. 4).
- Recoñecer a acción do ser humano na transformación do contorno físico de diversa extensión. (Páx. 52, Act. 1; Páx. 60, Acts. 1 a 3).

Competencia cultural e artística

- Identificar teorías económicas da nosa historia cultural. (Páx. 53, Act. 6).
- Interpretar gravados apreciando o seu estético. (Páx. 56, Act. 1; Páx. 62, Acts. 1 e 2)

Tratamento da información e competencia dixital

- Interpretar información presentada en esquemas, mapas e outros formatos. (Páx. 49, Acts. 1 a 3, *Investiga...*; Páx. 51, Act. 1; Páx. 53, Acts. 1 e 2; Páx. 55, Acts. 1 a 3, *A industrialización...*; Páx. 59, Act. 1; Páx. 65, Act. 4).
- Buscar información en fontes alternativas ao libro. (Páx. 63, Acts. 1 e 2)

Competencia en comunicación lingüística

- Elaborar textos co vocabulario axeitado. (Páx. 49, Acts. 1 e 2; Páx. 64, Act. 2).
- Definir termos para mellorar o vocabulario do alumnado. (Páx. 51, Act. 3; Páx. 55, Act. 2; Páx. 57, Acts. 1 e 3; Páx. 59, Act. 5; Páx. 60, Acts. 1 a 3; Páx. 64, Act. 3)

Competencia matemática

- Calcular a progresión de determinados valores nun espazo de tempo expresado en diferentes valores. (Páx. 48, Act. 1; Páx. 53, Acts. 1 a 3; Páx. 57, Act. 4)

Competencia para aprender a aprender

- Analizar e sintetizar os principais contidos do tema. (Páx. 49, Acts. 1 e 2; Páx. 57, Acts. 1 a 4; Páx. 60, Acts. 1 a 3; Páx. 63, Acts. 1 e 2; Páx. 64, Acts. 1 a 3).
- Expor as ideas do tema para que se autoavalíe a comprensión dos contidos. (Páx. 53, Acts. 4 a 6; Páx. 55, Acts. 1 a 4; Páx. 59, Acts. 3 a 5)

Autonomía e iniciativa persoal

- Reflexionar para razoar os contidos estudados. (Páx. 51, Act. 2; Páx. 59, Act. 2; Páx. 60, Act. 2).
- Proxectar a busca de información en diversas fontes e seleccionar a información axeitada para solucionar as actividades. (Páx. 56, Act. 1; Páx. 63, Acts. 1 e 2)

Obxectivos didácticos

- Entender a industrialización como un proceso de transformacións económicas e sociais do século XIX europeo, onde Gran Bretaña foi o berce desta Revolución.
- Coñecer as mudanzas que experimentou o sector agrario como consecuencia das transformacións dos sistemas de cultivo e a estrutura de propiedade.

- Identificar os avances técnicos da Revolución Industrial e os sectores industriais pioneiros, e recoñecer as causas da conflictividade laboral do movemento obreiro.
- Entender a revolución dos transportes.
- Identificar as novas fontes de enerxía e os sectores industriais da Segunda Revolución Industrial.
- Coñecer o pensamento liberal, marxista, socialista e anarquista.

Criterios de avaliación

- Confirmar que explican os factores que propiciaron a Revolución Industrial.
- Pescudar se relacionan os avances do sector téxtil e metalúrxico cos seus inventores.
- Ver se identifican a nova organización do traballo.
- Verificar que explican a evolución dos transportes e a súa influencia no desenvolvemento económico.
- Asegurarse de que recoñecen as principais características no funcionamento do capitalismo industrial.
- Observar se identifican as modalidades de organización obreira do século XIX.
- Ver se son quen de establecer as características do pensamento obreiro.
- Constatar que diferencian as fontes de enerxía, as industrias e os avances técnicos entre as dúas revolucións industriais.

Tema 4 “A España do século XIX: A construción dun Réxime Liberal”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Coñecer o espazo físico onde se desenvolveron determinados episodios históricos. (Páx. 69, Act. 2; Páx. 75, Act. 1, *Independencia...*; Páx. 72, Act. 1; Páx. 79, *Gravado*)

Competencia cultural e artística

- Comentar un gravado interpretando o significado de determinados símbolos. (Páx. 68 Act. 1; Páx. 76, Act. 1; Páx. 79, Act. 1, *Gravado*).
- Analizar unha obra pictórica seguindo os criterios establecidos nunha pauta e comentar o seu contexto histórico. (Páx. 71, Acts. 1 e 2; Páx. 89, Act. 3)

Tratamento da información e competencia dixital

- Comprender datos en diversos formatos. (Páx. 69, Act. 1, *Constitución de 1812*; Páx. 73, *A Restauración...*; Páx. 75, Act. 1, *Independencia...*; Páx. 81, Acts. 1 a 3, *Debuxo...*; Páx. 83, Acts. 1 e 2; Páx. 84, Acts. *Eleccións...*; Páx. 85, *Investiga...*).
- Obter información de internet. (Páx. 71, Act. 3; Páx. 87, Act. 6; Páx. 88, *Zon@web*)

Competencia en comunicación lingüística

- Definir algúns termos. (Páx. 69, Act. 1, *Constitución de 1812*; Páx. 83, Act. 2).

- Expresarse coherentemente e comprender textos. (Páx. 77, Act. 3; Páx. 79, Acts. 1 a 3)

Competencia matemática

- Realizar operacións de diversas magnitudes e exercitar os criterios de medición do tempo en historia. (Páx. 75, Act. 2, *Investiga...*; Páx. 80, Acts. 1 e 2, *Prezo...*; Páx. 88, Act. 2)

Competencia para aprender a aprender

- Aplicar razoamentos de distinto tipo para concluír con explicacións. (Páx. 69, Acts. 1 e 2; Páx. 77, Acts. 1 a 3; Páx. 79, Acts. 1 a 3; Páx. 88, Act. 1 e 2).
- Autoavaliarse. (Páx. 71, Acts. 4 a 6; Páx. 73, Acts. 1 a 3; Páx. 81, Acts. 1 a 3; Páx. 83, Acts. 3 a 5; Páx. 85, Acts. 1 a 4)

Autonomía e iniciativa persoal

- Idear un traballo individual. (Páx. 71, Act. 3; Páx. 76, Acts. *O Carlismo*; Páx. 79, Act. *O Manifesto...*; Páx. 80, Act. *A revolución...*; Páx. 89, Act. 3).
- Analizar criticamente. (Páx. 75, Act. 2; *Investiga...*; Páx. 83, Act. 2)

Obxectivos didácticos

- Analizar a Guerra da Independencia e as Cortes de Cádiz como o inicio do liberalismo.
- Comprender as causas e as consecuencias da independencia das colonias.
- Coñecer os principais aspectos da revolución liberal.
- Recoñecer as peculiaridades do carlismo e o caciquismo en Galicia.
- Describir a configuración do réxime moderado (1843-1848).
- Entender o Sexenio Democrático como o primeiro intento democratizador.
- Analizar a restauración monárquica como a instauración da instauración do réxime liberal, mais escasamente democrático.
- Comprender a situación política e económica de España a finais do século XIX e analizar as causas e as consecuencias a través da crise do 98.
- Recoñecer as orixes do provincialismo e o rexionalismos galegos.

Criterios de avaliación

- Verificar que identifican os principios básicos da Constitución de 1812 .
- Constatar que enumeran as medidas que conduciron á restauración do absolutismo e as causas da súa creba.
- Pescudar se saben localizar no tempo algúns dos acontecementos que tiveron lugar en Galicia ao longo do século XIX.
- Ver se son quen de explicar o proceso de independencia das colonias americanas .
- Valorar se saben definir os conceptos clave da revolución liberal e o liberalismo español.
- Observar se enumeran os problemas que afrontou a monarquía de Amadeo de Saboia e a Primeira República .
- Comprobar que explican a alternancia no poder do sistema canovista que conformou o sistema da Restauración.
- Confirmar que describen as correntes políticas e culturais do século XIX en Galicia.

Tema 5 “Industrialización e Sociedade na España do Século XIX”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Recoñecer o espazo físico onde se desenvolveu a actividade humana. (Páx. 93, Acts. 1 e 2; Páx. 95, *A estrutura...*; Páx. 97, *Un vapor...*; Páx. 98, Act. 1; Páx. 107, *A economía...*; Páx. 113, Act. 4)

Competencia cultural e artística

- Estudiar unha poesía e analizar varias manifestacións artísticas e culturais. (Páx. 96, Act. *Guerra...*; Páx. 100, Act. *Os duques...*; Páx. 103, Act. 4; Páx. 102, Act. *A carga*)

Tratamento da información e competencia dixital

- Localizar diversos elementos nun mapa e nun plano. (Páx. 92, Acts. 1 a 3, *Plano de Madrid...*; Páx. 97, Acts. 1 e 2, *Un vapor*; Páx. 98, Act. 1; Páx. 113, Act. 4).
- Obter información de diversos recursos, con especial atención en internet. (Páx. 106, Act. 2, *Automóvil...*; Páx. 103, Act. 4; Páx. 113, *Zon@web*)

Competencia en comunicación lingüística

- Definir palabras propias da materia. (Páx. 94, Act. 1, *Terras...*; Páx. 112, Act. 1).
- Comprender textos e elaborar descrições. (Páx. 99, Act. 1, *Investiga...*; Páx. 100, Act. 1, *Os duques...*; Páx. 103, Act. 3; Páx. 111, Act. 1)

Competencia matemática

- Interpretar datos numéricos distribuídos nunha escala temporal. (Páx. 92, *Evolución...*; Páx. 97, Act. 1; Páx. 100, *Censo...*; Páx. 105, *O crecemento...*; Páx. 108).
- Comparar porcentaxes. (Páx. 93, Act. 1, *Emigración...*; Páx. 95, Acts. 1 e 2)

Competencia para aprender a aprender

- Revisar os coñecementos adquiridos. (Páx. 95, Acts. 3 e 4; Páx. 101, Acts. 1 e 2; Páx. 103, Acts. 1 a 3; Páx. 105; Páx. 107, Acts. 1 a 3; Páx. 111, Acts. 2 a 4; Páx. 112, Act. 2).
- Recompilar e clasificar a información. (Páx. 98, Acts. 2 a 4; Páx. 109, Act. 6)

Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar decisións reflexionadas e tirar conclusións. (Páx. 99, Acts. 1 e 2, *Investiga...*; Páx. 101, Acts. 1 e 2, *Investiga...*; Páx. 111, Act. 1; Páx. 113, Act. 4).
- Idear unha pequena investigación. (Páx. 106, Acts. *Automóvil...*; Páx. 109, Act. 4)

Obxectivos didácticos

- Coñecer a evolución demográfica española e galega do século XIX.
- Identificar os conceptos básicos da reforma agraria liberal.
- Recoñecer as diferencias respecto á propiedade da terra en España e en Galicia.
- Valorar os motivos da lentitude da industrialización española e galega.

- Coñecer o proceso de industrialización en España e entender as repercusións para a industria do desenvolvemento de novas fontes de enerxía: a electricidade e o petróleo.
- Analizar os cambios e as transformacións da sociedade española e galega no s. XIX.
- Contextualizar la aparición e actuación dos movementos obreiros en España.

Criterios de avaliación

- Pescudar se coñecen a evolución da poboación española no século XIX e explicar as causas do crecemento demográfico .
- Comprobar que definen unha serie de conceptos básicos relacionados coa reforma agraria liberal.
- Ver se explican os obstáculos que frearon o ritmo de crecemento da industria española e galega no século XIX.
- Verificar que recoñecen as materias primas, as innovacións técnicas e os sectores industriais das principais etapas do proceso de industrialización de España.
- Observar se coñecen algunhas características da minaría e a industria española e galega no século XIX.
- Comprobar que identifican as clases sociais da España do século XIX.
- Comprobar que saben como era a vida cotiá das clases sociais da España e Galicia do século XIX.
- Pescudar se recoñecen as principais características das ideoloxías dos movementos anarquistas e socialistas.

Tema 6 “A Época do Imperialismo”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Identificar os principais ámbitos xeopolíticos e económicos do imperialismo. (Páx. 119, Acts. 1 a 3, *Migracións...* ; Páx.123, Acts. 1 a 3)
- Detectar os cambios na xeografía europea. (Páx. 126, Act. 1, *Os Balcáns...*; Páx. 127, Acts. 1 a 3, *Europa...*; Páx. 133, Acts. 1 e 2; Páx. 135, Act. 4).
- Recoñecer as características físicas das trincheiras. (Páx. 131, Acts. 1 a 4)

Competencia cultural e artística

- Observar e apreciar obras de arte criticamente. (Páx. 119, Acts. 1 e 2; Páx. 121, Acts. 1 e 2; Páx. 127, Act. 1, *Gravado*; Páx. 132, Act. 1, *Salón dos Espellos...*).
- Valorar a igualdade entre as culturas e rexeitar a aculturización. (Páx. 125, Act. 1)

Tratamento da información e competencia dixital

- Interpretar mapas, planos e un esquema. (Páx. 119, Acts. 1 a 3, *Migracións...*; Páx. 123, Acts. 1 a 3; Páx. 125, Act. 1, *As consecuencias...* Páx. 131, Acts. 1 a 4).
- Obter e procesar información en internet. (Páx.135, *Zon@web*)

Competencia en comunicación lingüística

- Comprender o contido dun texto. (Páx. 122, Act. *O asalto...*; Páx. 131, Act. 4).
- Elaborar textos co vocabulario adecuado. (Páx. 121, Acts. 4 e 5; Páx. 125, Act. 4; Páx. 129, Act. 1, *Investiga...*; Páx. 134, Act. 1)

Competencia matemática

- Comparar datos numéricos. (Páx. 118, Act. 1, *Crecemento...*; Páx. 119, Act. 1, *O peso...*; Páx. 123, Acts. 1 a 3; Páx. 132, Act. 1, *Evolución...*; Páx. 134, Act. 3).
- Interpretar un eixe cronolóxico. (Páx. 129, Acts. 1 e 2)

Competencia para aprender a aprender

- Revisar os contidos traballados. (Páx. 120, Act. *Os indíxenas...*; Páx. 123, Acts. 4 e 5; Páx. 127, Act. 1; Páx. 129, Acts. 3 a 5; Páx. 131, Act. 4; Páx. 134, Act. 2).
- Recompilar e clasificar a información nun esquema para facilitar a comprensión dos contidos. (Páx. 125, Act. 1, *As consecuencias...*; Páx. 134, Act. 1)

Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar decisións reflexionadas e tirar conclusións. (Páx. 121, Act. 1, *Caricatura*).
- Decidir de forma razoada e motivar a reflexión individual. (Páx. 125, Act. 1; Páx. 127, Act. 2; Páx. 129, Act. 2, *Investiga...*; Páx. 132, Act. *O Tratado...*)

Obxectivos didácticos

- Analizar as causas e as consecuencias dos fenómenos coloniais no século XIX.
- Describir as formas de organización e de explotación das colonias e valorar as súas repercusións na situación económica e social destes países.
- Rexeitar as xustificacións do colonialismo e a segregación racial.
- Identificar as causas que desencadearon a Primeira Guerra Mundial.
- Analizar as fases da guerra e as repercusións económicas, sociais, políticas e territoriais da Gran Guerra.

Criterios de avaliación

- Ver se son quen de recoñecer as razóns éticas e morais utilizadas polas potencias europeas para xustificar o imperialismo.
- Comprobar que explican as causas e as consecuencias económicas da expansión colonial do último tercio do século XIX.
- Verificar que identifican os territorios correspondentes aos principais imperios coloniais da época.
- Constatar que identifican as causas da Primeira Guerra Mundial.
- Observar se explican como era a vida nas trincheiras e que armamento se utilizou durante a Gran Guerra .
- Pescudar se recoñecen as alianzas militares que se estableceron entre os países europeos durante a I Guerra Mundial.

- Comprobar se saber coñecer algúns episodios clave no desenvolvemento da Primeira Guerra Mundial.
- Ver se explican os cambios territoriais que se produciron no mapa de Europa tras a organización da paz.

Tema 7 “A Arte do Século XIX”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Coñecer influencias e antecedentes na arte do século XIX. (Páx. 139, Acts. 1 e 2).
- Coñecer posibilidades, funcións e efectos de obras de arte e arquitectura no seu contexto de creación. (Páx. 148, Act 2; Páx. 149, Act 2; Páx. 150, Act. 2; Páx. 151, Act 1)

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Identificar as características de diferentes obras. (Páx. 139, Act. 1; Páx. 140, Act. 1; Páx. 143, Act. 3; Páx. 144, Act. 2; Páx. 146; Páx 149, Act 2; Páx. 155, Act. 4).
- Observar varios edificios modernistas. (Páx. 153, Act. 3)

Competencia cultural e artística

Tratamento da información e competencia dixital

- Resumir características de diferentes movementos artísticos (Páx. 141, Act. 1; Páx. 143, Acts. 1 e 2; Páx. 145, Act. 2; Páx. 147, Acts. 1 e 2; Páx. 151, Act. 2; Páx. 153, Act. 1).
- Analizar distintos tipos de fontes para a análise de obras de arte. (Páx. 146, Act 2; *Observa as esculturas*; Páx. 153, Acts 1 e 2; Páx. 155, *Zon@web*)

Competencia en comunicación lingüística

- Explicar contidos utilizando o vocabulario específico do tema. (Páx. 142, Act 1; Páx. 145, Act. 1; Páx. 147, Acts. 1 e 2; Páx. 148, Acts. 1 e 3; Páx. 149, Act. 1).
- Expresar de modo exemplificado e comunicar ideas contidas nunha obra de arte. (Páx. 139, Act. 2; Páx. 142, Act. 1; Páx. 151, Act. 3; Páx. 155, Acts. 1 e 4)

Competencia para aprender a aprender

- Sintetizar, avaliar e comprender estilos e obras de arte. (Páx. 141, Acts. 2 e 3; Páx. 147, Act. 3; Páx. 151, Acts 2 e 3; Páx. 154, Acts. 1 e 3)

Autonomía e iniciativa persoal

- Argumenta de forma lóxica e coherente a opinión persoal. (Páx. 140, Act. 2; Páx. 141, Act. 2; Páx. 142, Act 1; Páx. 144, Act. 1 (*Jean-François Mollet*) e Act. 1 (*Honoré Daumier*); Páx. 148, Act. 3; Páx. 150, Acts. 1 e 2; Páx. 153, Act. 3)

Obxectivos didácticos

- Coñecer, analizar e explicar os principais movementos artísticos do século XIX.
- Analizar as características artísticas das obras estudadas en cada movemento: Barroco, Neoclásico, Romanticismo, Realismo, Arquitectura e Escultura, época industrial, Impresionismo e Modernismo.
- Recoñecer as principais obras de arte e identificar os autores pertencentes a cada movemento.
- Analizar e comprender o contido e o estilo utilizado nas obras de arte dos autores estudados.

- Comprender a evolución e desenvolvemento dos diferentes movementos artísticos pertencentes ó século XIX.

Criterios de avaliación

- Ver se recoñecen a evolución das formas estéticas e artísticas que tivo lugar ao longo do século XVIII.
- Comprobar se saben comparar os estilos arquitectónicos do século XIX e analizar as causas da renovación da arquitectura .
- Comprobar que coñecen as distintas etapas da obra de Francisco de Goya e algunhas das súas obras máis relevantes.
- Constatar que coñecen os principais artistas do século XIX e os saben relacionar co movemento artístico ao que pertencen.
- Observar se saben identificar algunhas das obras dos pintores máis relevantes do século XIX traballadas ao longo do tema.
- Valorar se saben explicar as características da arte modernista e recoñecer as particularidades da obra de Antonio Gaudí.
- Valorar se coñecen e diferencian as características esenciais dos distintos movementos artísticos do século XIX.

Tema 8 “O Período de Entreguerras 1919-1939”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Percibir o espazo físico de diversos países e prestarlle unha especial atención á súa organización política e os seus cambios de fronteiras. (Páx. 159, Acts. 1 e 2, *Territorios...*; Páx. 160, Acts. 1 e 2, *A URSS*; Páx. 165, Act. 3; Páx. 168, Act. 1, *Aspiracións...*)

Competencia cultural e artística

- Analizar diversos debuxos e películas para entender a historia e a cultura dos seus pobos. (Páx. 159, Acts. 1 a 4; Páx. 166, Act. 1, *Viñeta*; Páx. 175, Act. 4).
- Coñecer e apreciar costumes e lendas. (Páx. 165, Act. 3; Páx. 169, Acts. 1 e 2)

Tratamento da información e competencia dixital

- Combinar información presentada en diversos formatos como esquemas, gráficos, mapas, textos e fotografías. (Páx. 167, Acts. 1 e 2; Páx. 168, Act. 1, *Aspiracións...*; Páx. 171, Acts. 1 e 2; Páx. 173, Acts. 1 a 3).
- Obter información en diversos soportes, especialmente a través das tecnoloxías da información. (Páx.159, Act. 4; Páx. 165, Act. 2; Páx. 175, Act. *Zon@web*)

Competencia en comunicación lingüística

- Ampliar o vocabulario mediante a definición de novos conceptos e o seu posterior uso na elaboración de textos. (Páx. 163, Acts. 2 e 3; Páx. 173, Act. 6; Páx. 174, Act. 1).
- Elaborar textos con corrección sintáctica e semántica. (Páx. 161, Acts. 1 a 3; Páx. 167, Acts. 3 e 4; Páx. 169, Act. 1; Páxs. 170, Acts. *O Programa*)

Competencia matemática

- Comparar valores de diversas magnitudes en gráficos e cadros. (Páx. 162, Acts. 1 e 2, *Distribución...*, Páx. 163, Act. 1, *Prezos e stocks...*; Páx.

166, Act. 1, *Cotizacións...*; Páx. 171, Acts. 1 e 2; Páx. 173, Act. 1, *Os gastos...*; Páx. 174, Act. 3)

Competencia para aprender a aprender

- Revisar os contidos e organizalos en esquemas. (Páx. 159, Acts. 5 a 8; Páx. 161, Acts. 1 a 3; Páx. 171, Acts. 3 a 5; Páx. 174, Acts. 1 e 2)

Autonomía e iniciativa persoal

- Planificar unha pequena investigación. (Páx. 165, Act. 2)

Obxectivos didácticos

- Coñecer a caída do tsarismo e describir a toma do poder na xornada revolucionaria de outubro e como se construíu a construción do primeiro estado socialista.
- Comprender o proceso de formación da URSS e o ascenso de Stalin ao poder.
- Recoñecer e valorar os logros sociais e políticos da muller do século XX.
- Analizar as causas que provocaron o *crack* bolsista de 1929 e o desencadeamento da depresión económica xeneralizada.
- Describir os factores que explican o ascenso dos réximes totalitarios en Alemaña e Italia.
- Identificar e criticar a ideoloxía do fascismo italiano e nazismo alemán.

Criterios de avaliación

- Ver se recoñecen os acontecementos previos á revolución de outubro de 1917 e as primeiras medidas adoptadas polos bolxeviques tras a toma de poder.
- Constatar que explican as medidas implantadas por Stalin para asegurar o desenvolvemento económico e o control social da URSS.
- Verificar que elaboran un esquema sobre as causas que desencadearon a Gran Depresión .
- Comprobar se explican os principios en que se baseaba a dictadura fascista de Benito Mussolini.
- Observar se recoñecen os principais elementos da ideoloxía nacionalsocialista e as medidas que levou a cabo o III Reich para defender o seu modelo de sociedade.
- Pescudar se explican os obxectivos e os logros dos movementos sufragistas das primeiras décadas do século XX.

Tema 9 “Tempos de Confrontación en España 1902-1939”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Coñecer os ámbitos xeopolíticos e o espazo físico en que se enmarcan os conflitos estudados. (Páx. 179, Act. *Investiga...*; Páx. 185, Act. 1 *Terreos...*; Páx.193, Act. 1)

Competencia cultural e artística

Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar información en Internet e noutras fontes de consulta alternativas ao libro de texto. (Páx. 179, Act. 1; Páx. 201, *Zon@web*).

- Analizar a información de diversas fontes: caricaturas, gráficas, textos históricos, etc. (Páx. 178; Páx. 179, Act. 1; Páx. 180; Páx. 181, Acts. 1 e 2; Páx. 182; Páx. 183, Act. 1 *Investiga...*; Páx. 186, Acts. 1 e 2 e *As demandas...*; Páx. 187, *Carteis...*; Páx. 189, Acts. 1 e 2; Páx. 190; Páx. 191, *Cartel...*; Páx. 197, *O Estatuto...*; Páx. 198, Act. 1; Páx. 201, Act. 4)

Competencia en comunicación lingüística

- Elaborar diferentes tipos de textos e saber argumentar as explicacións e opinións persoais, oralmente e por escrito. (Páx. 181, Act. 2; Páx. 183, Act. 2 *Investiga...*; Páx. 185, Act. 2 *Predios...*; Páx. 187, Acts. 1 e 2; Páx. 189, Acts. 3 e 4; Páx. 191, Act. 1; Páx. 193, Act. 1 a 4; Páx. 195, Act. 2)

Competencia matemática

- Analizar e interpretar datos de tipo cuantitativo. (Páx. 195, Act. 1)

Competencia para aprender a aprender

- Relacionar e sintetizar os contidos traballados ao longo do tema. (Páx.179, Acts. 2 e 3; Páx. 181, Acts. 3 e 4; Páx. 183, Acts. 1 a 3; Páx. 185, Acts. 1 e 2; Páx. 187, Acts. 1 e 2; Páx. 189, Acts. 3 e 4; Páx. 191, Acts. 1 a 3; Páx. 195, Act. 2; Páx. 200, Act. 1 e 2)

Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar decisións en relación á planificación do proceso de resolución das actividades propostas. (Páx. 183, Act. 2 *Investiga...*; Páx. 193, Act. 3)

Obxectivos didácticos

- Analizar a situación socioeconómica e política de España no primeiro tercio do século XX.
- Identificar as causas da revolta popular da Semana Tráxica no marco da política internacional española de comezos de século.
- Explicar as características do sistema político da Dictadura de Primo de Rivera.
- Analizar o contexto en que se produciu a proclamación da Segunda República e as reformas que se realizaron para modernizar e democratizar a sociedade española.
- Identificar as orixes do nacionalismo galego e as súas figuras máis importantes.
- Coñecer as causas que desencadearon a Guerra civil española e saber explicar, coa axuda de mapas, a evolución do conflito.
- Comprender a situación política e económica de España ao rematar o conflito.

Criterios de avaliación

- Comprobar se recoñecen a política reformista e os grupos de oposición durante a crise da Restauración.
- Ver se coñecen as causas do éxito e o fracaso da dictadura de Primo de Rivera.
- Pescudar se identifican as características do contexto histórico en que se proclamou a República, explican os seus principios constitucionais e salientan os feitos que tiveron lugar en Galicia durante este período.

- Pescudar se recoñecen algunhas figuras clave do primeiro nacionalismo galego.
- Verificar que recoñecen e clasifican correctamente os distintos tipos de reformas levadas a cabo durante o Bienio Reformista.
- Confirmar se saben definir as liñas políticas da CEDA e da Fronte Popular.
- Observar se saben clasificar nun cadro os personaxes e as características do bando republicano e do franquista.
- Ver se saben situar cronoloxicamente os principais episodios da Guerra civil.

Tema 10 “A II Guerra Mundial e as súas Consecuencias”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Coñecer os ámbitos xeopolíticos en que se enmarcan os conflitos estudados. (Páx. 206, *13 de Marzo...*; Páx. 207, *O camiño...*; Páx. 209, *A expansión...*; Páx. 211; Páx. 215, *Europa...*; Páx. 219, Acts. 1 a 3; Páx. 221, *As desigualdades...*; Páx. 223)

Competencia cultural e artística

Tratamento da información e competencia dixital

- Analizar a información procedente de diversas fontes: caricaturas, ilustracións, gráficas etc. (Páx. 206, *Caricatura...*; Páx. 208; Páx. 209 *cartel*; Páx. 211; Páx. 213, *Os protagonistas...*; *Observa...*; Páx. 215, *Observa...*; Páx. 216; Páx. 223, Act. 4).
- Buscar información en internet e noutras fontes. (Páx. 211; Páx. 223, *Zon@web*)

Competencia en comunicación lingüística

- Definir conceptos e argumentar as explicacións persoais utilizando o vocabulario histórico. (Páx. 206, *Caricatura...*; Páx. 207, *O camiño...*; Páx. 209, Act. 4; Páx. 213, Act. 5; Páx. 215, Acts. 1 e 3; Páx. 217, Acts. 4 e 5; Páx. 218, Páx. 221, Act. 1).
- Analizar distintos tipos de textos históricos. (Páx. 214; Páx. 218; Páx. 222, Act. 3)

Competencia matemática

- Interpretar datos de tipo cuantitativo. (Páx. 213, Acts. 1 a 3)

Competencia para aprender a aprender

- Relacionar e sintetizar os contidos traballados ao longo do tema. (Páx. 207, Acts. 1 a 3; Páx. 209, Acts. 1 a 4; Páx. 211; Páx. 213, Acts. 4 e 5; Páx. 215, Acts. 2 a 4; Páx. 217, Acts. 4 e 5; Páx. 219, Acts. 4 e 5; Páx. 221, Acts 1 e 2; Páx. 222, Acts. 1 e 2)

Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar decisións en relación á planificación do proceso de resolución das actividades propostas. (Páx. 211, Act. 1; Páx. 223, Act. 4 e *Zona@web*).

Obxectivos didácticos

- Coñecer as causas que desencadearon a Segunda Guerra Mundial.
- Identificar as ofensivas máis importantes da Segunda Guerra Mundial.

- Valorar as consecuencias demográficas, económicas e políticas do conflito.
- Coñecer a evolución de Estados Unidos e a URSS durante a Guerra Fría, e analizar as causas que explican a polarización do mundo en dous bloques antagónicos.
- Identificar os principais conflitos da Guerra fría: a guerra de Corea, Vietnam etc.
- Explicar os motivos que conduciron á “coexistencia pacífica” dos anos 50 e 60.
- Recoñecer as principais etapas do proceso de descolonización.
- Comprender as consecuencias da descolonización: o xurdimento do concepto de Terceiro Mundo e os problemas económicos e sociais dos países que o engloban.

Crterios de avaliación

- Pescudar se saben explicar as causas que conduciron á Segunda Guerra Mundial.
- Comprobar que coñecen o desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial.
- Ver se saben indicar as consecuencias inmediatas da Segunda Guerra Mundial.
- Observar se saben especificar a política seguida polas dúas potencias na división de Europa en dous bloques.
- Confirmar que explican correctamente o que foi a Guerra Fría e detectan as principais liñas da súa evolución.
- Comprobar se saben valorar a influencia de determinados factores respecto á descolonización dos países do Terceiro Mundo.

Tema 11 “Un Mundo Bipolar”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Coñecer os ámbitos xeopolíticos en que se enmarcan os acontecementos estudados. (Páx. 231, Acts. 1 a 3; Páx. 234; Páx. 235, *Observa...*)

Competencia cultural e artística

Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar información en internet. (Páx. 227, Act. 2; *Investiga...*; Páx. 242, *Zon@web*)
- Elaborar un friso cronolóxico comparado. (Páx. 243, Act. 3).
- Analizar a información recollida en caricaturas, gráficos, textos históricos, etc. (Páx. 226, Act. 1 e *O novo...*; Páx. 227, *Investiga...*; Páx. 228; Páx. 229, Acts. 1 e 2; Páx. 230, Páx. 231, Acts. 1 a 3; Páx. 232; Páx. 233, *Jruschov...*; Páx. 237, Act. 3; Páx. 238, Páx. 239, *Esquema e A revolución...*; Páx. 240, Páx. 241 *A ruptura e Analiza...*)

Competencia en comunicación lingüística

- Definir conceptos e saber argumentar de forma lóxica as explicacións e opinións persoais. (Páx. 227, Act. 2; *Investiga...* e Act. 2 *Sintetiza*; Páx.

229, Act. 5; Páx. 231, Act. 6; Páx. 233, Acts. 1 a 3; Páx. 235, Act. 1; Páx. 237, Acts. 3 e 4; Páx. 239, Acts. 1 a 3; Páx. 241, Act. 3)

Competencia matemática

- Realizar cálculos matemáticos sinxelos. (Páx. 238, Act. 1)

Competencia para aprender a aprender

- Analizar, relacionar e sintetizar os contidos traballados. (Páx. 227, Acts. 1 e 2; Páx. 229, Acts. 3 a 6; Páx. 231, Acts. 4 a 6; Páx. 233, Acts. 1 a 3; Páx. 235, Acts. 1 e 2; Páx. 237, Act. 4; Páx. 239, Acts. 1 a 3; Páx. 241, Acts. 3 a 5; Páx. 242, Acts. 1 e 2)

Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar decisións en relación á planificación do proceso de resolución das actividades propostas. (Páx. 242, Act. 1; Páx. 243, Act. 3)

Obxectivos didácticos

- Coñecer os factores que, tras a Segunda Guerra Mundial, lle permitiron a Estados Unidos converterse no líder do mundo capitalista.
- Entender o proceso de construción de Europa tras a Segunda Guerra Mundial e a consolidación dos sistemas políticos democráticos.
- Analizar o desenvolvemento dos países do sueste asiático a partir do exemplo de Xapón.
- Recoñecer as características da Unión Soviética, como unha gran potencia mundial, e o proceso de expansión do comunismo no mundo.
- Comprender a evolución política, social e económica da China comunista.
- Analizar as causas da crise económica nos países industrializados.
- Identificar os cambios experimentados na URSS tras a morte de Stalin e coñecer as causas da crise e o afundimento do comunismo.

Criterios de avaliación

- Pescudar se saben determinar a ideoloxía das principais forzas políticas europeas e estadounidenses.
- Observar se identifican os factores que explican o milagre económico xaponés.
- Verificar que saben explicar a crise económica de 1973, incidindo nas súas causas e nas súas consecuencias.
- Ver se determinan a veracidade de frases sobre a reconstrución económica da URSS.
- Confirmar que recoñecen algúns dos procesos sociais e económicos que marcaron a evolución da URSS desde a morte de Stalin á fin do comunismo.
- Comprobar que identifican os países onde se estendeu o comunismo e os motivos desta expansión.
- Asegurarse de que saben explicar a política militar e económica dos dous bloques para manter outros países baixo a súa influencia.

Tema 12 “España durante o Franquismo”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Coñecer os ámbitos xeopolíticos en que se enmarcan os conflitos estudados. (Páx. 255, Acts. *Migracións...*; Páx. 256, Acts. 1 e 2)

Competencia cultural e artística

Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar información en internet. (Páx. 257, Act. 1; Páx. 261, *Zon@web*)
- Realizar un exercicio de historia oral sobre a muller baixo o franquismo. (Páx. 251, Act. 2)
- Analizar a información procedente de diversas fontes: ilustracións, esquemas, viñetas, gráficas, etc. (Páx. 246; Páx. 247 *Fotografías*; Páx. 239, Acts. 1 e 3; Páx. 251, Act. 1; Páx. 252; Páx. 253, Acts. 1 e 2; Páx. 254 *Evolución...*; Páx. 259, Act. *Conflictos* e Acts. 1 e 2; Páx. 261, Act. 4).
- Ler e interpretar distintos tipos de textos históricos. (Páx. 254, Act. *A vida.*; Páx. 256, Acts. *As orixes...*; Páx. 257, Act. *Unha voz ...*; Páx. 261, Act. 5)

Competencia en comunicación lingüística

- Definir conceptos e argumentar as explicacións persoais utilizando o vocabulario pertinente. (Páx. 247, *Fotografías* e Act. 1; Páx. 248, Act. 1; Páx. 249, Acts. 2 e 3; Páx. 251, Acts. 1 e 2; Páx. 253, Act. 4; Páx. 255, Acts. 1 a 3; Páx. 259, Acts. 4 e 5)

Competencia matemática

Competencia para aprender a aprender

- Relacionar e sintetizar os contidos traballados ao longo do tema. (Páx. 248, Acts. 1 e 2; Páx. 249, Acts. 1 a 4; Páx. 251, Act. 1; Páx. 253, Acts. 2 e 4; Páx. 255, Acts. 4 e 5; Páx. 257, Acts. 2 e 3; Páx. 259, Acts. 3 a 5; Páx. 260, Act. 1 e 3)

Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar decisións en relación á planificación do proceso de resolución das actividades propostas. (Páx. 251, Acts. 1 e 2)

Obxectivos didácticos

- Identificar as características básicas do sistema político franquista e recoñecer o seu impacto sobre a economía e a cultura galega.
- Avaliar os custos humanos da Guerra civil e a situación de penuria económica á que tivo que facer fronte a poboación durante a posguerra
- Comprender a condición das mulleres durante o franquismo.
- Coñecer a evolución da política económica franquista, da autarquía ao “*desarrollismo*”, e os cambios que experimentou a sociedade española a partir da década de 1960.
- Identificar os principais movementos de oposición ao franquismo e reflexionar de forma crítica sobre a represión que exerceu o réxime.
- Analizar as causas da crise da dictadura desde principios dos anos 70 e comprender a configuración do mapa político que posibilitou a transición á democracia.

Criterios de avaliación

- Ver se saben explicar as características do sistema político franquista e recoñecen o empobrecemento da cultura galega que tivo lugar durante este período.
- Observar se datan correctamente as etapas da política exterior do franquismo.

- Comprobar que saben definir algúns conceptos clave da economía de posguerra.
- Pescudar se saben explicar o “*desarrollismo*” indicando cales foron os seus impulsores políticos, que medios utilizou e cales foron as súas consecuencias.
- Observar se saben identificar os cambios sociais e económicos que se produciron na década dos sesenta en España e en Galicia.
- Constatar que saben distinguir e ordenar cronoloxicamente as principais forzas e movementos de oposición ao réxime franquista.
- Valorar se recoñecen a situación económica, política e social do final dos últimos anos do réxime franquista.

Tema 13 “España en Democracia”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Coñecer os ámbitos xeopolíticos en que se enmarcan os conflitos estudados. (Páx. 269, Act. 1; Páx. 270, Act. 1; Páx. 274, Act. Resultados...)

Competencia cultural e artística

Tratamento da información e competencia dixital

- Ler e interpretar distintos tipos de textos e documentos históricos. (Páx. 268, Act. Constitución...; Páx. 271, A Alocución...)
- Buscar información en internet e noutras fontes de consulta. (Páx. 275, Act. 2; Páx. 279, Act. 3; Páx. 281, Act. 4 e Zon@web).
- Analizar a información de viñetas, carteis, táboas e gráficas (páx. 266, Act. 1; Páx. 267, Acts. 1 a 4; Páx. 268, Imaxes...; Páx. 270, Act. 1; Páx. 273, Acts. 1 e 2; Páx. 274, Acts. 1 e 2; Páx. 277, Investiga...; Páx. 279, Acts. 1 a 3; Páx. 280, Act. 2; Páx. 281, Act. 4)

Competencia en comunicación lingüística

- Definir conceptos e saber argumentar as explicacións persoais utilizando o vocabulario histórico pertinente. (Páx. 266, Act. 1; Páx. 267, Act. 1; Páx. 269, Act. 3; Páx. 271, Acts. 1 a 3; Páx. 273, Acts. 1 e 2; Páx. 275, Acts. 1 a 3; Páx. 277, Act. 4 e Act. 3 Investiga...; Páx. 279, Acts. 1 e 4; Páx. 280, Act. 1; Páx. 281, Act. 4)

Competencia matemática

- Analizar e interpretar datos numéricos. (Páx. 273, Acts. 1 e 2)

Competencia para aprender a aprender

- Relacionar e sintetizar os contidos traballados ao longo do tema. (Páx. 267, Acts. 5 a 7; Páx. 269, Act. 3; Páx. 271, Acts. 1 a 3; Páx. 273, Acts. 3 a 5; Páx. 275, Acts. 1 a 3; Páx. 277, Acts. 1 a 4; Páx. 280, Acts. 1 a 3)

Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar decisións en relación á planificación e a organización do proceso de resolución das actividades propostas. (Páx. 279, Acts. 3 e 4)

Obxectivos didácticos

- Coñecer os resultados das eleccións democráticas de xuño de 1977 e a evolución dos gobernos de UCD, ata o intento golpista do 23-F.

- Recoñecer os trazos esenciais da Constitución de 1978 e a estrutura territorial resultante do novo Estado das Autonomías.
- Comprender as razóns que deron lugar á vitoria do PSOE nas eleccións de 1982 e analizar a súa traxectoria política ata as eleccións de 1996.
- Comparar as accións políticas das dúas lexislaturas do Partido Popular.
- Explicar as accións que emprendeu o actual goberno socialista.
- Analizar os grandes cambios sociais e económicos que se produciron na sociedade española durante as dúas últimas décadas.

Criterios de avaliación

- Pescudar se saben explicar os principios da Constitución española de 1978.
- Pescudar se localizan correctamente no tempo os principais acontecementos do proceso autonómico de Galicia.
- Observar se completan correctamente unha explicación sobre a configuración do Estado das Autonomías.
- Ver se saben describir a política levada a cabo polos gobernos socialistas.
- Confirmar que recoñecen as principais liñas de actuación dos gobernos do PP.
- Comprobar se relacionan correctamente unha serie de medidas políticas cos gobernos democráticos que as levaron a cabo.
- Verificar que identifican os cambios sociais que tiveron lugar en España desde a instauración da democracia.

Tema 14 “A Unión Europea”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Describir o ámbito xeopolítico e económico da Unión Europea. (Páx. 285, *O Consello...*; Páx. 287, *Evolución...*; Páx. 292, Act. 1; Páx. 295, Act. 1)

Competencia cultural e artística

Tratamento da información e competencia dixital

- Ler e interpretar algúns textos sobre o proceso de construción da Unión Europea. (Páx. 285, Acts. 1 e 2; Páx. 287, Acts. 1 e 2)
- Buscar información en internet e noutras fontes de consulta alternativas ao libro de texto. (Páx. 295, Act. 3; Páx. 303, *Zon@web*)
- Analizar a información procedente de diversas fontes: carteis, ilustracións, esquemas, gráficas, etc. (Páx. 285, Act. *A Europa...*; Páx. 291, *Votos...* e *Institucións...*; Páx. 291, Acts. 1 a 3; Páx. 292, Act. 2; Páx. 296; Páx. 298; Páx. 299, *Axudas...*; Páx. 302, Act. 3; Páx. 303, Act. 4)

Competencia en comunicación lingüística

- Definir conceptos e argumentar explicacións persoais utilizando o vocabulario pertinente. (Páx. 285, Acts. 3 e 4; Páx. 287, Acts. 1 e 2; Páx. 289, Act. 1; Páx. 291, Acts. 3 a 5; Páx. 292, Act. 3; Páx. 294, Acts. 1 e 2; Páx. 297, Acts. 1 a 3; Páx. 299, Acts. 1 a 3; Páx. 300; Páx. 302, Acts. 2 e 3; Páx. 303, Act. 4)

Competencia matemática

- Analizar datos de tipo cuantitativo. (Páx. 292, Act. 2; Páx. 297, *Recadación...*)

Competencia para aprender a aprender

- Relacionar e sintetizar os contidos traballados ao longo do tema. (Páx. 285, Acts. 3 e 4; Páx. 287, Acts. 3 e 4; Páx. 289, Acts. 1 e 2; Páx. 291, Acts. 4 e 5; Páx. 294, Acts. 1 e 2; Páx. 297, Acts. 1 a 3; Páx. 299, Acts. 1 a 3; Páx. 300; Páx. 302, Acts. 1 e 2)

Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar decisións en relación á planificación do proceso de resolución das actividades propostas. (Páx. 295, Act. 3; Páx. 303, Act.4)

Obxectivos didácticos

- Recoñecer as distintas fases no proceso de construción da Unión Europea.
- Identificar os países que forman parte da Unión Europea na actualidade.
- Coñecer a composición e as funcións das institucións da Unión Europea
- Comprender os piares das políticas comúns da Unión Europea.
- Recoñecer a diversidade e as particularidades dos países que forman a UE.
- Valorar os retos aos que se enfronta a Unión Europea na actualidade.
- Describir as principais etapas do proceso de integración do noso país á Unión Europea e valorar as súas consecuencias económicas e sociais para España e Galicia.

Criterios de avaliación

- Pescudar se determinan as principais funcións das institucións europeas.
- Comprobar se saben indicar a veracidade dunha serie de afirmacións sobre as condicións esixidas a España para a súa integración á CE.
- Verificar que recoñecen as primeiras institucións europeas e algúns retos de futuro da Unión Europea.
- Observar se saben explicar de onde procede o orzamento da UE.
- Confirmar que saben identificar e localizar no tempo os principais tratados de constitución da Unión Europea.
- Ver se saben clasificar os países membros da UE segundo o seu ano de incorporación.
- Asegurarse de que explican correctamente as transformacións económicas que supuxo para España a entrada na Comunidade Europea.
- Constatar que valoran as vantaxes que supuxo para Galicia a integración á UE.

Tema 15 “O Mundo Actual”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Coñecer os ámbitos xeopolíticos e económicos en que se enmarcan os acontecementos e os conflitos estudados. (Páx. 307, *Investiga...*; Páx. 309, *Conflictos...*; Páx. 311, *Áreas...*; Páx. 312; Páx. 315, *Investiga...*; Páx. 319, *As Migracións...*)

Competencia cultural e artística

Tratamento da información e competencia dixital

- Buscar información en internet. (Páx. 321, Act. 2; Páx. 323, *Zon@web*)
- Analizar distintos tipos de textos e documentos. (Páx. 306, *O papel...*; Páx. 309, *Bin Laden...*; Páx. 321, Act. 1).
- Analizar a información procedente de diversas fontes: ilustracións, táboas, gráficas, fotografías, etc. (Páx. 308; Páx. 310; Páx. 311, Act. 1; Páx. 313, *Renda...* e Act. 1; Páx. 315, Acts. 1 e 2; Páx. 317, Act. 2; Páx. 319, Act. 1; Páx. 321, *Os riscos...*)

Competencia en comunicación lingüística

- Definir conceptos e argumentar as explicacións persoais utilizando o vocabulario pertinente das ciencias sociais (Páx. 306, Acts. 1 e 2; Páx. 309, Acts. 1 a 4; Páx. 311, Act. 3; Páx. 313, Act. 2; Páx. 315, Act. 1 *Investiga...*; e Acts. 3 e 4; Páx. 317, Acts. 3 e 4; Páx. 319, Acts. 2 e 3)

Competencia matemática

Competencia para aprender a aprender

- Relacionar e sintetizar os contidos traballados ao longo do tema. (Páx. 306, Acts. 1 e 2; Páx. 309, Acts. 1 a 4; Páx. 311, Acts. 2 e 3; Páx. 313, Acts. 2 e 3; Páx. 315, Acts. 3 e 4; Páx. 317, Act. 1; Páx. 319, Acts. 2 e 3; Páx. 321, Acts. 3 a 5; Páx. 322, Acts. 1 a 3)

Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar decisións para organizar a busca de información; e para razoar e argumentar as opinións persoais. (Páx. 317, Acts. 3 e 4; Páx. 321, Act. 2)

Obxectivos didácticos

- Recoñecer as características da nova orde internacional e as causas que fixeron de Estados Unidos a única superpotencia mundial.
- Identificar os principais conflitos bélicos de finais do século XX en Europa, Asia e África, así como o papel do terrorismo no panorama internacional.
- Explicar en que consiste a *globalización* e que efectos ten sobre a economía.
- Comprender as causas que explican as desigualdades entre centro e periferia.
- Valorar os grandes cambios sociais que se produciron nos últimos anos.
- Tomar conciencia dos problemas das mulleres no Terceiro Mundo.
- Recoñecer os avances científicos e técnicos que se produciron nas últimas décadas e reflexionar sobre os retos presentes e futuros do mundo actual.

Criterios de avaliación

- Observar se definen correctamente o significado de *globalización*.
- Confirmar que determinan a veracidade dunha serie de frases referentes ás principais características da orde internacional actual.
- Verificar que identifican as principais innovacións tecnolóxicas e científicas do século XX e que as valoran criticamente.

- Comprobar que recoñecen a crecente desigualdade que existe no mundo como consecuencia da globalización.
- Pescudar se identifican as causas dos retos que debe afrontar a humanidade.
- Constatar que saben comparar os modelos sociais dos países occidentais e os países do Terceiro Mundo.

Tema 16 “A Arte do Século XX”

Competencias básicas

Competencia social e cidadá

- Garántese a través de todos os contidos que se desenvolven ao longo do tema.

Coñecemento e interacción co mundo físico

Competencia cultural e artística

- Coñecer as particularidades das principais correntes artísticas do século XX e valorar a función social da arte. (*En todas as actividades*).
- Desenvolver o sentido estético e a capacidade de se emocionar perante as obras de arte. (Páxs. 326 e 327; Páx. 328; Páx. 329, Act. 2; Páx. 332; Páx. 334; Páx. 336; Páx. 339; Páx. 347, Act. 3)

Tratamento da información e competencia dixital

- Procurar información en internet y en fontes de consulta alternativas al libro de texto. (Páx. 339, Acts. 1 e 3; Páx. 341, Act. 3; *Zon@web*; Pág. 343, *Álvaro...*; Páx. 343, Act. 5).
- Analizar e comentar distintos tipos de obras de arte. (Páx. 326; Páx. 327, Act. *Picasso* ; Páx. 328; Páx. 330; Páx. 332; Páx. 334; Páx. 336; Páx. 341, Acts. 1 a 3; Páx. 345)

Competencia en comunicación lingüística

- Describir as características dunha obra de arte; definir conceptos e argumentar as explicacións utilizando o vocabulario propio da historia da arte. (Páx. 326, Act. *Oteiza...*; Páx. 327, Acts. 1 a 4; Páx. 329, Act. 2; Páx. 331, Act. 1; Páx. 333, Acts. 2 e 3; Páx. 335, Acts. 1 a 3; Páx. 337, Acts. 1 a 3; Páx. 339, Act. 3; Páx. 341, Act. 3)

Competencia matemática

Competencia para aprender a aprender

- Relacionar e sintetizar os contidos traballados en cada alínea. (Páx. 327, Acts. 1 a 4; Páx. 329, Acts. 1 e 2; Páx. 331, Acts. 1 e 2; Páx. 333, Acts. 1 a 4; Páx. 335, Acts. 1 a 3; Páx. 337, Acts. 1 a 3; Páx. 339, Acts. 1 a 3; Páx. 341, Acts. 1 a 3; Páx. 346, Acts. 1 e 2)

Autonomía e iniciativa persoal

- Tomar decisións para organizar a busca de información e desenvolver as habilidades de planificación. (Páx. 339, Acts. 1 e 3; Páx. 341, Act. 3).
- Manifestar as preferencias artísticas persoais. (Páx. 329, Act. 2; Páx. 331, Act. 2; Páx. 333, Act. 4; Páx. 330, Act. 2; Páx. 341, Act. 3; Páx. 347, Act. 3)

Obxectivos didácticos

- Comprender a gran revolución estética da arte que tivo lugar no século XX e relacionala cos acontecementos e as inxerencias da época.
- Distinguir as primeiras vangardas artísticas do século XX.
- Identificar as particularidades das tendencias abstractas do século XXI, así como os artistas máis representativos de cada unha delas.
- Recoñecer as características das tendencias artísticas da sociedade de masas.

- Valorar os cambios que experimentou a arquitectura e a escultura do século XX en relación ás tendencias do século anterior.
- Identificar os principais artistas do século XX en España e Galicia.

Criterios de avaliación

- Comprobar que recoñecen as características dos principais movementos artísticos do século XX.
- Observar que determinan a veracidade dunha serie de afirmacións referentes ás escolas da arte abstracta.
- Confirmar que explican adecuadamente a influencia do contexto histórico no cambio estético do século XX.
- Constatar que distinguen os movementos arquitectónicos do século XX .
- Pescudar se recoñecen a disciplina en que salientaron os grandes artistas do século XX.
- Valorar se saben citar algunhas das obras máis importantes das principais correntes artísticas do século XX.
- Ver se identifican diversas obras e relaciónanas co estilo artístico correspondente.

4.5 Criterios globais de Avaliación.

O alumnado deberá amosar nas probas de avaliación,:

- 1) Si selecciona, comprende e asimila conceptos e procesos propios da materia de Historia, e si os utilizan de xeito coherente e adecuado.
- 2) Si aplica as técnicas e métodos de traballo axeitados para estudar materiais propios das nosas disciplinas, como documentos, restos históricos, edificios (pazos, igrexas, mosteiros, etc..), fotografías, diapositivas, mapas topográficos e temáticos, ou a propia paisaxe do contorno, coa finalidade de obter información, interpreta-la e avalía-la.
- 3) Si expresa correctamente e de forma precisa as ideas e conceptos obtidos no proceso de aprendizaxe, utilizando a terminoloxía axeitada.
- 4) Si manifesta capacidade (creatividade) para relacionar, sintetizar, seleccionar e reelaborar a información e comprender problemas e procesos de forma estrutural.

A avaliación realizarase a dous niveis: traballo individual e traballo de grupo.

Na avaliación do traballo individual teranse en conta aspectos como a capacidade de descrición, de relación e de análise dos problemas histórico-sociais, económicos, políticos, etc.-, a comprensión e expresión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, os conceptos e expresións específicos da historia e o desenvolvemento de actitudes de cara á materia. En Xeografía se procederá de forma similar valorando estas mesmas capacidades pero referidas agora a elementos e procesos da xeografía, comprensión e expresión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, conceptos específicos das disciplinas xeográficas e actitudes positivas cara á materia.

Na avaliación do traballo en grupo se valorará tanto o funcionamento do pequeno grupo e a aportación individual de cada alumno e alumna no mesmo, como a participación e o rigor nos debates e nas postas en común.

4.6 Contidos mínimos esixibles.

Tema 1 “A Crise do Antigo Réxime”

- A agricultura señorial e a monarquía absoluta .
- A sociedade estamental: privilexiados e non privilexiados.
- A crítica do Absolutismo: Montesquieu, Voltaire e Rousseau.
- A quebra da monarquía absoluta: despotismo ilustrado e parlamentarismo inglés.
- A revolución americana: a independencia das trece colonias e a constitución de EE.UU.
- A guerra de Sucesión e o absolutismo borbónico no século XVIII. O Reformismo Borbónico en España e América. A Ilustración galega.

Tema 2 “Liberalismo e Nacionalismo”

- Causas da Revolución Francesa.
- As etapas da Revolución e os grupos políticos.
- O Imperio napoleónico.
- A Restauración. Os cambios territoriais do Congreso de Viena.
- O Liberalismo: Revolución de 1830 e 1848.
- O Nacionalismo: as unificacións italiana e alemana.

Tema 3 “A Industrialización das Sociedades europeas”

- A evolución da poboación dos estados europeos e do mundo.
- Os avances agrícolas do século XVIII.
- Fontes de enerxía, Innovacións tecnolóxicas e materias primas que conduciron á primeira fase da Revolución Industrial. As innovacións nos transportes: o ferrocarril.
- As novas fontes de enerxía, sectores industriais e organización industrial que conduciron á segunda fase da industrialización.
- Auxe da burguesía e nacemento do proletariado. O movemento obreiro.
- As diferentes correntes do pensamento obreiro do século XIX: marxismo, anarquismo e internacionalismo.

Tema 4 “A España do século XIX: A construción dun Réxime Liberal”

- Guerra da Independencia e Cortes de Cádiz.
- O enfrontamento entre absolutismo e liberalismo. A quebra do absolutismo.
- As guerras carlistas. O carlismo galego.
- A revolución liberal.
- As reformas progresistas e a rexencia de Espartero.
- A etapa isabelina: o liberalismo moderado.
- O Sexenio Democrático: a revolución de 1868, a monarquía democrática (1870-1873) e a primeira República (1873-1874).
- O sistema canovista. Os nacionalismos. O nacionalismo galego.

Tema 5 “Industrialización e Sociedade na España do Século XIX”

- A evolución da poboación española no século XIX.
- A agricultura española no século XIX.
- A industria española no século XIX.
- A sociedade española e galega no século XIX.
- O desenvolvemento do movemento obreiro: anarquismo e socialismo.

Tema 6 “A Época do Imperialismo” e a I Guerra Mundial.

- Causas do Imperialismo.
- Grandes imperios coloniais.
- Tipos de colonias.
- Repercusións económicas e sociais da explotación colonial.
- Causas da Primeira Guerra Mundial.
- Bloques enfrontados no conflito e configuración das alianzas.
- As etapas da Gran Guerra.
- A organización da paz: as condicións impostas no tratado de Versalles e a Sociedade de Nacións.
- As repercusións económicas, sociais e políticas da I Guerra Mundial. O mapa de Europa despois da guerra.

Tema 7 “A Arte do Século XIX”

- A obra de Francisco de Goya.
- O romanticismo.
- O realismo.
- O Impresionismo. Principais obras e artistas impresionistas.
- O modernismo. O arquitecto Antonio Gaudí.

Tema 8 “Revolución rusa e Período de Entreguerras 1919-1939”

- As causas da revolución rusa: da aristocracia tsarista á revolución do Outubro. Bolcheviques e mencheviques.
- Guerra civil (1918-1921) e creación da URSS.
- O estalinismo.
- A época da “*prosperity*” nos anos vinte en USA.
- O “*crack*” da Bolsa en 1929 e a Gran Depresión.
- O “*New Deal*”.
- O ascenso do fascismo. A ideoloxía do fascismo italiano.
- A instauración do nazismo en Alemaña: da república de Weimar ao ascenso do nazismo ao poder.

Tema 9 “Tempos de Confrontación en España 1902-1939”

- A etapa parlamentaria do Reinado de Alfonso XIII (1902-1917).
- Crise da Restauración e Dictadura de Primo de Rivera (1917-1931).
- A República. O goberno provisorio, a constitución de 1931. Etapas.
- A Guerra civil. Desenvolvemento do conflito.
- A Segunda República e a Guerra Civil en Galicia.
- As consecuencias.

Tema 10 “A II Guerra Mundial”

- As causas e os contendentes na Segunda Guerra Mundial.
- O desenvolvemento do conflito (1939-45).
- As consecuencias da II Guerra Mundial. Modificacións territoriais en 1945.

Tema 11 “O Sistema Bipolar”

- A formación de bloques antagónicos. Guerra Fría e Coexistencia Pacífica. Principais conflitos.
- A descolonización e o xurdimento do Terceiro Mundo. O Neocolonialismo.
- O mundo occidental. A hexemonía dos Estados Unidos: a Nova Orde Mundial.

- O mundo comunista. A URSS e as Democracias Populares. Modificacións territoriais trala caída do comunismo.

Tema 12 “España durante o Franquismo”

- A Dictadura militar de Franco.
- A economía franquista: da autarquía á época do desenvolvementismo.
- A represión franquista e as forzas políticas da oposición.
- As relacións internacionais.
- Os últimos anos do franquismo e a transición á democracia.

Tema 13 “España en Democracia”

- A Transición política. O primeiro goberno da UCD. A Constitución de 1978 e o Estado das Autonomías. Nova división territorial.
- A crise do goberno de UCD e o golpe de Estado do 23-F.
- A etapa socialista (1982-1996).
- Os gobernos do Partido Popular (1996-2004) e o retorno do PSOE.

Tema 14 “A Unión Europea”

- A Comunidade Económica Europea.
- A creación da Unión Europea.
- As institucións europeas na actualidade.

Tema 15 “O Mundo Actual”

- Os conflitos no mundo actual: as guerras e o fundamentalismo islámico.
- Globalización e Mundialización.

Tema 16 “A Arte do Século XX”

- Unha visión panorámicas dos estilos artísticos do século XX.

4.7 Criterios de cualificación.

Os criterios de cualificación que se están a aplicar polos profesores deste Departamento na materia de Historia de 4º de ESO son os seguintes:

- 1 Os contidos conceptuais e o rigor na expresión conceptual se avalían mediante exames convencionais, e computan un 80% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
- 2 Os contidos procedimentais se avalían mediante a corrección dos exercicios propostos na clase, computando un 10% da nota final.
- 3 Os contidos actitudinais se avalían mediante debates, intervencións dos alumnos nas tarefas de clase, etc. no día a día na aula, e computan un 10% nas notas das tres avaliacións e na nota final.

4.8 Procedementos e Instrumentos de avaliación.

As actividades ou instrumentos de avaliación, dentro desta planificación serán:

4.5.1 Observación na aula: nos permitirá comprobar o ritmo de adquisición de contidos conceptuais, de técnicas e metodoloxía de indagación, e de actitudes do alumnado, como o interese pola materia ou actitudes sociais relevantes como a convivencia, tolerancia, solidariedade, etc.

4.5.2 Traballos de clase individuais e de grupo (si os houbera).

4.5.3 As probas: controles e exames. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase mediante explicación do profesor ou exposición de traballos e debates protagonizados polos alumnos. Os exames orientaranse no como unha repetición de conceptos ou ideas expostas previamente na aula, senón cara a unha demostración de comprensión dos contidos, das capacidades de interrelación multicausal, de capacidades de sínteses,

capacidades de expresións, razoamento con exemplificacións que concreten eses coñecementos, etc.

4.9 Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes.

Nos horarios dos profesores deste Centro non se contemplan actividades destinadas a este fin, a pesar de que sería posible porque así o permiten a carga lectiva da maior parte do profesorado deste Departamento.

Por este motivo, o profesorado vese obrigado a limitarse a elaborar materiais e demais contidos mínimos esixibles, que son os que despois servirán de ase para a súa avaliación nos correspondentes exames de pendentes, que teñen sempre unha parte teórica e outra parte de traballos prácticos.

4.10 Alumnos con materias Pendentes: contidos esixibles, actividades de avaliación e criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.

4.10.1 Contidos mínimos esixibles de Xeografía de 3º ESO Pendente.

*- O espazo físico: o medio natural.

Relevo terrestre. Tempo e clima. Características e elementos. Zonas climáticas.

A biosfera.

O medio físico de Europa, España e Galicia.

*Imprescindible a localización das principais referencias de xeografía física: relevo climas, ríos e paisaxes.

*-Xeografía económica.

A actividade económica. Axentes e sistemas económicos. A economía de mercado.

As actividades agrarias e as transformacións do mundo rural. A actividade pesqueira.

A actividade industrial. Materias primas. Fontes de enerxía . Paisaxes industriais.

As actividades terciarias: diversidade e importancia dos servizos na economía actual.

Localización, caracterización e dinamismo dos principais eixes da actividade económica en Europa, España, con especial referencia ao territorio galego.

O impacto da actividade económica: riscos e problemas ambientais.

*O espazo mundo e os problemas globais na actualidade.

Organización política das sociedades. Tipos de Estado. Organización política de UE.

Organización política e territorial de España e Galicia.

Interdependencia e globalización. Desenvolvemento desigual.

Os grandes ámbitos xoeconómicos. As potencias mundiais.

Os grandes ámbitos xoeconómicos. As áreas dependentes.

4.10.2 Criterios, procedementos e instrumentos de avaliación

As actividades, procedementos ou instrumentos de avaliación, dentro desta planificación serán os exames que se aterán sempre a contidos desenvolvidos na clase no seu día. Eses contidos serán coñecidos polos alumnos por estar fixados nos taboleiros de anuncios de cada aula e no taboleiro xeral do centro, ademais de ser lembrados periodicamente polo profesorado que lles impartiu ditas materias.

En canto ós tipos de probas, os contidos están desglosados en exercicios

teórico-prácticos parciais de varias cuestións planteadas segundo filosofía recollida no capítulo titulado “Criterios de Avaliación”, e outro exercicio final para aqueles alumnos que non superasen os dous primeiros. Estes exercicios versan sobre os contidos mínimos, preparados previamente polos profesores mediante fichas feitas ex profeso e probas modelo de exercicios.

4.11 Metodoloxías e estratexias didácticas.

4.11.1 Estratexias expositivas: nas exposicións explicativas dos diferentes aspectos a estudar, o profesorado intentará impulsar a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva dos contidos impartidos na aula. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor. Fomentará as preguntas aclaratorias e a participación procurando erradicar temores, medos (ao ridículo por exemplo), receos, etc.

4.11.2 Estratexias referenciais: O profesor terá unha relación constante coa realidade inmediata. Nesta materia de Historia aproveitará a existencia de restos arqueolóxicos de diversas épocas, vivendas, mosteiros, igrexas, ou outros edificios significativos da historia comarcal e local, etc., para posibilitar unha memorización mais comprensiva e aprendizaxes mais significativos. Trátase de partir das realidades mais concretas e inmediatas para chegar ó estudio das mais xerais e universais, e se outorgará un destacado papel ás actividades prácticas.

4.11.3 Estratexias de indagación para a asimilación de contidos procedimentais e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudio: pequenos traballos de síntese mais que de investigación (con bibliografía variada), comentarios de textos que mais tarde se exporán conxuntamente, comentarios de mapas históricos e gráficos, etc.

4.11.4 Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, comentario de filmes, pequenas dramatizacións, xogos de simulación, saídas ao entorno mais próximo, etc.

4.11.5 Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de tódolos aspectos que caracterizan cada civilización -económicos, sociais, culturais e políticos -, fronte a unha visión excesivamente especializada e marcada polos acontecementos.

4.12 Materiais e recursos didácticos.

Libro de Texto: 4º ESO: Ciencias Sociais Historia, Fisterra, 2º Ciclo. Editorial Vicens Vives.

Diapositivas:

- Diapositivas de Ciencias Sociais. Editorial Áncora
- Diapositivas Proxecto Terra. Arquitectura Popular.
- CASTRO, A.: A pintura do século XX. Edit. Xunta de Galicia

Vídeos:

Hª de España. VHF Multimedia

Mapas Murais da Editorial VICENS VIVES:

* Europa no século XIX.

* Europa no século XX.

* Textos históricos seleccionados do libro de texto oficial e os das editoriais Vicens Vives e Oxford.

4.13 Programación de temas Transversais.

Neste curso se desenvolverán os seguintes temas:

Educación Moral e Cívica. As diferentes fases de realización das actividades individuais e sobre todo as que se fan en grupo (deseño, preparación do material, elaboración e presentación) deben permitir que se acade a participación do alumnado cunha actitude receptiva, colaboradora e tolerante. É moi importante que comprendan que nos traballos de investigación en grupo se necesita a colaboración de todos eles e elas. Os traballos de investigación en grupo e as correspondentes actividades de discusión e de posta en común realizadas por toda a clase poñen de manifesto as diferencias de capacidade, de opinión e de potencialidade de cada alumno. Neste sentido, convén que os propios alumnos distribúan as tarefas dentro do grupo, atendendo ás preferencias e calidades de cada persoa. Esta é unha forma moi conveniente para que aprendan a valorar positivamente as diferencias entre as persoas e entre as sociedades e culturas.

O estudio da Historia evidencia dun xeito moi claro a diversidade social, racial, relixiosa, cultural, etc., existente entre as persoas. É moi importante que os alumnos e mailas alumnas consideren esta diversidade como algo enriquecedor, non coma un atranco para a convivencia, e desenvolvan unha actitude crítica perante calquera tipo de discriminación.

Dado que actualmente a violencia é un elemento consubstancial á filosofía de certos grupos radicais, debemos insistir na necesidade de erradicar todo tipo de posturas violentas volvendo de novo á idea do diálogo e da cooperación como mellor vía para o entendemento.

As actividades en grupo teñen que estar reguladas por unha serie de normas e os alumnos e mailas alumnas teñen que poder falar e discutir sobre elas, aceptalas e despois cumprilas. Do mesmo xeito, pero nun ámbito máis amplo, deben valorar de forma positiva a aceptación dos seus dereitos e o cumprimento dos seus deberes como membros das diferentes comunidades humanas. Así, pouco e pouco, irán espertando o seu interese pola práctica dos seus dereitos e deberes como cidadáns e cidadás.

A través da teoría, das actividades e dos traballos en grupo hai que conseguir que aprendan a analizar criticamente o que deberían se-los valores culturais máis representativos da nosa sociedade democrática actual, como a liberdade das persoas, o respecto ante calquera tipo de diferenza (lingüística, racial, relixiosa...) , o recoñecemento da igualdade das persoas ante a lei, cos mesmos dereitos e deberes, a xustiza social, a solidariedade, a tolerancia, etc.

As visitas a lugares culturais de uso público, como bibliotecas, museos, monumentos, etc., son útiles para incidir no interese por coñecer e conservar o patrimonio artístico e cultural da nosa sociedade e o doutras culturas.

Tratarase en todas as unidades que o permitan, pero especialmente nos temas 2,3,4,6,8,11,12 e 19.

Educación para a paz. A discusión en clase de determinados temas de interese histórico e social ou o tratamento de aspectos que interesan

directamente ao alumnado axudarán a coñecer e respectar a opinión dos demais. O estudo da opinións expresadas por diferentes medios de comunicación de masas (prensa, radio e televisión) tamén pode ser útil para evidenciar a diversidade de puntos de vista sobre feitos da vida cotiá e o respecto que merecen.

Un coñecemento máis profundo do pasado histórico e do medio social no que se desenvolven as alumnas e os alumnos tenlles que permitir detectar múltiples situacións conflictivas, que lles poden afectar de forma directa ás veces e deben aprender a adquirir unha actitude dialogante ante elas. En calquera caso, é necesario que recoñezan que o diálogo entre as partes enfrontadas é o único medio para chegar a unha situación aceptable para todo o mundo.

A discusión en clase dos temas de maior interese histórico ou actual contribuirá a que aprendan a respectar e valora-las opinións alleas. A tolerancia, a discrepancia, a defensa dos valores democráticos aprenderanse nestas discusións. Tamén a prensa, radio e televisión se pode empregar como punto de partida de estudo de temas de actualidade. Iso contribuirá a desenvolve-lo respecto polas opinións e as crenzas dos demais, sen renunciar ás propias. Estes contidos desenvólvense en tódalas Unidades, e especialmente nos temas 1, 3, 6, 7, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 19, 20, e 21.

Educación para a igualdade entre os sexos. O estudo da Historia faralles ver que as actitudes discriminatorias por razón de sexo teñen sido frecuentes. Aínda na actualidade o son en maior ou menor grao segundo en que países. Tomar conciencia desta situación permitirá que desenvolvan unha actitude crítica ante a discriminación de calquera tipo, pero especialmente a sexual. Tentarase non caer en expresións que poidan inducir a unha interpretación sexista., procurando falar sempre de homes e mulleres, de alumnas e alumnos, etc. Tratarase isto en tódalas Unidades, e especificamente nas numeradas 10, 11, 13, 16, 19 e 20.

Educación ambiental. Neste curso o alumnado estudiará o uso que dos diversos medios naturais realizou o ser humano ó longo dos últimos tres séculos: desenvolvemento da agricultura, a industrialización, etc. Deste xeito decatáranse de que moitas agresións que se fan sobre o entorno son irreversibles ou moi escasamente recuperábeis. Este estudo pode representar un punto de partida moi interesante para fomentar no alumnado unha actitude de sensibilización e respecto cara o medio natural. Trátase en tódalas Unidades do curso que o permitan, pero especialmente nos temas 5, 7, 12, 14, 15 e 16.

Educación do consumidor. Educación para o ocio. É importante que o alumnado se concencie de que o estrago de recursos e o excesivo consumismo nos últimos tres séculos levaron á nosa sociedade á gravísima situación de non saber qué facer coas enormes cantidades de refugallo de todo tipo de produtos e materiais, moitos deles perigosos. Este tema tamén se tratará en tódalas Unidades que o permitan, e detalladamente nos temas 5, 6, 7 e 16.

4.14 Medidas de atención á diversidade.

Os obxectivos e contidos do grupo de PDC ateranse ós mínimos esixibles en cada un dos ámbitos (lingüístico e social) que as programacións de cada departamento ten contempladas.

4.15 Actividades complementarias e extraescolares previstas.

- * Visita didáctica ó Museo do Pobo Galego.
- * Visita didáctica a edificios do Barroco Compostela: fachadas da Catedral, Casa do Cabido e Conventos das Mercedarias.
- * Visita á exposición “Santiago dc” organizada polo Departamento de Mocidade do Consorcio de Santiago de Compostela.

4.16 Actividades complementarias e extraescolares.

- * Visita didáctica ó Museo do Pobo Galego en Santiago.
- * Visita Didáctica ás Exposicións do Centro García Barbón Fundación Caixanova en Vigo.

4.16 Tratamento do fomento da lectura e das TICs.

En canto ó tratamento do fomento da lectura, o Departamento, colaborará co equipo de biblioteca en todas aquelas actividades que este propoña.

En canto ó tratamento das TICs, o departamento adquiriu dous mini-ordenadores portátiles xunto cunha unidade exterior de DVD co fin de aproveitar o proxecto de posta en marcha de canóns fixos nas aulas.

PARTE II: DISCIPLINAS DE BACHARELATO

I- PRIMEIRO CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO.

1.1 Introdución.

Un dos obxectivos xerais mais importantes do Bacharelato consiste na comprensión do mundo actual a través da análise e valoración das súas realidades e dos antecedentes e factores que inflúen nelas. Pero ademais, para comprender a realidade presente na súa verdadeira dimensión, o coñecemento histórico proporciona unha serie de instrumentos específicos da nosa disciplina, como a indagación da orixe e da evolución dos procesos históricos e a análise das relacións que se establecen entre eles. Deste modo, o coñecemento histórico permite a interpretación da sociedade actual ó entende-lo presente como unha fase dun proceso inacabado, que se configura a partir de elementos herdados do pasado que podemos interpretar para modela-lo futuro.

Ó mesmo tempo, ese coñecemento proporciona o marco axeitado para que as aprendizaxes asimiladas no conxunto das disciplinas adquiran sentido e se configuren como un esquema cultural trabado e coherente. A análise da multiplicidade dos factores que interveñen nunha realidade humana, o cambio permanente e a irrepitibilidade dos feitos históricos permiten exercitar facultades que axudan a adquirir certas habilidades cognitivas e a consolidar unha madurez persoal, que facilitan actuar dunha forma responsable e autónoma.

A creación dunha memoria colectiva, imprescindible para dotar ós pobos e ós individuos que os integran dunha identidade, conséguese, en parte, por medio do coñecemento global que proporciona o estudo da humanidade no seu devir e a reflexión sobre a propia sociedade na que se vive. Este coñecemento é básico na medida que axuda a desenvolver actitudes participativas, tolerantes e solidarias, que facilitan notablemente a inserción dos individuos na sociedade da que forman parte.

A selección de contidos responde a dous tipos de consideracións de carácter curricular: dunha parte trátase de reduci-lo ámbito temporal de forma que sexa posible acometer, con certa profundidade, algúns temas importantes e doutra exercita-los procedementos habituais do traballo do historiador, tales como a análise de fontes, a interpretación de documentos, a relatividade das interpretacións, etc.

No desenrolo da programación o profesor poderá inclusive articular convenientemente contidos relativos ó presente que teñan as súas claves explicativas nun pasado próximo. Os coñecementos poderán organizarse partindo do presente para volver a el, nunha dinámica na que se encadea a presentación do problema coa busca das súas raíces. Ademais, a selección adecuada das cuestións mais aptas da actualidade que vaian xurdindo servirá para que o alumnado relacione a Hª do Mundo Contemporáneo coas súas vivencias e coa consecución dos obxectivos que persegue a ensinanza da Historia.

1.2 Obxectivos didácticos xerais.

1.2.1- Explicar, situándoos axeitadamente no tempo e no espazo, feitos e acontecementos relevantes da Historia do Mundo Contemporáneo, valorando

seu significado no proceso histórico e as súas repercusións no presente.

1.2.2- Comprender os principais procesos económicos, sociais, políticos e culturais que configuran a Historia recente, identificando seus trazos mais significativos e analizando os factores que os foron conformando.

1.2.3- Adquirir unha visión global do mundo contemporáneo que, superando enfoques localistas, facilite o análise de situacións e problemas do presente, considerando neles tanto os seus antecedentes históricos como súas relacións de interdependencia.

1.2.4- Empregar con propiedade a terminoloxía básica acuñada polos historiadores e realizar actividades de indagación e síntese nas que se analicen, contrasten e integren informacións diversas, valorando o papel das fontes e do traballo do historiador.

1.2.5- Desenvolver a sensibilidade e a responsabilidade dos alumnos ante os problemas sociais, en especial os que afectan ós dereitos humanos e á paz, adoptando actitudes democráticas e tolerantes e adquirindo independencia de criterio e hábitos de rigor intelectual.

1.2.6- Argumentar as propias ideas sobre a sociedade e revisalas de xeito crítico tendo en conta novas informacións, corrixindo estereotipos e prexuízos e entendendo o análise histórico como un proceso en constante reelaboración.

1.3 Programa de Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato e Temporalización de contidos.

Temporalización da 1ª Avaliación de HMC de 1º Bacharelato: se desenvolverá entre os meses de Setembro e Decembro e abarcará os contidos seguintes:

I- O Antigo Réxime e as súas características sociais, económicas e políticas. A Ilustración.

- Economía agraria e mercantilismo (Colbert).
- Sociedade estamental e ascenso da burguesía.
- Monarquía absoluta e parlamentarismo. Hobbes, Bossuet e Locke: Diferencias.
- A Ilustración: pensamento político (Voltaire, Montesquieu, Rousseau) e económico (Fisiocracia – Quesnay- e liberalismo - Smith).

II- A Revolución Industrial.

* A Primeira revolución Industrial

- A economía preindustrial.
- Cara un novo modelo económico: o capitalismo.
- Progreso científico-técnico, revolución agraria , demográfica e dos transportes.
- A industria téxtil e siderúrxica.
- Consecuencias sociais e demográficas
- A Primeira Revolución Industrial e a súa difusión. O fracaso da industria téxtil e siderúrxica en Galicia. O caso de Sargadelos.

* A Segunda Revolución Industrial.

- Os sectores innovadores: ferrocarril, banca, electricidade e industria pesqueira en Galicia.

III. A crise do Antigo Réxime

- A independencia das Trece Colonias norteamericanas: o nacemento dos Estados Unidos.
- A Revolución Francesa. Causas e fases.
- O Imperio Napoleónico.

IV. Liberalismo e revolucións liberais. Romanticismo. Nacionalismo.

- A Restauración.
- O Liberalismo.
- As revolucións liberais de 1820, 1830 e 1848.
- O Nacionalismo. As primeiras manifestacións do galeguismo.
- As unificacións de Italia e Alemaña.
- A emancipación latinoamericana.

Temporalización da 2ª Avaliación de HMC de 1º Bacharelato: se desenvolverá entre os meses de Xaneiro e Marzo e abarcará os contidos seguintes:

V- Cambios e movementos sociais.

- A nova sociedade de clases. A burguesía e o proletariado. Os grupos tradicionais: fidalguía e campesiñado en Galicia.
- Problemas sociais da industrialización. O movemento obreiro.
- As grandes ideoloxías do movemento obreiro: sindicalismo, socialismo e anarquismo.
- A Primeira e Segunda Internacionais. As orixes do movemento obreiro en Galicia

VI - A dominación europea do mundo. O imperialismo.

- Colonialismo e imperialismo. Causas e consecuencias.
- As grandes potencias europeas no século XIX: Inglaterra, Alemaña, Francia, etc.
- A expansión colonial das potencias europeas. O reparto de África.
- As grandes potencia extraeuropeas: EEUU e Xapón.

VII- A I Guerra Mundial e a organización da paz.

- As causas. A Paz Armada. A política de Alianzas.
- O desenvolvemento do conflito.
- Consecuencias. Tratados de paz.
- A Sociedade de Nacións e as relacións internacionais no período de Entreguerras, 1919-1933.

VIII- A Revolución rusa.

- Antecedentes. A Rusia tsarista. A Revolución de 1905.
- As revolucións de Febreiro e Outubro de 1917.
- O nacemento da URSS.
- O período stalinista.

IX- A economía no período de Entreguerras.

- Os anos vinte. A crise de 1929.
- A Gran Depresión dos anos trinta. As consecuencias. Os retornados americanos en Galicia.
- As respostas á crise. O New Deal.

Temporalización da 3ª Avaliación de HMC de 1º Bacharelato: se desenvolverá entre os meses de Abril e Xuño e abarcará os contidos seguintes:

X- As democracias e o ascenso dos totalitarismos.

- A crise da democracia liberal. A República de Weimar.
- Os totalitarismos nazi e fascista.
- As viraxes cara á guerra (1933-39).

XI- A II Guerra Mundial e as súas consecuencias.

- Antecedentes da guerra.
- A evolución do conflito.
- Características.
- Os tratados de paz.
- Balance da guerra.
- A nova orde de posguerra da ONU.

XII- A Guerra Fría e a política de bloques.

- Concepto de Guerra Fría.
- A formación dos dous bloques. O movemento dos non-aliñados.
- A Guerra Fría: conflitos, crise e coexistencia.
- O proceso de Unión Europea.
- A economía.

XIII- A Descolonización.

- Factores explicativos do proceso de descolonización.
- As principais fases descolonizadoras: a rebelión de Asia, a independencia de África, a cuestión de Oriente Próximo e a independencia do mundo islámico.
- As consecuencias da descolonización: neocolonialismo e subdesenvolvemento.O Terceiro Mundo.
- América Latina.

XIV.- O mundo actual.

- Afundimento da URSS e desaparición do bloque comunista
- A consolidación da Unión Europea.
- Os problemas de América Latina.
- Os conflitos bélicos.
- O S XXI: desigualdade e globalización.

XV. Sociedade e cultura do novo milenio.

- Unha nova sociedade. Características e cambios.
- Movementos sociais
- Transformacións científicas e tecnolóxicas
- Un mundo global

1.3.2 Contidos mínimos

I. O Antigo Réxime.

- Definición e as súas estruturas (demográficas, económicas, sociais e políticas).
- Principais representantes do pensamento político e económico ilustrado.

II. A revolución industrial.

- O Capitalismo: orixe, evolución e trazos básicos.
- O proceso de industrialización: inicios en Gran Bretaña, enerxías e principais sectores.
- A segunda fase da industrialización: enerxías e sectores.

III. A crise do Antigo Réxime.

- A Revolución Francesa: causas, mapa político e fases.
- A época napoleónica

IV. Liberalismo e revolucións liberais. Romanticismo. Nacionalismo.

- A Restauración.
- Concepto de liberalismo, romanticismo e Nacionalismo. Principais acontecementos e procesos.

V. Cambios e movementos sociais.

- A nova sociedade industrial: burguesía e proletariado.

- As ideoloxías do movemento obreiro: sindicalismo, marxismo e anarquismo.
- VI. A dominación europea do mundo. O imperialismo.
 - Causas e factores do imperialismo.
 - Principais potencias imperialistas: Reino Unido, Francia, Alemaña, EEUU, Xapón, etc..
- VII. A I Guerra Mundial e a organización da paz.
 - Causas e consecuencias da guerra.
 - A organización da paz: os tratados de paz e a Sociedade de Nacións.
- VIII. A Revolución Rusa.
 - As revolucións de Febreiro e Outubro de 1917.
 - A construción política da URSS.
 - A época de Stalin.
- IX. A economía no período de entreguerras.
 - A crise de 1929 e a depresión: causas, consecuencias e as saídas da crise.
- X. As democracias e o ascenso dos totalitarismos.
 - Fundamentos doutrinais dos fascismos atendendo tamén ás particularidades do fascismo italiano e o nazismo alemán.
- XI. A II Guerra Mundial e as súas consecuencias.
 - Causas e consecuencias.
 - A organización da paz: conferencias e tratados.
- XII- A Guerra Fría e a política de bloques.
 - A bipolarización política: formación e caracterización dos bloques.
 - Conflictos representativos: a Guerra de Corea e a crise cubana.
 - O proceso de construción europea
- XIII- A Descolonización.
 - Factores e principais fases.
 - As diferentes vías cara á independencia: o caso da India e o caso alxeriano.
 - As consecuencias da Descolonización: o Neocolonialismo e as novas formas de dependencia: o intercambio desigual e a débeda externa.
- XIV. O mundo actual.
 - A nove orde mundial: a desaparición do bloque comunista.
 - Os conflitos bélicos máis significativos: antiga Iugoslavia, Oriente medio e o terrorismo islamita.
 - Concepto de globalización.
- XV. Sociedade e cultura do novo milenio.
 - características principais na nova sociedade: a comunicación, o consumo, o urbanismo, a globalización,...
 - Movementos sociais máis significativos: ecoloxismo, feminismo, antiglobalización,...

1.4 Estratexias e metodoloxías didácticas

1.4.1- Estratexias expositivas: nas exposicións dos contidos da materia, o profesorado fomentará a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva desas explicacións. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor, as preguntas aclaratorias etc., procurando erradicar temores, prexuízos, reservas e receos.

1.4.2- Estratexias referenciais: O profesor terá unha relación constante coa realidade inmediata -noticias de prensa, conflitos actuais, e algúns feitos significativos da historia comarcal ou local contemporánea- e coa práctica, para posibilitar unha memorización máis comprensiva y aprendizaxes máis

significativos.

1.4.3- Estratexias de indagación para a asimilación de contidos procedimentais e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: webquest, pequenos traballos de síntese mais que de investigación con bibliografía variada, comentarios de textos que mais tarde se exporán conxuntamente, comentarios de mapas, táboas e gráficas, etc..

1.4.4- Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, cinefórum, pequenas dramatizacións, xogos de simulación, saídas ao entorno mais próximo, simulacións de investimentos en Bolsa, etc..

1.4.5- Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de tódolos aspectos que caracterizan cada época histórica -económicos, sociais, políticos e culturais -, intentando aproximarnos ó concepto de "historia total", fronte a unha visión excesivamente especializada e marcada polos acontecementos, aínda que sen esquecer as efemérides mais importantes como referentes excepcionais do noso pasado.

1.4.6- Fomento das TIC, sobre todo o uso de internet xa sexa coma fonte de información e investigación (a través de webquest ou cazas do tesouro), coma lugar de encontro (blogues de alumn@s ou clase) ou coma fondo de materiais de clase e complementarios.

1.5 Criterios e instrumentos de avaliación

O alumnado na avaliación deberá amosar:

1) Si seleccionan, comprenden e asimilan conceptos e procesos propios da materia de Historia, e si os utilizan de xeito coherente e adecuado.

2) Si aplican as técnicas e métodos de traballo axeitados para estudar materiais propios das nosas disciplinas como documentos, restos históricos, edificios (pazos, igrexas, mosteiros, etc.), mapas topográficos e temáticos, fotografías, diapositivas, ou a propia paisaxe do entorno, coa finalidade de obter información, interpretala e avaliala.

3) Si expresan correctamente e de forma precisa as ideas e conceptos obtidos no proceso de aprendizaxe, utilizando a terminoloxía axeitada.

4) Si manifestan capacidade (creatividade) para relacionar, sintetizar, seleccionar e reelaborar a información e comprender problemas e procesos de forma estrutural.

A avaliación realizarase a dous niveis: traballo individual e traballo de grupo. Na avaliación do traballo individual teranse en conta aspectos como a capacidade de descrición, de relación e de análise dos problemas históricos e xeográficos, a comprensión e expresión dos mesmos tanto de forma oral como escrita, os conceptos específicos da historia e da xeografía e o desenvolvemento de actitudes de cara á materia. Na avaliación do traballo en grupo se valorará tanto o funcionamento do pequeno grupo e a aportación individual de cada alumno e alumna no mesmo, como a participación e o rigor nos debates e nas postas en común.

Os instrumentos de avaliación dentro desta planificación serán:

1.5.1 Observación: nos permitirá comprobar o ritmo de adquisición de contidos conceptuais, das técnicas e da metodoloxía de indagación, e das actitudes do

alumnado (interese pola materia e actitudes sociais mais relevantes como a convivencia, tolerancia, solidariedade, etc.).

1.5.2 As probas: controis e exames. Ateranse sempre a contidos desenvolvidos na clase mediante explicación do profesor ou exposición de traballos e debates protagonizados polos alumnos. O plantexamento dos exames se orientará cara a unha demostración de comprensión dos contidos, das capacidades de interrelación multicausal, de capacidades de sínteses, capacidades de expresións, razoamento con exemplificacións que concreten eses coñecementos, etc..

1.5.3 Os traballos de grupo: valorarán o nivel de organización do equipo que van acadando os alumnos/as, o desenvolvemento do traballo na busca de información (fontes ou bibliografía), planificación do traballo, utilización de material gráfico, estatístico ou de textos históricos, etc. De tódolos xeitos, terase sempre en conta que este tipo de actividades son especialmente laboriosas para os estudantes.

1.5.3 Traballos individuais: consistirán fundamentalmente en comentarios de textos históricos a realizar na casa polos alumnos nos que se valorará os principios propios destas probas: capacidade de interrelación, de análise, de pertinencia no desenvolvemento dos contados, de expresión, etc.

1.5.4 As probas serán fundamentalmente escritas, pero poderán realizarse tamén algunhas de tipo oral. En cada avaliación faránse probas parciais que servirán para facer a media da avaliación. Non se farán medias con notas inferiores a 3'5. Haberá unha recuperación por avaliación, que poderá facerse antes ou despois da mesma, en función da marcha do curso. Dentro de cada bloque de contidos poderá facerse unha proba de conxunto a modo de repaso e para cumprir os obxectivos da avaliación continua.

De darse a situación, procurarase celebrar as probas en horario lectivo que vaia seguido ou precedido dalgún dos recreos, para dar a posibilidade ao alumnado que o precise de aproveitar ese tempo, co gaio de completar satisfactoriamente o exame. No caso de precedencia do recreo será preceptivo que todo o alumnado estea presente na aula para dar comezo á proba.

1.5.5 A asistencia aos exames é obrigada nas datas e horas indicadas. Só por razón moi grave e debidamente xustificada disculparase a falta de asistencia aos mesmos; noutro caso, perderase a opción do exame correspondente, tendo que pasar á proba de recuperación.

A hora do exame é única e exclusivamente para a realización do mesmo. Non se permitirá en ningún caso a realización doutras tarefas mesmo cando o alumno/a diga ter rematado. O alumno/a tampouco poderá saír da aula mentras non remate o tempo destinado á realización do exame.

1.5.6 Aqueles alumnos/as que, chegado o remate do curso, teñan unha única avaliación suspensa, terán dereito a recuperala antes do final do curso. Aqueles que cheguen ao final con dúas avaliacións suspensas, despois de terse realizado as correspondentes probas de recuperación, deberán pasar a recuperar na proba de setembro.

1.6 Criterios de Cualificación

Os criterios de cualificación que se están a aplicar polo profesorado deste Departamento na materia de Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato son os seguintes:

- 1) Os contidos conceptuais e o rigor na expresión conceptual se avalían mediante exames convencionais parciais por cada avaliación, e computan un 70% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
- 2) Os contidos procedimentais se avalían mediante traballos complementarios individuais e de grupo e que computan un 15% nas notas das tres avaliacións e da nota final.
- 3) Os contidos actitudinais se avalían mediante debates, intervencións dos alumnos nas tarefas de clase, desenvolvemento de temas transversais, etc. no día a día na aula, e computan un 15% nas notas das tres avaliacións e na nota final.

1.7 Actividades e reforzos para lograr a recuperación.

En canto ás Actividades de Recuperación, debemos ter e conta que os contidos de cada avaliación van formando un todo continuo e interrelacionado que configura a idade contemporánea. Polo tanto, o alumnado deberá ir tomando un coñecemento globalizado dela, sumando contidos etapa por etapa, interrelacionando acontecementos e novas ideoloxías, tendo en conta os procesos causais, ...

Polo tanto, haberá exames de recuperación que seguirán as pautas marcadas nos capítulos 1.5 Criterios e instrumentos de avaliación e 1.6 Criterios de cualificación, aínda que neste caso só entrarán nos exames os contidos mínimos esixibles, que son os que constan como tales no capítulo 1.3.2.

Haberá un exame de recuperación por cada avaliación, e, no seu caso, un final.

En canto ós Reforzos para lograr a Recuperación, o profesorado da materia de Hª do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato, asiduamente fai prácticas na aula de exercicios de comentarios históricos, e así mesmo encomenda a realización de tales exercicios para o seu tempo libre, prácticas que logo teñen o seu reflexo nas probas de exame, e na avaliación e cualificación de contidos procedimentais.

1.8 Materiais e recursos didácticos.

Libro de texto: VV.AA.: Historia do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato. Editorial Anaya.

Mapas murais históricos da Editorial Vicens Vives:

*Europa no século XIX.

*África na época dos imperialismos.

*Asia na época dos imperialismos.

*Europa trala Primeira Guerra Mundial.

*A Segunda Guerra Mundial.

*A Europa trala Segunda Guerra Mundial

Comentarios de texto tomados do propio libro de texto, e dos libros:

* BAAMONDE, A.- VILLARES, R.: El Mundo Contemporáneo, siglos XIX y XX. Editorial Taurus.

* BAAMONDE, A.-VILLARES, R.: Hª do mundo contemporáneo. Santillana.

* ARTOLA, Miguel: "Textos fundamentais para la Historia". Alianza Universidad Textos.

- * LÓPEZ CORDÓN M^aV.-MARTÍNEZ CARRERAS, J.U.: Análisis y comentarios de textos históricos II. Edad Moderna y Contemporánea. Alhambra Universidad.
- * Prensa cotiá: para consulta e traballo.

*Películas de cine e documentais: “Daens”, “Promises”, “The march”, “El efecto Iguazú”, etc,

1.9 Programación de temas transversais

De conformidade cunha intención integradora e globalizadora descríbese brevemente o xeito en que se incorporaron as diferentes áreas transversais ao currículo da Historia do Mundo Contemporáneo:

EDUCACIÓN PARA A PAZ.

- Delimitar o concepto de paz mais alá da visión occidental herdada do termo “*pax romana*” (ausencia de conflitos bélicos entre Estados), considerando non como antítese da guerra, senón como termo oposto ao de violencia, onde a guerra si sería unha forma de violencia organizada.
- Delimitar o concepto de conflito, lonxe da súa identificación con algo negativo e violento, para consideralo como un proceso natural e consubstancial coa existencia humana en sociedade.
- Analizar conflitos sociais, reparando nos seus compoñentes básicos (persoas, procesos e problemas ou diferencias esenciais) e relacionalos co seu contexto temporal e espacial.
- Desenvolver as capacidades de toma de decisións e de resolución non violenta de conflitos, para axudar no desenvolvemento de condutas prosociais.
- Comprender a interdependencia mundial entre os países e a mundialización dos problemas sociais, para reparar na súa complexidade.
- Coñecer o contido básico da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a súa historia e a súa razón de ser na sociedade actual.
- Formar unha identidade universal desde o respecto e a afirmación da diferenza de etnias e culturas.
- Desenvolver a solidariedade entre os pobos, ao traveso do estudio e valoración dos desequilibrios socioculturais e económicos entre os Estados, con atención especial situación do Terceiro Mundo.
- Coñecer as bases do sistema democrático e as súas características concretas, a través da análise da Constitución vixente.
- Desenvolver competencias dialogantes que predispoñen ao acordo xusto e participación democrática.
- Tomar decisións ante un conflito, tendo en conta os puntos de vista e as necesidades de todos os implicados.
- Desenvolver na vida cotiá comportamentos coherentes cos principios e as normas que defenderon persoalmente.

Trátanse estes apartados en todas as unidades do programa de xeito intenso.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE E A CALIDADE DE VIDA. EDUCACIÓN SEXUAL.

- Considerar a saúde como estado de benestar xeral (físico, psíquico e social) ao que todo ser humano ten dereito a aspirar para poder gozar dunha mellor calidade de vida.
- Coñecer, desde unha perspectiva histórica e xeográfica, a ampla gama de hábitos culturais relacionados coa alimentación, a hixiene, as enfermidades; así como a evolución que se pode observar ao longo da historia da humanidade.
- Coñecer as consecuencias individuais e colectivas de hábitos alimenticios inadecuados, costumes desfavorables para conservar un bo estado de saúde e rexeitar pautas de comportamento que non conduzan a adquisición dun benestar xeral.
- Considera-la sexualidade na súa dimensión biolóxica, emocional e social, apreciando os papeis sexuais feminino e masculino no exercicio da sexualidade como actividade de plena comunicación entre as persoas.
- Reflexionar sobre os propios hábitos e aplicar na propia vida cotiá e no contorno familiar e comunitario os hábitos culturais que potencien unha mellor saúde e calidade de vida.

Estes temas desenvólvense especialmente nos apartados 1.1.,1.2., e na unidade 4.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS.

Comprender a diferenza entre sexo e xénero; o primeiro como categoría biolóxica e o segundo como construción sociocultural que define as diferenzas emocionais e intelectuais, os comportamentos e os papeis masculinos e femininos que cada sociedade asigna a mulleres e homes.

- Estudiar os fenómenos e procesos sociais, incorporando a economía doméstica e a historia do papel da muller e incluír o feminismo entre os proxectos éticos contemporáneos.
- Recoñecer os trazos sexistas que se atopan nas interpretacións dos feitos sociais e na mesma documentación.
- Incorporar nos seus traballos unha visión non sexista e adoptar actitudes na vida escolar, familiar e social que favorezan a igualdade de oportunidades entre os sexos.

Abórdanse estes temas en todas as unidades.

EDUCACIÓN AMBIENTAL.

- Comprender o medio natural como sistema e reparar na importancia da interrelación e mutua dependencia dos elementos, tanto naturais coma antrópicos.
- Adquirir un dominio das escalas temporais e espaciais suficientemente amplo como para poder tomar conciencia das consecuencias a curto e longo prazo de calquera intervención no medio.
- Afondar no coñecemento do medio, facendo especial, énfase nas nocións de enerxía, equilibrio, crecemento, economía, orde, cooperación, etc.
- Analizar as manifestacións da intervención humana desde o punto de vista da súa incidencia no medio natural.
- Adquirir unha visión histórica da evolución da actividade antrópica e da súa

repercusión ambiental, especialmente ligada obtención e xestión da enerxía.

- Analizar os problemas ambientais baixo un esquema multifactorial e contextualizado, evitando interpretacións excesivamente xeralizadoras e posicións dogmáticas.
- Abordar problemas referidos ao contorno e formular posibles estratexias de solución.
- Saber desenvolver estudos ambientais mediante a obtención, selección, tratamento e comunicación axeitada da información.
- Adoptar na súa vida cotiá actitudes coherentes coa defensa do medio natural.
- Defender a necesidade de cooperación social en relación á xestión ambiental, no ámbito local, nacional e internacional, e adoptar unha actitude de colaboración activa.

Aínda que estas problemáticas deben tratarse en todos os temas, as unidades 1 e 4 resultan especialmente axeitadas.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR.

- Adquirir conciencia de consumidor e actuar en consecuencia, coñecendo os seus dereitos e responsabilidades.
- Coñecer a existencia e o contido básico da lei para a defensa dos consumidores e usuarios.
- Desenvolver habilidades para a toma de decisións e actuar como consumidores responsables. Esixi-la fabricación de produtos cada vez mis duradeiros, menos contaminantes e de doada reciclaxe.
- Confeccionar orzamentos e elaborar estratexias en función dos presupostos que favorezan o aforro e a xestión mais axeitada dos recursos no ámbito familiar, local, autonómico e estatal.

Estes temas deben atenderse particularmente nas unidades 1 e 4.

EDUCACIÓN PARA O LECER.

- Comprender o lecer desde unha perspectiva histórica como unha conquista social que se deriva da diminución da xornada laboral e a disposición de mis tempo libre.
- Potenciar na vida cotiá o acceso aos mundos da información: cine, vídeo, libros, multimedia... proporcionando ao individuo unha panorámica mais ampla do mundo no que se vive.
- Reflexionar e actuar no noso tempo de lecer respectando o medio natural e social no que se vive.

Atenderase fundamentalmente nas unidades 1 e 4.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA.

- Considerar os códigos éticos mais alá dun código normativo social ou relixioso e advertir a necesidade de elaborar criterios morais propios, razoados, solidarios e non suxeitos a simples esixencias externas.
- Desenvolver estruturas universais de xuízo moral que permitan a adopción de principios como a xustiza e a solidariedade.
- Coñecer os sistemas éticos e morais mais relevantes da actualidade e do pasado, que teñen unha incidencia na sociedade actual.

- Recoñecer nos dilemas actuais da humanidade a súa razón ética e moral.
- Analizar conflitos e valores e elaborar solucións baseadas no diálogo e no respecto.
- Discutir dilemas morais, empregando razoamentos que estean abertos ao diálogo e aceptación doutros puntos de vista.

En canto a este apartado debe tratarse de xeito constante ao longo de todo o temario.

1.10 Actividades complementarias e extraescolares

-As visitas extraescolares constitúen unha prolongación da aula fóra do recinto escolar, e esixirán igualmente do alumnado unha actitude de traballo e de corrección no seu comportamento. Os alumnos e alumnas deberán acudir a elas co material que a profesora indique e elaborar a posteriori da visita o traballo que a docente determine, para avaliar o aproveitamento da saída por parte do alumnado.

Aqueles alumnos e alumnas que manteñan unha actitude disruptiva na aula ou manifesten coa súa falta de traballo un desinterese absoluto pola materia, poderán seren excluídos das saídas. Estas saídas non poderán seren entendidas en ningún caso polo alumnado como momentos de recreo ou vacación.

Será en calquera caso a marcha do curso a que determine a posibilidade de realización dalgunha saída, que terá por obxecto sempre aproveitar exposicións, conferencias, museos, ou espazos artísticos, históricos ou naturais directamente relacionados cos contidos que traballaremos neste curso.

-Como actividade complementaria proporemos ao alumnado a realización dun traballo que terá como marco a propia Historia Local do Concello de A Pobra. Aproveitando fontes orais -mediante enquisas- materiais privados -fotos, documentos textuais, etc- a xeografía urbana, trataráse de descubrir a implicación do propio entorno –físico e humano- no devir histórico obxecto de estudo a nivel global. Nunha única actividade poderemos fundir aspectos como a Historia local, a Historia oral, o uso das TIC, o tratamento dos temas transversais, o método de traballo histórico, e conseguir unha asimilación dos contidos que faga ao alumnado sentir o saber histórico como algo vivo, útil e do que todos formamos parte.

II- SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DE ESPAÑA.

Nota Introductoria: A programación desta disciplina de 2º curso de Bacharelato, que ha de ser obxecto de exame de selectividade, sigue a filosofía das orientacións do Grupo de Traballo de Historia da CIUG.

2.1 Introducción.

A Historia constitúe un campo especialmente propicio para a educación porque facilita notablemente a inserción activa dos individuos na sociedade da que forman parte. En primeiro lugar, porque se trata dunha materia moi axeitada para a reflexión da propia sociedade na que se vive e, por tanto, axuda a desenvolver actitudes intelectuais e socialmente tolerantes. En segundo lugar, porque entre os contidos desta materia se inclúen o análise da multiplicidade dos factores que interveñen nunha realidade humana, o cambio permanente e a irrepeticibilidade dos feitos históricos, o que permite exercitar facultades que axudan a adquirir certas habilidades cognitivas e a consolidar unha madureza persoal que facilita actuar de forma responsable e autónoma.

Entre os retos que enfronta o sistema educativo a comezos do novo milenio ocupa un lugar preferente o de concilia-las necesidades de formación dos xoves no uso das novas tecnoloxías coa práctica dos valores esenciais do humanismo. Só a harmonización no currículo da ciencia, técnica e humanismo pode contribuír á formación de cidadáns responsables e conscientes dos seus dereitos e deberes coa sociedade e á defensa dos valores democráticos e dos dereitos humanos fronte á intolerancia.

Dentro das ciencias humanas, a Historia ocupa un lugar particularmente vertebrador, que a converte no eixe ordenador do pensamento e, xa que logo, a fai especialmente útil para proporcionar uns sólidos alicerces sobre os que edifica-la comprensión do conxunto das disciplinas vinculadas á actividade humana. Este alto valor formativo esixe que a presenza desta materia nos plans de estudio dos novos Bacharelatos estea suficientemente garantida nuns intres nos que os fondos cambios que experimentan as modernas sociedades, acelerados polas novas tecnoloxías, puidesen ir en detrimento da formación integral dos alumnos.

O ensino da Historia resulta esencial para a conservación da nosa mentalidade colectiva, polo que tamén debe proporciona-los coñecementos sobre o pasado que axuden á comprensión crítica do presente, ó tempo que fomenta o desenvolvemento dunha serie de capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión empática, o exercicio da memoria comprensiva e o sentido crítico, aspectos que deben ser desenvolvidos cos procedementos axeitados.

O currículo da materia de Historia de segundo curso de Bacharelato, en coherencia co disposto polo Real Decreto 3474/2000, no relativo ós seus contados mínimos, inclúe a totalidade das etapas da Historia de España desde a Antigüidade ata os nosos tempos, aínda que cun protagonismo meirande das sociedades contemporánea e actual. Todos estes contados axudarán a comprender por qué hoxe España se configura como un Estado integrado por nacionalidades e rexións con culturas, tradicións, linguas e institucións propias. Polo tanto, o estudio da súa historia deberá contribuír a dar conta desa diversidade, das súas raíces e características principais, dos factores de integración e, en consecuencia, delimitar con rigor os aspectos

comúns e diferenciais. En consonancia con eso e tendo en conta que unha das funcións dos centros educativos é a de transmitir a cultura propia da sociedade na que se insiren, trátase de garantir a presenza neste currículo dos aspectos máis salientables do pasado histórico de Galicia, non como un catálogo pechado, senón como elementos orientativos a desenvolver polo profesorado de acordo coa súa programación. Deste xeito preténdese que tódolos estudantes teñen ocasión de coñecer a Historia de España e de Galicia, tratada de xeito continuo e global, atendendo tanto ós elementos comúns como ós diversos.

Por outra banda, España áchase inserta nun contexto internacional. Estudia-la súa historia non significa esquecer ese contexto, senón que deberá permitir comprender unha interacción que conduce a relacións fecundas e desemboca en procesos como a construción europea actual.

Todas estas consideracións levan a que a Historia de España se converta en materia común no segundo curso de Bacharelato. Esta disciplina prestará especial atención á época contemporánea respondendo así a tres tipos de consideracións de carácter curricular: por unha parte trátase de dar continuidade ás aprendizaxes da etapa secundaria obrigatoria, por outra de reduci-lo ámbito temporal, de forma que sexa posible acometer con certa profundidade temas e problemas que axudan a explicar a España actual, e por último, preténdese que eses temas obxecto de estudio sexan significativos á luz das características e principios considerados anteriormente e, sexan tamén, próximos no tempo.

2.2 Obxectivos xerais

O proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia debe contribuír a que o alumnado desenvolva as seguintes capacidades:

2.2.1 Descubri-los procesos e mecanismos que rexen o funcionamento da dinámica histórica, para poder comprender axeitadamente os feitos e acontecementos máis relevantes da Historia de España e de Galicia, valorando a súa significación no proceso histórico e empregando estes coñecementos para a mellor comprensión das sociedades actuais.

2.2.2 Identificar e analizar as interrelacións entre os feitos económicos, sociais, políticos e culturais que condicionan a traxectoria histórica de España e de Galicia, así como o papel que os individuos e os grupos sociais desempeñan nela, asumindo que a súa evolución é o resultado de complexos e longos procesos de cambio que se proxectan no futuro.

2.2.3 Adquirir unha visión global da Historia de España e de Galicia, e dos seus problemas á luz dos antecedentes históricos, superando enfoques localistas e parciais, e situando este proceso no contexto europeo e mundial.

2.2.4 Distinguir e valora-los signos permanentes dos procesos de transformación e cambio nas diferentes etapas históricas, analizando secuencialmente o nacemento dos problemas, as diferentes tentativas de solución e a súa pervivencia nos nosos días.

2.2.5 Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espazo, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos e relevantes do devir histórico, común e diverso, de España e de Galicia.

2.2.6 Empregar con propiedade a terminoloxía básica empregada polos historiadores, así como as expresións axeitadas, utilizando o máximo rigor na expresión conceptual.

2.2.7 Consolidar actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de España, respectando e valorando positivamente os aspectos comúns e as diferencias, e tendo en conta a posibilidade de pertencer de maneira simultánea a máis dunha identidade colectiva.

2.2.8 Expresar, argumentando razoadamente, as propias ideas sobre a sociedade das diferentes etapas históricas e revisalas de forma crítica tendo en conta novas informacións, corrixindo estereotipos e prexuizos e entendendo a análise histórica como un proceso en constante reelaboración.

2.3 Programación de Hª de España. Contidos e temporalización

2.3.1 Contidos conceptuais e temporalización.

A familiarización do alumnado cunha concepción xeral da natureza evolutiva e de xénese, que é a propia da Historia, parece a forma máis adecuada para comprende-la orixe e as características do mundo actual.

A inclusión de procedementos propios do traballo do historiador e de actitudes de solidariedade e tolerancia que permitan ó alumnado analizar e valorar de maneira autónoma as informacións relevantes sobre o pasado e argumentar de forma crítica e indagadora sobre as realidades da España e a Galicia de hoxe, participando solidariamente dos seus problemas.

O tratamento equilibrado das principais dimensións do proceso histórico total, favorecerá que os aspectos socioeconómicos non sexan infraconsiderados en beneficio dos políticos e ideolóxico-culturais. Ademais a visión da historia política de España que estará baseada tanto no acontecer dos órganos centrais do Estado, como na historia da periferia e, dentro dela, darase á cuestión nacional unha atención proporcionada á importancia real que tivo na dinámica política española.

A inclusión sempre que a súa especificidade o esixa, da Historia de Galicia e a súa interrelación coa do conxunto de España, xa sexa no socioeconómico, xa sexa no político.

Temporalización e contidos da 1ª Avaliación: desenvolveranse estes contidos entre os meses de Setembro e Decembro, nos que se fará un estudio panorámico da Historia de España ata finais do século XVIII, para nos trimestres seguintes abordar un estudio pormenorizado da época contemporánea. Dada a redución horaria sufrida por esta materia, e tendo en conta, por unha banda, a densidade dos seus contidos, e por outra a orientación das PAAU, nos veremos obrigados a tratar de esquematizar, aínda máis do que xa se viña facendo, os contidos desta primeira e fundamental parte para entender a nosa Historia, polo que, de ser posible, trataremos de introducir ao final dos mesmos os contidos da seguinte avaliación. Os principais contidos da 1ª avaliación serán os seguintes:

I- As raíces históricas.

Tema I: Os inicios do poboamento peninsular.

- O proceso de hominización na Península Ibérica: novos achados. Os primeiros poboadores de Galicia.

- Os pobos prerromanos. A cultura castrexa.

Tema II: A Hispania Romana. Gallaecia.

- O proceso de romanización, con especial atención ó caso galego.
- O reino suevo. A monarquía visigoda.

Tema III: A Península Ibérica na Idade Media: Al Ándalus.

- Evolución política e organización económica e social.
- A presenza musulmana en Galicia.
- Cultura e Arte.

Tema IV: A Península Ibérica na Idade Media: os reinos cristiáns.

- A formación dos reinos peninsulares. Etapas da Reconquista e modelos de repoboación.
- Galicia e a monarquía astur-leonesa. O Reino de Galicia.
- A organización política. As institucións.
- O feudalismo. Economía e sociedade.
- A expansión marítima no Mediterráneo e no Atlántico. As Illas Canarias.
- A crise dos séculos XIV e XV. O exemplo galego: vida urbana e conflitos sociais: as revoltas irmandiñas.
- Unha cultura plural. O Camiño de Santiago. Manifestacións artísticas.

II- O Antigo Réxime.

Tema V: Os Reis Católicos. A construción do Estado moderno.

- Unión dinástica. Conquista do Reino Nazarí e incorporación do Reino de Navarra.
- O programa centralizador en Galicia: o sometemento da nobreza galega e o control do clero.
- A proxección exterior. O descubrimento de América.

Tema VI: A España do século XVI.

- O Imperio de Carlos I e a Monarquía Hispánica de Filipe II.
- O modelo político dos Austrias. O goberno e a administración de América.
- O impacto do descubrimento en Galicia.

Tema VII: A España do Barroco.

- O sistema de Westfalia-Pirineos: ocaso da hexemonía dos Habsburgo. Crise interna.
- A representación política de Galicia. A “Junta del Reino” e a cuestión do voto en Cortes.
- Mentalidade, cultura e arte no século de Ouro. O Barroco en Galicia.

Tema VIII: Os primeiros Borbóns.

- Cambio dinástico e reformas internas.
- A práctica do Despotismo Ilustrado: Carlos III.
- Poboación, economía e sociedade en Galicia. A consolidación da fidalguía.
- A política exterior. América.

Temporalización e contidos da 2ª Avaliación: desenvolveranse entre os meses de Xaneiro e Marzo e abordaranse os temas seguintes:

Tema IX: A crise do Antigo Réxime.

- Factores e causas da crise.
- Guerra de Independencia e revolución. Galicia na Guerra da Independencia.
- As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
- A emancipación da América española.
- Absolutismo e liberalismo.

Tema X: A construción do Estado liberal.

- A oposición ó sistema liberal. A cuestión dinástica e as guerras carlistas. A problemática foral.
- Isabel II: a organización do réxime liberal. O Estado dos moderados e o seu

labor.

- Galicia nos inicios do réxime liberal. Carlismo e provincialismo.
- O Sexenio democrático (1868-1874). O republicanismo en Galicia.

Tema XI: As grandes transformacións socioeconómicas.

- Revolución liberal e cambio agrario: as desamortizacións. O caso galego.
- O proceso de industrialización. As grandes pautas rexionais.
- A estrutura social. As orixes do movemento obreiro.
- Os cambios ideolóxicos e culturais.

Tema XII: As bases do Réxime da Restauración.

- O reinado de Alfonso XII.
- O sistema canovista: Constitución de 1876 e quenda pacífica.
- O funcionamento real do sistema: caciquismo e fraude electoral. As grandes familias políticas de Galicia.
- Oposición ó sistema. Rexionalismo e nacionalismo. O caso galego.

- A liquidación do Imperio: Cuba.

Tema XIII: A crise da Restauración.

- Rexeneracionismo e revisionismo político.
- Reinado de Alfonso XIII: agonía do sistema.
- A Dictadura de Primo de Rivera.

Tema XIV: Os desequilibrios económicos e sociais.

- Desigualdades do crecemento económico. Atraso e modernización.
- Transformacións demográficas. O proceso de urbanización e os movementos migratorios. O caso galego.
- Conflictividade social. O agrarismo e a liquidación dos foros.

Temporalización e contidos da 3ª Avaliación: desenvolveranse entre os meses de Abril e Maio e abordaranse os temas seguintes:

Tema XV: A IIª República.

- A caída da Monarquía. As forzas políticas e sociais.
- Constitución de 1931 e Bienio Reformista.
- Evolución política da IIª República: Bienio Conservador.
- Evolución política da IIª República: triunfo da Fronte Popular.
- Os nacionalismos na II República. O Estatuto galego de 1936.
- As culturas española e galega desde os inicios da ICADE de Prata ata 1936.

Tema XVI A Guerra Civil.

- A sublevación militar. O Alzamento en Galicia.
- Evolución política das dúas zonas.
- A internacionalización do conflito.

Tema XVII: España durante o franquismo.

- Fundamentos ideolóxicos e sociais do réxime franquista.
- Evolución política e conxuntura internacional.
- A oposición ó réxime. A oposición armada e a oposición política en Galicia.
- Transformacións socioeconómicas e cambios sociais e culturais.

Tema XVIII: A España democrática.

- A transición política: Constitución de 1978 e Estado das autonomías.
- A transición política en Galicia. O Estatuto galego.
- Economía e sociedade na España actual.
- Os gobernos democráticos e a integración en Europa. Galicia no marco español e europeo.

2.3.2 Actitudes, valores e normas

- Adopción dunha postura crítica e de rigor ante as distintas fontes de

producción do coñecemento histórico.

- Promove-lo interese polo coñecemento crítico das sociedades e culturas diversas, tanto históricas como actuais, e a súa percepción como elementos enriquecedores da existencia colectiva da humanidade.
- Fomentar un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), e a un Estado histórico (España), e a unha cultura europea e universal desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, Estados e culturas.
- Fomento do compromiso activo, responsable e consciente coa paz, a democracia e os dereitos humanos e sensibilidade fronte ós problemas derivados das situacións de desigualdade.

2.3.3 Contidos Mínimos

Seguindo as directrices do Grupo de Traballo da disciplina de Historia, encargado de coordinar as probas desta disciplina na Selectividade organizadas pola CIUG, darémolles prioridade ós contidos de Historia de España contemporánea. Por esa razón, temos establecido como contidos mínimos da materia:

I- A desestructuración do Antigo Réxime e as orixes do Estado liberal.

I- O século XVIII.

- Os primeiros Borbóns: cambio dinástico e reformas internas.
- Poboación, economía e sociedade.
- O Despotismo Ilustrado: Carlos III.
- A política exterior.

II- A crise do Antigo Réxime.

- Factores que desencadean a crise do Antigo Réxime.
- Guerra da Independencia e revolución.
- Cortes de Cádiz e Constitución de 1812.
- Absolutismo e liberalismo.
- A emancipación da América española.

III: A construción do Estado liberal.

- A oposición ó sistema liberal: cuestión dinástica e guerras carlistas.
- Isabel II: a organización do réxime liberal.
- Carlismo e provincialismo en Galicia.
- O Sexenio democrático (1868-1874). O republicanismo en Galicia.

IV: As grandes transformacións socioeconómicas.

- Revolución liberal e cambio agrario: as desamortizacións.
- O proceso de industrialización. As grandes pautas rexionais.
- A estrutura social. As orixes do movemento obreiro.
- Cambios ideolóxicos e culturais.

II O réxime da Restauración.

V: As bases do Réxime.

- Reinado de Alfonso XII.
- O sistema canovista: Constitución de 1876 e quenda pacífica.
- O funcionamento do sistema: caciquismo e fraude electoral.
- Oposición ó sistema: Rexionalismos e nacionalismos.
- A liquidación do Imperio: Cuba.

VI- A crise da Restauración.

- Rexeneracionismo e revisionismo político.
- Reinado de Alfonso XIII: agonía do sistema e Dictadura de Primo de Rivera.

VII- Os desequilibrios económicos e sociais.

- As desigualdades do crecemento económico.
 - Transformacións demográficas: proceso de urbanización e movementos migratorios.
 - Conflictividade social: agrarismo e liquidación dos foros.
- III República e Guerra Civil
- VIII- A IIª República.
- A caída da Monarquía. As forzas políticas e sociais.
 - Constitución de 1931 e Bienio Reformista.
 - Evolución política da IIª República: Bienio Conservador.
 - Evolución política: Triunfo da Fronte Popular.
- IX- A Guerra Civil.
- Sublevación militar.
 - Evolución política das dúas zonas.
 - Internacionalización do conflito.
- IV Dictadura e democracia
- X- España durante o franquismo.
- Fundamentos ideolóxicos e sociais do réxime franquista.
 - Evolución política e conxuntura internacional.
 - Oposición ó réxime.
 - Transformacións socioeconómicas e cambios sociais e culturais.
- XI: A España democrática.
- A transición política: Constitución de 1978 e Estado das autonomías.
 - O Estatuto galego.
 - Economía e sociedade na España actual.
 - Os gobernos democráticos e a integración en Europa.

2.3.4 Contidos procedimentais.

2.3.4.1 Construción de gráficos e mapas para ordenar, contextualizar e secuenciar feitos históricos.

Identificación e clasificación dos factores causais que explican procesos de cambio global ou feitos históricos.

2.3.4.2 Análise das accións e intencións dos grupos e persoas que interveñen nalgún proceso de cambio do mundo contemporáneo, abordando a relación existente entre acción individual e o comportamento colectivo.

Análise de táboas, gráficos, etc. para observar que, con frecuencia, os cambios socioeconómicos non se producen ó mesmo tempo que os políticos ou os ideolóxicos.

Establecemento de semellanzas e diferencias entre os distintos sistemas políticos: monarquía parlamentaria, república, Estado federal, etc.

2.3.4.3 Identificación e análise dos factores causantes dos desequilibrios territoriais no desenvolvemento económico da España contemporánea.

Establecemento de relacións entre industrialización e evolución demográfica e social, movementos migratorios, medios de transporte, repercusións no ámbito familiar, cambios na alimentación, a hixiene, a organización do espazo urbano, etc.

Confección e análise de táboas cronolóxicas, gráficas e secuencias de imaxes que permitan sinala-la asincronía, no tempo e no espazo, dos cambios sociais, políticos, económicos, ideolóxicos e culturais.

2.3.4.4 Contraste da información diverxente para analizar algún episodio da

guerra civil española.

Análise e clasificación dos distintos factores que interveñen nunha situación de conflito.

Identificación dos acontecementos internacionais (revolución rusa, auxe do fascismo, etc.) que inflúen na situación española deste período.

Recoñecemento de caracteres de intolerancia en réximes políticos de corte totalitario.

2.3.4.5 Utilización de diversas fontes orais e escritas que permitan identifica-la evolución no tempo de aspectos relacionados coa vida cotiá (cambios tecnolóxicos, confort doméstico, pautas culturais).

Interpretación de representacións gráficas, datos estatísticos, etc. que reflicten a evolución económica do último tercio do século XX.

Utilización de diversos medios (vídeos, diapositivas, discos, fotografías, etc.) que faciliten a comprensión das tensións e da dinámica cultural de España durante o franquismo.

3.4.6 Realización de diversas representacións gráficas (mapas, esquemas, etc.) para simboliza-la organización e o funcionamento das institucións autonómicas, nacionais e internacionais.

Identificación das distintas propostas de organización territorial do Estado e análise comparativo das características que definen o actual Estatuto Galego respecto ás que tiña o Estatuto do 36.

Identificación da evolución tecnolóxica aplicada a distintos campos (obxectos de uso cotiá, maquinaria, medios de transporte, moda, etc.) como impulsora do ritmo acelerado do tempo histórico actual.

2.3.5 Contidos Actitudinais.

2.3.5.1 Valoración de épocas e culturas distintas á actual como elementos enriquecedores da existencia colectiva da nosa sociedade.

Toma de conciencia da necesidade dunha formación histórica para adoptar unha posición social crítica propia.

2.3.5.2 Valoración crítica dos diversos modelos de organización do poder político.

Interese por coñecer as raíces da comunidade histórica galega e compromiso na defensa do seu patrimonio cultural.

Valoración do sufraxio universal como aportación esencial ó desenvolvemento das sociedades democráticas.

2.3.5.3 Valoración das melloras nas condicións de vida actuais como resultado das conquistas sociais.

Toma de conciencia das desigualdades dentro da poboación galega, española e mundial.

2.3.5.4 Rexeitamento do dogmatismo e a violencia e recoñecemento do valor do diálogo e a tolerancia para resolve-los conflitos.

2.3.5.5 Actitude solidaria cos pobos que atravesan situacións de autoritarismo político. Valoración dos dereitos humanos como unha importante conquista histórica e como un ben a conservar.

Rexeitamento á censura ideolóxica que impide a difusión de manifestacións creativas das persoas o dos grupos.

2.3.5.6 Valoración do coñecemento histórico como medio para a comprensión de problemas actuais que nos permitan aportar solucións positivas cara ó futuro.

2.4 Estratexias e metodoloxías didácticas

2.4.1- Estratexias expositivas: nas exposicións dos contidos da materia, o profesorado fomentará a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva desas explicacións. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor, as preguntas aclaratorias etc., procurando erradicar temores, prexuízos, reservas e receos.

2.4.2- Estratexias referenciais: O profesor terá unha relación constante coa realidade inmediata -noticias de prensa, conflitos actuais, e algúns feitos significativos da historia comarcal ou local contemporánea- e coa práctica, para posibilitar unha memorización mais comprensiva y aprendizaxes mais significativos.

2.4.3- Estratexias de indagación para a asimilación de contidos procedimentais e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: pequenos traballos de síntese mais que de investigación con bibliografía variada, comentarios de textos que mais tarde se exporán conxuntamente, comentarios de mapas, táboas e gráficas, etc..

2.4.4- Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, cinefórum, pequenas dramatizacións, xogos de simulación, saídas ao entorno mais próximo, simulacións de investimentos en Bolsa, etc..

2.4.5- Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de tódolos aspectos que caracterizan cada época histórica -económicos, sociais, culturais e políticos-, intentando aproximarnos ó concepto de "historia total", fronte a unha visión excesivamente especializada e marcada polos acontecementos, aínda que sen esquecer as efemérides mais importantes como referentes excepcionais do noso pasado.

Pero podemos concluir que todas estas estratexias e metodoloxías didácticas estarán en perigo debido ó excesivo número de alumn@s por curso. Na asignatura Historia de España de 2º de Bacharelato son fundamentais as actividades prácticas que os alumnos deben realizar, destacando fundamentalmente os comentarios de todo tipo de documentos históricos. E non sería realista contemplar unha situación favorecedora desta metodoloxía de traballo, tendo en conta a ratio de 29 alumn@s por aula, o que posiblemente nos levará en moitos casos ás clases maxistrais, máis tendo en conta a redución horaria que supuxo na asignatura de Historia de España o Decreto 126 / 2008 que establece a ordenación e o currículo de bacharelato.

2.5 Criterios de Avaliación.

2.5.1- Recoñecer e apreciar, na historia de España e en cuestións da actualidade, os vestixios dun pasado máis afastado.

Trátase de que cando se aborde o estudio de feitos e procesos relevantes da Historia de España (por exemplo, a estrutura agraria, a articulación territorial do Estado, as ideoloxías e mentalidades sociais, etc.) o alumnado saiba ler no presente o pasado, reflexionando sobre a coexistencia da continuidade e do cambio histórico e sobre a súa proxección cara ó presente.

2.5.2- Situar cronoloxicamente acontecementos, procesos relevantes da Historia de España e Galicia e analiza-la súa vinculación con determinados

personaxes, abordando a relación existente entre a acción individual e os comportamentos colectivos.

Preténdese avalia-la capacidade dos alumnos para situar no tempo feitos significativos da Historia de España e Galicia, e para asocia-los con determinados personaxes. Así mesmo, serán capaces de analizar algún deses feitos, atendendo á interrelación, no contexto da época, da acción individual e as mentalidades e comportamentos colectivos.

2.5.3- Sinala-las relacións que teñen feitos significativos da Historia de España co contexto internacional, ponderando as analoxías e as posibles peculiaridades.

O alumnado apreciará a continuidade temática e a proximidade cronolóxica entre acontecementos ocorridos en España e outros acontecidos fóra dela. Serán capaces de poñer exemplos das semellanzas existentes entre institucións políticas, hábitos sociais, situacións económicas, etc. de España e outros países, e percibi-la relativa peculiaridade de determinadas situacións españolas.

2.5.4- Caracteriza-la diferente evolución socioeconómica e cultural dos ámbitos rexionais de España e identifica-las distintas propostas de organización territorial do Estado ó longo da Historia.

Os alumnos han de ser capaces de sinala-las diferencias no desenvolvemento de determinadas rexións españolas, de situa-las no tempo e de precisa-los seus fundamentos económicos, os seus protagonistas sociais e a súas implicacións políticas e culturais. Identificarán e analizarán as propostas máis relevantes de organización territorial do Estado , relacionándoas con personaxes, con situacións históricas e con forzas políticas, e coñecerán a actual, vixente desde a Constitución de 1978.

2.5.5- Analizar caracteres definitorios de distintas épocas da Historia de España e Galicia, establecendo unha comparanza entre elas que permita aprecia-las permanencias e os cambios.

Trátase de que os alumnos sexan capaces de recoñecer e valora-lo proceso de cambio histórico a partir do estudio das diferencias e analoxías entre distintos momentos da Historia de España, considerando factores de carácter xeral (situación política, desenvolvemento económico), pero tamén incorporando referencias ás formas de vida cotiá.

2.5.6- Identifica-las causas dun feito histórico, analiza-las súas interrelacións e valora-la importancia relativa de algunha delas, desde ópticas tanto coetáneas como historiográficas.

Trátase de comprobar que o alumnado detecte a complexidade causal dos acontecementos históricos, que sopesen a significación das distintas circunstancias que concorren nos feitos, valorando o papel que pode desempeña-la responsabilidade individual, e que aprecien as diferencias entre o punto de vista da época e o que proporciona a perspectiva temporal.

2.5.7- Identificar e describi-las principais formas históricas de organización e exercicio do poder, así como de recoñecemento dos dereitos individuais e de consideración da igualdade social (en particular a través do dereito ó sufraxio), valorando a súa relación coas distintas ideoloxías políticas e co ordenamento constitucional actual.

O alumnado será capaz de facer unha análise comparativa das institucións representativas, da formulación dos dereitos e deberes fundamentais e dos niveis de igualdade social, existentes nas distintas etapas da Historia de

España (por exemplo, a través da identificación e comparanza de fragmentos significativos de diferentes constitucións). Así mesmo, relacionarán coherentemente tales realidades coas distintas ideoloxías e intereses sociais, e valorarán a súa presenza na Constitución vixente.

2.5.8- Recoñecer, situar no tempo e describir manifestacións relevantes da cultura española, analizando as súas relacións co contexto histórico e ponderando a súa aportación á cultura humana universal.

Os alumnos saberán citar e glosar, con precisión cronolóxica, manifestacións culturais de diverso tipo (literarias, artísticas, científicas), explicando a súas relacións coa situación histórica na que foron creadas, e valorando os elementos de cosmopolitismo, de diversidade e de peculiaridade da cultura española.

2.5.9- Obter, de fontes diversas, información sobre o pasado, valora-la súa relevancia e detecta-la súa relación cos coñecementos adquiridos, recoñecendo a pluralidade de percepcións e interpretacións dunha mesma realidade histórica.

Non se trata só de que os alumnos analicen, con algunha sagacidade e sentido crítico, fragmentos de fontes documentais o de textos historiográficos propostos polo profesor ou profesora, senón de que sexan capaces de obter e valorar eles mesmos informacións relevantes sobre o pasado (por exemplo, a través de testemuñas orais, documentos ou obxectos relativos á vida cotiá, edificios e outros aspectos do contorno urbano), e de que perciban a relación que estes gardan coa historia máis formalizada que estudian na clase. A través disto, os alumnos deben asumir que unha mesma realidade histórica pode ser, non só interpretada, senón tamén percibida de moi diversas maneiras.

2.5.10- Comprender que os costumes, as tradicións, as crenzas, a arte e a historia de Galicia son características culturais que definen unha identidade colectiva e que configuran unha forma de ser diferente doutras comunidades.

Trátase de verificar que os alumnos son capaces de identifica-los aspectos culturais, sen que iso signifique creación de fronteiras, nun amplo abano que vai desde as festas populares ata as leis e institucións, aplicando elementos de análise historiográfico a aspectos da vida cotiá.

Estes criterios aplicaranse en probas similares ás que son habituais nas probas de selectividade da CIUG: composición de texto histórico a partir de varios textos que conteñen unha ou varias ideas para o seu desenvolvemento.

Só nos contidos da primeira avaliación poderemos plantexar outro tipo de

proba (preguntas, test...).

2.5.11- En cada avaliación realizaránse os exames parciais que se consideren convenientes segundo o calendario así como as súas posibles recuperacións. Estes exames constarán dunha única opción. En maio haberá un exame final de toda a materia para aquel alumnado que teña dúas ou todas as avaliacións suspensas. Aqueles que teñan unha avaliación suspensa terán dereito a unha recuperación de dita avaliación tamén ao final do curso.

Na proba de setembro ofertarase ao alumnado dúas opcións de exame.

De darse a situación, procurarase celebrar as probas en horario lectivo que vaia seguido ou precedido dalgún dos recreos, para dar a posibilidade ao alumnado que o precise de aproveitar ese tempo, co gaio de completar satisfactoriamente o exame. No caso de precedencia do recreo será preceptivo

que todo o alumnado estea presente na aula para dar comezo á proba.

2.5.12- A asistencia aos exames é obrigada nas datas e horas indicadas. Só por razón moi grave e debidamente xustificada disculparase a falta de asistencia aos mesmos; noutro caso, perderase a opción do exame correspondente, tendo que pasar á proba de recuperación.

A hora do exame é única e exclusivamente para a realización do mesmo. Non se permitirá en ningún caso a realización doutras tarefas mesmo cando o alumno/a diga ter rematado.

2.6 Criterios de Cualificación

Segundo as indicacións do Grupo de Traballo de Historia da CIUG, os Criterios de Cualificación, que eles denominan Criterios de Corrección, se desenvolveran en dous planos:

- Como criterio xeral de corrección “terase en conta a suxeición ás pautas básicas que rexen a expresión escrita, esencialmente a precisión léxica, a claridade na expresión e a coherencia na exposición das ideas”.
- En canto ós contidos tratados na redacción, valorarase a correcta selección de contidos ou ideas expresadas nos textos, a correcta referencia documental, e o desenvolvemento desas ideas atendendo ó principio de pertinencia do que se escribe en relación co mencionado nos textos, e o análise e explicación das mesmas.
- Terase en conta para as medias a asistencia a clase e a realización do traballo de aula que a profesora estime oportuno.
- Non se farán medias con notas inferiores a 4.

2.7 Actividades e reforzos para lograr a recuperación.

En canto ás Actividades de Recuperación, a avaliación que se practica na disciplinas Hª de España de 2º Bacharelato é a modalidade de avaliación continua. Estas probas consistirán fundamentalmente en exames de recuperación que seguirán as pautas marcadas nos capítulos 2.5 Criterios e instrumentos de avaliación e 2.6 Criterios de cualificación.

En canto ós Reforzos para lograr a Recuperación, o profesorado da materia de Hª de España de 2º de Bacharelato, asiduamente fai prácticas na aula de exercicios de comentarios históricos, e así mesmo encomenda a realización de tales exercicios para o seu tempo libre, prácticas que logo teñen o seu reflexo nas probas de exame, e na avaliación e cualificación de contidos procedimentais.

2.8 Actividades para superar as materias pendentes.

En canto á avaliación do alumnado coa materia de Hª do Mundo Contemporáneo de 1º de Bacharelato pendente, os obxectivos, criterios de avaliación e contidos mínimos a superar son os xa mencionados nos capítulos correspondentes de 1º de Bacharelato. Eses contidos son coñecidos polos alumnos por estar fixados nos taboleiros de anuncios de cada aula e no xeral do centro.

En canto ós tipos de probas, os contidos están desglosados en dous exercicios

teórico-prácticos parciais de varias cuestións plantexadas segundo filosofía recollida no capítulo titulado Criterios de avaliación, e outro exercicio final para aqueles alumnos que non superasen os dous primeiros. Estes exercicios versan sobre os contidos mínimos, reelaborados previamente polos profesores mediante fichas e probas modelo de exercicios. Sen embargo, rexístrase un alto porcentaxe de absentismo nos exames, e son poucos os alumnos que se presentan ás probas de materias pendentes.

2.9 Materiais e recursos didácticos.

Libro de texto:VV.AA.: Historia de España, Edit Vicens Vives,

Comentarios de texto tomados do propio libro de texto, e dos libros:

* BAAMONDE, A.- VILLARES, R.: El Mundo Contemporáneo, siglos XIX y XX. Editorial Taurus.

* ARTOLA, Miguel: "Textos fundamentales para la Historia". Alianza Universidad Textos.

* LÓPEZ CRODÓN M^{av}.-MARTÍNEZ CARRERAS, J.U.: Análisis y comentarios de textos históricos II. Edad Moderna y Contemporánea. Alhambra Universidad.

* Vídeos: H^a de España. VHF Multimedia

* Prensa Diaria.

* Bibliografía:

-Se proporcionará ó alumnado unha bibliografía específica para cada un dos temas desenvolvidos.

-Utilizarase os recursos de Internet para que os alumnos fagan una biografía dos personaxes mais relevantes de cada período histórico, que deberán presentar en fichas e telos a man en cada tema correspondente.

2.10 Actividades complementarias e extraescolares.

O curso de 2º de Bacharelato é particularmente complicado no que a temporalización se refire. A redución dunha hora semanal no currículo da materia vai facer aínda máis perceptible a escaseza horaria para completar a docencia dos contidos. Nesta nova, precaria e lamentable situación consideramos que o curso de 2º de Bacharelato non se presta á realización de visitas, saídas ou excursións que nos limiten aínda máis o xa parco cadro horario do que dispoñemos.

En relación con este apartado, pensamos que só nos poderíamos permitir plantexar a posibilidade de asistencia a exposicións ou conferencias estrictamente referidas aos contidos tratados na materia -especialmente circunscritos aos bloques referidos á historia contemporánea- e tendo en conta a marcha xeral do curso, en caso de producirse a ocasión.

III- SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO: XEOGRAFÍA DE ESPAÑA.

3.1 Introducción

A complexidade do medio no que vivimos percibímola con certos niveis de organización que é debida á interacción entre o ser humano e a natureza. A comprensión desta organización é indispensable para poder intervir nela ou para contribuír á súa mellora. O espacio percíbese, analízase, explícase e comunícase en virtude de diferentes aspectos persoais e colectivos, ou sexa sociais, e duns conceptos determinados que proveñen dunha teoría que se foi consolidando ó longo dos séculos como científica e que facilita a aprehensión da realidade socio–espacial en diferentes marcos territoriais.

Cómpre que no Bacharelato os alumnos e as alumnas completen a súa formación xeográfica cuns contidos que faciliten o coñecemento concreto de diferentes realidades territoriais desde un concepto holístico, multivariable e máis complexo: as rexións, Galicia, España e Europa que aparecen así definidas como territorios diferenciados dentro do mundo (rexión político–administrativa), pero ó mesmo tempo cunha gran variedade de contrastes que fan posible a análise territorial diferenciada. A rexión, o territorio, aparece así non como unha descrición de caracteres homoxéneos, senón como o resultado explicativo da interacción de variables tanto medioambientais coma sociais. Atópanse así territorios individualizados, mais con problemáticas comúns, dado que a individualidade xeográfica non implica especificidade irrepetible. Por isto, a análise de casos servirá para profundar nestas explicacións, achegándose ós conceptos básicos que explican a diferenza de paisaxes, á vez que facilitará a utilización dos procedementos característicos da análise xeográfica e das técnicas que permiten o tratamento de datos e de informacións.

Nas anteriores etapas educativas os alumnos e as alumnas alcanzaron unha comprensión do medio xeográfico desde perspectivas xeométrico–espaciais, medioambientais e socio–espaciais. Os contidos de Xeografía seleccionados para ser abordados nesta etapa completarán estes aspectos aportando criterios de análise do medio tanto político–sociais coma científico–xeográficos, ó incluílo concepto de rexión e outros conceptos holísticos provenientes doutras teorías que poden non ser xeográficas, mais que permitirán integrar, relacionar e explicar as teorías rexionais. Por este motivo a selección de obxectivos e contidos da disciplina de xeografía de bacharelato fíxose atendendo a dous criterios:

*O estudio da nosa realidade xeográfica, das súas características comúns e da súa diversidade, do medio natural e da intervención humana no espacio, tendo en conta tamén a súa dimensión europea e a súa posición no mundo. Galicia, España e Europa aparecen así definidas como territorios diferenciados dentro do mundo (rexión político-administrativa), pero ó mesmo tempo cunha grande variedade de contrastes que fan posible a análise territorial diferenciada. O territorio aparece así como o resultado da interacción de variables tanto ambientais coma sociais, e non soamente como unha descrición de caracteres homoxéneos. Atópanse territorios individualizados, mais con problemáticas comúns, dado que a individualidade xeográfica non implica especificidade irrepetible.

*En segundo lugar, tívose en conta o desenvolvemento do pensamento lóxico

formal dos alumnos de Bacharelato e as súas posibilidades de abstracción, concepción e xeralización para afondar no coñecemento xeográfico e para relacionar e integrar datos nun campo concreto. Tamén se tivo en conta a necesidade de recoñecer as complexas estruturas socio-económicas, as posicións ideolóxicas ante distintos proxectos de ordenación e disposición do territorio, así como a necesidade de participar activamente no seu entorno social e territorial. Deste modo téntase xerar valores de solidariedade e de respecto pola diversidade natural e social.

3.2 Obxectivos Xerais.

O proceso de ensinanza–aprendizaxe desta materia debe contribuír a que os alumnos e as alumnas desenvolvan as seguintes capacidades:

3.2.1 Coñecer e empregar un vocabulario científico propio da Xeografía.

3.2.2 Identificar e comprender os elementos básicos da organización territorial, utilizando conceptos, procedementos e destrezas especificamente xeográficas para explicar o espazo como unha realidade dinámica, diversa e complexa, na que interveñen múltiples factores.

3.2.3. Comprender e analizar a realidade xeográfica de España e de Galicia como un espazo dinámico, que é o resultado da interacción de procesos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais, que actuaron nun marco natural e histórico particular. Espacios supranacionais con actitude solidaria e participativa.

3.2.4 Comprender e explicar a diversidade e a pluralidade do espazo xeográfico español, e identificar os grandes contrastes e a complexidade territorial derivada dos distintos factores naturais, históricos e de organización espacial que foron modelando a sociedade, a cultura e o territorio de forma interdependente.

3.2.5 Explicar a posición de España e de Galicia nun mundo cada vez máis interrelacionado, no que coexisten a un tempo, procesos de globalización na economía e de desigualdade socioeconómica, ante a que se formulan respostas locais, prestando unha atención especial á Unión Europea, ás súas características territoriais e ás consecuencias da integración en España e en Galicia.

3.2.6 Valorar a función do medio natural, dos recursos naturais e das actividades productivas na configuración do espazo xeográfico español, recoñecer a súa relación mutua coa sociedade, percibir a condición do home como o axente de actuación máis poderoso e rápido sobre o medio.

3.2.7 Entender a poboación como o recurso esencial coas características cuantitativas e cualitativas que interveñen de forma eminente na configuración e no dinamismo dos procesos que definen o espazo.

3.2.8 Saber argumentar a desigual distribución xeográfica da poboación española, nas súas diferentes categorías, comprendendo a súa dinámica, a súa estrutura e os problemas demográficos que poidan formularse no futuro.

3.2.9 Comprender a interdependencia de todos os territorios que integran España, así como a Unión Europea e outros ámbitos xeográficos mundiais,

para desenvolver actitudes de coñecemento, respecto, aprecio e cooperación con espazos próximos e afastados do hábitat do alumno e prestar especial atención á superación dos distintos niveis de desenvolvemento e de saúde das poboacións do planeta.

3.2.10 Adquirir conciencia espacial para participar de forma activa e responsable nas decisións que afecten á ordenación do territorio, e valora-la necesidade de potencia-lo equilibrio natural e a equidade social.

3.2.11 Comprender e empregalos procedementos específicos do coñecemento xeográfico para explicar unha situación territorial, partindo das percepcións espontáneas e contrastándoas cos argumentos científicos para elaborar novas e verificables hipóteses a través de datos.

3.2.12 Ser conscientes da inestabilidade dos medios xeográficos de Galicia, de España e de Europa e dos graves problemas producidos a causa de actuacións incorrectas: contaminación, degradación urbana, deforestación, degradación ambiental, desertización, etc.

3.3 Programación de Xeografía de España.

3.3.1 Contidos conceptuais e Temporalización.

Os contidos seleccionáronse tendo en conta o resultado das investigacións científicas, os obxectivos xerais propostos, o papel que xoga a materia no Bacharelato e a súa relación con outras materias para poder alcanzar unha comprensión global da realidade.

De acordo con estes criterios os contidos seleccionados tratan sobre: procesos básicos na construción do coñecemento en Xeografía, en especial tanto a causalidade múltiple coma a interacción de variables ecoxeográficas ou os sistemas de organización territorial resultantes; conceptos básicos que explican as paisaxes diferenciadas como clima, relevo, densidade, urbanización etc.; informacións e datos básicos para construílos conceptos e para operar cos procesos antes descritos como datos estatísticos, imaxes xeográficas, descrições de paisaxes, mapas a diferentes escalas etc.; técnicas de traballo que facilitan o tratamento dos datos e das informacións detalladas anteriormente; actitudes positivas ante a forma de aprender que xeran, ó mesmo tempo, valores que foron asumidos por tódolos españois: solidariedade ou respecto á pluralidade. Estes contidos desenvolveranse segundo a seguinte temporalización:

1ª Avaliación. Desenvolverase entre Setembro e Decembro e abarcará os seguintes contidos:

Tema I- España no sistema mundo.

- O espazo xeográfico: noción e características do espazo xeográfico. Elementos e instrumentos de información e representación xeográfica. Nocións de análise de localizacións e distribucións espaciais.
- Globalización e diversidade no mundo actual: procesos de mundialización e desigualdades territoriais.
- Caracteres xeográficos esenciais de Galicia e de España: situación

xeográfica. Contrastes e diversidade internos. Posición relativa no mundo e nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas.

Tema II- España en Europa.

- O camiño cara á integración europea. Das comunidades europeas á Unión Europea. Estructura territorial e institucional da Unión Europea; perspectivas e retos do futuro.
- Natureza e ambiente na Unión Europea. Os contrastes físicos: relevo, climas e hidrografía; situación do ambiente e políticas comunitarias con incidencia ambiental.
- Territorio e sociedade na Unión Europea. Caracteres socioeconómicos xerais da Unión Europea e dos Estados membros. Disparidades rexionais; políticas rexionais e cohesión territorial.
- A posición de Galicia e España na Unión Europea: factores explicativos da integración de España. Consecuencias iniciais trala integración. Situación actual e perspectivas.
- O impacto en Galicia.

Tema III- Natureza e ambiente en España.

- Características xerais do medio natural. Diversidade xeolóxica, morfolóxica, climática e hídrica.
- A variedade dos grandes conxuntos españois: identificación dos seus elementos xeomorfolóxicos, estruturais, climáticos e bioxeográficos.
- Natureza e recursos en Galicia e España. Materias primas, fontes e recursos enerxéticos.
- Natureza e ambiente español: situación, condicionamentos e problemas. A protección dos espazos naturais.
- A auga: cuncas e vertentes hidrográficas. Réximes fluviais. Regulación e distribución dos recursos hidráulicos. Natureza e ambiente en Galicia.

2ª Avaliación. Desenvolverase entre Xaneiro e Marzo e abarcará os seguintes contidos:

Tema IV- O espazo xeográfico nas actividades económicas.

- Acción dos factores socioeconómicos no territorio español: evolución histórica, panorama actual e perspectivas.
- A pluralidade dos espazos rurais: transformación e diversificación das actividades rurais e a súa concreción en tipoloxías espaciais diversas. As dinámicas recentes do mundo rural.
- A reconversión da actividade pesqueira. A pesca en Galicia e os seus problemas. O desenvolvemento da acuicultura.
- Os espazos industriais: evolución histórica e características ata a industrialización da segunda metade do século XX. Crise do modelo de

desenvolvemento concentrado e reestructuración industrial: tendencias actuais da industria galega e española.

- Os espacios de servizos: procesos de terciarización da economía española. A heteroxeneidade dos servizos e o seu desigual impacto territorial. Os transportes e as comunicacións. Os espacios turísticos: factores explicativos do desenvolvemento turístico español. Tipoloxías das rexións turísticas e impacto espacial do turismo.

3ª Avaliación. Desenvolverase entre Abril e Maio e abarcará os seguintes contidos:

Tema V- Recursos humanos e organización espacial en España.

- A poboación española: evolución da poboación e da súa distribución espacial. Dinámica demográfica natural, movementos migratorios exteriores, interiores e o fenómeno da inmigración actual. Despoboamento e reorganización da poboación: o exemplo de Galicia.

- O proceso de urbanización en España: complexidade do fenómeno urbano. Evolución histórica da urbanización. Características do sistema urbano español. O declive do mundo rural. As parroquias e vilas galegas.

- Morfoloxía e estrutura das cidades españolas. A pegada da historia da cidade preindustrial. A cidade industrial. A cidade das recentes transformacións sociais e económicas.

- A organización territorial de España na Constitución de 1978. O Estado das autonomías: orixe, proceso e mapa autonómico. Caracteres xeográficos básicos de cada unha das comunidades autónomas.

- Os desequilibrios territoriais: contrastes espaciais entre as comunidades autónomas. Disparidades demográficas e desigualdades socioeconómicas. Os desequilibrios rexionais en España e as políticas rexionais da Unión Europea.

Sendo esta a planificación inicial, é posible sen embargo que se faga certa modificación na orde dos temas se as características do alumnado así o precisasen, deixando os temas I e II (*España no mundo* e *España en Europa*) para o final do curso e centrando os esforzos da primeira avaliación nos contidos de Xeografía Física. A razón está en que estes últimos acostuman a ser os contidos máis complexos para o alumnado, sendo ademais o seu peso relativo nas probas de selectividade moi importante (o 50% das preguntas teórica e práctica)

3.3.2 Contidos Mínimos.

Consultado o Grupo de Traballo da CIUG sobre cáles se podían considerar contidos mínimos, se nos aclarou que non existen tales, senón grados de consecución dos obxectivos, e por iso non constan nas directrices do Grupo de Traballo de Xeografía.

En calquera caso neste Departamento consideraremos contidos mínimos os

seguintes:

Tema I- España no sistema mundo.

- Noción e características do espacio xeográfico. Elementos e instrumentos de información e representación xeográfica.
- Caracteres xeográficos esenciais de Galicia e de España: situación xeográfica. Contrastes e diversidade internos. Posición relativa no mundo e nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas.

Tema II- España en Europa.

- A Historia da integración europea. Estructura territorial e institucional da Unión Europea.
- Os contrastes físicos en Europa: relevo, climas e hidrografía.
- Caracteres socioeconómicos xerais da Unión Europea e dos Estados membros. Disparidades rexionais.
- A posición de Galicia e España na Unión Europea: factores explicativos da integración de España.

Tema III- A Xeografía Física da Península Ibérica.

- Características xerais do medio natural. Diversidade xeolóxica, morfolóxica, climática e hídrica.
- A variedade dos grandes conxuntos españois: identificación dos seus elementos xeomorfolóxicos, estruturais, climáticos e bioxeográficos.
- A auga: cuncas e vertentes hidrográficas. Réximes fluviais. Regulación e distribución dos recursos hidráulicos. Natureza e ambiente en Galicia.

Tema IV- O espacio xeográfico nas actividades económicas.

- Os factores socioeconómicos no territorio español: evolución histórica, panorama actual e perspectivas.
- A pluralidade dos espazos rurais: transformación e diversificación das actividades rurais e a súa concreción en tipoloxías espaciais diversas. As dinámicas recentes do mundo rural.
- A reconversión da actividade pesqueira. A pesca en Galicia e os seus problemas. O desenvolvemento da acuicultura.
- Os espazos industriais: evolución histórica e características ata a industrialización da segunda metade do século XX. Crise do modelo de desenvolvemento concentrado e reestructuración industrial: tendencias actuais da industria galega e española.
- Os espazos de servizos: procesos de terciarización da economía española. A heteroxeneidade dos servizos e o seu desigual impacto territorial. Os transportes e as comunicacións. Os espazos turísticos: factores explicativos do desenvolvemento turístico español. Tipoloxías das rexións turísticas e impacto espacial do turismo.

Tema V- Recursos humanos e organización espacial en España.

- A poboación española: evolución, distribución, dinámica natural, migracións e os seus tipos, problemática actual da inmigración.
- O proceso de urbanización en España: evolución histórica da urbanización, características do sistema urbano español.
- Morfoloxía e estrutura das cidades españolas. A cidade preindustrial ou histórica, a cidade industrial e a cidade actual.
- A organización territorial de España ó longo da Historia. A organización territorial na Constitución de 1978: o Estado das autonomías: orixe, proceso e mapa autonómico.
- Os desequilibrios territoriais: contrastes espaciais entre as comunidades autónomas. Disparidades demográficas e desigualdades socioeconómicas. Os desequilibrios rexionais en España e as políticas rexionais da Unión Europea.

3.3.3 Contidos procedimentais.

3.3.3.1 Interpretación de mapas temáticos de precipitacións que permitan comprobalas diferencias interrexionais, de datos referentes ás diferentes dimensións administrativas (concellos, provincias, Comunidades Autónomas).

3.3.3.2 Análise de textos de diferentes autores que se refiran ó concepto de España. Observación de imaxes de distintas áreas para analizar e para interpretalos contrastes ou as semellanzas existentes.

3.3.3.3 Elaboración de mapas e utilización de datos estatísticos das diferentes Comunidades Autónomas, sinalando as diferencias xeográficas, sociais e económicas que as caracterizan.

3.3.3.4 Lectura interpretativa de mapas meteorolóxicos, topográficos e de uso do solo, e elaboración de información cartográfica, gráfica e estatística sobre Galicia e sobre España.

3.3.3.5 Resolución de problemas sobre as diferentes variables que interaccionan no territorio a partir da interpretación de distintas fontes de documentación.

3.3.3.6 Interpretación de imaxes que reflicten medios diferenciados.

3.3.3.7 Elaboración de hipóteses sobre factores de localización a partir de imaxes de distintas paisaxes.

3.3.3.8 Planificación e realización de traballo de campo para apreciar a diversidade das paisaxes e o seu grao de conservación.

3.3.3.9 Elaboración de informes, utilizando o vocabulario xeográfico correcto, nos que se analicen os efectos da acción humana e se propoñan medidas correctoras.

3.3.3.10 Utilización de mapas de localización de áreas industriais para a interpretación das desigualdades e homoxeneidades existentes.

3.3.3.11 Análise de datos de renda per cápita en distintas unidades político-

administrativas: comarcas, provincias, rexións, Comunidades Autónomas, extraendo causas e consecuencias.

3.3.3.12 Análise das funcións urbanas a partir de planos urbanos e de textos, identificando a estrutura e a dinámica dunha cidade concreta e observando as consecuencias que a xestión municipal, a planificación urbana e outras variables teñen para a vida social.

3.3.3.13 Análise do crecemento demográfico da poboación española, mediante datos estatísticos, as súas representacións gráficas e outras fontes de información, extraendo consecuencias sobre o seu avellentamento e o seu impacto sobre o medio.

3.3.3.14 Busca e interpretación de mapas e imaxes de distintas áreas europeas que permitan analizalos contrastes e as semellanzas existentes entre os diferentes países de Europa.

3.3.3.15 Busca e interpretación de datos, mapas, noticias e textos de diferentes autores e épocas que permitan comprendela evolución xeopolítica do espazo mundial e europeo, e identificalas institucións e o funcionamento da Unión Europea.

3.3.4 Contidos Actitudinais.

3.3.4.1 Valoración e respecto pola diversidade cultural, lingüística e étnica do mundo e manter unha actitude crítica fundamentada ante as opinións ideolóxicas diferentes en relación coa articulación administrativa de Europa.

3.3.4.2 Valoración e respecto pola diversidade cultural do España e manter unha actitude crítica fundamentada de cara a opinións ideolóxicas diferentes en relación á organización administrativa do Estado.

3.3.4.3 Interese por coñecer-las relacións de España e de Galicia coas diferentes zonas do mundo, e interesarse de xeito especial polos distintos aspectos da integración de Galicia e de España na Unión Europea.

3.3.4.4 Interese por coñecer e por valoralos condicionantes e as dificultades que presenta a insularidade, os illamentos en zonas de montaña ou as áreas de marxinación urbana.

3.3.4.5 Interesarse por coñecer e valoración o patrimonio natural de España e de Galicia, e concienciarse da importancia da súa conservación e do seu uso social.

3.3.4.6 Valora-las dificultades e limitacións que entraña o asentamento humano en diferentes medios ecoxeográficos.

3.3.4.7 Interese pola conservación dos recursos naturais como bens esgotables.

3.3.4.8 Respecto polas tradicións, valorando o seu papel no desenvolvemento das actividades agrarias e pesqueiras.

3.3.4.9 Valoración da industrialización como fonte de riqueza e pobreza.

3.3.4.10 Toma de conciencia das desigualdades sociais e os seus problemas

entre as rexións españolas.

3.3.4.11 Valoración das consecuencias derivadas do paro e da marxinación.

3.3.4.12 Toma de conciencia da cidade como lugar no que interaccionan áreas de diferente calidade ambiental e social.

3.3.4.13 Valoración da diversidade de medios e de paisaxes existentes en Europa.

3.4 Estratexias e metodoloxías didácticas.

3.4.1- Estratexias expositivas: nas exposicións dos contidos da disciplina, o profesorado fomentará a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva desas explicacións. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor, as preguntas aclaratorias etc., procurando erradicar temores, prexuízos, reservas e receos.

3.4.2- Estratexias referenciais: O profesor terá unha relación constante coa realidade inmediata -noticias de prensa, conflitos actuais, e algúns feitos significativos da xeografía comarcal ou local- e coa práctica, para posibilitar unha memorización mais comprensiva y aprendizaxes mais significativos.

3.4.3- Estratexias de indagación para a asimilación de contidos procedimentais e hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: pequenos traballos de síntese mais que de investigación con bibliografía variada, comentarios e exercicios sobre mapas, táboas e gráficas, etc..

3.4.4- Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, saídas ao entorno mais próximo, simulacións, etc..

3.5 Criterios de Avaliación.

3.5.1 Analizala organización política e administrativa española e os seus efectos espaciais, e valorar, mediante o manexo de distintas fontes e indicadores, a desigual distribución da riqueza nas distintas Comunidades Autónomas.

Este criterio pretende comprobar se os alumnos e as alumnas sitúan a España como unha realidade xeográfica plural, organizada na actualidade en distintos espazos político-administrativos: Comunidades Autónomas. Os alumnos e as alumnas deberán identificalas e localizalas nos mapas e atlas oportunos e comprendelos efectos espaciais derivados desta organización administrativa. Trátase, tamén, de comprobala súa capacidade para caracterizalas diferencias xeográficas, sociais e económicas que as distinguen e para valoralas desigualdades entre Comunidades e no interior delas, mostrando unha actitude solidaria sen renunciar ós sinais de identidade galegos.

3.5.2 Recoñecelos principais medios ecoxeográficos de Galicia e de España, identificalas variables que os configuran, explicalas súas interaccións e valorala incidencia da acción humana neles, apreciando a riqueza e a diversidade das

paisaxes.

Mediante este criterio trátase de avaliar se os alumnos e as alumnas son quen de recoñecer e de localizar os principais medios ecoxeográficos en Galicia e en España e de explicalos seus elementos, a súa dinámica e as súas interaccións, analizándoos en relación coa acción antrópica. Deberán comprendela orixinalidade das distintas paisaxes que se producen, apreciar a súa riqueza, a súa diversidade e o seu carácter irrepetible, así como a repercusión da acción humana neles. Para isto poderanse analizar exemplos relevantes de paisaxes xeográficas ilustrativas.

3.5.3 Realizar un balance dos principais problemas medioambientais (degradación, erosión, contaminación) nun espazo concreto de Galicia e identificar as causas dos impactos observados, a súa relación coa actividade humana e coa situación española e mundial, e formular posibles accións ou solucións.

Con este criterio preténdese comprobar se os alumnos e as alumnas son capaces de analizar e de valorar o grao de conservación ou de destrución dun espazo concreto, a partir da observación directa e do manexo de diversos documentos xeográficos, e de apreciar nel os efectos da acción humana. Preténdese, igualmente, valorar a toma de conciencia e a formulación de medidas correctoras de distinto tipo, entre as que ten particular importancia o comportamento social.

3.5.4 Identificar os problemas fundamentais dalgunha actividade económica e avaliar as principais repercusións nela da conxuntura internacional e da pertenza da España das Autonomías á Unión Europea.

Con este criterio preténdese verificar que o alumnado coñece a situación e as perspectivas da actividade económica en España, tal e como se manifesta no espazo, centrada nalgún sector ou produto, especialmente os que atinxen á Comunidade Galega, así como a incidencia nela das actuacións políticas, en especial a pertenza á Unión Europea e a conxuntura internacional, e o seu distinto reflexo nos principais produtos e zonas.

3.5.5 Analizar o crecemento demográfico de Galicia e de España, identificar a súa dinámica e estrutura, recoñecer as súas desiguais consecuencias espaciais e a presión que exerce sobre o medio, e xulgar a súa proxección futura.

Este criterio trata de comprobar os coñecementos demográficos dos alumnos e das alumnas, a súa sintonía na interpretación de distintos tipos de fontes, de estatísticas, de conceptos como fecundidade, natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo, e de gráficos como pirámide de poboación. O alumnado deberá analizar a evolución demográfica da poboación galega e española e proxectar a cara ó futuro inmediato, apreciando as consecuencias do envellecemento e o impacto da poboación sobre o medio.

3.5.6 Identificar os elementos constitutivos da estrutura dunha cidade, recoñecer as liñas xerais da súa dinámica e explicar os efectos que a organización espacial das cidades ten na vida social e a súa relación coas decisións políticas.

Con este criterio preténdese comprobar se as alumnas e os alumnos identifican, a partir de diversas fontes de información (planos, textos, proxectos xerais ou figuras de formulación similares, observación directa, ...), a estrutura e a dinámica da cidade, a través dun exemplo concreto. Interesa, tamén, a comprensión das consecuencias que para a vida social teñen feitos como a planificación urbana, a xestión municipal ou a actuación de grupos de presión.

3.5.7 Analiza-las orientacións espaciais da industria e a evolución das áreas tradicionais, establece-lo porqué das distribucións observadas e recoñece-las consecuencias sociais, económicas e ambientais destes cambios, con especial atención ó caso galego.

Este criterio trata de avalia-la capacidade do alumnado para situa-los principais espazos industriais españois, enfocados nunha perspectiva dinámica que lle permita recoñece-los cambios que se están experimentando e as súas causas. Deberá, por isto, manexar documentación estatística e cartográfica actualizada e aprecia-las consecuencias espaciais deste proceso e o impacto socioeconómico global, especialmente o das zonas afectadas pola reconversión, así como a súa relación coa situación europea e mundial.

3.5.8 Recoñece-las principais etapas da construción da Unión Europea, identifica-las súas institucións e funcionamento e valora-las consecuencias espaciais da súa política socioeconómica interior e exterior.

Este criterio pretende comprobar que o alumno e a alumna coñecen os fitos fundamentais da construción da Unión Europea e a función das súas principais institucións. Será especialmente importante que este coñecemento abranga a comprensión das repercusións da acción política e económica, non só en Europa senón tamén noutras áreas xeoeconómicas, de modo que capten o proceso crecente de universalización do espazo xeográfico, afectado por problemas comúns e con centros de decisión supranacionais.

3.5.9 Extraer información xeográfica de documentos diversos (atlas e mapas a diferentes escalas, gráficos, imaxes, series estatísticas), elaborar con corrección distintos tipos de gráficos e analiza-la situación reflectida, relacionándoa cos seus coñecementos sobre o tema ou sobre o problema que ilustra.

Con este criterio preténdese comprobar que os alumnos e as alumnas adquiriron destreza no manexo de distintas fontes de información xeográfica, entre as que as cartográficas deben figurar con especial relevancia. Deberán recoñece-los límites da información (proxección, escala e signos convencionais) e describir datos como relevo, clima e vexetación, apreciando a súa relación cos espazos humanos. É tamén importante que comenten estas informacións así como as procedentes de imaxes (fotografías, diapositivas, vídeo, cine, ...) e que, no seu caso, elaboren gráficos seleccionando o tipo oportuno.

3.5.10 Planificar unha saída ó contorno ou un traballo de campo, prepara-la documentación ou material necesario, formular cuestións ou problemas sobre a zona, recoller información, efectuar cálculos, facer un esbozo, etc., e elaborar e presentar un informe utilizando un vocabulario xeográfico correcto.

Este criterio trata de avaliar en que medida os alumnos e as alumnas son quen de planificar e de realizar un traballo de indagación sobre o terreo, efectuando para isto, previa preparación, unha excursión xeográfica ou un traballo de campo.

Estes criterios concretaranse en probas que terán a mesma estrutura que os exames de Xeografía da Selectividade organizados pola CIUG.

3.6 Criterios de Cualificación

As cuestións que se van a presentar nas probas parciais e finais se centrarán prioritariamente no espazo da Península Ibérica. Os exames ou probas constarán de catro partes que se concretarán nos seguintes tipos de preguntas:

Primeira: Definición breve de cinco conceptos xeográficos básicos relacionados cos bloques de coñecementos orientativos. As definicións de estes conceptos serán proporcionados polo profesor na aula, ben mediante explicacións, ben mediante listas de definicións proporcionadas polo profesor, ou ben ambas as dúas cousas.

Segunda: Exercicio de localización/identificación dunha serie de elementos xeográficos básicos, relacionados cos bloques de coñecementos e procedementos, a partir dun documento de referencia.

Terceira: Desenvolvemento dunha cuestión xeográfica fundamental, referida ós temas principais dos bloques orientativos de coñecemento. Nesta cuestión valorarase os coñecementos dos contidos, pero tamén a capacidade de expresión, a utilización da terminoloxía xeográfica, a claridade na expresión, etc. Exemplo destas cuestións sería Trazos do Sector Servicios na actualidade, As paisaxes agrarias: contrastes e características, O sistema de cidades e a xerarquía urbana en España...

Cuarta: Lectura, interpretación, explicación e análise crítico dun documento gráfico, relacionado cos bloques orientativos, de habilidades e destrezas xeográficas fundamentais. Por exemplo: perfil representativo dun relevo, mapa temático de rochedo, pirámides de poboación, etc.

En canto á valoración das probas, será a seguinte:

A primeira pregunta terá unha cualificación máxima de 2'5 puntos, a razón de 0'5 por cada concepto definido correctamente. Se require unha resposta breve -un máximo de cinco liñas-, concreta -utilizando termos con significado xeográfico- e que cumpra os criterios fundamentais de toda definición: identificar un concepto, describir as características que o singularizan e non repetir no texto da definición o concepto que se quere definir.

A segunda pregunta terá unha cualificación máxima de 1'5 puntos. Valorarase a localización/identificación dos elementos requiridos sobre unha secuencia prefigurada mediante liñas, rutas, símbolos, etc., en documentos gráficos de diversa natureza, como mapas hipsométricos, mapas temáticos, etc. Requírese unicamente citar ditos elementos, non definilos nin desenrolar valoracións sobre os mesmos. Polo tanto a resposta non debe sobrepasar os límites establecidos (máximo dúas ou tres liñas).

A terceira pregunta terá unha cualificación máxima de 3 puntos. Se solicita que o alumno responda á cuestión proposta da forma mais completa posible, é dicir, plantexando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos mais

relevantes do tema: valorarase a organización dos contidos, o novel explicativo do seu desenvolvemento e a capacidade de establecer relacións comparativas cunha linguaxe xeográfica adecuada. Requírese unha correcta redacción sen faltas de ortografía. Aconséllase non sobrepasar a extensión dun folio. Se insiste en que o alumno debe centrarse nos aspectos que se indican e que debe evitar a divagación.

A cuarta pregunta terá unha cualificación máxima de 3 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Con vistas a facilitar a resolución deste exercicio, se recordan os puntos básicos ós que debe atender a resposta:

1º Defini-la tipoloxía da imaxe ou documento: identifica-lo sistema de representación (gamas, lineal, etc.) así como a información que contén e a súa estrutura (tipos de datos, escalas, etc.).

2º Localización no espacio e no tempo: ámbito territorial considerado, secuencia temporal que abarca e significación da mesma respecto ó fenómeno tratado (por exemplo no caso dun gráfico de emigración, se o período temporal constitúe unha ou varias etapas de singular importancia, ou no caso dun texto determinado, proceder á súa contextualización.

3º Centrar o comentario (análise, explicación e interpretación) nos acontecementos reflectidos (por exemplo, no caso dun gráfico de emigración, na intensidade e dirección dos fluxos; no caso dun diagrama climático, no réxime de temperaturas e precipitacións) aludindo ós aspectos relacionados (nos casos anteriores: situación socioeconómica, política; situacións atmosféricas e paisaxes bioclimáticas asociadas).

4º Contrastar e comparar os resultados da interpretación con aspectos ou feitos similares doutros ámbitos espaciais, que axuden á comprensión e explicación dos fenómenos (por exemplo, nos casos anteriormente citados, correntes de emigración comparables noutros países e períodos; diversificación e extensión territorial das condicións climáticas analizadas).

5º Aportación crítica sobre algún aspecto derivado da interpretación do fenómeno, se hai lugar, no contexto da dinámica europea e do mundo actual, e conclusións.

3.7 Actividades e reforzos para lograr a recuperación.

A cualificación trimestral farase sobre a media dos parciais sempre e cando antes acaden coma mínimo unha nota de 4. Todos aqueles parciais con nota inferior deberán ser recuperados para conseguir o aprobado da signatura.

Estas probas consistirán fundamentalmente en exames de recuperación que seguirán as pautas marcadas nos capítulos 3.6 Criterios e instrumentos de avaliación e 3.7 Criterios de cualificación.

En canto ós Reforzos para lograr a Recuperación, o profesorado da materia de Xeografía de España de 2º de Bacharelato, asiduamente fai na aula exercicios prácticos de Xeografía, como realización de perfís topográficos, elaboración de diagramas climáticos, comentario de mapas climáticos e outros gráficos relativos a fenómenos atmosféricos, diagramas de caudal de ríos, pirámides de poboación, gráficos de movementos migratorios, planos de cidades, de

evolución e de estrutura de produción agraria, de produción industrial, gráficos de evolución do turismo, etc., e así mesmo encomenda a realización de tales exercicios para o seu tempo libre, prácticas que logo teñen o seu reflexo nas probas de exame, e na avaliación e cualificación de contidos procedimentais.

3.8 Materiais e recursos didácticos.

*Libro de Texto: Xeografía. Editorial Anaya.

*Cartografía:

- Mapas murais da Península Ibérica: Físico, Político, climatolóxico, etc.

*Diapositivas:

- Geografía. Editorial Hiares
- Geografía General. Editorial Hiares
- Geografía General. Editorial La Muralla
- Geografía de España. Edit. Vicens Vives.
- PÉREZ ALBERTI, A.: A Xeografía en imaxe. Edit. Xunta de Galicia.
- PÉREZ ALBERTI, A.: O relevo da costa. Editorial Bahía.
- Diapositivas de Ciencias Sociais. Editorial Áncora
- Diapositivas Proxecto Terra. Arquitectura Popular.

* Enderezos de Internet:

- Google Earth
- Instituto Nacional de Meteoroloxía: www.inm.es
- * Plano topográfico 1:25.000 de Pobra do Caramiñal.
- * Enderezos de Internet:
- Instituto Nacional de Meteoroloxía: <http://WWW.inm.es>
- Greenpeace España: [http:// www.greenpeace.es](http://www.greenpeace.es)

3.9 Actividades complementarias e extraescolares.

Organizaranse en función das dispoñibilidades orzamentarias.

IV- SEGUNDO CURSO DE BACHARELATO: HISTORIA DA ARTE.

4.1 Introducción.

A sociedade actual inmersa nunha multiplicidade de códigos comunicativos, entre os que destacan os relacionados coa imaxe, fai indispensable preparar ós alumnos para comprender a linguaxe das formas, de xeito que poidan interpretar criticamente o seu significado. Para comprender o significado dos códigos visuais e á valoración estética destes, é necesario estudialos desde diferentes dimensións: estética (color, debuxo, materia, forma, composición, etc.), semántica (significado, tema, simbolismo, etc.) e funcional (social, histórica, de memoria colectiva, etc.). A Historia da Arte proporciona os métodos e procedementos adecuados para que a valoración estética, semántica e funcional das obras de arte se dean simultaneamente, logrando así a súa apreciación global.

Todo isto lévanos a comprendelo feito artístico no seu contexto histórico. Ó establecerse as conexións da obra de arte cos diferentes campos da realidade sociocultural na que está inmersa, vémonos na obriga de manexar unha serie de conceptos que, cando se interrelacionan co propio obxecto artístico, fanse perceptibles nel, aínda que proveñan de áreas de coñecemento distintas. Desta forma, será necesario que o alumno e a alumna, para entender unha obra de arte, recreen o escenario no que se realizou o que implica o coñecemento e a comprensión dunha época determinada e a interrelación entre as peculiaridades desa época e doutras diferentes da historia da humanidade. Calquera proposta metodolóxica deberá perseguir a aprendizaxe, baseándose na indagación dos centros de interese dos alumnos e das alumnas e nas ideas previas que poidan activar e relacionar cos novos contidos. O papel do profesorado consistirá en facilitar esa indagación, reconducindo o proceso cara ó esencial e aportando informacións ou matices que ofrezan a posibilidade de establecer novas relacións.

A Historia da Arte pretende, pois, contribuír ó desenvolvemento da sensibilidade artística como enriquecemento cultural, tanto na súa vertente de coñecemento da historia da humanidade como de comprensión da linguaxe das formas e do pensamento visual que presiden a expresión artística. Igualmente, proporcionaralles ós alumnos e ás alumnas unha formación no eido estético que os capacite para acceder ós estudos posteriores, tanto universitarios como de Formación Profesional de grao superior.

4.2 Obxectivos xerais.

O desenvolvemento desta materia ten que contribuír a que as alumnas e os alumnos adquieran as seguintes capacidades:

4.2.1 Comprender e valoralos cambios na concepción da arte e a evolución das súas funcións sociais ó longo da historia.

4.2.2 Entende-las obras de arte na súa globalidade, como expoñentes da creatividade humana, susceptibles de seren admiradas por si mesmas e de seren valoradas como testemuñas dunha época histórica, dunha sociedade e dunha cultura.

4.2.3 Manexa-la linguaxe artística de cada unha das artes visuais e utilizar diferentes metodoloxías para a análise das obras de arte, desenvolvendo, ó tempo, a propia sensibilidade e a imaxinación.

4.2.4 Recoñecer e diferencialas manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos e artistas da arte occidental, e particularmente as de Galicia, situándoas no seu contexto histórico e espacial, e valorando as posibles

influencias e a súa pervivencia no arte posterior.

4.2.5 Recoñecer a través dos cambios iconográficos dun mesmo tema a modificación dos valores estéticos, de mentalidade e pensamento propios de cada estilo artístico, do seu contexto histórico e da personalidade do artista.

4.2.6 Coñecer e valorar o patrimonio artístico, especialmente o de Galicia, contribuíndo á súa conservación e posibilitando que se transmita ás futuras xeracións.

4.2.7 Valora-la cidade, na súa dimensión espacial e temporal, como obxecto da historia da arte e marco privilexiado das súas manifestacións e proxectar esta conciencia cara a súa evolución futura.

4.2.8 Contribuír á formación estética, analítica e crítica do alumnado ante as creacións artísticas.

4.3 Programa de Historia da Arte

4.3.1 Contidos conceptuais e temporalización.

Temporalización da 1ª Avaliación. Estes contidos desenvolveranse entre os meses de Setembro a Decembro e abarcará os temas seguintes:

Os contidos da materia Historia da Arte estrutúranse en vinte temas concibidos como unha progresión en espiral que acumula e incorpora os coñecementos desde os máis elementais ós máis matizados e complexos. Así, o tema «Aproximación á Historia da Arte e ás linguaxes artísticas» pretende unha aproximación, paso a paso, á obra de arte como unha linguaxe de formas significativas producida nun contexto histórico. Desde esta concepción, que se aplicará ó longo de todo o deseño, abórdase a arte como fenómeno histórico, e unha vez identificada a linguaxe artística peculiar dunha etapa ou estilo, acóutanse os aspectos característicos e específico dese estilo.

Tema I- Aproximación á Historia da Arte e ás linguaxes artísticas.

- A Arte coma expresión humana no tempo e no espacio.
- A linguaxe das artes visuais e a súa terminoloxía.
- Percepción e análise da obra de arte.
- Pervivencia e conservación do patrimonio artístico.

Tema II- Os inicios da arte.

- O legado da Prehistoria: a pintura rupestre e a arquitectura megalítica.
- Achegas artísticas de Exipto e Mesopotamia: arquitectura e plástica.

Tema III- A arte clásica: Grecia.

- A arquitectura grega. As ordes. O templo e o teatro. A Acrópole de Atenas.
- A evolución da escultura grega.

Tema IV- A arte clásica: Roma.

- A arquitectura: caracteres xerais. A cidade romana. Tipoloxías constructivas.
- A escultura: o retrato. O relevo histórico.
- A arquitectura da Hispania romana e a súa presenza en Galicia.

Tema V- A arte paleocristiá e bizantina.

- Achegas da primeira arte cristiá: a basílica. A nova iconografía.
- Arte bizantina. A época de Justiniano: Santa Sofía de Constantinopla e San Vital de Rávena.

Tema VI- O prerrománico.

- O contexto europeo.
- O prerrománico español e a súa incidencia en Galicia: visigodo e asturiano. Arte mozárabe ou de repoboación.

Tema VII- A arte islámica.

- Orixes e trazos distintivos da arte islámica.

- A arte hispanoárabe: a mesquita e o pazo.

Tema VIII- A arte románica como primeira definición de Occidente.

- A arquitectura: a igrexa románica. O mosteiro de Cluny. A arquitectura do Camiño de Santiago: a Catedral de Santiago.
- A portada románica: as Praterías. O Pórtico da Gloria.
- A pintura mural: Tahull e o Panteón Real de San Isidoro de León.
- Os mosteiros cistercienses en Galicia: innovacións cara ó gótico.

Temporalización Da 2ª Avaliación. Estes contidos desenvolveranse entre os meses de Xaneiro a Marzo e abarcará os temas seguintes:

Tema IX- A arte gótica como expresión da cultura urbana.

- O sistema constructivo. A catedral gótica. Outras tipoloxías urbanas: lonxas e concellos.
- As catedrais de Burgos, León e Palma de Mallorca.
- A humanización das artes figurativas na portada gótica: Chartres, Reims e Estrasburgo.
- As innovacións pictóricas.: Giotto e Van Eyck.

Tema X- A arte do Renacemento.

- O Quattrocento italiano: a formulación dunha nova linguaxe.
- A arquitectura: Brunelleschi e Alberti.
- A renovación da escultura: Donatello.
- O novo sistema de representación na pintura: Masaccio, Fra Angelico, Piero della Francesca e Botticelli.

Tema XI- O período clásico do Renacemento e o Manierismo.

- O Cinquecento: clasicismo e manierismo na arte itálica.
- De Bramante a Palladio: o templo, o pazo e a vila.
- A escultura de Miguel Anxo: da perfección do clasicismo á crise do Renacemento.

A pintura: Leonardo, Rafael e Miguel Anxo. A escola veneciana: Tiziano.

- O Renacemento en España. Arquitectura: inicios, clasicismo e manierismo. Pintura: o Greco.

Temporalización Da 3ª Avaliación. Estes contidos desenvolveranse entre os meses de Marzo e Maio e abarcará os temas seguintes:

Tema XII- A arte barroca.

- Urbanismo e arquitectura na Roma barroca: Bernini e Borromini.
- O pazo do poder: Versalles.
- España: da praza maior ó pazo borbónico.
- O Barroco compostelán.

Tema XIII- As artes plásticas do Barroco.

- A escultura barroca: Bernini. A imaxinería española.
- A pintura barroca: o tenebrismo de Caravaggio.
- A pintura flamenca e holandesa: Rubens e Rembrandt.
- A pintura española: Ribera, Velázquez, Zurbarán e Murillo.

Tema XIV- A arte europea a finais do século XVIII e comezos do XIX.

- O Neoclasicismo: urbanismo e arquitectura. Escultura: Cánova. Pintura: David. Goya.
- O Romanticismo: a pintura romántica: Delacroix.

Tema XV- Cara á arquitectura moderna. Urbanismo e arquitectura a mediados do século XIX.

- As grandes transformacións urbanas. O eclecticismo.
- A arquitectura dos novos materiais: a escola de Chicago.

- O modernismo: Gaudí.

Tema XVI- O camiño da modernidade: as artes figurativas na segunda metade do século XIX.

- A pintura realista: Courbet.

- O impresionismo: Monet e Renoir. O postimpresionismo: Cezanne, Van Gogh e Gauguin.

- A escultura de Rodin.

Tema XVII- As vangardas históricas: as artes plásticas na primeira metade do século XX.

- Fauvismo e expresionismo. O cubismo e as súas variantes. Picasso.

- Os inicios da abstracción. Dadá e o surrealismo. Dalí.

- As vangardas galegas. A escultura: Asorey.

Tema XVIII- Arquitectura e urbanismo no século XX.

- A arquitectura moderna: o racionalismo. A Bauhaus. Le Corbousier.

- O organicismo: Wright.

- A arquitectura postmoderna. Últimas tendencias.

Tema XIX- Da abstracción ás últimas tendencias: as artes plásticas na segunda metade do século XX.

- O expresionismo abstracto e o informalismo.

- A abstracción postpictórica e a minimal art.

- A nova figuración. A pop art. O hiperrealismo. Últimas tendencias.

- Perspectiva da arte en Galicia na segunda metade do século XX.

Tema XX- A arte e a cultura visual de masas.

- Arte e sociedade de consumo.

- A fotografía. O cine. Tendencias actuais do cine en Galicia.

- O cartel e o deseño gráfico. A banda deseñada.

- As novas tecnoloxías.

4.3.2 Contidos procedimentais.

Análise, comparación e debate sobre a complexidade do concepto de arte e sobre as súas funcións.

Planificación e realización dun itinerario local histórico e artístico, como aproximación á análise da obra de arte.

Percepción e análise de obras de arte significativas, identificando as influencias máis destacadas dentro do seu contexto histórico.

- Localización cronolóxica dalgunha obra de arte representativa dun momento histórico, identificando os trazos máis destacados que permitan a súa clasificación dentro dun estilo artístico determinado.

- Análise comparativa entre obras de arte, que mostren a variabilidade e complexidade das súas relacións co contexto histórico dunha fase ou estilo.

- Identificación e análise de obras significativas de artistas españois, recoñecendo os trazos diferenciadores do seu estilo.

- Interpretación dalgunha obra de arte, reflexionando sobre as dimensións intrínsecas (materiais, elementos formais, tema, etc.) e extrínsecas (condicións sociais, ideolóxicas, de mercado, etc.).

- Análise comparativa da consideración social da arte e do artista en diversos momentos da historia.

- Diferenciación, clasificación e comparación de correntes tradicionais e innovadoras, establecendo as permanencias e os cambios presentes.

- Identificación, análise e comparación das linguaxes artísticas contemporáneas, diferenciando tendencias de investigación formal e correntes interesadas na

expresividade.

- Comparación do alcance do cambio artístico e a percepción que tiveron del os seus autores e os seus contemporáneos, contrastando a súa arte e os seus escritos.

- Formulación de xuízos razoados sobre o papel da arte no mundo actual.

- Contraste de información extraída de textos coa observación directa das obras ás que fan referencia os textos traballados.

4.3.3 Contidos actitudinais.

- Interese por coñecer os aspectos constitutivos dunha obra de arte.

- Interese por desenvolver o gusto estético persoal e respecto pola diversidade de percepcións e de sensacións persoais ante a obra de arte.

- Sensibilidade e preocupación por conservar o contorno artístico local.

- Valoración da influencia dos factores históricos nas obras de arte.

- Valoración das obras de arte do contorno mediante a súa comprensión histórica e artística.

- Respecto e valoración crítica de concepcións estéticas e formas artísticas afastadas do gusto persoal.

- Sensibilización ante a obra de arte como manifestación da creatividade humana e como conciencia crítica da historia.

- Curiosidade por coñecer as manifestacións da arte contemporánea.

- Interese polo coñecemento do patrimonio da arte contemporánea galega

- Actitude aberta diante das linguaxes artísticas de vangarda como resposta ante problemas estéticos.

- Sensibilidade e interese pola conservación e respecto do patrimonio artístico e cultural galego.

- Preocupación diante dos problemas que lle afectan ó patrimonio artístico-cultural galego.

4.4 Estratexias e metodoloxías didácticas.

4.4.1- Estratexias expositivas: nas exposicións dos contidos da materia, o profesorado fomentará a participación do alumno fronte á simple recepción pasiva das explicacións. Promoverá o diálogo constante e interactivo entre os propios alumnos e entre estes e o profesor, as preguntas aclaratorias etc., procurando erradicar temores, prexuízos, reservas e receos.

4.4.2- Estratexias referenciais: O profesor terá unha relación constante coa realidade inmediata -noticias de prensa, conflitos actuais, e algúns feitos significativos da historia da Arte comarcal, singularmente a Catedral de Santiago, ou local e coa práctica, para posibilitar unha memorización máis comprensiva y aprendizaxes máis significativos.

4.4.3- Estratexias de indagación para a asimilación de contidos procedimentais de hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: pequenos traballos de síntese máis que de investigación con bibliografía variada, comentarios de diapositivas, etc.

4.4.4- Estratexias de intercambio e debate: para a consecución de criterios e personalidade propios, para asimilación crítica dunha serie de valores e actitudes. Fomento de debates, saídas ao entorno máis próximo, etc..

4.4.5- Darase prioridade a unha metodoloxía globalizadora de tódolos aspectos

que caracterizan cada época la Hª da Arte, contextualizando cada obra no seu momento, e sen esquecer as efemérides mais importantes como referentes excepcionais do noso pasado.

4.5 Criterios de avaliación.

-Analizar e valorar a dificultade de definición da arte, os cambios producidos no seu concepto e as funcións en distintos momentos históricos e en diferentes culturas. Mediante este criterio trátase de avaliar se o alumnado, despois de analizar, contrastar e debater o concepto da arte e as súas funcións, asumen a complexidade destes conceptos e comprenden as razóns dos cambios que se producen neles.

-Utilizar un método de análise da obra de arte que teña en conta tódolos elementos que a conforman: estéticos, do contexto histórico e do artista. Con este criterio preténdese verificar que os alumnos teñan alcanzado un método de análise que lles permita captar tódolos elementos que configuran a obra de arte: os intrínsecos (materiais, elementos formais, tratamento e significado do tema) e os extrínsecos (personalidade do artista, cliente, condicións económicas, sociais, influencias ideolóxicas, etc.).

-Recoñecer e situar no tempo e no espazo obras de arte representativas dunha época histórica, sinalando as diferentes concepcións estéticas e trazos estilísticos que permiten a súa clasificación. Mediante este criterio trátase de avaliar se o alumnado comprende o concepto de estilo, as características que lle son propias e a incidencia dos factores xeográficos e históricos que o configuran.

-Identificar e localizar os trazos característicos máis destacados que configuran os estilos artísticos máis representativos do mundo occidental, así como as diferencias e os cambios. Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado é capaz de ordenar, desde unha perspectiva diacrónica, a produción artística e de entender o proceso de evolución da mesma en relación coa evolución dos factores históricos nos que se orixina.

-Recoñece-las obras máis representativas dos grandes mestres da Historia da Arte, con especial atención ós artistas españois e galegos, distinguindo os trazos diferenciais do seu estilo e o que de innovación representa a súa obra para a Historia da Arte.

Este criterio de avaliación ten por obxecto comprobar a capacidade do alumno e da alumna para considerar e valorar na súa análise, dunha forma crítica, a importancia e transcendencia da obra dalgúns autores, relacionándoa coas circunstancias históricas que posibilitaron a súa creatividade.

-Identificar e analizar as características das vangardas artísticas e as principais tendencias desenvolvidas durante este século. Este criterio pretende verificar que o alumnado comprenda as claves dos cambios radicais que se produciron no século XX no campo das manifestacións artísticas e recoñeza como unha característica deste século a variedade de tendencias e de exploracións artísticas, valorando as súas aportacións con independencia da aceptación estética persoal.

-Analizar a presenza da obra de arte na vida cotiá a través dos medios de comunicación e a súa utilización como produto de consumo. Con este criterio trátase de avaliar en que medida os alumnos son capaces de aplicar os coñecementos adquiridos, con espírito crítico, para xulgar o novo papel da arte no momento actual

-Observar, analizar e valorar directamente monumentos artísticos e obras de

arte. Mediante este criterio o profesorado avaliará a capacidade do alumnado de «ver» activamente unha obra de arte por si mesmo enfrontándoa directamente. Trátase, tamén, de comprobar a súa sensibilidade artística, xulgando a calidade da obra a partir da función que perseguía e das limitacións impostas pola época na que se produciu; e ademais, o seu grao de estimación polo patrimonio artístico e a súa concienciación na necesidade da súa conservación.

-Planificar itinerarios histórico-artísticos subliñando as obras de arte que se han de visitar, obtendo e elaborando a información pertinente.

Este criterio de avaliación permite comprobar se o alumno comprendeu o valor de testemuño e documento da súa época que teñen as obras de arte, ademais da súa consideración como fonte de pracer estético que debe ser conservada para transmitir a ás xeracións futuras. Poderase tamén constatar as saídas laborais no mundo do traballo dentro do campo artístico.

4.6 Criterios de cualificación.

Os Criterios de Avaliación e Cualificación se concretarán en modelos de exame empregados polo Grupo de Traballo da Ciug nas probas de acceso á Selectividade, e consistirán en propoñer dúas Opcións, A e B, para escoller unha delas.

Ambas as dúas Opcións constarán de dúas obras de Arte reproducidas fotograficamente, que serán valoradas cada unha en catro puntos repartidos do seguinte xeito: 1 punto pola súa catalogación (cultura/estilo/movemento. Cronoloxía. Autor e Obra); 1 punto polo contexto histórico e 2 puntos polo análise iconográfico e estilístico, facendo un total de 8 puntos entre as dúas obras.

O exame completárase coa formulación, en cada unha das opcións, de catro preguntas breves que versaran sobre definición de conceptos, e que puntuarán 0`5 puntos cada unha (lémbrese que hai unha lista de termos artísticos no apartado de Orientacións do Grupo de Traballo ó DCB).

A diferenza do que ocorría no antigo programa de COU, non existe unha lista de láminas, sen embargo estas escolléranse entre as máis representativas do período ou dos artistas estudados.

Necesitárase un mínimo de 4 puntos por parcial para facer media no conxunto da Avaliación, debendo en todo caso alcanzar o 5 para alcanzar o aprobado no cómputo final. O mesmo criterio aplicarase cando se trate da media das tres avaliacións en Xuño.

4.7 Actividades e reforzos para lograr a recuperación.

As Actividades de Recuperación consistirán fundamentalmente en exames que seguirán as pautas marcadas nos capítulos 4.6 Criterios e instrumentos de avaliación e 4.7 Criterios de cualificación.

En canto ós Reforzos para lograr a Recuperación, o profesorado da materia de Hª da Arte de 2º de Bacharelato, asiduamente fai prácticas na aula de exercicios prácticos de arte que consisten en análise e comentario de obras de Arte, seguindo as pautas encomendadas polo grupo de traballo de Arte da Selectividade, prácticas que logo os alumnos deben facer tamén como traballos extraescolares. Tales exercicios teñen logo teñen o seu reflexo nas probas de exame, e na avaliación e cualificación de contidos procedimentais.

Os alumnos ca materia pendente para Setembro levarán unha carpeta de

obras seleccionadas que habrán de comentar seguindo os criterios expostos en anteriores apartados. A súa entrega será obrigatoria na hora e data do examen de Setembro.

4.8 Materiais e recursos didácticos

Libro de Texto: Hª da Arte. Editorial Vicens Vives

*Diapositivas:

CAAMAÑO GONZÁLEZ et altera: Unha saída didáctica de Hª da Arte. A Catedral de Santiago de Compostela. Edit. Xunta de Galicia.

Historia Universal del Arte y de la cultura. Editorial Hiare

Historia del Arte Español. Editorial Hiare.

Diccionario Visual de términos arquitectónicos. Editorial Hiare.

CASTRO, A.: A pintura do século XX. Edit. Xunta de Galicia.

4.9 Actividades complementarias e extraescolares.

* Visita á Catedral de Santiago de Compostela.

* Visita ó Museo de Arte Contemporánea “Reina Sofía” y ó Museo del Prado en Madrid.

*** PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN**

- Mensualmente: Seguemento da temporalización e consecución de obxectivos en cada unha das áreas e niveis educativos.
- Trimestralmente: Análise dos resultados obtidos en cada unha das avaliacións por parte do alumnado e os niveis acadados con respecto á programación didáctica.
- Anualmente: Memoria anual sobre a marcha da programación didáctica, os seus niveis de consecución e os posibles cambios a realizar nela para a súa mellora

*** Programación do Módulo formativo de carácter xeral: sociedade e cidadanía.**

1 Obxectivos:

- Coñecer e valorar as características organizativas, sociais e culturais fundamentais do contorno.
- Coñecer e valorar os principios trazos das organizacións sociais e culturais do Estado.
- Coñecer as características da sociedade democrática e tomar conciencia da necesidade de participación, con recoñecemento dos dereitos e dos deberes da cidadanía.
- Coñecer as principais institucións supranacionais: Unión Europea e organismos internacionais.
- Coñecer e analizar os problemas sociais do mundo actual.

2 Contidos:

- Coñecemento da organización social de Galicia. Institucións e servizos públicos da Comunidade.
- Coñecemento da organización do Estado español. O sistema das autonomías.
- O sistema democrático: participación cidadá; dereitos e deberes; a Constitución e o Estatuto de Autonomía.
- Galicia e España en Europa. Organismos internacionais. Política de cooperación.
- Coñecemento doutros modelos sociopolíticos actuais.
- Desequilibrios e conflitos no mundo actual. A acción humana como causa e efecto dos problemas. A globalización. O compromiso persoal.
- A violencia como lacra da sociedade: violencia entre pobos e violencia de xénero.
- Desenvolvemento e consumo. Consumo responsable.
- Educación viaria: normas de seguranza e condución responsable.

3 Criterios de avaliación:

Preténdese comprobar se o alumnado é capaz de:

- Coñecer a distribución xeográfica de Galicia (organización e paisaxes galegas, e a súa economía), localizar en mapas a súa situación, e argumentar as causas e as consecuencias das súas características.
- Coñecer a estruturación do Estado español en comunidades autónomas. Valorar as diferencias como elemento enriquecedor. Saber localizar as comunidades en mapas. Organizar itinerarios para se mover entre elas.

- Coñecer e apreciar o sistema democrático. Representación da cidadanía. Participación como valor para a mellora da vida na comunidade. Deberes e dereitos.
- Coñecer sumariamente a Constitución española. Dificultades para os consensos. Significado dunha norma común.
- Coñecer sumariamente o Estatuto de Autonomía e o longo percorrido pola historia ata chegar a el. O Goberno autónomo e as relacións co resto do Estado español.
- Analizar as desigualdades no mundo actual. Reflexionar sobre a multicausalidade. Valorar a cooperación entre os pobos.
- Recoñecer o consumo responsable. Papel da publicidade. Valorar igualmente a capacidade de comprender os prexuízos que pode provocar na vida persoal e na do contorno.
- Recoñecer a necesidade da seguranza viaria para persoas conductoras e peóns.

Na Pobra do Caramiñal, a 17 de Setembro de 2010.

Fdo.: José Fernández Maneiro, Xefe de Departamento.